

Estudo do mercado laboral

Provincia

2004

OURENSE

Edita:

Xunta de Galicia
Consellería de Traballo
Dirección Xeral de Formación e Colocación
Instituto Galego das Cualificacións

Coordinación:

Maria Luisa Mallo Fernández
Reyes Gámez Guardiola

Elaboración proxecto e documentación:

Marta Bermúdez de Santiago
Ricardo Fernández López
Rosa Fernández Fernández
Esther Sánchez González
M^a Belén Yáñez Barge
M^a José Sánchez Mariño
Diego Loureda Couceiro
M^a Jesús Iglesias Ferreiro

Análise e redacción final:

CIDADANIA Rede de Aplicacións Sociais S.Coop.Galega

Dep. legal: C-593-2000

ISSN: 1695-4157

Imprime:

Tórculo Artes Gráficas, S.A.
Pol. Ind. do Tambre
Santiago de Compostela

Índice

1.- INTRODUCCIÓN	5
2.- CONTIDO	9
3.- METODOLOXÍA E FONTES DE INFORMACIÓN	17
3.1.- Metodoloxía	19
3.2.- Fontes de información e outros aspectos metodolóxicos	19
3.2.1.- Perfil sociodemográfico	19
3.2.2.- Tecido empresarial	19
3.2.3.- Demandas	20
3.2.4.- Ofertas	21
3.2.5.- Contratos	21
3.2.6.- Formación ocupacional	21
3.3.- Definicións e taxas	22
4.- CONTEXTO PROVINCIAL DO MERCADO LABORAL	25
4.1.-Perfil sociodemográfico	27
4.1.1.- Poboación activa provincial. Evolución	27
4.1.2.- Poboación ocupada provincial. Evolución	28
4.1.3.- Poboación parada provincial. Evolución	29
4.2.- Tecido empresarial	30
4.2.1.- Tecido empresarial provincial. Situación actual	30
4.2.2.- Evolución anual	31
4.3.- Demandas de emprego	34
4.3.1. Demandantes galegos por provincia	34
4.3.2. Demandantes parados. Evolución	35
4.3.3. Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego	35
4.3.4. Demandantes de emprego por sexo e idade	36
4.3.5. Demandantes por nivel académico	37
4.3.6. Demandantes parados por tempo de busca de emprego	38
4.3.7. Demandantes por sectores económicos de procedencia	39
4.3.8. As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego	40
4.3.9. Perfil tipo dos demandantes de emprego	40

4.4.- Ofertas	41
4.4.1. Ofertas no servizo público de emprego galego 2004. Evolución.....	41
4.4.2. Ofertas segundo os sectores de actividade económica.....	42
4.4.3. Perfil básico das ofertas.....	45
4.4.4. Análise ocupacional das ofertas	46
4.5.- Contratos	48
4.5.1. Número de contratos no ámbito provincial	48
4.5.2. Contratación provincial segundo o sexo e a idade	49
4.5.3. Contratación provincial segundo os sectores económicos.....	50
4.5.4. Tipoloxía da contratación laboral.....	53
4.5.5. Grandes grupos de ocupación na contratación laboral	55
4.5.6. Ocupacións máis contratadas.....	56
4.6.- Formación profesional ocupacional	58
4.7.- Conclusións	60
 5.- ANÁLISE DO MERCADO LABORAL COMARCAL:	 63
A Limia.....	65
Allariz-Maceda	95
Baixa Limia	123
O Carballiño	151
O Ribeiro	181
Ourense	211
Terra de Caldelas	239
Terra de Celanova	265
Terra de Trives	295
Valdeorras	325
Verín	353
Viana.....	383

capítulo

1

Introducción

1

Introdución

Para facilitar a posta en marcha de accións de emprego e formación por parte das entidades e organismos implicados nesta tarefa que resultan necesarias para o conxunto da nosa sociedade, é fundamental coñecer a estrutura e o comportamento do mercado de traballo.

Por este motivo, é preciso elaborar un instrumento de consulta que nos achegue a coñecer co maior detalle posible as características das principais variables que determinan o mercado laboral na nosa Comunidade Autónoma, é dicir, da oferta, da demanda, da contratación da forza de traballo, do tecido empresarial, así como da formación ocupacional.

Ese é o propósito deste libro, que confiamos que constitúa unha valiosa fonte de análise do noso contorno para poder coñecer a realidade laboral e chegar así a transformala.

O informe do mercado laboral é elaborado ano a ano polo Observatorio das Ocupacións, servizo do INSTITUTO GALEGO DAS CUALIFICACIÓNS, adscrito á súa vez á Dirección Xeral de Formación e Colocación, da Consellería de Traballo. Este observatorio, creado a través do Decreto 93/1999, do 8 de abril, actúa como un instrumento de traballo dirixido ao servizo público de emprego de Galicia e as institucións e profesionais que desenvolven a súa actividade no ámbito do emprego, a orientación e a formación profesional. Ten como función principal a de coñecer o funcionamento do mercado de traballo, proporcionando información axeitada para o deseño das políticas de formación profesional. En consecuencia, este informe é obxecto prioritario do seu labor.

Con respecto a edicións precedentes o formato da obra é similar en canto á estruturación da información, aínda que se introducen certas modificacións na súa presentación gráfica e incorpórase ou suprímese algún indicador debido ás modificacións producidas na información das diversas fontes manexadas.

A centralidade do ámbito comarcal na presente obra cobra suma importancia ao considerar a escaseza de estudos oficiais que descendan a un nivel inferior ao provincial. Como consecuencia, é previsible que se converta nunha ferramenta de extraordinaria utilidade tanto para o conxunto da Administración pública como para os profesionais que traballan no eido da formación e do emprego.

Os obxectivos que se tentan cubrir con esta publicación son os seguintes:

- ▮ Facilitar datos representativos das principais variables que configuran o mercado laboral nas 53 comarcas e en cada unha das catro provincias da Comunidade Autónoma galega, tanto desde o punto de vista cuantitativo como cualitativo.
- ▮ Amosar a evolución temporal experimentada no ámbito xeográfico comarcal ou provincial, fundamentalmente en certos parámetros concretos escollidos segundo a súa utilidade ou dispoñibilidade.

- Permitir a comparación entre cada unha das comarcas, así como entre o conxunto das catro provincias galegas, seleccionándose apartados que posibilitan comprobar as diverxencias entre as tendencias do ámbito local e da Comunidade Autónoma galega.

Non obstante, os tres obxectivos enunciados máis arriba pódense agrupar nunha pretensión xeral: *a de informar da realidade sociolaboral galega dende a valoración que se pode extraer do servizo público de emprego da nosa Comunidade Autónoma para facilitar o deseño e a programación axeitada de accións de emprego e formación.*

capítulo

2

Contido

2 Contido

En cada volume provincial, o OBSERVATORIO DAS OCUPACIÓNS realiza dous **niveis de análise** diferentes; un en clave provincial e outro en clave comarcal:

Un primeiro nivel provincial corresponde ao apartado cuarto do informe, e denomínase CONTEXTO PROVINCIAL DO MERCADO LABORAL. Este nivel contén unha análise descritiva dos seguintes seis bloques temáticos: a poboación, o tecido empresarial, as demandas, as ofertas, os contratos, e a formación ocupacional. O primeiro epígrafe só se desenvolve neste ámbito, debido á carencia de información desagregada no ámbito comarcal. Hai que sinalar a introdución, por primeira vez, de dous apartados: un sobre a formación ocupacional da provincia, e outro sobre as principais conclusións extraídas das diferentes variables que configuran o mercado laboral da provincia. Para establecer un marco comparativo que permita contextualizar as variables na dimensión espacial e temporal, expóñense varias referencias a nivel autonómico ao longo do texto.

Un segundo nivel refírese ao apartado quinto do informe denominado ANÁLISE DO MERCADO LABORAL COMARCAL, no que se presenta a selección de datos máis representativos do mercado de traballo en cada unha das comarcas da provincia. En consecuencia, neste epígrafe inclúense as variables de: tecido empresarial, as demandas, as ofertas, os contratos, e a formación ocupacional complementados con comentarios locais e provinciais, e evolutivos naqueles casos en que houbo dispoñibilidade de datos ou en que se considerou oportuno para establecer puntos de referencia, comparacións e desviacións tanto temporais como xeográficas. A diferenza doutros anos, por primeira vez introdúcese o epígrafe de formación ocupacional no ámbito comarcal, así como un apartado de conclusións, tal e como se realiza para o nivel provincial

Para completar a caracterización do contido deste informe, móstranse a continuación uns breves comentarios dos diferentes bloques temáticos nel analizados:

Perfil sociodemográfico

A necesidade dunha análise sociodemográfica que amose as características da poboación activa e a súa composición vén determinada polo obxectivo prioritario deste estudo, que é o de presentar un informe da situación na que se atopa o tecido social e produtivo da nosa Comunidade. Este achegamento dende o punto de vista do contexto sociolaboral constitúe un dos eixes sobre os que se artella a estrutura do informe do mercado laboral.

Baixo o nome de perfil sociodemográfico, inclúese unha análise da información poboacional procedente da *Enquisa de poboación activa*, e móstranse as variables poboacionais básicas correspondentes á totalidade do territorio da Comunidade Autónoma, e de maneira desagregada en cada unha das catro provincias que integran o territorio galego.

Non obstante, en anteriores edicións do *Informe do mercado laboral* non se recollían os novos datos producidos polas modificacións das que foi obxecto a *Enquisa de poboación activa* durante o ano 2002. As variacións foron de carácter metodolóxico e afectaron á medición dos parámetros do universo da mostra, aos criterios de extrapolación dos resultados da mostra a nivel global, así como á delimitación conceptual da figura de parado. Como resultado destas variacións, prodúcense cambios na información poboacional para os diferentes anos, optándose no presente estudo pola introdución dos novos valores xurdidos como consecuencia da reforma metodolóxica da enquisa.

Os ámbitos de análise seguen sendo iguais aos de edicións anteriores; así, aparecen datos referidos ao conxunto de Galicia e ás catro provincias, recollendo series anuais para os últimos seis anos. A información recollida está referida á poboación activa, á poboación ocupada e á poboación parada, segmentada segundo diversos factores, como o sexo, a idade ou o sector económico, estando en función da dispoñibilidade actual desa información nos diferentes niveis territoriais.

Tecido empresarial

O estudo do tecido empresarial constitúe unha síntese de datos sobre empresas e traballadores nos diferentes sectores produtivos, coa finalidade de obter un coñecemento xeral da estrutura empresarial dos diversos ámbitos territoriais.

Ao igual que sucedía no informe do ano anterior introdúcese este nivel de análise no ámbito comarcal debido á dispoñibilidade actual desta información, manténdose a mesma descrición empresarial para as catro provincias galegas e o conxunto da Comunidade Autónoma. A comparación entre os diferentes ámbitos permite captar as desviacións que se producen tanto no ámbito provincial como comarcal.

Os datos analizados son os seguintes: número de empresas, autónomos e traballadores por conta allea nos diferentes sectores económicos e a súa evolución ao longo dos cinco últimos anos.

A presentación dos datos estruturouse seguindo unha serie constante a través de táboas e gráficos, con comentarios anexos baseándose en dous parámetros:

- ▶ *Tecido empresarial*: número de empresas, traballadores por conta allea e traballadores autónomos por sectores económicos do CNAE nas comarcas, provincias e no conxunto da Comunidade Autónoma galega.
- ▶ *Evolución anual*: datos evolutivos do número de empresas, traballadores por conta allea e autónomos nos catro sectores económicos principais a través dos cinco últimos anos.

Demandas

O concepto de demanda é un termo de uso común para un gran número de profesionais, pero con diferente significado segundo o ámbito tratado. Neste documento se adopta a acepción utilizada pola Administración autonómica, referíndose así unha demanda á solicitude de emprego por parte dun traballador, sexa ou non parado en sentido estrito, e unha oferta é a petición de currículos por parte dun empresario para cubrir un ou varios postos de traballo.

Feita esta aclaración, cabe sinalar que o estudo da demanda do informe do mercado laboral consiste na análise do perfil básico dos demandantes de emprego, é dicir, da caracterización do prototipo máis común de demandante existente en **Galicia** co propósito de coñecer os grupos de persoas que precisan de maior atención á hora de propiciar a súa entrada ou promoción no mercado laboral.

Así, o estudo da demanda centra a súa incidencia sobre aspectos concretos do perfil dos demandantes parados e non parados, como son: a idade, o tipo de actividade económica da

que proveñen, a súa situación laboral, o nivel académico, o sexo, o tempo de busca de emprego ou as ocupacións máis demandadas.

A análise estableceuse sobre a combinación dos diferentes parámetros e fundamentalmente no ámbito comarcal e provincial, engadindo tamén algunha referencia ao eido local e autonómico. Por outra banda, engadíronse datos evolutivos provenientes da estatística de paro rexistrado do servizo público de emprego para posibilitar a comparación temporal destes.

Os resultados preséntanse nunha dobre análise, provincial e comarcal, agrupando os datos obtidos nas seguintes táboas:

- ▀ Demandantes por concello na análise comarcal ou demandantes por provincia e por comarca no caso da análise provincial.
- ▀ Evolución dos demandantes parados -do ano 2000 ao 2004-.
- ▀ Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego.
- ▀ Demandantes de emprego por sexo e de idade.
- ▀ Demandantes por nivel académico.
- ▀ Demandantes parados por tempo de busca de emprego.
- ▀ Demandantes por sectores económicos de procedencia.
- ▀ As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego.
- ▀ Perfil tipo dos demandantes de emprego.

En cada unha das táboas establécese tamén, como se indicou anteriormente, unha comparación cos valores medios provinciais -análise comarcal- ou autonómicos -análise provincial-, considerando como significativas aquelas desviacións maiores de 5 puntos porcentuais.

Ofertas

No informe do mercado laboral, as ofertas de emprego refírense ás peticións de currículos por parte das entidades empresariais xestionadas nas oficinas de emprego e ás tramitadas a través dos centros colaboradores.

O estudo das ofertas estrutúrase fundamentalmente por comarcas e provincias, realizando unha serie de análises comparativas sintetizadas nos seguintes puntos:

■ Ofertas totais rexistradas. Evolución.

Estudo do reparto das ofertas entre os distintos concellos que compoñen a comarca e a evolución destes nos anos comprendidos entre 2000 e 2004.

■ Ofertas segundo os sectores de actividade económica.

Reflite o reparto das ofertas por concellos e sectores económicos, tanto en termos absolutos como relativos con respecto ao conxunto da comarca. Posteriormente afóndase no reparto subsectorial dentro de cada comarca. A continuación efectúase unha análise da evolución de ofertas por sectores económicos nos anos do período 2000-2004.

■ Perfil básico das ofertas:

Sexo: Estúdanse os requirimentos de homes ou mulleres nos sectores económicos que interpoñen as súas ofertas nas entidades colaboradoras do servizo público de emprego e consideran ese requisito como unha característica que se debe ter en conta á hora de cubrir a súa demanda empresarial. Cómpre indicar que estes requisitos só se refliten nas ofertas rexistradas nas entidades colaboradoras do servizo

público de emprego, pois non se dispón de información sobre este extremo nos restantes ámbitos de emprego da Comunidade galega.

Niveis académicos: Téñense en conta tamén os requirimentos de determinados estudos para cumprir coas necesidades expresadas polos empresarios.

De calquera xeito, en moitas comarcas o número de ofertas das que se fala é moi baixo, polo que as conclusións sacadas ao respecto deben ser tomadas como indicadores de tendencias que se dan no conxunto das ofertas de cada ámbito territorial analizado.

■ Análise ocupacional:

Preséntanse as ocupacións máis representativas polo número de ofertas recollidas nas entidades colaboradoras do servizo público de emprego nos últimos cinco anos. Nalgunhas ocasións cóntase con poucas ofertas nos anos analizados, o que motiva a aparición de ocupacións que teñen un número de ofertas pouco representativas.

Tamén se mostran na última táboa as ocupacións máis representativas polo número de ofertas recollidas nas oficinas de emprego do servizo público de emprego nos últimos cinco anos.

Contratos

A análise dos contratos ofrece unha visión integral das contratacións da Comunidade Autónoma durante o ano 2004 procedentes das oficinas de emprego do servizo público de emprego galego.

A finalidade perseguida con este estudo é a de caracterizar un apartado importante do mercado laboral, o contractual, facilitando información relevante sobre o seu comportamento no eido da nosa Comunidade Autónoma. Esta caracterización componse de seis apartados que inclúen, se é o caso, valoracións das evolucións anuais dos anos 2000 ao 2004, ambos incluídos:

■ O número de contratos no ámbito comarcal e municipal.

Comparación do número de contratos recollidos nos distintos concellos con respecto á súa comarca, destacándose aqueles que presentan un maior peso porcentual. Análise da evolución do número de contratos no ámbito comarcal e municipal durante os últimos cinco anos.

■ A contratación comarcal segundo o sexo e a idade.

Analízase a contratación comarcal do 2004 atendendo á súa distribución por homes e mulleres agrupados en cinco intervalos de idade. Así mesmo, inclúense dúas análises comparativas do acontecido nos últimos cinco anos con respecto á contratación masculina e feminina, e ademais á contratación segundo intervalos de idade.

■ A contratación comarcal segundo os sectores económicos.

Clasificación dos contratos por sectores económicos, afondando nos sectores secundario e servizos. Tamén se inclúen aquí as variables de sexo e idade e a evolución da contratación por sectores/subsectores económicos.

■ Tipoloxía da contratación laboral.

Distribución da contratación segundo o tipo de contrato, o sexo e a idade, distribución da contratación segundo o tipo de contrato e os sectores económicos, e a evolución do número de contratos segundo a súa tipoloxía.

■ Os grandes grupos de ocupación na contratación comarcal.

Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo, incluíndo a análise pormenorizada do volume contractual, así como comentarios sobre a evolución temporal para cada grupo e sexo.

■ As ocupacións máis contratadas.

Análise das 10 ocupacións máis contratadas en cada provincia e comarca no 2004. Tamén se inclúe un breve estudo das ocupacións máis destacadas no período 2000-2004.

Formación ocupacional

Neste novo apartado introdúcese a formación ocupacional realizada en cada unha dos diversos niveis territoriais, ben sexa provincial ou comarcal. Dada a ampla diversidade de especialidades formativas que configuran o catálogo de formación ocupacional, optouse como categoría de agregación pola familia profesional. Este nivel de desagregación é suficiente para comprobar os ámbitos de especialización de formación.

Tanto a nivel comarcal como provincial preséntase o número de alumnos e cursos segundo a familia profesional. Así mesmo, introdúcese unha comparativa entre o nivel comarcal e o provincial no caso dos informes comarcais, e entre o nivel provincial e autonómico no caso dos informes provinciais.

Ademais, dentro do informe provincial diferénciase de forma gráfica entre formación ocupacional con compromiso de contratación e sen compromiso, para establecer diversos niveis de significación da formación con respecto aos seus destinatarios. No caso dos informes comarcais, en caso de haber formación ocupacional con compromiso de contratación, faise unha mención explícita sobre este particular.

Conclusiones

Este novo apartado inclúese no nivel provincial e comarcal, para delimitar os elementos máis significativos que configuran o mercado laboral de cada ámbito territorial. Deste xeito, introdúcese un novo nivel de lectura que complementa os comentarios e os gráficos e táboas expostos nos diversos epígrafes do informe.

O nivel de análise é sintético e pódese contrastar e complementar co nivel analítico que caracteriza o resto de informe. A orde dos comentarios segue a estrutura de apartados establecida no informe, permitindo unha mellor localización da información de carácter máis descriptivo.

Metodología e fontes de información

capítulo

3

3

Metodoloxía e fontes de información

3.1.- METODOLOXÍA

A información presentada no informe do mercado laboral é consecuencia dun importante traballo de análise e explotación de datos, ademais dunha investigación previa para determinar o tipo de categorías máis interesantes para observar o comportamento do mercado de traballo.

Deste xeito, a elaboración do estudo do mercado laboral seguiu dous procesos básicos:

- Determinación das variables máis adecuadas para caracterizar o mercado de traballo e, dentro de cada variable, os aspectos destacables pola súa representatividade.
- Explotación da información obtida directamente das bases de datos, depurando e contrastando os resultados.

3.2.- FONTES DE INFORMACIÓN E OUTROS ASPECTOS METODOLÓXICOS

A continuación, co obxecto de lle garantir ao usuario do *Informe do mercado laboral* a súa correcta interpretación, expónse unha breve descrición das bases de datos utilizadas nos diferentes bloques temáticos e das especificacións metodolóxicas concretas realizadas en certos apartados desta publicación.

3.2.1.- Perfil sociodemográfico

A información utilizada neste apartado procede da *Enquisa de poboación activa*, do Instituto Galego de Estatística. Dado que as definicións e a metodoloxía están contidas na EPA que publica este instituto, pensouse non reproducila para non ser reiterativos. Como xa se comentaba no apartado de contidos, os cambios metodolóxicos introducidos na EPA no ano 2002 produciu un cambio nos valores das series contempladas no presente estudo, polo que se optou por reflectir estes últimos en detrimento dos valores procedentes da anterior EPA.

3.2.2.- Tecido empresarial

A información utilizada neste estudo orixínase a partir da información obtida da Tesourería Xeral da Seguridade Social, que constitúe, por unha banda, o rexistro de traballadores por conta allea e por conta propia nos diferentes réximes da Seguridade Social (xeral e específicos) e, por outra banda, o rexistro de empresas a través das denominadas contas de cotización.

O motivo de utilizar esta base de datos como fonte de información deriva da súa elevada fiabilidade, xa que a Tesourería Xeral da Seguridade Social inclúe todos os datos dos traballadores que exercen unha actividade laboral de xeito legal, ao ser obrigatoria a alta na Seguridade Social como requisito previo para a incorporación ao emprego, e porque ademais considera a totalidade dos sectores económicos e tamén ten en conta datos de diferentes anos que posibilitan realizar estudos evolutivos.

Como limitación, cabe sinalar que a información relativa ás empresas, ao provir de contas de cotización, pode aparecer inflada, razón que obriga a obrar con cautela á hora de extraer conclusións. En concreto, unha empresa pode ter abertas varias contas de cotización por diferentes motivos: por ter sedes en diferentes provincias, polo que neste caso aparecerá unha conta de cotización por provincia; por ter contratos para a formación; por exercer diferentes actividades; por realizar contratos a tempo parcial de menos de 12 horas semanais, que, aínda que xa non se poden formalizar, na actualidade mantéñense nalgúns empresas nas que se estableceron anteriormente; por ter contratado un axente de comercio; ou por contratar artistas esporadicamente.

Por outra banda, na Tesourería da Seguridade Social existen datos de empresas e traballadores non asignados a un sector concreto ou a unha provincia concreta, ou a ambos, que constitúen unha segunda limitación da citada base de datos. Estes “descoñecidos” asímense, no primeiro caso, no epígrafe de “outros servizos” da provincia e de Galicia; no segundo caso, en Galicia no seu sector correspondente; e no terceiro caso, en “outros servizos” en Galicia.

3.2.3.- Demandas

A información utilizada no estudo da demanda provén das bases de datos do servizo público de emprego.

Dentro dos demandantes distínguense parados dos non parados segundo a Orde ministerial do 11 de marzo de 1985, pola que se establecen criterios estatísticos para a medición do paro rexistrado. Deste xeito, enténdese que o paro rexistrado constitúe o total da demanda de emprego en alta rexistrada pola Oficina de Emprego existente o último día de cada mes. Segundo esta orde, exclúense do concepto de paro rexistrado, por exemplo, os demandantes de pluriemprego, mellora de emprego, que participan en traballos de colaboración social, que solicitan emprego conxuntural, estudantes, etc.

No que respecta á situación laboral dos demandantes, existe un apartado nos demandantes non parados, que se chama xenericamente “resto dos demandantes”, no que se inclúen as seguintes categorías:

- Con redución da xornada por modificación das condicións de traballo.
- Demandante doutro emprego adicional (pluriemprego).
- Demandante de emprego conxuntural (menos de tres meses).
- Demandante de emprego só en domicilio.
- Demandante de emprego só no estranxeiro.
- Demandantes inscritos participantes na selección nun posto concreto.
- Demandantes de autoemprego exclusivamente.
- Demandantes de formación ocupacional
- Demandantes para servizos externos ao servizo público de emprego.

3.2.4.- Ofertas

O Observatorio Ocupacional segue a traballar este ano coa totalidade das ofertas rexistradas tanto nos centros colaboradores como nas oficinas de emprego. O período de análise deste estudo é de cinco anos comprendidos entre 2000 e 2004, facendo referencia ás ofertas recollidas nas 53 comarcas en nas catro provincias, o que permite acceder a unha maior cantidade de variables de interese analítico.

Debido a existencia de rexistros sen identificador de municipio, os datos do total provincial na presente publicación difiren dos datos contidos no “Estudo de Mercado Laboral de Galicia 2004”.

Os totais contemplados son a suma dos valores municipais, mentres que no citado estudo inclúense a totalidade dos rexistros. Poren, as diferenzas son de pequena magnitude e non deturpan significativamente a análise de tendencias para o período 2000-2004, así como o realizado para o ano 2004.

3.2.5.- Contratos

A base de datos utilizada para caracterizar os contratos foi a que serve de soporte á sección de contratos das oficinas de emprego do servizo público de emprego de Galicia.

O período de análise concrétese en cinco anos comprendidos entre 2000 e 2004, ambos inclusive, período que consideramos axeitado para poder realizar un estudo evolutivo que ofrezca datos de interese.

Outra característica significativa deste apartado é que, a diferenza dos restantes bloques temáticos tratados neste informe, a súa análise ocupacional inclúe tanto os nove grandes grupos ocupacionais como a análise das ocupacións concretas. En relación con estas últimas, os códigos de identificación empregados son os da Clasificación Nacional de Ocupacións do INEM.

No que respecta aos distintos apartados analizados, cómpre realizar unha puntualización referida ao apartado 5.4.4, tipoloxía da contratación laboral, que recolle dentro do apartado “outros” a seguinte contratación: xubilación especial aos 64 anos, minusválidos centros especiais, colectivos de exclusión social e outros non especificados.

3.2.6.- Formación ocupacional

A base de datos empregada para establecer os cursos e alumnos de cada nivel territorial é a recollida no Sistema de Información de Formación Ocupacional da Dirección Xeral de Formación e Colocación da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

A formación ocupacional considerada nesta base estruturase en cinco tipoloxías:

- ▶ Formación financiada polo Fondo Social Europeo con compromiso de contratación.
- ▶ Formación financiada polo Fondo Social Europeo sen compromiso de contratación.
- ▶ Formación do Plan de Formación de Inserción Profesional con compromiso de contratación.
- ▶ Formación do Plan de Formación de Inserción Profesional sen compromiso de contratación.
- ▶ Formación realizada por medios propios.

A categoría de formación profesional sen compromiso de contratación concentra a formación ocupacional, ben do Fondo Social Europeo ou do Plan FIP que responda a esta característica, así como a realizada a través de medios propios. A categoría de formación profesional sen compromiso de contratación reúne as outras dúas tipoloxías.

3.3.- DEFINICIÓNS E TAXAS

As **taxas** utilizadas nos diferentes apartados do estudo do mercado laboral son as seguintes:

- ▮ **Variación interanual** (v.a.): É igual ao número de ofertas do ano x menos as do ano anterior x-1, dividido polo número de ofertas do x-1 e multiplicado por 100. É dicir, a variación entre os anos 2000 e 2001 obteríase do seguinte xeito:

$$\% \text{ Var. interanual}_{00-01} = (O_{01} - O_{00} / O_{00}) \times 100$$

Calculáramos o crecemento acadado nun ano con respecto ao ano anterior.

- ▮ **Variación media anual** (v.m.a.): Obtense da fórmula do interese composto. Se lle chamamos O_{2004} e O_{2000} ao número de ofertas dos anos 2004 e 2000, respectivamente, podemos expresar a fórmula da variación media anual do xeito seguinte:

$$\% \text{ VMA} = \left(\sqrt[4]{O_{2004} / O_{2000}} - 1 \right) \times 100$$

(a raíz é a que resulta de restarlle 1 ao número de anos dos que se pretende calcular a media, neste caso $5-1=4$, o que implica unha *raíz cuarta*)

Obteríamos desta forma o crecemento medio acadado nos cinco anos estudados¹.

Polo que respecta á presentación da información nas diversas táboas e gráficos, hai que sinalar que nalgúns casos non é posible presentala por tres circunstancias:

- ▮ A información estatística vulnera o segredo estatístico, debido a que facilita a identificación individual de persoas ao ser un volume moi pequeno. Nesta circunstancia, e sempre que o valor absoluto sexa menor ou igual a tres, consígnase un X no lugar correspondente.
- ▮ No caso de que o dato non estea dispoñible, optárase por deixar o espazo onde debería constar a información en branco.
- ▮ En todos aqueles casos en que a información sexa referida a un cálculo que non se pode efectuar, consígnase un guión curto (-).

▮ CLASIFICACIÓN DAS RAMAS DE ACTIVIDADE ECONÓMICA

A clasificación da actividade económica usada neste estudo baséase no CNAE 93, con varios niveis de desagregación *ad hoc*.

Co propósito de facer unha clasificación sinxela e, ao mesmo tempo, significativa de todos os sectores económicos, estruturáronse a partir das seccións do CNAE 93 en seis subsectores e, posteriormente, agrupáronse en catro grandes sectores económicos para simplificar a comprensión das táboas e gráficos. Deste xeito, nalgúns apartados aparecen táboas cos sectores e noutros aparecen táboas cos sectores e subsectores.

SECTOR ECONÓMICO	SUBSECTOR ECONÓMICO
PRIMARIO	Agricultura, gandería, caza, silvicultura e pesca
SECUNDARIO	Industria e electricidade, gas e auga
CONSTRUCCIÓN	Construción
SERVIZOS	Comercio, hostalería e reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores e artigos persoais e de uso doméstico
	Transporte, almacenamento e comunicacións
	Outros servizos

¹ Os exemplos citados fan referencia á parte das ofertas, aínda que serían igualmente válidos para explicar os outros apartados deste informe.

No derradeiro apartado, baixo o epígrafe de “outros servizos”, encóntranse representadas as seguintes actividades: a intermediación financeira, actividades inmobiliarias e de alugamento, servizos empresariais, administración pública, defensa e seguridade social obrigatoria, educación e actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais, outras actividades sociais e de servizos prestados á comunidade, servizos persoais, fogares que empregan persoal doméstico e organismos extraterritoriais. Tamén se inclúen aqueles datos, escasos en número, dos que se descoñece o sector económico concreto ao que pertencen.

Séguese mantendo os gráficos de sectores para a industria e os servizos cunha desagregación maior que a sinalada na táboa anterior, co propósito de conseguir máis información nestas actividades que son piares económicos da maioría das economías locais galegas.

En realidade, trátase de subseccións *ad hoc* elaboradas a partir do seguinte nivel de desagregación das subseccións CNAE que se denomina, segundo esta terminoloxía, como “división”. Esta clasificación foi realizada polo Observatorio baseándose en criterios de importancia de actividades industriais e de servizos na nosa Comunidade Autónoma, co propósito de establecer un equilibrio entre a facilidade de manexo da clasificación e, ao mesmo tempo, a maior cantidade de información extraíble en ambas as dúas actividades económicas.

A continuación relaciónanse dúas táboas co resultado desta desagregación:

CÓDIGO CNAE	DESCRIPCIÓN DAS DIVISIÓNS CNAE	SUBSECCIÓNS AD HOC NA INDUSTRIA
10	extracción e aglomeración de antracita, hulla, lignito e turba	OUTRAS INDUSTRIAS
11	extracción de crus de petróleo e gas natural	
12	extracción de minerais de uranio e torio	
13	extracción de minerais metálicos	
14	extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos	
15	industria de produtos alimenticios e bebidas	ALIMENTACIÓN
17	industria téxtil	TÉXTEL E CONFECCIÓN
18	industria da confección e da peletería	OUTRAS INDUSTRIAS
19	preparación, curtido e acabado do coiro; fabricación de artigos de marroquinería e viaxe	
20	industria de madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartería	MADEIRA
21	industria do papel	OUTRAS INDUSTRIAS
22	edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados	
23	coquerías, refino de petróleo e tratamento de combustibles nucleares	
24	industria química	
25	fabricación de produtos de caucho e materias plásticas	
26	fabricación doutros produtos minerais non metálicos	FABRICACIÓN DE PRODUTOS MINERAIS NON METÁLICOS
27	metalurxia	METALURXIA E FABRICACIÓN DE PRODUTOS METÁLICOS
28	fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipo	
29	industria da construción de maquinaria e equipo mecánico	OUTRAS INDUSTRIAS
30	fabricación de máquinas de oficina e equipos informáticos	
31	fabricación de maquinaria e material eléctrico	
32	fabricación de material electrónico; fabricación de equipo e aparellos de radio	
33	fabricación de equipos e instrumentos médico-cirúrxicos, de precisión, óptica e relojería	

CÓDIGO CNAE	DESCRIPCIÓN DAS DIVISIÓNS CNAE	SUBSECCIÓNS AD HOC NA INDUSTRIA
34	fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	FABRICACIÓN DE MATERIAL TRANSPORTE
35	fabricación doutro material de transporte	
36	fabricación de mobles; outras industrias manufactureiras	OUTRAS INDUSTRIAS
37	reciclaxe	

CÓDIGO CNAE	DESCRIPCIÓN DAS DIVISIÓNS CNAE	SUBSECCIÓNS AD HOC NOS SERVIZOS
50	venda, mantemento e reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores	SERVIZOS DE AUTOMOCIÓN
51	comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor e motocicletas	COMERCIO EXCEPTO AUTOMOCIÓN
52	comercio polo miúdo, agás comercio de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores	
55	hostalería	HOSTALERÍA
60	transporte terrestre; transporte por tubos	TRANSPORTE E COMUNICACIÓNS
61	transporte marítimo, de cabotaxe e por vías de navegación interiores	
62	transporte aéreo e espacial	
63	actividades anexas aos transportes: actividades de axencias de viaxes	
64	correos e telecomunicacións	
65	intermediación financeira, agás seguros e plans de pensións	OUTROS SERVIZOS
66	seguros e plans de pensións, agás seguridade social obrigatoria	
67	actividades auxiliares da intermediación financeira	
70	actividades inmobiliarias	
71	alugamento de maquinaria e equipo sen operario, de efectos persoais e utensilios domésticos	ACTIVIDADES INMOBILIARIAS E SERVIZOS EMPRESARIAIS
72	actividades informáticas	
73	investigación e desenvolvemento	
74	outras actividades empresariais	
75	administración pública, defensa e seguridade social obrigatoria	AA.PP.
80	educación	EDUCACIÓN
85	actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais	SANIDADE E SERVIZOS SOCIAIS
90	actividades de saneamento público	SERVICIOS Á COMUNIDADE
91	actividades asociativas	
92	actividades recreativas, culturais e deportivas	
93	actividades diversas de servizos persoais	OUTROS SERVIZOS
95	fogares que empregan persoal doméstico	
99	organismos extraterritoriais	

▮ GRUPOS DE IDADE

Séguese mantendo a clasificación en intervalos de idade establecidos no estudo do mercado laboral do ano anterior. A única excepción a esta división é a que se produce no apartado de perfil sociodemográfico no ámbito provincial, debido a que a información procedente da EPA emprega catro intervalos de idade en vez de cinco.

A distribución en cinco intervalos posibilita unha maior homoxeneidade dos grupos de idade, no sentido de incluír todos o mesmo número de anos, fornecendo a información en relación con este parámetro, xa que nos anos anteriores observouse que a meirande parte das ofertas, contratos e demandas correspondían ao grupo de mediana idade.

Contexto Provincial do mercado laboral

capítulo

4

4

Contexto provincial do mercado laboral

4.1.- PERFIL SOCIODEMOGRÁFICO

4.1.1.- Poboación activa provincial. Evolución

	1999	2000	Media anual		2003	2004
			2001	2002		
De 16 a 19 anos	3,9	4,4	2,0	2,2	2,1	1,6
De 20 a 24 anos	15,0	14,3	10,0	10,1	10,9	9,8
De 25 a 54 anos	107,9	111,3	112,4	116,7	109,8	107,5
De 55 e máis anos	20,0	20,4	19,5	18,6	19,9	24,9
Total	146,8	150,3	143,9	147,5	142,7	143,7

TÁBOA 1: Poboación activa total da provincia por idade. Miles de persoas.

No conxunto de poboación activa da provincia de Ourense obsérvase un leve decrecemento no transcurso do período 1999-2004, que acada unha variación media negativa de -0,43%. A pauta evolutiva é positiva nos anos 2000, 2002 e 2004, presentando un retroceso nos dous restantes. Non obstante, os datos dos anos 1999 e 2000 aínda non se acollen á reforma acontecida na enquisa de poboación activa no referente ás novas definicións de activos, ocupados e parados, polo que a comparación co resto de anos debe ser tomada con precaución. Así, atendendo á evolución a partir de 2001, pódese observar que o decrecemento é aínda máis leve, baixando a poboación activa en 200 unidades.

O grupo de idade que achega unha maior significatividade ao total é o de entre 25 e 54 anos, que rexistra un estancamento nestes anos, cunha variación media negativa de -0,08%. Cómpre destacar que neste tramo non se producen oscilacións importantes ao longo do período, manifestando a subida máis importante no ano 2002 e descendendo a continuación no 2003 e 2004.

O segmento de idade que obtén un maior decrecemento é o de entre 16 e 19 anos, e unha diminución constante a partir do ano 2002. Pola contra, a única subida de todo o conxunto dáse no grupo de máis de 55 anos, cunha variación media do 4,5%.

	1999	2000	Media anual		2003	2004
			2001	2002		
Home	82,8	84,2	85,3	85,0	83,5	81,8
Muller	64,0	66,2	58,5	62,5	59,2	61,9
Total	146,8	150,4	143,9	147,5	142,7	143,8

TÁBOA 2: Poboación activa total da provincia por sexo. Miles de persoas.

Tendo en conta a distribución da poboación activa segundo o sexo, en números absolutos os dous colectivos presentan un leve descenso, lixeiramen-

te maior no caso das mulleres. Non obstante, a partir de 2001 o saldo para as mulleres é positivo, ao revés do que sucede para os homes.

No relativo á evolución de ambos os xéneros, no masculino non se observa ningunha flutuación considerable ao longo do período, mentres que no feminino danse oscilacións relevantes entre os anos 2000 e 2002, posto que no 2001 prodúcese un forte descenso da poboación activa, incrementándose novamente no 2002.

TÁBOA 3: Taxa de actividade da provincia por sexo.

	1999	2000	2001	%	2002	2003	2004
Home	58,2	58,5	58,1		58,1	56,8	56,4
Muller	40,7	42,1	37,6		39,8	37,7	38,9
Total	49	50	47,6		48,6	46,9	47,3

A taxa de actividade da provincia de Ourense descendeu en 1,7 puntos entre o 1999 e o 2004, se ben se mantén practicamente idéntica entre 2001 e 2004. Nos anos 2000, 2002 e 2004 rexístrase un crecemento e unha redución nos dous anos intermedios.

A taxa de actividade do colectivo masculino é maior que a do feminino, dado o maior volume de poboación activa daquel. Posto que en ambos os xéneros a taxa descendeu, a diferenza ao final do período é idéntica á existente ao inicio, de 17,5 puntos.

4.1.2.- Poboación ocupada provincial. Evolución

TÁBOA 4: Poboación ocupada total da provincia por sectores económicos. Miles de persoas.

	1999	2000	Media anual		2003	2004
	1999	2000	2001	2002	2003	2004
Primario	14,6	18,1	16,6	15,1	14,6	14,6
Secundario	21,6	22,0	25,6	25,8	23,8	22,2
Construción	14,4	15,7	17,9	16,4	17,2	16,4
Servizos	66,8	69,8	71,6	77,7	75,1	71,6
Total	117,4	125,6	131,8	134,9	130,6	124,8

Entre os anos 1999 e 2004, a poboación ocupada da provincia rexistra un incremento, cunha variación media do 1,22%. Esta subida non é constante en todos os anos, posto que nos dous finais prodúcese un descenso.

A excepción do sector primario, no que se produce un estancamento, os sectores restantes experimentan un incremento no volume de poboación ocupada. Os aumentos máis destacables son os da construción e dos servizos, con variacións medias do 2,67% e do 1,39% respectivamente. Dentro dos servizos, é importante sinalar o aumento da poboación ocupada entre os anos 2000 e 2002, reducíndose nos dous últimos. Tomando como referencia o ano 2001, pódese observar o descenso xeneralizado da poboación ocupada en todos os sectores coa excepción do de servizos.

TÁBOA 5: Poboación ocupada total da provincia por sexo. Miles de persoas.

	1999	2000	Media anual		2003	2004
	1999	2000	2001	2002	2003	2004
Home	69,9	75,3	80,8	79,5	78,5	73,8
Muller	47,5	50,3	50,9	55,5	52,1	51,0
Total	117,4	125,6	131,8	134,9	130,6	124,8

Tanto a poboación ocupada masculina como a feminina incrementábase durante o período 1999-2004, manifestando esta última un crecemento lixeiramente maior en termos relativos, cunha variación media do 1,43%, fronte á do 1,08% que rexistran os homes. Porén, desde 2001 cómpre sinalar o incremento da poboación ocupada feminina e o descenso da masculina.

Neste sentido, cabe tamén sinalar que a poboación ocupada masculina aumenta ata o ano 2001, reducíndose a partir do 2002, mentres que a feminina comeza a decrecer a partir de 2003.

	%					
	1999	2000	2001	2002	2003	2004
Home	49,1	52,4	55	54,3	53,5	50,8
Muller	30,2	32	32,7	35,3	33,2	32,1
Total	39,2	41,7	43,6	44,5	43,0	41,0

TÁBOA 6: Taxa de ocupación da provincia por sexo.

Durante o período 1999-2004, a taxa de ocupación aumenta en 1,8 puntos, destacando a diminución producida nos anos 2003 e 2004, en contraposición co incremento constante ata o ano 2002.

O crecemento da taxa de ocupación masculina e feminina é moi semellante nestes anos, medrando nos homes 1,7 puntos e nas mulleres 1,9. A maior diferenza entre ambos os sexos é que nos homes esta taxa diminúe nos tres últimos anos do período, mentres que nas mulleres tan só nos dous últimos. En calquera caso, os dous colectivos non chegan a acadar a taxa de 2001.

4.1.3.- Poboación parada provincial. Evolución

	Media anual					
	1999	2000	2001	2002	2003	2004
Home	12,9	8,9	4,5	5,6	4,9	8,1
Muller	16,5	15,9	7,6	7,0	7,1	11,0
Total	29,4	24,8	12,1	12,6	12,0	19,0

TÁBOA 7: Poboación parada total da provincia por sexo. Miles de persoas.

A poboación parada da provincia de Ourense descende entre os anos 1999 e 2004 en 10.400 persoas, rexistrando unha variación media negativa de -8,38%. Destaca o descenso producido entre os anos 2000 e 2001, neste último ano debido sobre todo ás modificacións introducidas na enquisa de poboación activa. Nos dous anos seguintes mantense practicamente estable para volver a incrementarse de novo no ano 2004.

Hai que sinalar, por outra banda, o importante crecemento da poboación parada no último ano tanto entre os homes como entre as mulleres.

	%					
	1999	2000	2001	2002	2003	2004
Home	15,5	10,5	5,3	6,5	5,9	9,9
Muller	25,8	24,0	13,0	11,2	12,0	17,6
Total	20,0	16,5	8,4	8,5	8,4	13,2

TÁBOA 8: Taxa de poboación parada da provincia por sexo

A taxa de poboación parada da provincia de Ourense descende entre 1999 e 2004 en 6,8 puntos. Non obstante, é destacable o forte aumento da taxa de poboación parada no último ano.

A taxa de poboación parada feminina é considerablemente máis alta que a masculina, aínda que as diferenzas entre ambas tenden a diminuír. Deste xeito, no ano 1999 a diferenza era de 10,3 puntos a prol das mulleres e esta decrece ata os 7,7 puntos no 2004.

A evolución de ambos os sexos ao longo do período amosa pequenas diferenzas. Ambos seguen a mesma tendencia ata o ano 2001, a partir de aí, no ano 2002, a taxa incrementase levemente nos homes, ao mesmo tempo que se reduce nas mulleres, do mesmo xeito que no 2003 se dá a situación contraria, para pasar a incrementarse xa novamente nos dous colectivos no ano 2004.

4.2.- TECIDO EMPRESARIAL

4.2.1.- Tecido empresarial provincial. Situación actual

TÁBOA 9: Número de empresas, traballadores e autónomos.

		EMPRESAS		TRABALLADORES		AUTÓNOMOS	
SECTORES		N.º	%	N.º	%	N.º	%
OURENSE	SECTOR PRIMARIO	352	2,71	7.389	9,26	741	3,16
	Agricultura e pesca	352	2,71	7.389	9,26	741	3,16
	SECTOR SECUNDARIO	1.636	12,60	15.170	19,00	2.838	12,11
	Industria e electricidade	1.636	12,60	15.170	19,00	2.838	12,11
	SECTOR CONSTRUCCIÓN	1.980	15,25	9.220	11,55	4.520	19,29
	Construción	1.980	15,25	9.220	11,55	4.520	19,29
	SECTOR SERVIZOS	9.013	69,43	48.049	60,19	15.329	65,43
	Comercio e hostalería	4.382	33,76	15.831	19,83	10.406	44,42
	Transporte e comunicacións	535	4,12	3.035	3,80	1.443	6,16
	Outros servizos	4.096	31,55	29.183	36,56	3.480	14,85
	TOTAL	12.981	100,00	79.828	100,00	23.428	100,00


O tecido empresarial da provincia de Ourense aparece definido polo predominio do sector servizos, tanto no referido ás empresas, como aos traballadores por conta allea e autónomos.

No ano 2004, no sector servizos concéntranse o 69,43% das empresas, seguíndolle a unha distancia considerable o da construción, co 15,25%, e o secundario, co 12,6%. Atendendo aos subsectores, a maioría das empresas da provincia agrúpanse nos de comercio e hostalería, co 33,76%, e outros servizos, co 31,55%.

Do mesmo xeito que no caso anterior, os traballadores, tanto por conta allea como autónomos, rexístranse maioritariamente nos servizos. En canto aos traballadores por conta allea, o 60,19% desenvolven a súa actividade laboral dentro deste sector; no sector secundario sitúanse o 19% e no da construción o 11,55%. No ámbito subsectorial, a maior parte de traballadores por conta allea pertencen á categoría de outros servizos, o 36,56%; seguida da de comercio e hostalería, o 19,83%.

Por último, o 65,43% dos traballadores autónomos sitúanse nos servizos, seguidos dos da construción, o 19,29%, e do secundario, o 12,11%. No subsector de comercio e hostalería dáse unha forte presenza dos autónomos, agrupándose nel case a metade destes, en concreto o 44,42%.

GRÁFICO 1: Número de empresas da industria segundo as actividades. Ano 2004.



Pódese observar que na industria o maior número de empresas aparece na categoría de outras industrias, que supón o 30,27% do total. As empresas de alimentación ocupan o segundo lugar en orde de importancia e representan o 22,01%, seguidas das de metalurxia e fabricación de produtos metálicos, o 16,07%, e madeira, o 13,95%.




GRÁFICO 2: Número de empresas dos servizos segundo as actividades. Ano 2004.

Nos servizos, a actividade que achega un maior volume ao total é a de comercio, á que se dedican o 29,17% das empresas. Nun segundo plano sitúanse as de outros servizos, 15,35%; hostalería, 13,57%; e actividades inmobiliarias e servizos a empresas, 11,18%. O peso das actividades restantes varía entre o 7,98% da de servizos á comunidade e o 2,61% da de educación.

4.2.2.- Evolución anual

	EMPRESAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	791	860	738	244	352
Agricultura e pesca	791	860	738	244	352
SECTOR SECUNDARIO	1.669	1.692	1.703	1.676	1.636
Industria e electricidade	1.669	1.692	1.703	1.676	1.636
SECTOR CONSTRUCCIÓN	1.949	1.998	1.976	1.951	1.980
Construcción	1.949	1.998	1.976	1.951	1.980
SECTOR SERVICIOS	7.948	8.301	8.465	8.647	9.013
Comercio e hostalería	3.960	4.098	4.150	4.237	4.382
Transporte e comunicacións	446	478	482	491	535
Outros servizos	3.542	3.725	3.833	3.919	4.096
TOTAL PROVINCIA	12.357	12.851	12.882	12.518	12.981
TOTAL GALICIA	103.997	106.984	108.114	107.839	112.215

TÁBOA 10: Evolución do número de empresas. Período 2000-2004.

Na evolución do número de empresas no período 2000-2004, a provincia de Ourense rexistrou un balance positivo. No ano 2004 había 624 empresas máis que no 2000, o que supón unha variación media anual do 1,24%. Comparando estes datos cos totais de Galicia, obsérvase que na Comunidade tamén se deu un incremento do número de empresas, situándose a variación media anual no 1,92%.

Segundo os diferentes sectores, a evolución do número de empresas presenta diferenzas considerables. Deste xeito, no primario é no único no que se producen variacións interanuais importantes, dándose os valores extremos no intervalo 2002-2003, no que o volume de empresas diminuíu un 66,94%, e no 2003-2004, no que medrou un 44,26%.

Atendendo aos saldos finais, é novamente o sector primario o que experimenta unha baixada no número de empresas, cunha variación media de -18,32%. Nos sectores secundario e da construción, a pauta vén marcada por leves decrecementos e incrementos, dado que o número de empresas non variou significativamente duns anos a outros, obtendo variacións medias finais de -0,5% e de 0,4% respectivamente.

O sector servizos, o que achega maior volume ao conxunto, presenta un crecemento importante, acadando unha variación media do 3,19%, obtida tras un aumento continuo das empresas ao longo destes cinco anos.

TÁBOA 11: Evolución do número de traballadores. Período 2000-2004.

	TRABALLADORES				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	9.814	8.744	8.269	7.864	7.389
Agricultura e pesca	9.814	8.744	8.269	7.864	7.389
SECTOR SECUNDARIO	14.941	15.177	15.455	15.204	15.170
Industria e electricidade	14.941	15.177	15.455	15.204	15.170
SECTOR CONSTRUCCIÓN	8.902	9.155	9.106	8.926	9.220
Construción	8.902	9.155	9.106	8.926	9.220
SECTOR SERVIZOS	41.903	43.928	45.118	46.301	48.049
Comercio e hostalería	13.531	14.026	14.699	15.070	15.831
Transporte e comunicacións	2.789	2.819	2.929	2.959	3.035
Outros servizos	25.583	27.084	27.490	28.272	29.183
TOTAL	75.560	77.004	77.948	78.295	79.828
TOTAL GALICIA	713.049	740.966	755.700	767.739	788.323

A evolución dos traballadores por conta allea entre os anos 2000 e 2004 presenta unha tendencia positiva, incrementándose en 4.268 no transcurso destes cinco anos. En termos relativos, este aumento tradúcese nunha variación media anual do 1,38%, valor lixeiramente inferior ao rexistrado no conxunto de Galicia, do 2,54%.

Esta tendencia expansiva non é común a todos os sectores, dado que na cara oposta atopámonos coa evolución dos traballadores do sector primario. A nota característica deste sector é o decrecemento continuo nestes cinco anos, situándose a variación media anual en -6,85%.

Nos sectores secundario e da construción, os traballadores aumentan levemente, con variacións medias do 0,38% e do 0,88% respectivamente. En ningún deles se rexistran oscilacións importantes, tendo que sinalar unicamente que en ambos se reducen os traballadores en termos absolutos en dous dos intervalos temporais, entre 2002 e 2004 o primeiro, e entre 2001 e 2003 no segundo.

No sector servizos, os traballadores por conta allea rexistran un aumento neste quinquenio. Presentan un crecemento estable en todos os intervalos anuais e obteñen unha variación media anual do 3,48%. Atendendo aos subsectores, obsérvase que manteñen unha evolución semellante á do conxunto do sector, presentando variacións medias do 4% o de comercio e hostalería e do 3,35% o de outros servizos.

	AUTÓNOMOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	621	645	680	703	741
Agricultura e pesca	621	645	680	703	741
SECTOR SECUNDARIO	2.843	2.793	2.810	2.789	2.838
Industria e electricidade	2.843	2.793	2.810	2.789	2.838
SECTOR CONSTRUCCIÓN	4.095	4.241	4.264	4.365	4.520
Construcción	4.095	4.241	4.264	4.365	4.520
SECTOR SERVICIOS	15.045	14.911	14.852	14.987	15.329
Comercio e hostalería	10.614	10.422	10.316	10.269	10.406
Transporte e comunicacións	1.491	1.467	1.420	1.437	1.443
Outros servizos	2.940	3.022	3.116	3.281	3.480
TOTAL	22.604	22.590	22.606	22.844	23.428
TOTAL GALICIA	164.549	165.287	167.427	172.821	178.942

TÁBOA 12: Evolución do número de autónomos. Período 2000-2004.

Os traballadores autónomos da provincia, entre os anos 2000 e 2004, aumentan levemente en números absolutos, variación media do 0,9%, sendo destacable o aumento producido en 2004. Este ritmo de crecemento é menor que o producido no conxunto da comunidade, cunha variación media do 2,12%.

Neste caso, ao contrario do que sucedía coas empresas e cos traballadores por conta allea, o sector primario é o que experimenta un maior crecemento en termos relativos, cunha variación media anual do 4,52%. Este sector está acompañado nesta tendencia expansiva polo da construción, cunha variación media do 2,5%. Cabe destacar que en ningún destes dous sectores se rexistra ningunha variación interanual negativa ao longo do período.

No sector secundario a evolución dos traballadores autónomos quedou practicamente estancada, cunha variacións media de -0,04%, mentres no de servizos aumenta levemente, 0,47%. Ambos os sectores presentan unha evolución estable, sen grandes fluctuacións ao longo do quinquenio, reducíndose os autónomos no secundario nos intervalos 2000-2001 e 2002-2003 e no dos servizos entre o 2000 e o 2002.

Atendendo á evolución dos subsectores dos servizos, destaca o crecemento de outros servizos, cunha variación media do 4,31%. Os de comercio e hostalería e transporte e comunicacións decrecen levemente en termos absolutos, con variacións medias negativas de -0,49% e de -0,81%, respectivamente.

4.3.- DEMANDAS DE EMPREGO

4.3.1.- Demandantes galegos por provincia

TÁBOA 13: Distribución dos demandantes por provincia.

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
A Coruña	63.878	29.827	93.705
Lugo	16.048	8.374	24.422
Ourense	18.321	10.089	28.410
Pontevedra	56.114	27.549	83.663
TOTAL	154.361	75.839	230.200

No ano 2004, o número de demandantes de emprego en Galicia ascende a 230.200, repartidos o 67,05% entre os parados e o 32,95% entre os non parados. En todas as provincias o número de demandantes parados é superior ao de non parados, en proporcións próximas á media galega.

Ourense é a terceira provincia galega, despois da Coruña e Pontevedra, en número de demandantes, pois agrupa o 12,34% do total.

TÁBOA 14: Distribución dos demandantes segundo as comarcas da provincia.

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
A Limia	1.470	527	1.997
Allariz-Maceda	648	279	927
Baixa Limia	432	188	620
O Carballiño	1.409	867	2.276
O Ribeiro	949	629	1.578
Ourense	8.135	5.041	13.176
Terra de Caldelas	184	76	260
Terra de Celanova	1.124	683	1.807
Terra de Trives	254	103	357
Valdeorras	1.331	697	2.028
Verín	1.955	824	2.779
Viana	430	175	605
TOTAL	18.321	10.089	28.410

% provincia/comunidade – PARADOS	13,30
---	--------------

% provincia/comunidade - NON PARADOS	11,87
---	--------------

Na provincia de Ourense, no ano 2004, o número de demandas de emprego xestionadas é de 28.410. Estas demandas están repartidas na súa maior parte entre os parados, que superan aos non parados en todas as comarcas. Neste punto cómpre sinalar que os parados provinciais representan o 13,3% dos da comunidade mentres que os non parados supoñen o 11,87%.

Volvendo ao ámbito provincial, a comarca cunha maior acumulación de demandantes é a de Ourense, onde se concentran case a metade do total, en concreto o 46,38%. A considerable distancia sitúase Verín, co 9,78% das demandas; seguida do Carballiño, co 8,01%; Valdeorras, co 7,14%; e A Limia, co 7,03%. O 21,66% restante queda repartido entre as outras sete comarcas, encabezadas pola de Terra de Celanova, co 6,36% das ofertas provinciais.

4.3.2.- Demandantes parados. Evolución

	2000	2001	2002	2003	2004
Parados provincia	17.663	16.723	18.214	18.439	18.321
Variación interanual %	-	-5,32	8,92	1,24	-0,64
PROVINCIA/TOTAL COMUNIDADE	12,42	12,09	12,06	11,72	11,87

TÁBOA 15: Evolución dos demandantes parados.

No conxunto da provincia de Ourense, a tendencia no período 2000-2004 é ao crecemento do número de demandantes parados. Tal e como se pode observar na táboa anterior, as variacións interanuais reflicten unha evolución discontinua, alternando períodos de expansión e recesión.

En canto ao peso relativo dos demandantes provinciais con respecto aos da comunidade, denótase unha tendencia regresiva nos catro primeiros anos do período, incrementándose moi levemente no último ano.

4.3.3.- Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

		VALOR ABSOLUTO	PROVINCIAL %	COMUNIDADE %
PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	2.826	9,95	10,69
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	15.495	54,54	56,36
NON PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	1.410	4,96	4,03
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	4.287	15,09	12,78
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	1.363	4,80	5,32
	En expediente de regulación de emprego	92	0,32	1,51
	Demandantes de mellora de emprego	1.995	7,02	6,32
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	831	2,93	2,52
	Resto de demandantes	111	0,39	0,46
TOTAL		28.410	100,00	100,00

TÁBOA 16: Situación laboral dos demandantes.

No referido á situación laboral dos demandantes de emprego, o primeiro dato salientable é que o 54,54% destes son parados que tiveron emprego anteriormente. O resto de situacións laborais teñen unha menor presenza na provincia, situándose a continuación os non parados con emprego anterior, o 15,09%, e os parados sen emprego anterior, o 9,95%. As categorías restantes colócanse todas arredor ou por debaixo do 7%, encabezadas polos non parados demandantes de mellora de emprego, 7,02%.

En relación coa totalidade da Comunidade, a distribución dos demandantes de emprego non sinala diferenzas significativas, polo que os colectivos máis representativos son en Galicia os mesmos que os comentados anteriormente.

4.3.4.- Demandantes de emprego por sexo e idade

TÁBOA 17.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	PROVINCIAL %	COMUNIDADE %
Menos de 26 anos	1.083	1.388	13,49	16,27
26 a 35 anos	1.607	2.930	24,76	29,28
36 a 45 anos	1.378	2.580	21,60	22,15
46 a 55 anos	1.533	2.257	20,69	18,47
56 e máis anos	1.973	1.592	19,46	13,84
TOTAL PROVINCIA	7.574	10.747	100,00	11,87
TOTAL COMUNIDADE	62.053	92.308	11,87	100,00

A maioría dos demandantes parados da provincia de Ourense son mulleres, que representan o 58,86% do total fronte ao 41,34% que supoñen os homes. Esta desigualdade está tamén presente na Comunidade, que presenta unha distribución relativa por sexos case idéntica á da provincia.

No referido á idade, cabe resaltar que o 61,75% dos demandantes parados da provincia teñen máis de 36 anos, situándose o 38,25% por debaixo desta idade. Analizando os grupos de idade de forma individual, obsérvase que o máis numeroso é o de entre 26 e 35 anos, que representa case a cuarta parte do total, o 24,76%. A continuación sitúase o de entre 36 e 45 anos, co 21,6%.

Tendo en conta os intervalos de idade segundo o xénero, a maior porcentaxe de parados correspóndese nos homes cos maiores de 55 anos, o 10,77%; seguidos polos de entre 26 e 35 anos, o 8,77%. Nas mulleres, o colectivo máis representativo é o de entre 26 e 35 anos, o 15,99%; situándose a continuación o de entre 36 e 45 anos, o 14,08%.

Con respecto á Comunidade galega, a diferenza máis significativa é a idade máis avanzada dos demandantes parados da provincia, posto que os maiores de 45 anos representan 7,84 puntos máis que no conxunto de Galicia.

TÁBOA 17.2: Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	PROVINCIAL %	COMUNIDADE %
Menos de 26 anos	885	1.122	19,89	17,53
26 a 35 anos	753	1.717	24,48	27,54
36 a 45 anos	549	1.444	19,75	20,67
46 a 55 anos	630	1.179	17,93	17,96
56 e máis anos	889	921	17,94	16,31
TOTAL PROVINCIA	3.706	6.383	100,00	13,30
TOTAL COMUNIDADE	29.398	46.441	13,30	100,00

A distribución por sexo e idade dos demandantes non parados é parecida á dos parados. Neste caso tamén predomina o colectivo de mulleres, que representa o 63,27% do total da mostra provincial. Esta realidade ten unha forte semellanza coa que se dá a nivel autonómico, onde o peso das mulleres é o 61,24%.

No que se refire á idade, obsérvase que o 55,62% dos demandantes non parados se concentra nos intervalos maiores de 35 anos. Tendo en conta a totalidade de demandantes, o grupo cun maior peso relativo é o dos de entre 26 e 35 anos, o 24,48%. A continuación sitúanse os que teñen menos de 26 anos, o 19,89%, seguidos moi de cerca polos de entre 36 e 45 anos, o 19,75%.

No cruzamento da idade segundo o xénero, o tramo máis significativo nos homes correspóndese cos que teñen máis de 55 anos, o 8,81%, seguidos dos de menos de 25 anos, o 8,77%. Nas demandantes non paradas mulleres, as máis numerosas son as de entre 26 e 35 anos, o 17,02%, situándose a continuación as de entre 36 e 45 anos, o 14,31%.

En relación con Galicia, o dato máis característico da provincia é a similitude dos datos, posto que non se observan diferenzas significativas nos dous territorios en canto á distribución dos non parados segundo a idade.




GRÁFICO 3: Distribución porcentual do total de demandantes por sexo e grupos de idade.

Tras analizar por separado os colectivos de demandantes parados e non parados, represéntase no gráfico anterior a distribución do total de demandantes provinciais segundo o sexo e a idade. Cómpre sinalar, en primeiro lugar, que o grupo que achega un maior peso ao conxunto é o de entre 26 e 35 anos, que representa case a cuarta parte dos demandantes totais, en concreto o 24,67%. A curta distancia sitúase o tramo de idade de entre 36 e 45 anos, que representa o 20,94%. O tramo de idade menos significativo na provincia de Ourense é o dos demandantes máis novos, os de menos de 26 anos, que engloba o 15,76% do total.

Destaca nos dous intervalos máis representativos o peso do colectivo feminino, que duplica ao masculino. As demandantes femininas son superiores aos masculinos en todos os grupos de idade, agás no máis avanzado, o de maiores de 55 anos.

4.3.5.- Demandantes por nivel académico

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Ata certificado de escolaridade*	7.689	3.707	11.396
Titulación de ensinanza obrigatoria	5.605	2.758	8.363
Formación profesional	1.044	635	1.679
BUP/Bacharelato superior/COU	2.090	1.562	3.652
Titulados universitarios	1.607	1.288	2.895
Outras titulacións	286	139	425
TOTAL	18.321	10.089	28.410

TÁBOA 18: Distribución dos demandantes por nivel académico.

* Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade

A distribución do total de demandantes por nivel académico reflicte que o 69,55% teñen a titulación de ensinanza obrigatoria ou só ata certificado de escolaridade. Analizando os dous colectivos de forma separada, os segundos representan o 40,11%, e os primeiros o 29,44%. Os seguintes grupos sitúanse a considerable distancia, estando encabezados polos que teñen o bacharelato e estudos universitarios, con porcentaxes do 12,85% e do 10,19%, respectivamente.

As distribucións relativas dos demandantes parados e non parados son moi semellantes entre si e, consecuentemente, parecidas ás descritas no parágrafo anterior. Así, o grupo de parados con certificado de escolaridade ou titulación de ensino obrigatorio suma o 70,94% do total e, no caso dos non parados, representa o 67,34%. A única diferenza salientable neste sentido é a maior presenza relativa dos que teñen ata certificado de escolaridade entre os demandantes parados.

4.3.6.- Demandantes parados por tempo de busca de emprego

TÁBOA 19: Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

		Menos de 6 meses	De 6 meses a 1 ano	Máis de 1 ano	TOTAL
Menor de 26 anos	Homes	842	154	87	1.083
	Mulleres	847	263	278	1.388
26 a 35 anos	Homes	1.075	264	268	1.607
	Mulleres	1.345	473	1.112	2.930
36 a 45 anos	Homes	868	187	323	1.378
	Mulleres	940	377	1.263	2.580
46 a 55 anos	Homes	679	186	668	1.533
	Mulleres	583	276	1.398	2.257
56 e máis anos	Homes	489	230	1.254	1.973
	Mulleres	203	123	1.266	1.592
TOTAL PROVINCIA		7.871	2.533	7.917	18.321
TOTAL COMUNIDADE		75.182	21.880	57.299	154.361

Na provincia de Ourense, a maior parte dos demandantes parados levan buscando emprego máis dun ano, representando o 43,21% do total. A moi curta distancia sitúanse aqueles que levan na procura dun emprego menos de seis meses, que supoñen o 42,96% dos demandantes parados provinciais. Esta situación diverxe con respecto á da Comunidade galega, dado que o colectivo con maior significatividade neste territorio é o dos que levan buscando emprego menos de seis meses, o 48,71%, seguido do daqueles que levan buscando máis dun ano, o 37,12%.

Facendo unha análise máis pormenorizada segundo o sexo, denótase que as demandantes paradas menores de 36 anos tenden ao paro de menos de seis meses, circunstancia que se troca cara o paro de longa duración a partir desa idade. No caso dos homes prodúcese esta circunstancia a partir dos 55 anos.

No paro de menos de seis meses, a presenza porcentual masculina e feminina está case igualada. En cambio, o paro de longa duración está integrado maiormente por mulleres, o 29,03% fronte ao 14,18%.

4.3.7.- Demandantes por sectores económicos de procedencia

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Sector primario	455	254	709
Sector secundario	2.901	1.330	4.231
Construcción	2.560	1.035	3.595
Sector servicios	9.601	5.644	15.245
Sen actividade previa	2.804	1.826	4.630
TOTAL	18.321	10.089	28.410

TÁBOA 20: Demandantes por actividade económica.

Atendendo á actividade económica de procedencia, a maioría dos demandantes, tanto parados como non parados, proceden do sector dos servizos. En concreto, nos dous ámbitos territoriais a porcentaxe de demandantes parados procedentes do sector servizos sitúase arredor do 52% e a de non parados en torno ao 56%.

O seguinte sector en maior número de demandantes é o secundario, seguido dos que derivan da construción. En xeral, non só no caso do sector servizos, senón tamén nos restantes, as distribucións relativas de demandantes parados e non parados na provincia son moi semellantes entre si, e similares tamén ás do conxunto da comunidade autónoma.





GRÁFICO 4: Demandantes parados na industria.

Respecto ao subsector da industria, seis de cada dez demandantes parados proceden das actividades das outras industrias e de téxtil e confección, que representan o 31% e o 29% respectivamente. O 16% dos demandantes concéntranse na alimentación, e o 24% restante nas outras catro actividades.

GRÁFICO 5: Demandantes parados nos servizos.



Dentro dos servizos, os demandantes parados proveñen, en maior medida, das actividades de comercio, o 21%, e actividades inmobiliarias e servizos a empresas, o 18%. A certa distancia sitúanse as de hostalería e administracións públicas, que engloban respectivamente o 15% e o 13% dos demandantes parados dos servizos.

4.3.8.- As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

TÁBOA 21: Ocupacións máis demandadas.

	VALOR ABSOLUTO	PROVINCIAL %	COMUNIDADE %
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	2.692	9,48	7,52
Empregado administrativo, en xeral	2.375	8,36	8,54
Dependente de comercio, en xeral	2.341	8,24	8,99
Peón da ind. manufactureira, en xeral	1.301	4,58	5,08
Peón da construción de edificios	1.085	3,82	2,47
Camareiro, en xeral	819	2,88	2,81
Albanel	698	2,46	2,42
Operador de máquina ind. coser á plana, ex. pel: calzado	617	2,17	1,68
Cociñeiro, en xeral	589	2,07	1,66
Auxiliar de clínica	535	1,88	1,4

4.3.9.- Perfil tipo dos demandantes de emprego

TÁBOA 22: Perfil máis representativo.

	PERFIL PROVINCIAL TIPO	PERFIL COMUNIDADE TIPO
Situación laboral	Parado con emprego anterior	Parado con emprego anterior
Sexo	Muller	Muller
Grupo idade	De 26 a 35 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Ata certificado de escolaridade	Titulación de ensinanza obrigatoria
Duración demanda	Máis de 1 ano	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	Dependente de comercio, en xeral

4.4.- OFERTAS

4.4.1.- Ofertas no servizo público de emprego galego 2004. Evolución

	TOTAL OFERTAS
A Limia	501
Allariz-Maceda	110
Baixa Limia	24
O Carballiño	597
O Ribeiro	418
Ourense	7.376
Terra de Caldelas	27
Terra de Celanova	665
Terra de Trives	122
Valdeorras	466
Verín	697
Viana	119
TOTAL PROVINCIA	11.122

TÁBOA 23: Número de ofertas por comarcas da provincia.

TOTAL OFERTAS COMUNIDADE:	82.835
PROVINCIA/COMUNIDADE:	13,43

Na provincia de Ourense xestionáronse no ano 2004 un total de 11.122 ofertas de emprego, que representan o 13,43% das realizadas en toda a Comunidade Autónoma galega.

Estas ofertas agrúpanse na súa maioría na comarca de Ourense, que integra o 66,32% do total. A notable distancia sitúanse as comarcas de Verín, co 6,27%; Terra de Celanova, co 5,98%; e O Carballiño, co 5,37%. O 16,06% das ofertas de emprego restantes repártense entre as outras oito comarcas da provincia.

	Nº DE OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
A Limia	597	661	586	563	501
Allariz-Maceda	220	91	118	153	110
Baixa Limia	31	23	18	46	24
O Carballiño	788	833	594	590	597
O Ribeiro	624	444	563	608	418
Ourense	8.282	7.269	6.837	6.802	7.376
Terra de Caldelas	34	11	11	18	27
Terra de Celanova	888	742	645	863	665
Terra de Trives	192	143	99	135	122
Valdeorras	619	581	540	519	466
Verín	553	766	744	698	697
Viana	141	100	116	121	119
TOTAL PROVINCIA	12.969	11.664	10.871	11.116	11.122
TOTAL COMUNIDADE	88.819	83.598	86.949	87.103	82.835

TÁBOA 24: Evolución das ofertas. Período 2000-2004.


No conxunto do período 2000-2004, a provincia de Ourense ten unha evolución negativa do número de ofertas, situación semellante á que se produce no conxunto de Galicia. Deste xeito, as variacións medias de ambos os territorios son de -3,77% e de -1,73% respectivamente. Na provincia, as ofertas descenden nos dous primeiros intervalos do período, incrementándose nos restantes, mentres que na Comunidade as ofertas de emprego diminúen nos intervalos inicial e final do quinquenio.

Considerando o conxunto de comarcas, cómpre resaltar, en primeiro lugar, que na única na que se rexistra un crecemento das ofertas é na de Verín, que acada unha variación media do 5,96%, conseguida, sobre todo, debido á forte subida do tramo 2000-2001, dado que nos tres restantes a tendencia é negativa.

Tendo en conta as outras tres comarcas con maior número de ofertas, Ourense, Terra de Celanova e O Carballiño, a nota característica común é o decrecemento das ofertas de emprego no transcurso destes cinco anos. Na comarca de Ourense maniféstase o maior descenso cuantitativo, cunha variación media negativa de -2,85%, rexistrando unha baixada constante ata o ano 2003 e repuntando no último ano.

No Carballiño a redución das ofertas de emprego dáse nos intervalos intermedios do período, sobre todo en 2001-2002, cunha variación interanual de -21,74%. A variación media anual para esta comarca é de -6,70%. Terra de Celanova, con só un aumento en 2002-2003, presenta finalmente unha variación media de -6,97%.

GRÁFICO 6: Evolución do número de ofertas das comarcas da provincia.



Debido á gran concentración de ofertas na comarca de Ourense, agrúpanse todas as demais para comparar a súa evolución coa desta. Deste xeito, pódese observar como presentan tendencias evolutivas diferenciadas, aínda que sen grandes oscilacións en ningún dos casos. Tanto en Ourense como no resto das comarcas as ofertas descenden ata o ano 2002, manténdose a continuación estables en Ourense e recuperándose no conxunto de comarcas. Finalmente, a partir do ano 2003, en Ourense maniféstase un claro crecemento, tendendo o resto de comarcas a diminuír o seu número de ofertas.

4.4.2.- Ofertas segundo os sectores de actividade económica

TABOA 25: Distribución das ofertas por comarcas segundo os sectores económicos.

	PRIMARIO	SECUNDARIO	CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS
A Limia	16	79	82	324
Allariz-Maceda	3	11	25	71
Baixa Limia	0	2	2	20
O Carballiño	6	93	153	345
O Ribeiro	7	34	90	287
Ourense	62	509	1.294	5.510
Terra de Caldelas	2	0	3	22
Terra de Celanova	35	37	174	419
Terra de Trives	4	11	2	105
Valdeorras	11	89	121	245
Verín	4	86	101	506
Viana	0	2	36	81
TOTAL PROVINCIA	150	953	2.083	7.935
TOTAL COMUNIDADE	1.262	7.258	14.336	58.318

En relación co conxunto de Galicia, o máis característico da provincia de Ourense en canto á distribución das ofertas segundo os sectores económicos é a similitude, dado que presenta datos porcentuais moi semellantes.

A comarca de Ourense concentra a maior parte das ofertas do sector primario e a maioría das rexistradas nos outros tres sectores. No resto das comarcas, destaca a presenza de Terra de Celanova no sector primario, co 23,33%, a do Carballiño no sector secundario e da construción e o de Verín nos servizos. É preciso sinalar, así mesmo, que no sector primario non se produce ningunha oferta na Baixa Limia nin en Viana, e no secundario dáse o mesmo caso con Terra de Caldelas.




GRÁFICO 7: Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.

O 71% das ofertas de emprego da provincia de Ourense concéntranse no sector servizos. A considerable distancia sitúanse as procedentes do sector da construción, o 19%, e do secundario, o 9%.





GRÁFICO 8: Distribución porcentual das ofertas na industria.

A cuarta parte das ofertas da industria proceden da actividade de outras industrias. A continuación sitúanse as derivadas do téxtil e confección, o 22%; madeira, o 16%, e alimentación, o 14%.

GRÁFICO 9: Distribución porcentual das ofertas nos servizos.



Case catro de cada dez ofertas dos servizos, en concreto o 39%, proveñen das administracións públicas e actividades inmobiliarias e servizos a empresas. Nun segundo plano atópanse as actividades de hostalería e comercio, que agrupan de forma conxunta o 27% do total.

TÁBOA 26: Evolución das ofertas por sectores económicos.

	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Primario	219	153	112	126	150
Secundario	1.453	1.250	1.166	1.001	953
Construción	2.537	2.242	2.179	2.224	2.083
Servizos	8.760	8.018	7.413	7.763	7.935
Sen actividade	0	1	1	2	1
TOTAL PROVINCIA	12.969	11.664	10.871	11.116	11.122
TOTAL COMUNIDADE	88.809	83.590	86.941	86.737	81.196

No transcurso do período analizado, todos os sectores económicos experimentan un descenso no número de ofertas. O sector con maior volume de ofertas, o de servizos, é tamén o que rexistra unha maior diminución cuantitativa, cunha variación media de -2,44%, decrecendo as ofertas entre os anos 2000 e 2002, e aumentando en menor medida nos dous intervalos seguintes.

O sector que máis se reduce a continuación en termos absolutos é o secundario, que presenta unha variación media de -10,01%. Neste caso, a baixada é constante en todo o quinquenio, destacando a redución dos anos 2000-2001, cunha variación interanual negativa de -13,97%.

Os sectores primario e da construción acadan variacións medias de -9,03% e de -4,81% respectivamente. En ambos os sectores descenden as ofertas de emprego entre os anos 2000 e 2002, tendo que engadir o tramo 2003-2004 para o segundo deles.

4.4.3.- Perfil básico das ofertas




GRÁFICO 10: Ofertas por sexo segundo o sector económico da provincia.

Na provincia de Ourense, tan só o 23,84% das ofertas xestionadas polo servizo público de emprego recollen como requisito o sexo á hora de acceder a un posto de traballo. Dentro destas ofertas, o 54,58% solicitan un home e o 45,42% restante unha muller.

Continuando a análise dentro deste subconxunto de ofertas, cómpre destacar que o 41,98% demandan mulleres para o sector servicios, sendo polo tanto marxinal a solicitude de mulleres nos outros tres sectores; en cambio, a solicitude de homes é claramente superior no sector da construción e, de xeito menos marcado, no secundario.

Dentro dos servicios, tenden a solicitarse máis homes nas actividades inmobiliarias e servicios ás empresas e transporte e comunicacións, en tanto que se requiren máis mulleres en outros servicios e hostalería.




GRÁFICO 11: Ofertas por nivel académico da provincia.

O 42,38% das ofertas solicitan traballadores cun determinado nivel académico. Dentro destas, un 60,31% requiren posuír o certificado de escolaridade, seguidas a considerable distancia polas que demandan a formación profesional, o 15,61%, e a titulación de ensino obrigatorio, o 11,26%.

As ofertas dirixidas a traballadores que teñen ata certificado de escolaridade concéntranse nas actividades das administracións públicas e construción. Para os traballadores titulados en formación profesional hai un maior número de ofertas no comercio e no transporte e comunicacións. No referente aos que teñen estudos de ensino obrigatorio, as ofertas concéntranse nas administracións públicas e nos servizos á comunidade.

4.4.4.- Análise ocupacional das ofertas

TÁBOA 27.1: Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.

	2000	2001	2002	2003	2004
Axente comercial / Vendedor	1.166	738	514	808	632
Camareiro - Barman	454	464	431	391	502
Empregado/a do fogar	161	216	246	280	332
Albanel	504	289	292	291	310
Dependente en xeral	261	357	241	212	249
Telefonista / Operador de telemárketing	25	3	54	130	211
Administrativo	47	39	86	107	153
Auxiliar administrativo	69	78	146	135	146
Cociñeiro / Grelleiro / Pizzeiro / Pranchista	146	96	80	88	141
Condutor de mercadorías/Condutor de camión en xeral.	131	114	103	150	138

As ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores da provincia de Ourense son as de axente comercial/vendedor, camareiro-barman e empregado/a do fogar. Destas tres ocupacións, a de axente comercial/vendedor experimenta un descenso ao longo destes cinco anos, cunha variación media negativa de -14,2%. As de camareiro-barman e empregado/a do fogar presentan unha tendencia expansiva, sobre todo esta última, cunha variación media do 19,83%. A variación media acadada pola de camareiro-barman é do 2,54%.

En relación co resto de ocupacións, cabe destacar o forte aumento das de telefonista/operador de telemárketing e administrativo, con variacións medias do 70,45% e do 34,32% respectivamente, as dúas cun forte aumento nos dous últimos anos. As únicas que manifestan un descenso en termos absolutos neste período son as de albanel, dependente e cociñeiro/grelleiro/pizzeiro/pranchista.

TÁBOA 27.2: Ocupacións máis ofertadas nas oficinas de emprego.

	2000	2001	2002	2003	2004
Albanel	400	383	365	428	464
Traballador retén incendios forestais	96	96	199	162	300
Peón da construción de edificios	523	330	312	269	271
Técnico de protección civil	202	200	227	256	233
Asistente domiciliario (auxiliar axuda domicilio)	203	206	159	208	231
Peón de obras públicas, en xeral	300	424	354	288	183
Camareiro, en xeral	127	148	148	152	156
Médico especialista	0	0	34	120	122
Peón da ind. manufactureira, en xeral	122	113	224	173	101
Empregado administrativo, en xeral	73	103	124	114	92

As ocupacións de albanel, traballador retén incendios forestais e peón da construción de edificios son as máis ofertadas polas oficinas de emprego do servizo público de emprego. As dúas primeiras ocupacións incrementan o seu número de ofertas nestes cinco anos, acadando variacións medias do 3,78% e do 32,96%.

Pola contra, o número de ofertas da ocupación de peón da construción de edificios diminúe considerablemente, dividíndose case pola metade e obtendo unha variación media de -15,16%.

Entre as ocupacións restantes, as de peón de obras públicas e peón da industria manufactureira ven reducidas o número de ofertas, con variacións medias negativas de -11,62% e de -4,61%.

4.5.- CONTRATOS

4.5.1.- Número de contratos no ámbito provincial

TÁBOA 28: Número de contratos na provincia e nas comarcas. Ano 2004.

	Nº
A Limia	2.060
Allariz-Maceda	1.304
Baixa Limia	608
O Carballiño	2.713
O Ribeiro	1.993
Ourense	35.141
Terra de Caldelas	223
Terra de Celanova	1.317
Terra de Trives	560
Valdeorras	4.684
Verín	4.027
Viana	643
TOTAL PROVINCIA	55.273
TOTAL COMUNIDADE	733.011

Na provincia de Ourense asináronse no ano 2004 un total de 55.273 contratos laborais, que representan o 7,54% dos realizados na Comunidade galega.

A comarca de Ourense é a que presenta un maior volume contractual, xestionándose nela o 63,58% das contratacións. A considerable distancia sitúanse as de Valdeorras, co 8,47%, e Verín, co 7,29%. O 20,66% dos contratos restantes distribúense entre as outras nove comarcas.

TÁBOA 29: Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
A Limia	2.063	1.985	1.872	1.815	2.060
Allariz-Maceda	1.172	1.430	1.240	1.157	1.304
Baixa Limia	682	611	619	676	608
O Carballiño	2.468	2.145	2.125	2.392	2.713
O Ribeiro	1.826	1.511	1.636	1.609	1.993
Ourense	29.334	30.375	31.259	31.532	35.141
Terra de Caldelas	300	240	243	221	223
Terra de Celanova	1.438	1.388	1.420	1.357	1.317
Terra de Trives	620	591	412	493	560
Valdeorras	4.863	4.830	4.831	5.100	4.684
Verín	2.841	2.799	3.103	3.766	4.027
Viana	725	702	607	469	643
TOTAL PROVINCIA*	48.332	48.607	49.367	50.587	55.273
TOTAL COMUNIDADE	676.737	679.803	681.853	714.881	733.011

A contratación na provincia de Ourense aumenta nestes cinco anos, cunha variación media do 3,41%. Comparativamente, o ritmo de crecemento é moi semellante ao rexistrado en Galicia, que obtén unha variación media do 2,02%. A pauta evolutiva de ambos os territorios é moi semellante, dado que nos dous primeiros intervalos do período, o crecemento é lento, incrementándose levemente nos dous últimos.

* Por un cambio metodolóxico na extracción da información das bases de datos, existe unha pequena diferenza entre os valores dos anos 2000 ao 2002, apenas un 0,6%, subsanada nos anos posteriores, con respecto aos datos que proporciona o Servizo Público de emprego estatal (INEM) na súa web.

Só en cinco das doce comarcas da provincia hai un aumento do número de contratos. En concreto son Verín, Ourense, Allariz-Maceda, O Carballiño e O Ribeiro as que teñen esta evolución positiva.

En relación á comarca con maior número de contratos, Ourense, é destacable o aumento acontecido no último ano, moito maior que o de anos anteriores, o que incide na variación media final de 4,62%.

4.5.2.- Contratación provincial segundo o sexo e a idade

	Nº CONTRATOS		Total
	Homes	Mulleres	
Menos de 26 anos	10.684	7.904	18.588
De 26 a 35 anos	9.371	8.717	18.088
De 36 a 45 anos	5.605	5.099	10.704
De 46 a 55 anos	3.619	2.284	5.903
De 56 e máis anos	1.470	520	1.990
TOTAL PROVINCIA	30.749	24.524	55.273
TOTAL COMUNIDADE	395.307	337.704	733.011

TÁBOA 30: Distribución da contratación provincial segundo o sexo e a idade. Ano 2004.

A distribución dos contratos segundo o sexo amosa unha repartición desigual entre homes e mulleres, agrupándose entre os primeiros o 55,63% das contratacións. A escala autonómica dáse unha realidade case idéntica, repartíndose entre os homes o 53,93% dos contratos.

A contratación sitúase na súa maioría nos grupos de idade máis novos, nos menores de 36 anos, que son os tramos máis numerosos, e reúnen o 66,35% dos contratos. Tanto nos homes como nas mulleres estes dous intervalos son os máis significativos, sinalando tan só neste punto que en todos os grupos de idade, a presenza da contratación masculina é superior á feminina.


	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Homes	30.589	29.248	28.786	28.784	30.749
Mulleres	17.743	19.359	20.581	21.803	24.524
TOTAL CONTRATOS	48.332	48.607	49.367	50.587	55.273

TÁBOA 31: Evolución do número de contratos da provincia segundo o sexo. Período 2000-2004.

A evolución dos contratos segundo o sexo presenta unha tendencia ao crecemento no caso das mulleres, mentres que nos homes hai un crecemento moi leve. Así, os contratos masculinos tan só aumentan entre os anos 2003 e 2004, presentando finalmente unha variación media do 0,13%.

Pola contra, os contratos femininos acadan unha variación media do 8,43%, rexistrada tras un aumento continuo ao longo do período, tendo que destacar a variación interanual do intervalo 2003-2004 do 12,48%.

GRÁFICO 12: Evolución da distribución da contratación provincial segundo o sexo. Período 2000-2004. Valores proporcionais.



As diferenzas na evolución da contratación masculina e feminina reflíctense na distribución dos contratos nos diferentes anos. Así, pódese observar graficamente que ao longo do quinquenio o peso relativo dos contratos masculinos descende ano a ano, mentres que nos femininos se dá a tendencia contraria. Deste xeito, se no ano 2000 a diferenza porcentual era de 26,58 puntos a prol da contratación masculina, no 2004 redúcese ata os 11,26 puntos.

TÁBOA 32: Evolución do número de contratos da provincia segundo a idade. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Menor de 26 anos	17.731	17.584	17.696	17.570	18.588
De 26 a 35 anos	15.215	15.318	16.016	16.498	18.088
De 36 a 45 anos	8.717	8.942	9.032	9.604	10.704
De 46 a 55 anos	5.027	5.169	4.974	5.251	5.903
De 56 e máis anos	1.642	1.594	1.649	1.664	1.990
TOTAL CONTRATOS	48.332	48.607	49.367	50.587	55.273

Tendo en conta a idade, a evolución dos contratos entre os anos 2000 e 2004 presenta unha tendencia expansiva para todos os grupos. O crecemento é continuo para os grupos de entre 26 e 35 anos e de entre 36 e 45 anos, que rexistran variacións medias do 4,42% e do 5,27% respectivamente.

Nos menores de 26 anos prodúcese dúas pequenas reducións en termos absolutos, entre os anos 2000-2001 e 2002-2003, acadando finalmente unha variación media do 1,19%. Nos tramos de idade máis avanzados tamén se producen diminucións, no 2001-2002 para os de 46 a 55 anos e no 2000-2001 para os maiores de 55; as variacións medias finais para estes grupos son do 4,1% e do 4,92% respectivamente.

4.5.3.- Contratación provincial segundo os sectores económicos

TÁBOA 33: Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos. Ano 2004.

	N.º
SECTOR PRIMARIO	1.276
Agricultura e pesca	1.276
SECTOR SECUNDARIO	7.405
Industria e electricidade	7.405
SECTOR CONSTRUCCIÓN	8.139
Construción	8.139
SECTOR SERVIZOS	38.453
Comercio e hostalería	11.947
Transporte e comunicacións	2.315
Outros servizos	24.191
TOTAL CONTRATOS	55.273

O sector servizos engloba no ano 2004 a maioría dos contratos realizados na provincia de Ourense, posto que no seu marco se rexistran case sete de cada dez, en concreto o 69,57%. Dentro deste, destacan os subsectores de outros servizos, co 43,77%, e comercio e hostalería, co 21,61%.

O segundo sector en orde de importancia é o da construción, co 14,73% da contratación, seguido polo secundario, co 13,4%.




GRÁFICO 13: Distribución porcentual da contratación na industria.

Máis da metade da contratación da industria aparece nas actividades de outras industrias, o 36%, e téxtil e confección, o 20%. Nun segundo plano sitúanse as de alimentación, o 12%, e fabricación de produtos minerais non metálicos, o 10%.




GRÁFICO 14: Distribución porcentual da contratación nos servizos.

O 30% dos contratos dos servizos realizáronse nas actividades inmobiliarias e servizos a empresas. O 17% derivan do comercio e o 24%, de forma conxunta, da hostalería e servizos á comunidade.

TÁBOA 34: Distribución da contratación provincial segundo os sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2004.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
SECTOR PRIMARIO	923	353	244	373	307	253	99
Agricultura e pesca	923	353	244	373	307	253	99
SECTOR SECUNDARIO	4.696	2.709	2.501	2.522	1.495	723	164
Industria e electricidade	4.696	2.709	2.501	2.522	1.495	723	164
SECTOR CONSTRUCCIÓN	7.595	544	2.221	2.229	1.829	1.330	530
Construción	7.595	544	2.221	2.229	1.829	1.330	530
SECTOR SERVIZOS	17.535	20.918	13.622	12.964	7.073	3.597	1.197
Comercio e hostalería	4.714	7.233	4.954	3.890	1.946	923	234
Transporte e comunicacións	1.557	758	411	821	683	302	98
Outros servizos	11.264	12.927	8.257	8.253	4.444	2.372	865
TOTAL CONTRATOS	30.749	24.524	18.588	18.088	10.704	5.903	1.990

A contratación feminina concéntrase dun xeito moi marcado no sector servizos, supoñendo o 37,84% dos contratos. Destaca pola súa presenza neste sector o subsector de outros servizos, co 23,39%. A considerable distancia do sector servizos, sitúase a contratación no sector secundario, co 4,9%. Os contratos realizados entre os homes no sector servizos supoñen o 31,72% da contratación, sendo destacable o subsector de outros servizos, co 20,38%. A diferenza de na contratación feminina, no colectivo masculino hai unha maior presenza nos sectores da construción, co 13,74%, e no secundario, co 8,5%.

Observando a distribución segundo os tramos de idade, ponse de manifesto novamente que o sector servizos é predominante en todos os intervalos, acadando o volume máis elevado nos menores de 36 anos, onde se concentran case a metade das contratacións provinciais. O sector da construción é o segundo máis significativo nos que teñen máis de 36 anos, mentres que o secundario ocupa ese lugar nas idades máis novas. No referente aos subsectores, o de outros servizos é o máis numeroso en todos os grupos de idade.

TÁBOA 35: Evolución da contratación provincial segundo os sectores e subsectores económicos. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	1.517	1.365	1.111	1.344	1.276
Agricultura e pesca	1.517	1.365	1.111	1.344	1.276
SECTOR SECUNDARIO	9.606	8.913	8.320	8.009	7.405
Industria e electricidade	9.606	8.913	8.320	8.009	7.405
S. CONSTRUCCIÓN	8.314	8.139	8.027	8.033	8.139
Construción	8.314	8.139	8.027	8.033	8.139
SECTOR SERVIZOS	28.895	30.190	31.909	33.201	38.453
Comercio e hostalería	9.643	9.655	10.664	10.936	11.947
Transporte e comunicacións	1.404	1.354	1.346	1.402	2.315
Outros servizos	17.848	19.181	19.899	20.863	24.191
TOTAL CONTRATOS	48.332	48.607	49.367	50.587	55.273

No conxunto do período, o sector servizos é o único onde as contratacións se incrementan, acadando unha variación media do 7,41%. Neste sector produtivo, os contratos medran de forma constante durante estes cinco anos, sobre todo no intervalo 2003-2004, no que a variación interanual ascende ao 15,82%. Este crecemento sectorial está sustentado sobre todo nos subsectores de outros servizos e comercio e hostalería, con variacións medias respectivas do 7,9% e do 5,5%.

O maior decrecemento en termos absolutos dáse no sector secundario, que obtén unha variación media negativa de -6,3% e rexistra un descenso conti-

nuado no transcurso deste quinquenio. O sector primario presenta unha variación media negativa de -4,23%, incrementándose as contratacións tan só entre os anos 2002 e 2003, cunha variación interanual do 20,97%.

Finalmente, o sector da construción, cunha variación media de -0,53%, sofre unha leve diminución dos contratos en termos absolutos, a pesar dos ascensos dos dous últimos anos.

4.5.4.- Tipoloxía da contratación laboral




GRÁFICO 15: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2004.

Sete de cada dez contratos da provincia de Ourense son temporais a tempo completo. O 19% son temporais a tempo parcial, seguidos polos de prácticas/formación e polos indefinidos a tempo completo, que representan cada un deles o 4% do total.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	1.230	1.060	440	786	474	433	157
Indefinido tempo parcial	153	382	145	176	116	71	27
Temporal	23.463	15.263	11.973	13.310	7.869	4.163	1.411
Temporal tempo parcial	3.679	6.851	4.252	3.271	1.913	867	227
Prácticas/Formación	1.409	873	1.699	262	143	109	69
Outros	815	95	79	283	189	260	99
TOTAL CONTRATOS	30.749	24.524	18.588	18.088	10.704	5.903	1.990

TÁBOA 36: Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2004.

A contratación temporal a tempo completo destaca tanto en homes como en mulleres, así como en todos os segmentos de idade. A contratación masculina é prioritaria en todas as modalidades, coa excepción da contratación temporal a tempo parcial, na que é superada en 5,73 puntos pola feminina, e a indefinida a tempo parcial.

A contratación temporal entre os menores de 36 anos supón o 45,74% do total dos contratos. A temporal a tempo parcial ten a súa maior presenza entre os menores de 26 anos, o 7,69%, e a indefinida a tempo completo entre os que teñen entre 26 e 35 anos, o 1,42%. Por último, os contratos de prácticas/formación agrúpanse na súa maioría nos menores de 26 anos, o 3,07%.

TÁBOA 37: Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2004.

	PRIMARIO Agr., Gand.	SECUNDARIO Industr. e Electric.	CONSTRUCCIÓN Construc.	Comerc.	SERVIZOS Transp. Outros		Total
Indefinido	62	450	263	911	111	493	1.515
Indefinido tempo parcial	5	40	14	217	31	228	476
Temporal	1.121	6.152	6.912	7.140	1.910	15.491	24.541
Temporal tempo parcial	73	437	373	3.001	253	6.393	9.647
Prácticas/Formación	13	323	563	670	8	705	1.383
Outros	X	X	14	8	X	881	891
TOTAL CONTRATOS	X	X	8.139	11.947	X	24.191	X

Todas as tipoloxías de contratación aparecen na súa maior parte no sector servizos, onde se sitúan o 44,4% de contratos temporais a tempo completo e o 17,45% de temporais a tempo parcial. Esta última categoría é a que ocupa o segundo posto en orde de importancia nos sectores dos servizos e primario, lugar no que se sitúa a de prácticas/formación no da construción e a de indefinido a tempo completo no secundario.

No que respecta aos subsectores, o de outros servizos aglutina a maior parte dos contratos temporais a tempo completo, o 28,03%, e dos temporais a tempo parcial, o 11,57%.

TÁBOA 38: Evolución da contratación provincial segundo a tipoloxía de contratos. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Indefinido	3.008	2.627	2.239	2.067	2.290
Indefinido tempo parcial	560	425	562	518	535
Temporal	33.165	34.210	34.645	36.259	38.726
Temporal tempo parcial	8.035	7.959	8.709	8.316	10.530
Prácticas/Formación	2.012	1.985	2.284	2.502	2.282
Outros	1.552	1.401	928	925	910
TOTAL CONTRATOS	48.332	48.607	49.367	50.587	55.273

No período comprendido entre os anos 2000 e 2004, a evolución das diferentes tipoloxías de contratación presenta diferenzas importantes. Deste xeito, en tres delas os contratos redúcense, que son as indefinidas a tempo completo e parcial e a da denominación outros. As variacións medias obtidas neste quinquenio son de -6,59% para a contratación indefinida a tempo completo, de -1,14% para a indefinida a tempo parcial e de -12,49% para a tipoloxía de outros.

Os contratos temporais a tempo completo son os que manifestan unha maior subida en termos absolutos, cunha variación media do 3,95%. Neste caso, os contratos incrementáanse de forma constante ao longo do período, cousa que non sucede cos temporais a tempo parcial e os de prácticas/formación, que acadan variacións medias do 6,99% e do 3,2% respectivamente, a pesar de reducirse ambos en dous intervalos ao longo destes cinco anos. Os contratos temporais a tempo parcial descenden nos intervalos 2000-2001 e 2002-2003, e os de prácticas/formación nos intervalos inicial e final do período.

4.5.5.- Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

	CONTRATOS Nº	V. MEDIA 00-04
1. Dirección de empresas e administracións públicas	143	1,64
HOMES	91	3,27
MULLERES	52	-0,94
2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais	4.123	1,10
HOMES	2.173	3,32
MULLERES	1.950	-1,11
3. Técnicos e profesionais de apoio	2.817	3,11
HOMES	1.407	4,17
MULLERES	1.410	2,11
4. Empregados de tipo administrativo	4.941	6,36
HOMES	1.338	6,35
MULLERES	3.603	6,36
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	13.510	4,75
HOMES	4.483	7,64
MULLERES	9.027	3,45
6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca	762	-5,76
HOMES	479	-7,67
MULLERES	283	-2,01
7. Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería	7.333	0,98
HOMES	6.692	0,70
MULLERES	641	4,19
8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	5.979	-0,93
HOMES	4.581	-0,31
MULLERES	1.398	-2,84
9. Traballadores non cualificados	15.665	1,59
HOMES	9.505	0,25
MULLERES	6.160	3,85
TOTAL CONTRATOS	55.273	2,24
TOTAL HOMES	30.749	1,66
TOTAL MULLERES	24.524	2,98

TÁBOA 39: Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2004.

No ano 2004, na provincia de Ourense, os grandes grupos de ocupación cun maior volume de contratación son os seguintes:

- Traballadores non cualificados: 28,34%.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio: 24,44%.
- Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería: 13,27%.
- Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores: 10,82%.

Segundo o xénero dos contratados, os grupos de ocupación máis significativos son os seguintes:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
• Traballadores non cualificados: 17,2%. • Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería: 12,11%. • Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores: 8,29%.	• Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio: 16,33%. • Traballadoras non cualificadas: 11,14%. • Empregadas de tipo administrativo: 6,52%.

Só en tres grandes grupos de ocupación predomina a contratación feminina sobre a masculina, a saber:

- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio: o 16,33% de contratos femininos fronte ao 8,11% de masculinos.
- Empregadas de tipo administrativo; o 6,52% fronte ao 2,42%.
- Técnicos e profesionais de apoio: onde hai tres contratos femininos máis.

4.5.6.- Ocupacións máis contratadas

TÁBOA 40: As dez ocupacións máis contratadas na provincia. Ano 2004.

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL	HOMES	MULLERES	RATIO MASCUL. ¹
50200018	Camareiro, en xeral	4.240	2.233	2.007	52,67
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	2.969	2.131	838	71,78
71100016	Albanel	2.210	2.146	64	97,10
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	2.194	197	1.997	8,98
42100010	Empregado administrativo, en xeral	2.153	546	1.607	25,36
96020014	Peón da construción de edificios	2.097	2.066	31	98,52
53300010	Dependente de comercio, en xeral	1.819	307	1.512	16,88
86300016	Condutor de camión, en xeral	1.546	1.521	25	98,38
51110066	Auxiliar de clínica	1.133	57	1.076	5,03
25130104	Músico instrumentista, en xeral	1.074	933	141	86,87
TOTAL CONTRATOS		21.435	12.137	9.298	56,62

(1) *Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes / N.º total de contratos) x 100*

O 38,78% dos contratos realizados na provincia de Ourense asínanse entre as dez ocupacións máis contratadas. Dentro destas destacan as de camareiro, o 7,67%; peón da industria manufactureira, o 5,37%, e albanel, o 4%.

Dentro do colectivo masculino as máis contratadas son as de camareiro, o 7,26% dos contratos masculinos; albanel, o 6,98%; e peón da industria manufactureira, o 6,93%. Nos contratos femininos destacan as ocupacións de camareira, o 8,18% dos contratos femininos; muller/mozo de limpeza, o 8,14%; e empregada administrativa, o 6,55%.

A presenza da contratación masculina é lixeiramente superior á feminina, aínda que non existe unha gran desigualdade neste caso, tal e como vén establecido polo ratio de masculinidade do 56,62%. Sobresaen polo alto nivel de contratación masculina as de peón da construción de edificios, condutor de camión e albanel. Pola contra, teñen un perfil marcadamente feminino as contratacións de auxiliar de clínica, muller/mozo de limpeza e dependenta de comercio.

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	Nº CONTRATOS				
		2000	2001	2002	2003	2004
50200018	Camareiro, en xeral	2.359	2.296	2.900	3.001	4.240
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	2.713	3.116	3.425	3.685	2.969
71100016	Albanel	2.331	2.190	2.221	2.287	2.210
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	2.148	1.719	1.723	1.684	2.194
42100010	Empregado administrativo, en xeral	2.759	2.586	2.419	2.249	2.153
96020014	Peón da construción de edificios	2.614	2.602	2.236	2.253	2.097
53300010	Dependente de comercio, en xeral	1.621	1.576	1.775	1.981	1.819
86300016	Conductor de camión, en xeral	1.349	1.623	1.457	1.554	1.546
51110066	Auxiliar de clínica	355	384	446	879	1.133
25130104	Músico instrumentista, en xeral	889	958	811	987	1.074
50100017	Cociñeiro, en xeral	741	920	1.021	969	992
98000050	Mozo carga/descarga, almacén	985	1.162	953	867	975
94400012	Peón forestal	1.291	1.092	781	863	880

TÁBOA 41: Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 2000 e 2004.

A ocupación de camareiro rexistra un importante crecemento da contratación, sobre todo en 2001 e 2004, acadando finalmente unha variación media do 15,79%. Na ocupación de peón da industria manufactureira o aumento é moito menor, cunha variación media do 2,28%, debido sobre todo ao descenso producido no último ano.

As ocupacións de albanel, empregado administrativo e peón da construción de edificios sofren un descenso da contratación durante este período; finalmente acadan variacións medias respectivas de -1,32%, de -6,01% e de -5,36%.

Hai que sinalar que no último ano non figuran dentro da lista das dez ocupacións máis contratadas as ocupacións de cociñeiro, mozo carga/descarga, almacén e peón forestal. As dúas últimas descendentes nos niveis de contratación, ao contrario do que sucede coa primeira.

4.6.- FORMACIÓN PROFESIONAL OCUPACIONAL

TÁBOA 42: Número de alumnos e cursos de formación profesional ocupacional con compromiso de contratación por familia profesional. Ano 2004.

FAMILIA PROFESIONAL	ALUMNOS		CURSOS	
	Nº	% provincia/Galicia	Nº	% provincia/Galicia
Servizos ás empresas	15	7,39	1	10,00
Fabricación de equipos electromecánicos	16	100,00	1	100,00
Industria pesada e construcións metálicas	82	100,00	6	100,00
Industrias téxtiles	44	47,83	3	50,00
Sanidade	107	66,88	7	70,00
Servizos á comunidade e persoais	20	30,30	1	25,00
TOTAL	284	11,19	19	11,59

A provincia de Ourense concentra o 11,19% dos alumnos de formación profesional ocupacional con compromiso de contratación en Galicia, así como o 11,59% dos cursos levados a cabo.

Este tipo de formación ocupacional rexístrase nesta provincia en gran medida na familia de sanidade, co 37,68% dos alumnos e o 36,84% dos cursos. A familia de industria pesada e construcións metálicas sitúase en cifras non moi distantes, co 28,78% dos alumnos e o 31,58% dos cursos.

En relación novamente coa Comunidade Galega, a provincia de Ourense realiza o único curso da familia de fabricación de equipos electromecánicos e os seis vinculados á de industria pesada e construcións metálicas.

TÁBOA 43: Número de alumnos e cursos de formación profesional ocupacional sen compromiso de contratación por familia profesional. Ano 2004.

FAMILIA PROFESIONAL	ALUMNOS		CURSOS	
	Nº	% provincia/Galicia	Nº	% provincia/Galicia
Agraria	167	13,81	10	14,29
Administración e oficinas	594	17,47	36	17,91
Artesanía	74	16,82	5	17,86
Automoción	82	12,58	5	11,90
Comercio	405	33,98	26	35,62
Docencia e investigación	145	9,80	11	18,03
Servizos ás empresas	1.729	13,31	109	13,85
Edificación e obras públicas	332	14,70	21	16,03
Formación complementaria	15	11,45	1	11,11
Fabricación de equipos electromecánicos	97	17,70	7	20,59
Industrias alimentarias	149	29,27	9	30,00
Información e manifestacións artísticas	15	4,49	1	6,67
Industria pesada e construcións metálicas	74	11,42	5	12,20
Industrias téxtiles	15	2,54	1	2,94
Industrias da madeira e a cortiza	30	5,78	2	6,45
Minería e primeiras transformacións	59	100,00	4	100,00
Montaxe e instalación	76	10,53	5	12,82
Mantemento e reparación	14	3,38	1	4,17
Produc., transf. e distribuc. de enerxía e auga	33	21,02	2	20,00
Sanidade	471	23,22	27	22,31
Seguros e finanzas	362	27,18	23	28,75
Servizos á comunidade e persoais	604	27,12	34	25,19
Transportes e comunicacións	61	6,29	4	6,67
Turismo e hostalería	261	19,04	16	19,51
TOTAL	5.864	16,14	365	16,98

O 16,14% dos alumnos dos cursos de formación profesional ocupacional sen compromiso de contratación de Galicia reúnen na provincia de Ourense, na que se imparten o 16,98% dos cursos.

A maior parte desta formación rexístrase na familia de servizos ás empresas, co 29,48% de alumnos e o 29,86% de cursos. A continuación, con cifras máis modestas, sitúase a familia de servizos á comunidade e persoais, co 10,3% dos alumnos e o 9,32% dos cursos, seguida da de administración e oficinas, que engloba o 10,13% dos alumnos e o 9,86% dos cursos.

Na provincia de Ourense intégranse todos os alumnos e cursos de Galicia da familia de minería e primeiras transformacións. Destacan tamén, no seu peso relativo en relación coa Comunidade, as familias de comercio, co 33,98% de alumnos e o 35,62% de cursos e industrias alimentarias, co 29,27% de alumnos e o 30% de cursos.

4.7.- CONCLUSIONES

- Durante o período 1999-2004, o aumento da poboación ocupada da provincia de Ourense estivo acompañado polo descenso da poboación parada.
- O colectivo feminino segue tendo unha taxa de paro máis elevada que o masculino, aínda que a distancia porcentual entre ambos se reduce entre os anos 1999 e 2004. No que respecta á poboación ocupada, a taxa de ocupación é maior entre os homes, aínda que en ambos os colectivos se incrementa no transcurso destes anos.
- O sector produtivo cun maior nivel de poboación ocupada é o dos servizos, seguido a considerable distancia polo secundario. Todos os sectores, a excepción do primario, experimentan un incremento na poboación ocupada no intervalo temporal analizado.
- Do mesmo xeito que sucede a escala autonómica, o sector servizos agrupa a maioría das empresas, traballadores por conta allea e autónomos.
- No período comprendido entre os anos 2000 e 2004 rexistrouse a escala provincial un aumento do número de empresas, traballadores e autónomos. En termos relativos, os traballadores autónomos manifestan a maior subida.
- O sectores dos servizos e da construción teñen un crecemento tanto en número de empresas como de traballadores e autónomos. Pola contra, no sector primario decrecen as empresas e os traballadores por conta allea, mentres que no secundario diminúen as empresas e os traballadores autónomos.
- A provincia de Ourense sitúase no terceiro lugar en Galicia en canto a número de demandantes, supoñendo estes o 12,34% do total. Dentro da provincia, as comarcas cun maior volume de demandantes son as de Ourense, onde se concentran case a metade, seguida a distancia polas de Verín, O Carballiño, Valdeorras e A Limia.
- Tanto entre os parados como entre os non parados, predominan as mulleres sobre os homes. En canto ao perfil de idade, os demandantes máis significativos son os comprendidos entre os 26 e 35 anos, que representan case a cuarta parte do total, seguidos a curta distancia polos de entre 36 e 45 anos. A caracterización do demandante provincial segundo o sexo e a idade é similar á existente a escala autonómico.
- Do mesmo xeito que sucede no conxunto de Galicia, os demandantes parados con emprego anterior son os máis numerosos, representando a máis da metade do total. A continuación, a considerable distancia, sitúanse os non parados con emprego anterior. No que respecta ao nivel académico, case sete de cada dez teñen ata a ensinanza obrigatoria ou non chegaron a acadar este nivel.
- No relativo ao tempo de busca de emprego, os demandantes provinciais que levan buscando menos de seis meses e máis dun ano están practicamente igualados, representando o 42,96% e o 43,21% do total respectivamente. Esta situación diverxe con respecto á da Comunidade galega, posto que neste territorio case a metade son parados de menos de seis meses.
- Máis da metade dos demandantes da provincia proceden do sector servizos, seguido dos que derivan do secundario. Dentro dos servizos, as actividades máis importantes son as de comercio e actividades inmobiliarias e servizos a empresas. Na industria, as máis representativas son as de outras industrias e téxtil e confección.
- A ocupación máis demandada na provincia de Ourense é a de muller/mozo limpeza, mentres que na Comunidade este posto aparece ocupado por dependente de comercio.

- Na provincia de Ourense xestionáronse o 13,43% das ofertas realizadas en Galicia no ano 2004. Máis de seis de cada dez destas ofertas sitúanse na comarca de Ourense.
- Tanto a nivel provincial como autonómico, entre os anos 2000 e 2004, dáse un descenso das ofertas de emprego, aínda que o ritmo de decrecemento é maior na provincia.
- Algo máis de sete de cada dez ofertas de emprego proceden do sector servizos. A comarca de Ourense concentra a maioría destas ofertas, así como as dos sectores secundario e da construción, e a maior parte das do primario.
- Entre os anos 2000 e 2004, produciuse un descenso do número de ofertas en todos os sectores produtivos, rexistrando o maior descenso cuantitativo o dos servizos.
- Dentro da industria, as actividades cun maior número de ofertas son as de outras industrias e téxtil e confección. Nos servizos destacan as actividades das administracións públicas e actividades inmobiliarias e servizos a empresas.
- Tan só o 23,84% das ofertas realizadas no ano 2004 solicitaban traballadores segundo o sexo, existindo unha maior demanda de homes. En cambio, o 42,38% requiren traballadores cun determinado nivel académico, cunha forte presenza das que piden o certificado de escolaridade.
- As ocupacións máis ofertadas polos centros colaboradores son as de axente comercial/vendedor e camareiro-barman. Mentres a primeira presenta unha evolución negativa ao longo dos cinco anos analizados, na segunda increméntase o número de ofertas. Nas oficinas de emprego do servizo galego de colocación, as máis ofertadas son as de albanel e traballador retén incendios forestais. Ambas as ocupacións rexistran neste caso unha tendencia positiva no transcurso do período.
- O 7,54% dos contratos realizados en Galicia no ano 2004 asináronse na provincia de Ourense. Dentro desta, a comarca cunha maior representatividade é a de Ourense, onde se xestionan algo máis de seis de cada dez contratos provinciais. A considerable distancia sitúanse as de Valdeorras e Verín.
- A contratación increméntase na provincia levemente ao longo deste quinquenio, a un ritmo de crecemento algo maior ao rexistrado na Comunidade.
- A contratación masculina predomina sobre a feminina no conxunto da provincia, situación similar á que se produce no ámbito autonómico. No caso das mulleres, a evolución da contratación entre os anos 2000 e 2004 presenta unha tendencia positiva, mentres que entre os homes o crecemento é moito menor, polo que a diferenza entre os dous colectivos se reduce considerablemente nestes cinco anos.
- Case sete de cada dez contratos están rexistrados nos menores de 36 anos, tendendo a reducirse segundo aumenta a idade. Entre os anos 2000 e 2004, todos os tramos de idade experimentan un crecemento do número de contratos.
- No sector servizos agrúpanse case sete de cada dez contratos provinciais; destacan as actividades inmobiliarias e servizos a empresas e comercio. O segundo sector en orde de importancia é o da construción, seguido do secundario. Dentro da industria, as actividades cun maior volume de contratación son as de outras industrias e téxtil e confección.
- Tanto no colectivo masculino como no feminino, así como en todos os intervalos de idade, a contratación tende a concentrarse maioritariamente no sector servizos. En todo o período analizado, este sector é o único no que as contratacións se incrementan, reducíndose nos restantes, en maior medida no secundario.
- Case nove de cada dez contratos da provincia de Ourense son temporais, sendo sete de cada dez a tempo completo, e case dous de cada dez a tempo parcial. O


primeiro tipo de contratación predomina claramente en todas as idades e sectores produtivos, e tanto no colectivo masculino como no feminino. A contratación temporal a tempo parcial é máis frecuente entre as mulleres que entre os homes.

- A contratación temporal, tanto a tempo completo como parcial, aumenta no período 2000-2004, asemade que se incrementan levemente as categorías de prácticas/formación e descenden os indefinidos a tempo completo.
- Os grandes grupos de contratación que predominan na provincia son os traballadores non cualificados e os traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio. Mentres entre os homes predomina a contratación no primeiro grupo, nas mulleres é máis representativa a do segundo.
- As ocupacións máis contratadas na provincia son as de camareiro e peón da industria manufactureira. A primeira delas predomina en ambos os sexos, mentres que a segunda é máis significativa entre os homes.
- Dentro da formación profesional ocupacional con compromiso de contratación destaca a impartida dentro da familia de sanidade e industria pesada e construcións metálicas.
- En canto á formación ocupacional sen compromiso de contratación, na provincia de Ourense teñen maior presenza os cursos vinculados á familia de servizos á empresa, servizos á comunidade e persoais, e administración e oficinas.

Análise do mercado laboral nas comarcas

capítulo

5



Comarca da Limia



5.1.- TECIDO EMPRESARIAL

5.1.1.- Tecido empresarial comarcal. Situación actual

SECTORES	EMPRESAS		TRABALLADORES		AUTÓNOMOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
SECTOR PRIMARIO	65	8,64	1.030	30,77	198	14,56
Agricultura e pesca	65	8,64	1.030	30,77	198	14,56
SECTOR SECUNDARIO	109	14,49	571	17,06	145	10,66
Industria e electricidade	109	14,49	571	17,06	145	10,66
SECTOR CONSTRUCCIÓN	173	23,01	498	14,88	327	24,04
Construcción	173	23,01	498	14,88	327	24,04
SECTOR SERVIZOS	405	53,86	1.248	37,29	690	50,74
Comercio e hostalería	229	30,45	570	17,03	497	36,54
Transporte e comunicacións	33	4,39	91	2,72	65	4,78
Outros servizos	143	19,02	587	17,54	128	9,41
TOTAL	752	100,00	3.347	100,00	1.360	100,00

TÁBOA 1: Número de empresas, traballadores e autónomos.

O tecido empresarial da Limia no ano 2004 vén marcado polo predominio do sector servizos, tanto no referido ás empresas como aos traballadores por conta allea e autónomos.

Algo máis da metade das empresas, o 53,86%, encádranse dentro do sector servizos, seguido a considerable distancia polo da construción, co 23,01%. No referente aos subsectores dos servizos, o de comercio e hostalería é o máis representativo, co 30,45% das empresas, situándose a continuación o de outros servizos, co 19,02%.

Do mesmo xeito que no caso das empresas, os traballadores por conta allea agrúpanse na súa maior parte no sector servizos, que representa o 37,29% do total. A continuación en nivel de importancia atópase o sector primario, co 30,77%, que ve incrementada notablemente a súa presenza en relación co número de empresas. Dentro dos servizos destacan outros servizos, co 17,54%, e comercio e hostalería, co 17,03%.

Os autónomos distribúense de novo de forma maioritaria dentro dos servizos, onde se inclúen o 50,74% do total; a construción aparece en segundo lugar, co 24,04%. No ámbito subsectorial cómpre sinalar o forte peso do subsector de comercio e hostalería, que agrupa o 36,54% dos autónomos.

5.1.2.- Evolución anual

TÁBOA 2: Evolución do número de empresas.
Período 2000-2004.

	EMPRESAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	43	50	56	50	65
Agricultura e pesca	43	50	56	50	65
SECTOR SECUNDARIO	113	108	107	111	109
Industria e electricidade	113	108	107	111	109
SECTOR CONSTRUCCIÓN	157	160	162	161	173
Construción	157	160	162	161	173
SECTOR SERVICIOS	320	345	374	400	405
Comercio e hostalería	188	207	220	230	229
Transporte e comunicacións	23	29	32	34	33
Outros servizos	109	109	122	136	143
TOTAL	633	663	699	722	752

Na evolución das empresas da comarca da Limia no período comprendido entre os anos 2000 e 2004 obsérvase unha tendencia ao crecemento, concretada pola variación media final do 4,40% acadada tras un incremento constante ao longo dos cinco anos.

No sector secundario é no único onde as empresas se reducen en termos absolutos, cunha variación media negativa de -0,9%.

Nos sectores restantes, polo tanto, as empresas increméntanse, obtendo a maior subida relativa o primario, cunha variación media do 10,88%. Neste sector as empresas tan só descenden entre os anos 2002 e 2003, cando rexistran unha variación interanual negativa de -10,71%. Cómpre sinalar tamén o forte crecemento que se produce no período seguinte, no 2003-2004, cunha variación interanual do 30%. O sector da construción presenta unha evolución semellante á descrita para o primario, aínda que as flutuacións neste caso non son tan agudas. Finalmente este sector acada unha variación media do 2,46%.

O sector dos servizos é o que máis medra en números absolutos, cunha variación media do 6,07%. Este sector increméntase de forma continua ao longo do quinquenio, dándose as subidas máis fortes entre os anos 2000 e 2003. No relativo aos subsectores, presentan unha evolución parella á do sector, sendo algo maior o crecemento relativo de outros servizos, cunha variación media do 7,02%.

TÁBOA 3: Evolución do número de traballadores.
Período 2000-2004.

	TRABALLADORES				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	1.073	1.059	1.037	1.049	1.030
Agricultura e pesca	1.073	1.059	1.037	1.049	1.030
SECTOR SECUNDARIO	441	536	558	549	571
Industria e electricidade	441	536	558	549	571
SECTOR CONSTRUCCIÓN	447	461	450	457	498
Construción	447	461	450	457	498
SECTOR SERVICIOS	823	996	1.036	1.157	1.248
Comercio e hostalería	465	487	454	549	570
Transporte e comunicacións	40	53	65	70	91
Outros servizos	318	456	517	538	587
TOTAL	2.784	3.052	3.081	3.212	3.347

A evolución dos traballadores por conta allea da Limia presenta entre os anos 2000 e 2004 unha tendencia positiva, cunha variación media do 4,71%. Ao longo destes cinco anos, os traballadores da comarca aumentan de forma constante, producíndose o maior incremento no intervalo 2000-2001, cunha variación interanual do 9,63%.

O sector primario é o único no que os traballadores se reducen, cunha variación media de -1,02%. O sector da construción acada unha variación media do 2,74%, obtida tras un aumento continuo en todos os intervalos temporais, agás no 2001-2002, cunha variación media negativa do -2,39%.

Os sectores secundario e servizos rexistran a maior subida no intervalo inicial do período, con variacións interanuais do 21,54% e do 21,02% respectivamente. Os traballadores do secundario descenden levemente entre os anos 2002 e 2003, cunha variación de -1,61%, obtendo finalmente unha variación media do 6,67%. No dos servizos non se produce ningunha redución e acada unha variación media do 10,97% e o maior crecemento en termos absolutos do conxunto.

Os subsectores máis representativos de servizos, o de outros servizos e comercio e hostalería, seguen unha liña evolutiva semellante á do sector, con variacións medias finais do 16,56% no primeiro caso e do 5,22% no segundo. Cabe resaltar que no de comercio e hostalería redúcense os traballadores entre os anos 2001 e 2002, -6,78%, ao mesmo tempo que se rexistra o maior aumento entre o 2002 e o 2003, 20,93%.

	AUTÓNOMOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	104	132	159	178	198
Agricultura e pesca	104	132	159	178	198
SECTOR SECUNDARIO	97	104	118	137	145
Industria e electricidade	97	104	118	137	145
SECTOR CONSTRUCCIÓN	225	255	265	293	327
Construción	225	255	265	293	327
SECTOR SERVIZOS	539	576	618	655	690
Comercio e hostalería	416	440	459	485	497
Transporte e comunicacións	45	49	56	62	65
Outros servizos	78	87	103	108	128
TOTAL	965	1.067	1.160	1.263	1.360

TÁBOA 4: Evolución do número de autónomos. Período 2000-2004.

Na evolución dos traballadores autónomos da comarca obsérvase claramente unha tendencia ao crecemento no período analizado. Deste xeito, a variación media obtida para o conxunto dos sectores é do 8,96%, rexistrada tras un crecemento continuo e constante no transcurso destes cinco anos.

En todos os sectores da actividade económica a tendencia é cara ao crecemento, sendo destacable que non se rexistra ningunha variación interanual negativa en todo o quinquenio. O sector secundario é o que presenta o aumento menor en termos absolutos, cunha variación media do 10,57%. No sector primario a variación media é do 17,46%; cómpre sinalar neste caso as fortes subidas que se producen entre os anos 2000 e 2002, con variacións interanuais do 26,92% e do 20,45% respectivamente.

O sector da construción acada unha variación media do 9,8%, mantendo unha liña evolutiva positiva e estable, sen oscilacións destacables. No sector servizos, por último, a variación media é do 6,37% e non presenta tampouco flutuacións importantes. Dentro dos subsectores, o de comercio e hostalería mantense na liña do sector, mentres que o de outros servizos manifesta subidas máis fortes e unha variación media final por encima do sector, 13,18%.

5.2.- DEMANDAS

5.2.1.- Demandantes galegos por concello

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
A Porqueira	53	11	64
Baltar	89	18	107
Calvos de Randín	27	19	46
Os Blancos	68	17	85
Rairiz de Veiga	79	31	110
Sandiás	84	21	105
Sarreaus	87	40	127
Trasmiras	131	42	173
Vilar de Barrio	103	38	141
Vilar de Santos	66	16	82
Xinzo de Limia	683	274	957
TOTAL	1.470	527	1.997

TÁBOA 5: Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.

% comarca/provincia – PARADOS	8,02
% comarca/provincia - NON PARADOS	5,22

Na comarca da Limia recibíronse no ano 2004 un total de 1.997 demandas de emprego. Na súa maioría proceden de demandantes parados, que superan aos non parados en todos os concellos e representan o 73,61% das demandas comarcais.

Case a metade dos demandantes agrúpanse no concello de Xinzo de Limia, que engloba o 47,92% do total. A considerable distancia sitúase Trasmiras, co 8,66%; Vilar de Barrio, co 7,06%; e Sarreaus, co 6,36%. O 30% dos demandantes restantes están concentrados nos outros sete concellos da comarca.

En relación coa provincia, o peso dos demandantes parados é superior ao dos non parados, que representan respectivamente o 8,02% e o 5,22% das demandas provinciais.

5.2.2.- Demandantes parados. Evolución

	2000	2001	2002	2003	2004
Parados comarca	1.511	1.356	1.471	1.485	1.470
Variación interanual %	-	-10,26	8,48	0,95	-1,01
COMARCA/TOTAL PROVINCIA	8,55	8,11	8,08	8,05	8,02

TÁBOA 6: Evolución dos demandantes parados.

Observando a evolución dos demandantes parados da comarca, apréciase unha leve tendencia ao decrecemento no transcurso destes cinco anos. Tal e como se pon de manifesto na táboa anterior, as demandas de emprego redúcense fortemente no ano 2001, onde se acada unha variación interanual negativa do -10,26%. No ano seguinte recupéranse dunha forma considerable, cunha variación interanual do 8,48%, manténdose case estables no intervalo posterior, e pasando a reducirse levemente no último ano do período.

En canto ao peso relativo dos demandantes parados da comarca con respecto á provincia, este segue unha tendencia negativa en todo o quinquenio: redúcese paulatinamente dende o ano 2000 ata o 2004.

5.2.3.- Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

TÁBOA 7: Situación laboral dos demandantes.

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	217	10,87	9,95
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	1.253	62,74	54,54
NON PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	84	4,21	4,96
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	239	11,97	15,09
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	70	3,51	4,80
	En expediente de regulación de emprego	X	0,05	0,32
	Demandantes de mellora de emprego	103	5,16	7,02
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	29	1,45	2,93
	Resto de demandantes	X	0,05	0,39
	TOTAL	X	100,00	100,00

No referido á situación laboral dos demandantes de emprego, o primeiro dato salientable é que máis de seis de cada dez son parados con emprego anterior, en concreto o 62,74%. O segundo colectivo en orde de importancia é o dos non parados sen emprego anterior, o 11,97%, seguido moi de cerca polos parados sen emprego anterior, o 10,87%.

En relación coa provincia de Ourense, a diferenza máis significativa é a redución en 8,2 puntos dos parados con emprego anterior a escala provincial, así como o incremento do peso relativo, tamén na provincia, de 3,12 puntos dos non parados con emprego anterior.

5.2.4.- Demandantes de emprego por sexo e idade

TÁBOA 8.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	64	110	11,84	13,49
26 a 35 anos	83	231	21,36	24,76
36 a 45 anos	89	172	17,76	21,60
46 a 55 anos	147	193	23,13	20,69
56 e máis anos	208	173	25,92	19,46
TOTAL COMARCA	591	879	100,00	8,02
TOTAL PROVINCIA	7.574	10.747	8,02	100,00

A distribución segundo o sexo dos demandantes parados da comarca da Limia amosa unha distribución desigual entre homes e mulleres, posto que as segundas representan o 59,8% destes demandantes. Esta situación é moi semellante á que se rexistra na provincia de Ourense, na que as mulleres formulan o 56,66% das demandas.

No referido á idade, pódese resaltar que o 66,81% dos demandantes parados están por encima dos 35 anos. Analizando os grupos de idade de forma individual, obsérvase que o máis numeroso é o dos maiores de 55 anos, que

representa algo máis da cuarta parte do total, o 25,92%. A continuación sitúase o dos de entre 46 e 55 anos, co 23,13% dos demandantes.

Tendo en conta os intervalos de idade segundo o xénero, a maior porcentaxe de demandantes parados nos homes correspóndese cos maiores de 55 anos, co 14,15%, seguido polos de entre 46 e 55 anos, co 10%. Nas mulleres, o colectivo máis representativo é o de entre 26 e 35 anos, co 15,71%, situándose a continuación o de entre 46 e 55 anos, co 13,13%.

Con respecto á provincia de Ourense, a maior diferenza é que na comarca se aprecia un maior envellecemento dos demandantes, posto que neste territorio, os maiores de 45 anos representan un volume porcentual 8,9 puntos superior ao da provincia. Pola contra, os que teñen menos de 36 anos representan a escala provincial 5,05 puntos máis que na comarca.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	32	54	16,32	19,89
26 a 35 anos	22	84	20,11	24,48
36 a 45 anos	25	59	15,94	19,75
46 a 55 anos	34	90	23,53	17,93
56 e máis anos	58	69	24,10	17,94
TOTAL COMARCA	171	356	100,00	5,22
TOTAL PROVINCIA	3.706	6.383	5,22	100,00

TÁBOA 8.2: Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.


No caso dos demandantes non parados, predomina claramente o colectivo feminino sobre o masculino, posto que engloba o 67,55% do total das demandas. Esta realidade ten unha forte semellanza coa que se dá a escala provincial, onde o peso das mulleres é do 63,27%.

No que atinxe á idade, obsérvase que o 47,63% dos demandantes non parados concéntrase nos intervalos maiores de 45 anos. Tendo en conta a totalidade de demandantes, o grupo cun maior peso relativo é o dos maiores de 55 anos, que achega á mostra o 24,1% do total. Sitúanse a continuación os que teñen entre 46 e 55 anos, o 23,53%.

No cruzamento de idade segundo o xénero, o tramo máis significativo nos demandantes masculinos correspóndese cos que teñen máis de 55 anos, o 11,01%, seguido dos de entre 46 e 55 anos, o 6,45%. Nas mulleres, as máis numerosas son as de 46 a 55 anos, o 17,08%, situándose a continuación as de entre 26 e 35 anos, o 15,94%.

En relación coa provincia de Ourense, preséntase na comarca unha mostra de demandantes parados dunha idade máis avanzada, rexistrando os maiores de 45 anos un peso relativo 11,76 puntos maior a escala comarcal.

GRÁFICO 1: Distribución porcentual do total de demandantes por sexo e grupos de idade.



Tras analizar por separado os colectivos de demandantes parados e non parados, represéntase no gráfico anterior a distribución do total de demandantes comarcais segundo o sexo e a idade. Cómpre sinalar en primeiro lugar que o grupo que achega un maior peso ao conxunto é o dos maiores de 55 anos, que supón máis da cuarta parte das demandas, en concreto o 25,44%. A curta distancia sitúase o de entre 46 e 55 anos, que representa o 23,23% dos demandantes.

Cómpre destacar que na comarca da Limia o tramo de idade menos significativo é o que engloba os demandantes máis novos, que supoñen tan só o 13,02% dos demandantes de emprego.

Nos grupos de idade menores de 56 anos, as demandas femininas superan ás masculinas, mentres que nos maiores de 55 anos predominan as masculinas.

5.2.5.- Demandantes por nivel académico

TÁBOA 9: Distribución dos demandantes parados e non parados por nivel académico.

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Ata certificado de escolaridade*	730	257	987
Titulación de ensinanza obrigatoria	430	122	552
Formación profesional	94	29	123
BUP/Bacharelato superior/COU	101	57	158
Titulados universitarios	82	46	128
Outras titulacións	33	16	49
TOTAL	1.470	527	1.997

* Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade

Segundo a distribución total de demandantes por nivel académico, pódese observar que case a metade destes, o 49,42%, tan só teñen o certificado de escolaridade. A continuación sitúanse os que teñen a ensinanza obrigatoria, o 27,64%, e estudos de bacharelato, o 7,91%.

Analizando de forma individual a distribución relativa dos demandantes parados e non parados, apréciase que en ambos os dous colectivos o grupo máis significativo é o dos que teñen ata certificado de escolaridade, que supoñen o

49,66% entre os parados e o 48,77% entre os non parados. En segundo lugar sitúanse tamén en ambos os colectivos os que acadaron a titulación de ensinanza obrigatoria, co 29,25% entre os parados e o 23,15% entre os non parados.

5.2.6.- Demandantes parados por tempo de busca de emprego

		Menos de 6 meses	De 6 meses a 1 ano	Máis de 1 ano	TOTAL
Menor de 26 anos	Homes	56	4	4	64
	Mulleres	52	26	32	110
26 a 35 anos	Homes	60	11	12	83
	Mulleres	116	38	77	231
36 a 45 anos	Homes	59	14	16	89
	Mulleres	64	25	83	172
46 a 55 anos	Homes	62	15	70	147
	Mulleres	48	19	126	193
Máis de 55 anos	Homes	45	16	147	208
	Mulleres	24	12	137	173
TOTAL COMARCA		586	180	704	1.470
TOTAL PROVINCIA		7.871	2.533	7.917	18.321

TÁBOA 10: Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

Na comarca da Limia, a maior parte dos demandantes parados levan buscando emprego máis dun ano, representando o 47,89% do total. A continuación sitúanse os que levan na procura dun emprego menos de seis meses, que supoñen o 39,86%. Esta situación é moi semellante á da provincia de Ourense, dado que o colectivo con maior significatividade é tamén o dos que levan buscando emprego máis dun ano, o 43,21%, seguido polo dos que levan buscando menos de seis meses, o 42,96%.

Facendo unha análise máis pormenorizada segundo o sexo, denótase que as demandantes mulleres menores de 36 anos tenden ao paro de menos de seis meses, circunstancia que se troca cara o paro de longa duración a partir desa idade. No caso dos homes, dáse esta mesma circunstancia ao chegar aos 46 anos.

Entre os demandantes parados de menos de seis meses, a presenza porcentual dos homes e das mulleres está case igualada. En cambio, o paro de longa duración está integrado maiormente por mulleres, que superan os varóns en 14,02 puntos porcentuais, o 30,95% fronte ao 16,94% dos homes.

5.2.7.- Demandantes por sectores económicos de procedencia

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Sector primario	70	28	98
Sector secundario	200	80	280
Construción	232	44	276
Sector servizos	752	279	1.031
Sen actividade previa	216	96	312
TOTAL	1.470	527	1.997


TÁBOA 11: Demandantes por actividade económica.

Atendendo á actividade económica de procedencia, hai que sinalar que o 51,62% dos demandantes proveñen dos servizos. A considerable distancia

situáanse os pertencentes ao sector secundario, o 14,02%, e os que veñen da construción, o 13,82%.


Tendo en conta os dous colectivos de forma individual, o sector dos servizos segue sendo o máis representativo en ambos, con porcentaxes moi semellantes. Nos parados sitúanse en segundo lugar os que proceden da construción, co 15,78%, mentres que nos non parados este posto aparece ocupado polos que pertencen ao sector secundario, co 15,18%.

GRÁFICO 2: Demandantes parados na industria.



Dentro da industria, cabe destacar que o 66% dos demandantes proceden das actividades de téxtil e confección, alimentación e outras industrias.

GRÁFICO 3: Demandantes parados nos servizos.



O 62% dos demandantes parados nos servizos proveñen das actividades de comercio, administracións públicas, hostalería e actividades inmobiliarias e servizos a empresas.

5.2.8.- As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	215	10,77	9,48
Dependente de comercio, en xeral	125	6,26	8,24
Peón da construción de edificios	120	6,01	3,82
Empregado administrativo, en xeral	98	4,91	8,36
Albanel	61	3,05	2,46
Cociñeiro, en xeral	59	2,95	2,07
Asistente domiciliario (auxiliar axuda domicilio)	58	2,90	0,98
Peón da ind. manufactureira, en xeral	53	2,65	4,58
Operador de máquina ind. coser á plana, ex. pel: calzado	48	2,40	2,17
Camareiro, en xeral	41	2,05	2,88

TÁBOA 12: Ocupacións máis demandadas.

5.2.9.- Perfil tipo dos demandantes de emprego

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parado con emprego anterior	Parado con emprego anterior
Sexo	Muller	Muller
Grupo idade	Maiores de 55 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Ata certificado de escolaridade	Ata certificado de escolaridade
Duración demanda	Máis de 1 ano	Máis de 1 ano
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral

TÁBOA 13: Perfil máis representativo.

5.3.- OFERTAS

5.3.1.- Ofertas no servizo público de emprego galego 2004. Evolución

TÁBOA 14: Número de ofertas por concellos.

	TOTAL OFERTAS
A Porqueira	3
Baltar	7
Calvos de Randín	1
Os Blancos	0
Rairiz de Veiga	5
Sandiás	8
Sarreaus	8
Trasmiras	8
Vilar de Barrio	4
Vilar de Santos	7
Xinzo de Limia	450
TOTAL COMARCA	501

TOTAL OFERTAS PROVINCIA: 11.122

COMARCA/PROVINCIA: 4,50

Na comarca da Limia xestionáronse no ano 2004 un total de 501 ofertas de emprego, que representan o 4,5% das realizadas na provincia de Ourense.

Estas ofertas agrúpanse case na súa totalidade no concello de Xinzo de Limia, que engloba o 89,82% do total. O 10,18% das ofertas restantes repártese entre os outros 9 concellos, dado que no dos Blancos non se rexistra ningunha neste ano 2004.

TÁBOA 15: Evolución das ofertas. Período 2000-2004.

	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
A Porqueira	0	0	2	2	3
Baltar	2	0	0	1	7
Calvos de Randín	4	1	5	2	1
Os Blancos	28	1	1	5	0
Rairiz de Veiga	0	2	1	5	5
Sandiás	1	0	7	3	8
Sarreaus	0	4	5	10	8
Trasmiras	1	1	5	3	8
Vilar de Barrio	1	1	3	4	4
Vilar de Santos	6	7	5	4	7
Xinzo de Limia	554	644	552	524	450
TOTAL COMARCA	597	661	586	563	501
TOTAL PROVINCIA	12.969	11.664	10.871	11.116	11.122

A evolución das ofertas na comarca no período 2000-2004 vén caracterizada polo decrecemento, cunha variación media final negativa de -4,29%. No conxunto da comarca, o único incremento se produce entre os anos 2000 e 2001, cunha variación interanual do 10,72%, rexistrándose unha redución constante nos intervalos restantes. A escala provincial tamén se aprecia unha diminución das ofertas de emprego, aínda que a un ritmo levemente menor que na comarca, obtendo unha variación media negativa de -3,77%.

O concello de Xinzo de Limia marca a pauta da evolución comarcal debido á concentración de gran número de ofertas na localidade. Deste xeito, neste concello as ofertas tamén se incrementan no tramo 2000-2001, cunha varia-

ción interanual do 16,25%, reducíndose nos intervalos restantes. A variación media final para Xinzo de Limia é de -5,07%.

Entre os concellos restantes, cabe destacar o caso do dos Blancos, que no ano 2000, aínda que a moita distancia, era o segundo en orde de importancia despois de Xinzo de Limia, situación que cambiou no ano 2004, pasando a ser o único da comarca no que non se produce ningunha oferta de emprego.




GRÁFICO 4: Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.

Dada a gran concentración de ofertas no concello de Xinzo de Limia, agrúpanse os demais para comparar a súa evolución coa deste. Deste xeito, pódese observar como no ano 2001 se incrementan as ofertas de emprego en Xinzo de Limia, ao mesmo tempo que se reducen no conxunto de concellos. A partir deste ano, en Xinzo de Limia as ofertas sofren un retroceso constante, mentres que no conxunto de concellos aumentan levemente.


5.3.2.- Ofertas segundo os sectores de actividade económica

	PRIMARIO	SECUNDARIO	CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS
A Porqueira	0	0	0	3
Baltar	0	3	0	4
Calvos de Randín	0	0	0	1
Rairiz de Veiga	0	3	0	2
Sandiás	0	0	0	8
Sarreaus	0	0	0	8
Trasmiras	0	0	2	6
Vilar de Barrio	0	0	0	4
Vilar de Santos	2	0	4	1
Xinzo de Limia	14	73	76	287
TOTAL COMARCA	16	79	82	324
TOTAL PROVINCIA	150	953	2.083	7.935

TÁBOA 16: Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos.


Segundo a distribución de ofertas por concellos e sectores económicos, é salientable que no concello de Xinzo de Limia se produce a gran maioría das ofertas de emprego en todos os sectores da actividade produtiva. No que respecta aos sectores restantes, ademais do concello de Xinzo de Limia, recíbense ofertas no primario en Vilar de Santos, no secundario en Baltar e Rairiz de Veiga, e no da construción en Trasmiras e Vilar de Santos, en tanto que nos servizos todos os concellos, salvo Os Blancos, reciben algunha oferta.

GRÁFICO 5: Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.




O 65% das ofertas de emprego da comarca da Limia concéntranse dentro dos servizos. Os sectores secundario e da construción engloban o 16% cada un deles; finalmente, no primario recíbense o 3% das ofertas.

GRÁFICO 6: Distribución porcentual das ofertas na industria.



Dentro da industria, o 55% das ofertas de emprego da Limia proceden das actividades de téxtil e confección e fabricación de produtos minerais non metálicos.

GRÁFICO 7: Distribución porcentual das ofertas nos servizos.



A metade das ofertas rexistradas nos servizos recóllense dentro da actividade das administracións públicas. O 50% restante repártese entre as outras nove actividades, encabezadas polas actividades inmobiliarias e servizos a empresas e hostalería, que recollen de forma conxunta o 20% do total.

	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Primario	13	8	8	15	16
Secundario	59	69	92	68	79
Construción	146	192	129	83	82
Servizos	379	392	357	397	324
TOTAL COMARCA	597	661	586	563	501
TOTAL PROVINCIA	12.969	11.664	10.871	11.116	11.122

TÁBOA 17: Evolución das ofertas por sectores económicos.

No período comprendido entre os anos 2000 e 2004 nos sectores primario e secundario apréciase un incremento das ofertas de emprego, rexistrando variacións medias do 5,33% e do 7,57% respectivamente. Cabe destacar, dentro do sector secundario, as fortes oscilacións que se rexistran nos intervalos intermedios do período, posto que no tramo 2001-2002 a variación interanual é do 33,33%, mentres que entre o 2002 e o 2003 a cifra é negativa, -26,09%.

Os outros dous sectores sofren unha redución, dándose a maior baixada en termos absolutos no da construción, cunha variación media negativa de -13,43%. Neste caso, as ofertas aumentan do forma considerable entre o 2000 e o 2001, cunha variación interanual do 31,51%, e redúcense tamén intensamente a continuación, sendo as variacións interanuais dos dous intervalos posteriores do -32,81% e do -35,66%.

Finalmente, o sector servizos presenta unha variación media negativa do -3,84%. Ao longo do período, os decrecementos neste sector danse entre os anos 2001-2002 e 2003-2004, con variacións interanuais negativas do -8,93% e do -18,39% respectivamente.

5.3.3.- Perfil básico das ofertas

Tan só o 8,98% das ofertas de emprego da Limia recollen a exigencia do sexo para acceder a un posto de traballo. Destas ofertas, o 75,56% solicitan un home, e o 24,44% restante unha muller. Segundo os sectores económicos e dentro deste número reducido de ofertas, na construción só solicitan homes e no dos servizos predomina a solicitude de homes. Porén, dentro das actividades dos servizos, en actividades inmobiliarias predomina a solicitude de homes e en outros servizos a de mulleres.

No que respecta ao nivel de estudos, o 74,75% das ofertas requiren traballadores cun determinado nivel académico, se ben o 94,36% destas ofertas demandan traballadores con certificado de escolaridade. Esta solicitude tende a concentrarse no sector servizos, e máis concretamente na actividade de administracións públicas, sendo marxinal a presenza de niveis de estudos de nivel superior.

5.3.4.- Análise ocupacional das ofertas

TÁBOA 18.1: Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.

	2000	2001	2002	2003	2004
Administrativo	4	2	2	5	7
Auxiliar administrativo	2	1	21	3	7
Auxiliar de clínica / enfermería	0	0	2	1	5
Conductor de mercadorías/Conductor de camión en xeral.	3	4	2	5	5
Telefonista / Operador de telemárketing	0	0	0	0	4
Axente comercial / Vendedor	25	22	9	20	4
Auxiliar de axuda a domicilio/Coidador de anciáns.	0	0	5	2	4
Sen cualificación, acepta empregos en servizos	0	0	0	0	4
Pintor/Colorista	3	5	2	1	3
Dpdo. en maxisterio de educación infantil	0	0	0	0	3
Enx. agrónomo	0	0	0	0	3
Cortador-serrador de lousa.	0	0	0	0	3
Sen cualificación, acepta empregos en medio ambiente	0	0	0	0	3

No ano 2004, as ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores da comarca da Limia foron as de administrativo e auxiliar administrativo. No transcurso destes cinco anos, ambas as ocupacións reflicten un incremento nas ofertas recibidas.

Destaca a forte redución de ofertas da ocupación de axente comercial/vendedor, pasando de ser a máis ofertada en 2000 a ter unha menor presenza ao final do período, cunha variación media de -36,75%.

TÁBOA 18.2: Ocupacións máis ofertadas nas oficinas de emprego.

	2000	2001	2002	2003	2004
Técnico de protección civil	48	50	51	50	62
Peón da construción de edificios	76	33	27	26	48
Asistente domiciliario (auxiliar axuda domicilio)	29	32	23	27	23
Albanel	35	40	71	40	23
Operador de máquina ind. coser á plana, ex. pel: calzado	1	21	8	6	22
Camareiro, en xeral	12	24	20	16	21
Traballador retén incendios forestais	0	15	9	7	21
Peón dos camiños	0	0	0	0	10
Dependente de comercio, en xeral	2	5	6	2	9
Carpinteiro, en xeral	4	4	4	4	8
Fontaneiro	3	11	5	3	8

Nas oficinas de emprego da comarca, cun volume máis importante que no caso anterior, a ocupación máis ofertada é a de técnico de protección civil; sitúase nun segundo lugar a de peón da construción de edificios.

Estas dúas ocupacións máis ofertadas presentan unha evolución dispar ao longo destes cinco anos, posto que na de técnico de protección civil aumentan as ofertas, cunha variación media do 6,61%, mentres que na de peón da construción de edificios diminúen, cunha variación media de -10,85%. Cabe sinalar, por último, a progresión da ocupación de operador de máquina industrial de coser á plana, tras o forte incremento do último ano.

5.4.- CONTRATOS

5.4.1.- Número de contratos no ámbito comarcal

	Nº
A Porqueira	37
Baltar	95
Calvos de Randín	113
Os Blancos	83
Rairiz de Veiga	75
Sandiás	54
Sarreaus	125
Trasmiras	69
Vilar de Barrio	90
Vilar de Santos	97
Xinzo de Limia	1.222
TOTAL COMARCA	2.060
TOTAL PROVINCIA	55.273

TÁBOA 19: Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2004.

Na comarca da Limia asináronse no ano 2004 un total de 2.060 contratos laborais, que representan o 3,73% dos realizados na provincia de Ourense.

No concello de Xinzo de Limia xestionáronse case seis de cada dez contratos comarcais, en concreto o 59,32% do total. A considerable distancia sitúanse os concellos de Sarreaus e Calvos de Randín, co 6,07% e co 5,49% das contratacións respectivamente.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
A Porqueira	45	41	31	32	37
Baltar	72	72	121	100	95
Calvos de Randín	38	93	63	66	113
Os Blancos	106	93	94	81	83
Rairiz de Veiga	61	77	73	77	75
Sandiás	67	65	61	78	54
Sarreaus	79	84	162	94	125
Trasmiras	75	74	62	67	69
Vilar de Barrio	89	81	61	88	90
Vilar de Santos	97	146	97	97	97
Xinzo de Limia	1.334	1.159	1.047	1.035	1.222
TOTAL COMARCA*	2.063	1.985	1.872	1.815	2.060
TOTAL PROVINCIA	48.332	48.607	49.367	50.587	55.273

TÁBOA 20: Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Período 2000-2004.

A escala comarcal, a contratación presenta unha tendencia cara ao estancamento no período comprendido entre os anos 2000 e 2004 e descende só en tres contratos. Na provincia, en cambio, a pauta é positiva, cunha variación media do 3,41%. A escala provincial o crecemento, aínda que leve, é constante ao longo do período, mentres que na comarca os contratos diminúen constantemente ata o ano 2004, cando se rexistra unha subida, cunha variación interanual do 13,5%.

O concello de Xinzo de Limia sofre unha redución na contratación ao longo destes cinco anos e rexistra unha variación media negativa de -2,17%. Do

* Por un cambio metodolóxico na extracción da información das bases de datos, existe unha pequena diferenza entre os valores dos anos 2000 ao 2002, apenas un 0,6%, subsanada nos anos posteriores, con respecto aos datos que proporciona o Servizo Público de emprego estatal (INEM) na súa web.

mesmo xeito que na comarca, os contratos redúcense neste concello ata o ano 2003, experimentando no 2004 un incremento, cunha variación interanual do 18,07%. A maior diminución nesta localidade rexístrase no tramo 2000-2001, cunha variación interanual negativa de -13,12%.

Nos concellos de Calvos de Randín e de Sarreaus, os contratos manifestan un aumento neste quinquenio, con variacións medias do 31,32% e do 12,16% respectivamente. Ambos os concellos presentan importantes oscilacións ao longo do período, alternando importantes descensos con fortes crecementos. Deste xeito, en Calvos de Randín dáse un considerable aumento entre os anos 2000-2001 e 2003-2004, con variacións interanuais do 144,74% e do 71,21%, así como unha forte diminución entre o 2001 e o 2002, cunha variación interanual de -32,26%.

Do mesmo xeito que no caso anterior, en Sarreaus prodúcese un decrecemento no intervalo 2002-2003, cunha variación interanual negativa de -41,98%, acompañado de importantes subidas no 2001-2002 e no 2003-2004, con variacións interanuais do 92,86% e do 32,98%.

5.4.2.- Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

TÁBOA 21: Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2004.

	Nº CONTRATOS		
	Homes	Mulleres	Total
Menos de 26 anos	431	210	641
De 26 a 35 anos	349	245	594
De 36 a 45 anos	277	144	421
De 46 a 55 anos	208	73	281
De 56 e máis anos	105	18	123
TOTAL COMARCA	1.370	690	2.060
TOTAL PROVINCIAL	30.749	24.524	55.273

A distribución dos contratos segundo o sexo amosa unha repartición desigual entre homes e mulleres, agrupándose entre os primeiros o 66,5% das contratacións. A escala provincial esta desigualdade tamén está presente, aínda que en menor medida, dado que os homes asinan o 55,63% dos contratos da provincia de Ourense.

A contratación sitúase case toda nos grupos de idade máis novos, nos menores de 36 anos, que son os tramos de idade máis numerosos e reúnen o 59,95% dos contratos. Tendo en conta o sexo, o intervalo de idade máis significativo entre os homes é o dos menores de 26 anos, co 20,92%, seguido polo de entre 26 e 35 anos, co 16,94%. Nas mulleres, en cambio, o grupo con maior peso é o de entre 26 e 35 anos, co 11,89%, situándose a continuación o dos menores de 26 anos, co 10,19%.

TÁBOA 22: Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Homes	1.460	1.346	1.298	1.245	1.370
Mulleres	603	639	574	570	690
TOTAL CONTRATOS	2.063	1.985	1.872	1.815	2.060

A evolución dos contratos segundo o sexo sinala unha tendencia ao decrecemento no caso do colectivo masculino, no que se rexistra unha variación media negativa de -1,58%. Neste colectivo as contratacións redúcense de

forma continua dende o ano 2000 ata o 2003 e presentan no 2004 un incremento, cunha variación interanual do 10,04%.

Pola contra, entre as mulleres aumentan as contratacións, obtendo unha variación media final do 3,43%. Neste colectivo, os contratos descenden en termos absolutos nos dous intervalos intermedios do período, crecendo nos dous restantes. Neste sentido, cabe destacar o forte crecemento producido no tramo 2003-2004, cunha variación interanual do 21,05%.




GRÁFICO 8: Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 2000-2004. Valores proporcionais.

As diferenzas na evolución da contratación masculina e feminina na Limia reflíctense na distribución dos contratos no transcurso do quinquenio. Deste xeito, obsérvase como, a pesar de non existir oscilacións importantes ao longo destes cinco anos, as contratacións masculinas redúcense proporcionalmente con respecto ás femininas. Así, a diferenza a prol dos homes no ano 2000 era de 41,54 puntos e esta redúcese ata os 33 puntos no 2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Menor de 26 anos	684	636	616	590	641
De 26 a 35 anos	570	558	503	480	594
De 36 a 45 anos	442	417	343	378	421
De 46 a 55 anos	264	276	308	264	281
De 56 e máis anos	103	98	102	103	123
TOTAL CONTRATOS	2.063	1.985	1.872	1.815	2.060

TÁBOA 23: Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 2000-2004.

Tendo en conta a idade, a evolución dos contratos entre os anos 2000 e 2004 amosa un comportamento diferente para os distintos intervalos. Deste xeito, nos menores de 26 anos e nos que teñen entre 36 e 45 anos, as contratacións redúcense, presentando variacións medias negativas de -1,61% e de -1,21%. Entre os menores de 26 anos, a diminución prodúcese nos tres primeiros intervalos do período, mentres que nos de entre 36 e 45 o descenso é nos dous primeiros.

O maior incremento en termos absolutos rexístrase entre os que teñen entre 26 e 35 anos, cunha variación media do 1,04%. Neste caso, os contratos decrecen nos tres primeiros intervalos do período, aumentando fortemente no último, cunha variación interanual do 23,75%.

Finalmente, entre os contratados de entre 46 e 55 anos e os maiores de 55, as variacións medias acadadas son do 1,57% e do 4,54% respectivamente. En

ambos os tramos de idade os contratos tan só descenden nun intervalo temporal, que é o 2002-2003 para os de entre 46 e 55 anos, co -14,29%, e no 2000-2001 para os maiores de 55 anos, co -4,85%.

5.4.3.- Contratación comarcal segundo os sectores económicos


TÁBOA 24: Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos. Ano 2004.

	N.º
SECTOR PRIMARIO	144
Agricultura e pesca	144
SECTOR SECUNDARIO	270
Industria e electricidade	270
SECTOR CONSTRUCCIÓN	431
Construción	431
SECTOR SERVIZOS	1.215
Comercio e hostalería	370
Transporte e comunicacións	85
Outros servizos	760
TOTAL CONTRATOS	2.060

O sector servizos engloba no ano 2004 a maioría dos contratos realizados na comarca da Limia, no seu marco rexístranse o 58,98% do total. Dentro deste sector, o subsector de outros servizos obtén o maior volume contractual, co 36,89% das contratacións.

O segundo sector en orde de importancia é o da construción, que agrupa o 20,92% dos contratos. Os sectores primario e secundario representan respectivamente o 6,99% e o 13,11% do total.

GRÁFICO 9: Distribución porcentual da contratación na industria.



A actividade de fabricación de produtos minerais non metálicos agrupa a maior parte dos contratos realizados na industria, en concreto o 32%. Nun segundo plano sitúanse as de alimentación, co 19%; metalurxia e fabricación de produtos metálicos, co 18%; e madeira, co 17%.




GRÁFICO 10: Distribución porcentual da contratación nos servizos.

O 36% dos contratos asinados no marco dos servizos rexístranse nas administracións públicas e nos servizos á comunidade. A continuación atópanse as actividades inmobiliarias e servizos a empresas e o comercio, que agrupan de forma conxunta o 30% dos contratos.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
SECTOR PRIMARIO	106	38	22	37	45	30	10
Agricultura e pesca	106	38	22	37	45	30	10
SECTOR SECUNDARIO	208	62	104	84	49	20	13
Industria e electricidade	208	62	104	84	49	20	13
SECTOR CONSTRUCCIÓN	408	23	155	100	76	71	29
Construción	408	23	155	100	76	71	29
SECTOR SERVIZOS	648	567	360	373	251	160	71
Comercio e hostalería	165	205	146	110	69	37	8
Transporte e comunicacións	70	15	18	34	20	10	X
Outros servizos	413	347	196	229	162	113	60
TOTAL CONTRATOS	1.370	690	641	594	421	281	X

TÁBOA 25: Distribución da contratación comarcal segundo os sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2004.

Tanto no colectivo masculino como no feminino, a maior parte dos contratos están situados dentro do sector servizos, que agrupa o 31,46% do total e o 27,52%, respectivamente. O segundo sector en orde de importancia nos homes é o da construción, co 19,81%, e nas mulleres o secundario, co 3,01%. Tamén en ambos os sexos, o subsector máis representativo é o de outros servizos, co 20,05% das contratacións no caso dos homes e o 16,84% nas mulleres.

Observando a distribución segundo os tramos de idade, ponse de manifesto novamente que o sector servizos é predominante en todos os intervalos e acada a porcentaxe máis alta no de entre 26 e 35 anos, co 18,11%, seguido polo de menos de 26 anos, co 17,48%. O sector da construción sitúase en segundo lugar en todas as idades.

TÁBOA 26: Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	70	94	97	126	144
Agricultura e pesca	70	94	97	126	144
SECTOR SECUNDARIO	233	334	262	306	270
Industria e electricidade	233	334	262	306	270
S. CONSTRUCCIÓN	430	462	474	417	431
Construcción	430	462	474	417	431
SECTOR SERVICIOS	1.330	1.095	1.039	966	1.215
Comercio e hostalería	512	395	356	323	370
Transporte e comunicacións	44	39	42	50	85
Outros servizos	774	661	641	593	760
TOTAL CONTRATOS	2.063	1.985	1.872	1.815	2.060


No conxunto do período, o sector servizos é o único onde as contratacións se reducen, cunha variación media negativa de -2,24%. Neste sector diminúen os contratos nos tres primeiros intervalos do quinquenio, incrementándose de forma considerable no último, cunha variación interanual do 25,78%.

O maior crecemento en termos absolutos aparece no sector primario, onde non se rexistra ningún descenso nestes cinco anos, acadando unha variación media do 19,76%. O sector no que máis medran os contratos a continuación é o secundario, que obtén una variación media do 3,75%. Neste último sector é importante sinalar que se producen importantes oscilacións na súa evolución, posto que se incrementa fortemente entre os anos 2000 e 2001, cunha variación interanual do 43,35%, sufrindo a continuación unha considerable diminución, cunha variación interanual negativa do -21,56%, tendencia similar á producida nos dous últimos intervalos.

No sector da construción hai un estancamento do número de contratos, con tan só un descenso en 2002-2003.

5.4.4.- Tipoloxía da contratación laboral

GRÁFICO 11: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2004.



Segundo a tipoloxía de contratación, a comarca da Limia caracterízase por un forte predominio dos contratos temporais, que representan o 79% do total. Deste xeito, o 67% son temporais a tempo completo e o 12% temporais a tempo parcial. Cómpre sinalar, por último, que os contratos de prácticas/formación supoñen o 11% dos realizados na comarca no ano 2004.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	63	30	18	28	14	23	10
Indefinido tempo parcial	7	13	5	5	5	X	X
Temporal	1.006	389	345	433	325	201	91
Temporal tempo parcial	69	177	76	90	51	26	X
Prácticas/Formación	154	74	189	17	8	8	6
Outros	71	7	8	21	18	20	11
TOTAL CONTRATOS	1.370	690	641	594	421	X	123

TÁBOA 27: Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2004.

Tanto nos homes como nas mulleres, a contratación predominante é a temporal a tempo completo, onde se rexistran o 48,83% de contratos e o 18,88%, respectivamente. A segunda tipoloxía en orde de importancia nos homes é a de prácticas formación, co 7,48%, e nas mulleres a dos contratos temporais a tempo parcial, co 8,59%. Neste sentido cómpre destacar que os contratos temporais a tempo parcial, os segundos máis importantes na comarca, aparecen nos homes en cuarto lugar, despois dos dous xa comentados anteriormente e dos da categoría outros.

Case todas as fórmulas de contratación son maioritarias entre o colectivo masculino, a excepción da indefinida a tempo parcial, cunha leve diferenza porcentual a prol das mulleres de 0,29 puntos, e a temporal a tempo parcial, onde a diferenza é de 5,24 puntos.

No referente á distribución por idade, a contratación temporal a tempo completo é a que conta cun maior peso relativo en todos os tramos: acada o volume máis elevado no tramo de entre 26 e 35 anos, no que se sitúa o 21,02% da contratación. Os contratos de prácticas/formación aparecen en segundo lugar nos menores de 26 anos, representando o 9,17%. Nos grupos de idade restantes, a segunda categoría de contratación en orde de importancia é a temporal a tempo parcial, excepto nos maiores de 55 anos.

	PRIMARIO	SECUNDARIO	CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS			Total
	Agr., Gand.	Industr. e Electric.	Construc.	Comerc.	Transp.	Outros	
Indefinido	15	15	13	38	X	10	50
Indefinido tempo parcial	X	X	0	6	4	7	17
Temporal	102	211	343	213	71	455	739
Temporal tempo parcial	20	14	13	74	7	118	199
Prácticas/Formación	6	28	62	39	X	92	132
Outros	0	0	0	0	0	78	78
TOTAL CONTRATOS	X	X	431	370	85	760	1.215

TÁBOA 28: Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2004.

As tipoloxías de contratación están agrupadas na súa maior parte no sector servizos, onde se sitúan o 35,87% de contratos temporais a tempo completo e o 9,66% de temporais a tempo parcial. Esta última categoría é a que ocupa o segundo posto en orde de importancia en todos os sectores, agás no secundario e construción, onde é superada pola de prácticas/formación.

No que respecta aos subsectores, o de outros servizos aglutina a maior parte dos contratos temporais a tempo completo, en concreto o 22,09%, así como tamén a maior parte dos temporais a tempo parcial, o 5,73%, e dos de prácticas/formación, o 4,47%.

TÁBOA 29: Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Indefinido	148	221	93	96	93
Indefinido tempo parcial	11	15	21	18	20
Temporal	1.308	1.257	1.286	1.259	1.395
Temporal tempo parcial	257	247	245	195	246
Prácticas/Formación	130	129	157	157	228
Outros	209	116	70	90	78
TOTAL CONTRATOS	2.063	1.985	1.872	1.815	2.060

No período comprendido entre os anos 2000 e 2004, a tipoloxía de contratación que experimenta un incremento maior é a de prácticas/formación, que obtén unha variación media do 15,08%. Dentro deste tipo de contratos, cabe destacar os aumentos que se rexistran nos tramos 2001-2002 e 2003-2004, con variacións interanuais do 21,71% e do 45,22% respectivamente.

Os contratos temporais a tempo completo tamén rexistran unha subida, cunha variación media do 1,62%: presentan unha evolución inestable ao longo do quinquenio, con subidas e baixadas consecutivas. É preciso sinalar como a progresión máis importante a do tramo 2003-2004, cunha variación interanual do 10,8%.

Os contratos indefinidos a tempo completo sofren un considerable descenso, obtendo unha variación media negativa de -10,97%. Neste caso, entre os anos 2000 e 2001 prodúcese un forte incremento, do 49,32%, acompañado dun brusco descenso no ano posterior, de -57,92%.

5.4.5.- Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

TÁBOA 30: Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2004.

	CONTRATOS Nº	V. MEDIA 00-04
1. Dirección de empresas e administracións públicas	X	0,00
HOMES	X	7,46
MULLERES	X	-15,91
2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais	134	-15,11
HOMES	83	-19,94
MULLERES	51	-2,31
3. Técnicos e profesionais de apoio	89	4,03
HOMES	46	2,30
MULLERES	43	6,05
4. Empregados de tipo administrativo	115	0,22
HOMES	31	16,21
MULLERES	84	-3,53
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	446	-2,02
HOMES	174	0,14
MULLERES	272	-3,29
6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca	101	-11,00
HOMES	62	-19,55
MULLERES	39	31,61
7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería	487	11,77
HOMES	422	8,72
MULLERES	65	59,67
8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	205	-3,56
HOMES	179	-5,24
MULLERES	26	14,74
9. Traballadores non cualificados	473	3,57
HOMES	365	1,20
MULLERES	108	14,42
TOTAL CONTRATOS	2.060	-0,04
TOTAL HOMES	1.370	-1,58
TOTAL MULLERES	690	3,43

No ano 2004, na comarca da Limia os grandes grupos de ocupación cun maior volume de contratación son os seguintes:

- Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería: o 23,64%.
- Traballadores non cualificados: o 22,96%.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio: o 21,65%.

Atendendo á distribución dos contratos segundo o sexo, aprécianse certas diferenzas das contratacións en función do grupo de ocupación:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
• Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería: 20,49%. • Traballadores non cualificados: 17,72%. • Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores: 8,69%.	• Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio: 13,2%. • Traballadoras non cualificadas: 5,24%. • Empregadas de tipo administrativo: 4,08%.

Dada a predominancia da contratación masculina na comarca, tan só en dous grandes grupos de ocupación a contratación feminina é superior:

- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio: 13,20% fronte ao 8,45%.
- Empregadas de tipo administrativo: a contratación feminina é do 4,08% fronte ao 1,5% da masculina.

5.4.6.- Ocupacións máis contratadas

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL	HOMES	MULLERES	RATIO MASCUL. ¹
71100016	Albanel	164	149	15	90,85
96020014	Peón da construción de edificios	X	162	X	99,39
50200018	Camareiro, en xeral	108	30	78	27,78
52300046	Traballador retén incendios forestais	80	65	15	81,25
25130104	Músico instrumentista, en xeral	75	68	7	90,67
86300016	Conductor de camión, en xeral	X	73	X	98,65
42100010	Empregado administrativo, en xeral	63	17	46	26,98
53300010	Dependente de comercio, en xeral	54	8	46	14,81
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	51	8	43	15,69
98000050	Mozo carga/descarga, almacén	48	39	9	81,25
	TOTAL	880	619	X	70,34

(1) Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100

TÁBOA 31: As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2004.

Do total dos contratos realizados na Limia no ano 2004, o 42,72% foron asinados dentro das ocupacións máis contratadas que se enumeran na táboa anterior.

A ocupación máis contratada foi a de albanel, seguida da de peón da construción de edificios. Neste caso, xorden diferenzas entre os sexos, dado que no colectivo masculino as máis contratadas correspóndense coas anteriores, mentres no feminino son as de camareira e empregada administrativa e dependenta de comercio.

A presenza da contratación masculina é superior á feminina no conxunto das dez ocupacións, tal e como indica o ratio de masculinidade do 70,34%. Por alto nivel de contratación masculina destacan as de peón da construción de edificios, condutor de camión, albanel e músico instrumentista. Pola contra, teñen un perfil marcadamente feminino as contratacións de dependenta de comercio e muller/mozo de limpeza.

TABOA 32: Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 2000 e 2004.

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	Nº CONTRATOS				
		2000	2001	2002	2003	2004
71100016	Albanel	134	123	163	151	164
96020014	Peón da construción de edificios	209	163	187	198	163
50200018	Camareiro, en xeral	142	110	106	88	108
52300046	Traballador retén incendios forestais	46	29	114	29	80
25130104	Músico instrumentista, en xeral	197	99	66	85	75
86300016	Condutor de camión, en xeral	73	64	53	56	74
42100010	Empregado administrativo, en xeral	69	62	66	68	63
53300010	Dependente de comercio, en xeral	115	68	71	49	54
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	42	37	34	35	51
98000050	Mozo carga/descarga, almacén	34	41	47	27	48
51130024	Asistente domiciliario (auxiliar axuda domicilio)	34	52	43	41	47
62410023	Traballador forestal, en xeral	110	98	37	127	40
96010011	Peón de obras públicas, en xeral	11	60	28	18	31
97000020	Peón da ind. aliment., bebidas e tabaco	13	10	4	40	13
94100011	Peón agrícola, en xeral	4	52	74	7	10
81310083	Operador de fabricación de vidro técnico	0	78	8	10	X

A evolución das ocupacións máis contratadas na comarca da Limia entre os anos 2000 e 2004 caracterízase pola oscilación na súa composición dado que oito delas aparecen e desaparecen da lista ao longo destes cinco anos.

Entre as oito ocupacións que se manteñen entre as máis contratadas en todo o período destaca pola súa evolución positiva unicamente a de albanel, que acada unha variación media do 5,18% e a de traballador retén de incendios forestais, 14,84%. En cambio as restantes redúcense ou mantéñense estables, como é o caso da de condutor de camión, co 0,34%. A que máis decrece é a de músico instrumentista, co -21,54%, seguida das de dependente de comercio, co -17,22%, e peón da construción de edificios, co -6,03%.

5.5.- FORMACIÓN PROFESIONAL OCUPACIONAL

FAMILIA PROFESIONAL	ALUMNOS		CURSOS	
	Nº	% comarca/provincia	Nº	% comarca/provincia
Agraria	22	13,17	1	10,00
Administración e oficinas	17	2,86	1	2,78
Artesanía	16	21,62	1	20,00
Comercio	18	4,44	1	3,85
Servizos ás empresas	48	2,75	3	2,73
Servizos á comunidade e persoais	43	6,89	2	5,71
Turismo e hostalería	24	9,20	1	6,25
TOTAL	188	3,06	10	2,60

TÁBOA 33: Número de alumnos e cursos de formación profesional ocupacional sen compromiso de contratación por familia profesional. Ano 2004.

A comarca da Limia concentra o 3,06% dos alumnos de formación profesional ocupacional da provincia de Pontevedra, así como o 2,6% dos cursos impartidos.

A maior parte desta formación agrúpase na familia de servizos ás empresas, co 25,53% dos alumnos e o 30% dos cursos. Nun segundo lugar sitúase a familia de servizos á comunidade e persoais, co 22,87% dos alumnos e o 20% dos cursos realizados na comarca.

En relación coa provincia, nesta comarca rexístranse o 21,62% dos alumnos e o 20% dos cursos de artesanía, así como o 13,77% dos alumnos e o 10% dos cursos da familia agraria.

5.6.- CONCLUSIONES

- No sector servizos agrúpanse a maioría das empresas e autónomos, así como a maior parte dos traballadores por conta allea.
- No período comprendido entre os anos 2000 e 2004 experimentouse un incremento tanto no número de empresas como no de traballadores e autónomos.
- Os sectores da construción e dos servizos rexistran entre o 2000 e o 2004 un crecemento tanto de empresas como de traballadores e autónomos. En cambio, no primario diminúen os traballadores e no secundario as empresas.
- Na Limia recibíronse no ano 2004 o 8,02% das demandas provinciais dos traballadores parados e o 5,22% dos non parados. O concello de Xinzo de Limia engloba case a metade destes demandantes comarcais. Os demandantes parados ven reducido o seu número durante o período.
- Tanto entre os demandantes parados como non parados predominan as mulleres. En canto ao perfil de idade, os grupos de demandantes máis significativos son os maiores de 55 anos.
- Algo máis de seis de cada dez demandantes son parados con emprego anterior. No que respecta ao nivel académico, case a metade tan só teñen o certificado de escolaridade. Do conxunto de demandantes totais, tamén case a metade levan buscando emprego máis dun ano.
- A maioría dos demandantes comarcais proceden do sector servizos, onde destacan os derivados das actividades de comercio e administracións públicas. O sector secundario é o segundo en orde de importancia, sobresaíndo neste a actividade de téxtil e confección.
- Do mesmo xeito que sucede na provincia, a actividade máis demandada na comarca é a de muller/mozo limpeza, limpador.
- A Limia rexistra o 4,5% das ofertas de emprego da provincia de Ourense, recollidas case todas en Xinzo de Limia. Este concello marca a pauta evolutiva da comarca entre os anos 2000 e 2004, caracterizada polo decrecemento das ofertas de emprego.
- No período 2000-2004 obsérvase un leve aumento das ofertas dos sectores primario e secundario, e un descenso na construción e nos servizos. Máis de seis de cada dez ofertas derívanse deste último, no que destacan as procedentes da actividade de administracións públicas.
- Tan só nove de cada cen ofertas rexistradas no ano 2004 solicitan traballadores dun determinado sexo, requirindo na súa maioría un home. No tocante ao nivel de estudos, tres cuartas partes demandan a posesión dunha determinada titulación, pedindo a maioría o certificado de escolaridade.
- As ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores son as de administrativo e auxiliar administrativo. Nas oficinas de emprego, cun volume máis importante, as máis ofertadas son as de técnico de protección civil e peón da construción de edificios.
- Na comarca da Limia asináronse no ano 2004 o 3,73% dos contratos da provincia de Ourense. No concello de Xinzo de Limia asináronse case seis de cada dez do total. En canto á evolución dos contratos nos últimos cinco anos, obsérvase unha tendencia ao estancamento, cun levísimo descenso en termos absolutos.
- Do mesmo xeito que na provincia, a contratación masculina predomina sobre a feminina. Entre o 2000 e o 2004 os contratos masculinos diminúen, mentres que se incrementan os femininos, reducíndose a desigualdade entre homes e mulleres neste período en 8,54 puntos.

- Case seis de cada dez contratos de traballo son asinados por traballadores menores de 36 anos. Tendo en conta a evolución das contratacións nestes cinco anos, obsérvase que os contratos tan só se reducen nos tramos de menos de 26 anos e de entre 36 e 45 anos.
- No sector servizos rexístranse case seis de cada dez contratos da Limia, destacando os procedentes das administracións públicas e servizos á comunidade. Dentro da industria, a actividade máis significativa é a de fabricación de produtos mineiros non metálicos.
- Tanto nos homes como nas mulleres, o maior volume de contratación prodúcese no sector servizos. En todos os intervalos de idade, a tónica xeral é tamén a forte concentración dos contratos neste sector. No conxunto do período analizado, nos servizos é no único onde as contratacións se reducen, incrementándose nos tres restantes.
- Case sete de cada dez contratos son temporais a tempo completo, e algo máis dun de cada dez temporais a tempo parcial e de prácticas/formación. O primeiro tipo de contratación predomina claramente en todos os sectores produtivos, así como en todas as idades e en ambos os sexos.
- Entre os anos 2000 e 2004, as únicas tipoloxías de contratación que se incrementan son as indefinidas a tempo parcial, temporais a tempo completo e de prácticas/formación.
- O grande grupo de contratación predominante no conxunto dos contratos é o de artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería. Este é tamén o máis contratado entre o colectivo masculino, sendo o de traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio o que máis contratos rexistra entre as mulleres.
- A ocupación con máis contratos na comarca é a de albanel, que coincide coa máis contratada entre os homes. Entre as mulleres, en cambio, a máis contratada é a de camareira. Destas ocupacións, a única que experimenta un incremento ao longo destes cinco anos é a de albanel.
- No relativo á formación profesional ocupacional, máis da cuarta parte dos alumnos e dos cursos agrúpanse na familia de servizos ás empresas.



Comarca de Allariz-Maceda



5.1.- TECIDO EMPRESARIAL

5.1.1.- Tecido empresarial comarcal. Situación actual

SECTORES	EMPRESAS		TRABALLADORES		AUTÓNOMOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
SECTOR PRIMARIO	28	6,76	439	24,19	58	6,59
Agricultura e pesca	28	6,76	439	24,19	58	6,59
SECTOR SECUNDARIO	64	15,46	370	20,39	148	16,82
Industria e electricidade	64	15,46	370	20,39	148	16,82
SECTOR CONSTRUCCIÓN	99	23,91	304	16,75	186	21,14
Construcción	99	23,91	304	16,75	186	21,14
SECTOR SERVICIOS	223	53,86	702	38,68	488	55,45
Comercio e hostalería	114	27,54	218	12,01	340	38,64
Transporte e comunicacións	21	5,07	83	4,57	54	6,14
Outros servizos	88	21,26	401	22,09	94	10,68
TOTAL	414	100,00	1.815	100,00	880	100,00

TÁBOA 1: Número de empresas, traballadores e autónomos.

A metade das empresas da comarca de Allariz-Maceda desenvolven a súa actividade nos servizos, o 53,86%, principalmente no comercio e hostalería, o 27,54%. O segundo grupo sectorial de empresas máis importante é o da construción, o 23,91%.

Os traballadores por conta allea concéntranse tamén nos servizos, aínda que en menor medida, o 38,68%. A continuación sobresaíe o grupo de asalariados no sector primario, o 24,19%. O subsector terciario de maior peso relativo é o de outros servizos, o 22,09%.

Igualmente a maioría dos autónomos desenvolven a súa actividade no sector terciario, nunha proporción similar á das empresas, o 55,45%. Dentro dos servizos, destaca o elevado número de autónomos no comercio e hostalería, o 38,64%. O segundo sector de maior concentración de traballadores por conta propia é o da construción, o 21,14%.

5.1.2.- Evolución anual

TÁBOA 2: Evolución do número de empresas.
Período 2000-2004.

	EMPRESAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	52	51	44	22	28
Agricultura e pesca	52	51	44	22	28
SECTOR SECUNDARIO	75	77	76	69	64
Industria e electricidade	75	77	76	69	64
SECTOR CONSTRUCCIÓN	95	98	94	98	99
Construción	95	98	94	98	99
SECTOR SERVICIOS	190	181	193	196	223
Comercio e hostalería	107	100	101	105	114
Transporte e comunicacións	16	16	17	17	21
Outros servizos	67	65	75	74	88
TOTAL	412	407	407	385	414

No período 2000-2004 o número de empresas da comarca permaneceu practicamente estancado, cunha variación media do 0,12%. En 2003 diminuíu nun 5,41% respecto ao ano anterior, pero despois recupérase, cunha variación interanual 2003-2004 do 7,53%, volvendo así ao nivel do inicio do período.

A evolución por sectores económicos foi desigual. Nos servizos e na construción foi positiva, cunhas variacións medias do 4,08% e do 1,04% respectivamente, en tanto que no sector secundario e no primario foi negativa, con variacións medias do -3,89% e do -14,34% respectivamente.

As empresas do sector servizos decreceron en 2001 e nos anos posteriores aumentaron de xeito continuo. O maior incremento rexistrouse en 2004 e foi do 13,78%. Na construción só hai un descenso en 2002, en tanto que no secundario hai un só crecemento en 2001. Por último, o sector primario só rexistra unha subida no último ano.

TÁBOA 3: Evolución do número de traballadores.
Período 2000-2004.

	TRABALLADORES				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	522	531	509	487	439
Agricultura e pesca	522	531	509	487	439
SECTOR SECUNDARIO	452	492	475	423	370
Industria e electricidade	452	492	475	423	370
SECTOR CONSTRUCCIÓN	274	268	293	248	304
Construción	274	268	293	248	304
SECTOR SERVICIOS	494	568	621	628	702
Comercio e hostalería	200	187	201	209	218
Transporte e comunicacións	53	65	66	69	83
Outros servizos	241	316	354	350	401
TOTAL	1.742	1.859	1.898	1.786	1.815

O número de traballadores por conta allea no período 2000-2004 creceu en pequena medida, cunha variación media do 1,03%. A súa traxectoria evolutiva foi descontinua: diminuíu nun 5,90% en 2003, e aumentou nun 6,72% en 2001 e tamén, aínda que de xeito máis moderado, en 2002 e 2004.

Por sectores económicos, destaca a expansión moi notable dos traballadores por conta allea nos servizos, sector no que a variación media chegou

ao 9,18%. Este incremento debeuse principalmente ao comportamento do subsector outros servizos e, en menor magnitude, ao do transporte e comunicacións.

Na construción os traballadores por conta allea aumentaron moderadamente, cunha variación media do 2,63%. No sector secundario e no primario, en cambio, decreceron, cunhas taxas de variación media próximas ao -4,5%.

A evolución dos servizos foi positiva en todos os anos, acadando elevadas taxas de variacións interanuais ao longo do período, entre o 9% e o 15%, agás en 2003, ano no que o aumento de asalariados foi mínimo. Pola súa parte, a evolución na construción foi moi irregular, alternando fases regresivas e expansivas de diferente intensidade. As maiores diminucións e incrementos de traballadores neste sector danse ao final do período, cunha variación interanual 2002-2003 de -15,36% e 2003-2004 do 22,58%. Por último, o curso evolutivo dos sectores primario e secundario foi similar, ambos experimentaron un aumento dos asalariados en 2001 e posteriormente un decrecemento que se prolonga ata o final do período.

	AUTÓNOMOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	35	40	49	51	58
Agricultura e pesca	35	40	49	51	58
SECTOR SECUNDARIO	110	116	122	144	148
Industria e electricidade	110	116	122	144	148
SECTOR CONSTRUCCIÓN	167	175	179	184	186
Construción	167	175	179	184	186
SECTOR SERVICIOS	379	394	427	459	488
Comercio e hostalería	279	285	307	326	340
Transporte e comunicacións	36	40	44	47	54
Outros servizos	64	69	76	86	94
TOTAL	691	725	777	838	880

TÁBOA 4: Evolución do número de autónomos. Período 2000-2004.

O número de autónomos aumentou ao longo do período 2000-2004, cunha variación media do 6,23%. Este crecemento rexistrouse en todos os sectores económicos. No primario, no que as cifras absolutas son moi baixas, a variación media foi do 13,46%; no secundario do 7,70%; na construción do 2,73%; e nos servizos, o sector de maior peso relativo con diferenza, foi do 6,52%.

Dentro dos servizos destaca a expansión en números absolutos dos traballadores por conta propia no comercio e hostalería, cunha variación media do 5,07%. Nos outros subsectores, transporte e comunicacións e outros servizos, os autónomos medraron en maior medida pero en termos absolutos supoñen unha cantidade pequena.

Atendendo ás variacións interanuais, obsérvase que o aumento dos traballadores por conta propia, ademais de acontecer en todos os sectores e subsectores económicos produciuse en todos os anos do período.

5.2.- DEMANDAS

5.2.1.- Demandantes galegos por concello

TÁBOA 5: Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Allariz	239	87	326
Baños de Molgas	65	25	90
Maceda	141	87	228
Paderne de Allariz	75	34	109
Xunqueira de Ambía	78	24	102
Xunqueira de Espadañedo	50	22	72
TOTAL	648	279	927

% comarca/provincia – PARADOS	3,54
--------------------------------------	-------------

% comarca/provincia - NON PARADOS	2,77
--	-------------

As demandas de emprego da comarca concentráronse nos concellos de Allariz, co 35,17%, e Maceda, co 24,60%. O resto de municipios representan por separado unha porcentaxe que en todo caso é inferior ao 12%.

Os demandantes parados da comarca máis que duplican aos non parados. En concreto, os primeiros supoñen o 69,9% e os segundos o 30,1%. Ademais, en todos os concellos o número de demandantes parados é claramente superior ao de non parados.

En comparación coa provincia, os demandantes parados da comarca representan o 3,54% e os non parados o 2,77%.

5.2.2.- Demandantes parados. Evolución

TÁBOA 6: Evolución dos demandantes parados.

	2000	2001	2002	2003	2004
Parados comarca	620	537	599	656	648
Variación interanual %	-	-13,39	11,55	9,52	-1,22
COMARCA/TOTAL PROVINCIA	3,51	3,21	3,29	3,56	3,54

No período 2000-2004 os demandantes parados da comarca medraron lixeiramente. A evolución ao longo destes anos foi: unha diminución notable en 2001, de -13,39%, respecto a 2000, unha intensa recuperación nos anos seguintes e un descenso moi moderado en 2004.

En relación cos datos provinciais, o peso relativo dos demandantes parados da comarca apenas variou, pasando de representar o 3,51% en 2000 ao 3,54% en 2004.

5.2.3.- Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	75	8,09	9,95
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	573	61,81	54,54
NON PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	37	3,99	4,96
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	134	14,46	15,09
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	33	3,56	4,80
	En expediente de regulación de emprego	X	0,11	0,32
	Demandantes de mellora de emprego	55	5,93	7,02
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	16	1,73	2,93
	Resto de demandantes	X	0,32	0,39
TOTAL		927	100,00	100,00

TÁBOA 7: Situación laboral dos demandantes.

A situación laboral máis común entre os demandantes de emprego é a de parado con emprego anterior, o 61,81%. En segundo lugar, a gran distancia, sitúanse os demandantes non parados tamén con emprego anterior, o 14,46%.

As proporcións comarcais difiren das que se dan na provincia. A diferenza porcentual máis elevada, 7,27 puntos a favor da comarca, está no peso relativo do grupo de demandantes parados con emprego anterior. Por outra parte, todas as categorías de demandantes non parados teñen maior importancia relativa na serie provincial.

5.2.4.- Demandantes de emprego por sexo e idade

	HOMES N.º	MULLERES N.º	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	42	45	13,43	13,49
26 a 35 anos	52	100	23,46	24,76
36 a 45 anos	38	101	21,45	21,60
46 a 55 anos	49	68	18,06	20,69
56 e máis anos	83	70	23,61	19,46
TOTAL COMARCA	264	384	100,00	3,54
TOTAL PROVINCIA	7.574	10.747	3,54	100,00

TÁBOA 8.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

Os demandantes parados do sexo feminino predominan sobre os do masculino: o 59,26% son mulleres e o 40,74% homes. Este desequilibrio por xénero é similar ao provincial, onde o colectivo de mulleres representa o 58,66% e o masculino o 41,34% restante.

Atendendo ás idades, o grupo de demandantes parados máis numeroso é o de maiores de 55 anos, o 23,61%, seguido moi de cerca polo de entre 26 e 35 anos, que representa o 23,46%. Este segundo colectivo na comarca é o máis importante na provincia. Por outra parte, continuando cunha perspectiva

comparada, o grao de avellentamento dos demandantes parados da comarca é similar ao da provincia. Na comarca, os maiores de 45 anos representan o 41,67% mentres que na provincia supoñen o 40,15%.

O cruzamento por sexo e idades móstranos como o colectivo de maior peso relativo é o de mulleres de entre 36 e 45 anos, o 15,59% do total de demandantes parados, seguido moi de cerca polo de mulleres de entre 26 e 35 anos, o 15,43%.

TÁBOA 8.2: Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.


	HOMES N.º	MULLERES N.º	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	22	29	18,28	19,89
26 a 35 anos	24	46	25,09	24,48
36 a 45 anos	18	37	19,71	19,75
46 a 55 anos	25	29	19,35	17,93
56 e máis anos	29	20	17,56	17,94
TOTAL COMARCA	118	161	100,00	2,77
TOTAL PROVINCIA	3.706	6.383	2,77	100,00

O mesmo que acontece cos parados, os demandantes non parados do sexo feminino predominan sobre os do masculino: o 57,71% fronte ao 42,29%. Na provincia, as porcentaxes de demandantes non parados por sexo están máis desequilibradas: as mulleres supoñen o 63,27% e os homes o 36,73%.

O grupo máis numeroso de demandantes non parados, do mesmo xeito que na provincia, é o de entre 26 e 35 anos, o 25,09% do total de demandantes deste tipo. O grao de avellentamento deste tipo de demandantes na comarca é próximo ao da provincia. Os maiores de 45 anos representan no primeiro ámbito territorial o 36,91% e no segundo o 35,87%.

Por sexo e idades, o grupo máis numeroso na comarca é o de mulleres de entre 26 e 35 anos, o 16,49% do total de demandantes non parados, e, despois, o colectivo de mulleres do tramo de idade seguinte, de entre 36 e 45 anos, que supoñen o 13,26%.

GRÁFICO 1: Distribución porcentual do total de demandantes por sexo e grupos de idade.



No gráfico representativo do total de demandantes da comarca por xénero e idades, sen distinguir parados de non parados, pódese observar o predominio das mulleres en todos os grupos de idade excepto no de maiores de 55 anos, no que aparecen superadas polos homes. Ademais, destaca o forte peso relativo dos demandantes de entre 26 e 35 anos.

5.2.5.- Demandantes por nivel académico

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Ata certificado de escolaridade*	280	108	388
Titulación de ensinanza obrigatoria	199	75	274
Formación profesional	43	19	62
BUP/Bacharelato superior/COU	63	45	108
Titulados universitarios	47	30	77
Outras titulacións	16	X	18
TOTAL	648	X	927

* Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade

TÁBOA 9: Distribución dos demandantes parados e non parados por nivel académico.

A distribución por nivel académico móstranos que a gran maioría dos demandantes teñen como máximo a ensinanza obrigatoria, o 71,41%, e entre estes destacan os que unicamente posúen ata o certificado de escolaridade, o 41,86%. Nos parados as porcentaxes sitúanse por riba das indicadas e nos non parados por debaixo. Así, os que teñen como máximo o ensino obrigatorio representan o 73,92% dos parados e o 65,59% dos non parados.

O grupo de demandantes totais cun nivel académico superior ao obrigatorio supoñen o 28,59% restante, e entre estes predominan os que teñen o bacharelato, o 11,65% e, a continuación, os titulados universitarios, o 8,31%. No caso dos parados estas proporcións de demandantes que contan co bacharelato ou un título universitario diminúen respectivamente ata o 9,72% e o 7,25%, e no caso dos non parados elévanse ata o 16,13% e o 10,75%.

5.2.6.- Demandantes parados por tempo de busca de emprego

		Menos de 6 meses	De 6 meses a 1 ano	Máis de 1 ano	TOTAL
Menor de 26 anos	Homes	37	X	X	42
	Mulleres	27	12	6	45
26 a 35 anos	Homes	42	6	4	52
	Mulleres	46	16	38	100
36 a 45 anos	Homes	23	4	11	38
	Mulleres	52	11	38	101
46 a 55 anos	Homes	16	8	25	49
	Mulleres	18	6	44	68
Máis de 55 anos	Homes	20	4	59	83
	Mulleres	13	5	52	70
TOTAL COMARCA		294	X	X	648
TOTAL PROVINCIA		7.871	2.533	7.917	18.321

TÁBOA 10: Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

O tempo de busca de emprego máis común entre os demandantes parados da comarca é de menos de 6 meses, o 45,37%. Así e todo, os parados de longa duración sitúanse nunha porcentaxe moi próxima, o 43,21%. En tanto que, pola súa parte, os que están nunha posición intermedia, entre 6 meses e 1 ano na procura dun traballo, son minoría e representan só o 11,42%.

Na provincia, o paro de longa duración e o de menos de 6 meses tamén se sitúan moi próximos, aínda que neste caso o primeiro ten un peso relativo lixeiramente maior que o segundo, o 43,21% fronte ao 42,96%. Os demandantes que levan entre seis meses e un ano buscando emprego supoñen o 13,83%.

Os demandantes masculinos parados de longa duración maiores de 55 anos son os máis numerosos da comarca, o 9,10% do total de demandantes parados. O segundo grupo de maior peso relativo é o de mulleres de entre 36 e 45 anos que levan menos de seis meses buscando emprego, o 8,02%.

Tanto entre os demandantes parados masculinos como entre os femininos tende a predominar o paro de longa duración a partir dos 45 anos.

5.2.7.- Demandantes por sectores económicos de procedencia


TABOA 11: Demandantes por actividade económica.

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Sector primario	19	11	30
Sector secundario	162	34	196
Construción	106	47	153
Sector servizos	287	142	429
Sen actividade previa	74	45	119
TOTAL	648	279	927

Case a metade dos demandantes da comarca proceden do sector servizos, o 46,28%. No caso dos parados esta porcentaxe é algo inferior, o 44,29%, en tanto que no dos non parados é pouco máis da metade do total, o 50,90%.

O segundo sector de procedencia máis importante é o secundario, o 21,14% do total de demandantes. Así ocorre tamén na serie de parados, na que o peso relativo dos demandantes procedentes do sector secundario elévase mesmo ao 25%. Porén, na distribución dos non parados, o sector máis importante despois do dos servizos é o da construción, co 16,85% dos demandantes deste tipo.

GRÁFICO 2: Demandantes parados na industria.



Case a metade dos demandantes parados na industria proceden do téxtil e a confección, o 46%. Outra parte moi importante procede das outras industrias, o 24%, e da alimentación, o 16%, en tanto que o resto de actividades soamente suman no seu conxunto o 14%.




GRÁFICO 3: Demandantes parados nos servizos.

Os demandantes parados no sector servizos proceden na súa maior parte das administracións públicas, o 24%; despois das actividades inmobiliarias e de servizos a empresas, o 19%; e, en terceiro lugar, da hostalería, o 16%. A representatividade das outras actividades relacionadas cos servizos é igual ou inferior ao 10%.

5.2.8.- As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	94	10,14	9,48
Empregado administrativo, en xeral	63	6,80	8,36
Operador de máquina ind. coser á plana, ex. pel: calzado	52	5,61	2,17
Dependente de comercio, en xeral	44	4,75	8,24
Peón da ind. manufactureira, en xeral	38	4,10	4,58
Peón da construción de edificios	33	3,56	3,82
Albanel	29	3,13	2,46
Auxiliar de clínica	21	2,27	1,88
Camareiro, en xeral	19	2,05	2,88
Cociñeiro, en xeral	19	2,05	2,07

TÁBOA 12: Ocupacións máis demandadas.

5.2.9.- Perfil tipo dos demandantes de emprego

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parado con emprego anterior	Parado con emprego anterior
Sexo	Muller	Muller
Grupo idade	De 26 a 35 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Ata certificado de escolaridade	Ata certificado de escolaridade
Duración demanda	Menos de 6 meses	Máis de 1 ano
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral

TÁBOA 13: Perfil máis representativo.

5.3.- OFERTAS

5.3.1.- Ofertas no servizo público de emprego galego 2004. Evolución

TÁBOA 14: Número de ofertas por concellos.

	TOTAL OFERTAS
Allariz	55
Baños de Molgas	14
Maceda	23
Paderne de Allariz	5
Xunqueira de Ambía	6
Xunqueira de Espadañedo	7
TOTAL COMARCA	110

TOTAL OFERTAS PROVINCIA:	11.122
COMARCA/PROVINCIA:	0,99

As ofertas de emprego na comarca de Allariz-Maceda situáronse en pouco máis do centenar, o 0,99% do total da provincia. A metade das ofertas tiveron lugar no concello de Allariz e o 20,91% no de Maceda. No resto de municipios, tan só no de Baños de Molgas superou a decena en números absolutos.

TÁBOA 15: Evolución das ofertas. Período 2000-2004.

	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Allariz	140	58	63	87	55
Baños de Molgas	16	6	4	18	14
Maceda	29	21	34	33	23
Paderne de Allariz	7	6	5	5	5
Xunqueira de Ambía	27	0	3	5	7
Xunqueira de Espadañedo	1	0	9	5	6
TOTAL COMARCA	220	91	118	153	110
TOTAL PROVINCIA	12.969	11.664	10.871	11.116	11.122

Entre 2000 e 2004 as ofertas laborais na comarca decreceron a gran ritmo, cunha variación media de -15,91%, moi por riba do decrecemento sucedido na provincia, cunha variación media de -3,77%. A evolución da comarca caracterizouse pola intensa diminución das ofertas ao comezo e ao final do período e por incrementos de menor magnitude nos anos intermedios, en 2002 e 2003.

Allariz marcou a pauta evolutiva anterior. Neste concello tamén houbo un descenso máis que notable das ofertas ao longo do período, cunha variación media negativa de -20,83%. En 2001 rexistrouse a perda de maior intensidade e as ofertas víronse reducidas a menos da metade das do ano 2000. Posteriormente medraron, especialmente en 2003, e no último ano, en 2004, volveron a decrecer fortemente.

En Maceda tamén houbo un decrecemento do número de ofertas, tras os descensos de 2001 e 2004, variación media de -5,63%.




GRÁFICO 4: Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.

No gráfico pódese ver a evolución que acabamos de comentar das ofertas en Allariz e comparala coa do resto de concellos agrupados. O máis destacable é a similitude entre ambas as traxectorias evolutivas. A grandes trazos, temos un descenso de grande intensidade en 2001, tendencia ao crecemento ata 2003 e, de novo, un retroceso no número de ofertas no último ano de referencia, de xeito máis acusado en Allariz que no resto de concellos.

5.3.2.- Ofertas segundo os sectores de actividade económica


	PRIMARIO	SECUNDARIO	CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS
Allariz	0	10	14	31
Baños de Molgas	0	0	3	11
Maceda	1	0	4	18
Paderne de Allariz	2	0	1	2
Xunqueira de Ambía	0	1	1	4
Xunqueira de Espadañedo	0	0	2	5
TOTAL COMARCA	3	11	25	71
TOTAL PROVINCIA	150	953	2.083	7.935

TÁBOA 16: Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos.

O sector servizos reúne a maioría das ofertas laborais da comarca, co 64,54%. O segundo máis importante é o da construción, co 22,72%. Na provincia, o peso relativo dos servizos é aínda maior, co 71,34%, en detrimento do resto de sectores.

O concello de Allariz destaca por ser onde se concentran as ofertas de todos os sectores económicos agás as do primario, escasísimas en termos absolutos e que tiveron lugar en Paderne de Allariz e Maceda. Así, temos que do municipio de Allariz proceden o 90,91% das ofertas do secundario, o 56% das da construción e o 43,66% das dos servizos. Maceda é o segundo concello de maior concentración de ofertas, o 16% das da construción e o 25,35% das dos servizos.


GRÁFICO 5: Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.



No gráfico da distribución porcentual das ofertas por sectores económicos apréciase con claridade o xa comentado sobre o moi elevado peso relativo dos servizos, co 64%, e a moito menor importancia da construción, co 23%.

Das nove ofertas procedentes da industria xestionadas na comarca, catro derivan das actividades de outras industrias e tres da de alimentación.

GRÁFICO 6: Distribución porcentual das ofertas nos servizos.



As ofertas nos servizos teñen como orixe principal a hostalería, o 41% e, despois, as administracións públicas, o 27%. A moita distancia aparecen as actividades inmobiliarias e de servizos a empresas, o 11%, en tanto que o resto representan unha porcentaxe igual ou inferior ao 7%.

TÁBOA 17: Evolución das ofertas por sectores económicos.

	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Primario	3	0	2	1	3
Secundario	26	12	9	12	11
Construción	34	13	30	16	25
Servizos	157	66	77	124	71
TOTAL COMARCA	220	91	118	153	110
TOTAL PROVINCIA	12.969	11.664	10.871	11.116	11.122

No transcurso do período 2000-2004 as ofertas decreceron en todos os sectores económicos. Descontando o sector primario, no que son marxinais, as ofertas diminuíron especialmente no secundario e nos servizos, cunhas variacións medias anuais de -19,35% e de -18%. A fase regresiva de maior intensidade aconteceu en 2001. Neste ano todos os sectores observaron como as súas ofertas pasaban a ser menos da metade das do 2000. No resto do período alternáronse fases regresivas e expansivas co resultado final anteriormente comentado de descenso xeneralizado.

5.3.3.- Perfil básico das ofertas

O 30,91% das ofertas da comarca especifican un determinado sexo para poder acceder a un posto laboral, destas un 58,82% solicitan homes e un 41,48% mulleres. Estas ofertas proceden principalmente dos servizos, onde se piden dúas mulleres por cada home, e da construción, sector no que se requiren case sempre homes.

O nivel académico tamén constituíu un requisito para poder ocupar un posto de traballo, pero tan só no 10,91% das ofertas da comarca. Maioritariamente, en tres de cada catro destas ofertas, solicitouse estar en posesión da FP e sempre que se requiriu esta cualificación as ofertas procederon da construción ou dos servizos, principalmente da hostalería.

5.3.4.- Análise ocupacional das ofertas

	2000	2001	2002	2003	2004
Camareiro - Barman	11	13	12	9	15
Albanel	17	5	9	8	10
Cociñeiro / Grelleiro / Pizzeiro / Pranchista	7	3	3	5	8
Condutor de mercadorías/Condutor de camión, en xeral	3	0	5	3	7
Auxiliar administrativo	0	1	5	1	5
Dependente, en xeral	2	3	1	2	3
Inst. montador instalacións eléct/ Electricista/Aux. electric.	0	0	0	0	3
Axudante de cociña	4	4	2	10	3
Xardineiro / Traballador de centros de xardinería	1	2	6	3	2
Gandeiro ovino-caprino	0	0	0	0	2
Administrativo	0	0	2	2	2
Repoñedor	0	0	0	0	2
Peón de albanel/Peón de obras públicas	8	2	5	4	2
Operario de taller de montaxe electrónica	0	0	0	0	2
Maquinista de confección (coser, bordar, bobinar, ganduxar).	9	1	2	3	2
Sen cualificación, acepta empregos en medio ambiente	0	0	0	0	2

TÁBOA 18: Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.

Nos centros colaboradores a ocupación máis ofertada en 2004 foi a de camareiro-barman, 15 ofertas, e despois, a de albanel, 10 ofertas. As cifras da comarca son demasiado baixas e estas ocupacións son as únicas que nalgún

momento do período 2000-2004 superan a decena de ofertas. Trátase ademais das ocupacións máis importantes todos os anos, agás en 2003, no que excepcionalmente houbo 10 ofertas de axudante de cociña e as de camareiro-barman e albanel situáronse por debaixo desta cifra.

Por outra parte, non se rexistran ocupacións ofertadas polas oficinas de emprego dada a inexistencia destas últimas na comarca.

5.4.- CONTRATOS

5.4.1.- Número de contratos no ámbito comarcal

	Nº
Allariz	652
Baños de Molgas	101
Maceda	376
Paderne de Allariz	41
Xunqueira de Ambía	72
Xunqueira de Espadañedo	62
TOTAL COMARCA	1.304
TOTAL PROVINCIA	55.273

TÁBOA 19: Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2004.

En 2004 asináronse na comarca de Allariz-Maceda un total de 1.304 contratos, o 2,36% da provincia. A metade do volume de contratación comarcal concentrouse no concello de Allariz e outra parte importante no de Maceda, o 28,83%. Nestes concellos, polo tanto, realizáronse case oito de cada dez contratos e no resto tan só dous.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Allariz	538	929	735	705	652
Baños de Molgas	74	71	66	77	101
Maceda	267	227	299	209	376
Paderne de Allariz	50	66	27	41	41
Xunqueira de Ambía	180	82	56	74	72
Xunqueira de Espadañedo	63	55	57	51	62
TOTAL COMARCA*	1.172	1.430	1.240	1.157	1.304
TOTAL PROVINCIA	48.332	48.607	49.367	50.587	55.273

TÁBOA 20: Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Período 2000-2004.

No período 2000-2004 o número de contratos da comarca medrou, cunha taxa de variación media anual do 2,70%, lixeiramente por debaixo da provincia, na que a variación media foi do 3,41%.

A evolución da comarca foi irregular, pasando por diferentes fases de crecemento e decrecemento: o crecemento foi moi elevado en 2001, ano no que os contratos aumentaron nun 22,01%; despois, en 2002 e 2003, decreceron nun 13,29% e 6,69% respectivamente; e, por último, en 2004, volveron incrementarse, esta vez nun 12,71%. Na provincia, a evolución do número de contratos foi diferente, pois no transcurso do período non houbo ningunha fase regresiva.

Os concellos máis importantes en 2004, Allariz, Maceda e Baños de Molgas, tiveron un balance moi positivo. As taxas de variación media foron do 4,92%, do 8,09% e do 8,94% respectivamente. A evolución do caso máis significativo, o de Allariz, caracterízase por un fortísimo aumento da contratación en 2001, en concreto, do 72,68%, e o descenso ininterrompido, de menor magnitude, no resto do período. Pola súa parte, en Paderne de Allariz e, especialmente, en Xunqueira de Ambía diminuíu o volume de contratación, en tanto que no de Xunqueira de Espadañedo permaneceu practicamente estable.

* Por un cambio metodolóxico na extracción da información das bases de datos, existe unha pequena diferenza entre os valores dos anos 2000 ao 2002, apenas un 0,6%, subsanada nos anos posteriores, con respecto aos datos que proporciona o Servizo Público de emprego estatal (INEM) na súa web.

5.4.2.- Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

TÁBOA 21: Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2004.

	Nº CONTRATOS		
	Homes	Mulleres	Total
Menos de 26 anos	188	162	350
De 26 a 35 anos	190	197	387
De 36 a 45 anos	162	153	315
De 46 a 55 anos	108	67	175
De 56 e máis anos	53	24	77
TOTAL COMARCA	701	603	1.304
TOTAL PROVINCIAL	30.749	24.524	55.273

Os contratos comarcais distribuídos por sexo mostran un pequeno desequilibrio de xénero: o 53,76% realizáronse ao colectivo masculino e o 46,24% ao feminino. A diferenza é similar á que se rexistra na provincia, onde aos homes lles corresponde o 55,63% e ás mulleres o 44,37%.

Atendendo á idade, a maior proporción de contratos reuniuse no grupo de entre 26 e 35 anos, o 29,68%, seguido dos menores de 26 anos, o 26,84%. Polo tanto nos dous segmentos de xente nova concentrouse máis da metade do volume total de contratación, o 56,52%.


A maior porcentaxe de contratos realizados aos menores de 36 anos dáse tanto nos homes como nas mulleres. Por outra parte, tamén en ambos os colectivos, a partir dos 36 anos o volume de contratación diminúe conforme aumenta a idade.

TÁBOA 22: Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Homes	767	934	771	704	701
Mulleres	405	496	469	453	603
TOTAL CONTRATOS	1.172	1.430	1.240	1.157	1.304

No período 2000-2004 reduciuse en gran medida o desequilibrio na contratación entre homes e mulleres. No transcurso destes anos os contratos asinados por mulleres medraron a un ritmo moi elevado, cunha variación media do 10,46%, en tanto que no caso dos homes decreceron, cunha variación media negativa de -2,22%.

GRÁFICO 7: Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 2000-2004. Valores proporcionais.



No gráfico apréciase como o desequilibrio por sexos vai diminuindo conforme avanza os anos: en 2001 mantívose practicamente igual, en 2002 e 2003 reduciuse lixeiramente e en 2004 notablemente. Como resultado deste proceso, a diferenza porcentual entre o colectivo masculino e o feminino pasou do 30,88% en 2000 ao 7,52% en 2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Menor de 26 anos	391	400	379	374	350
De 26 a 35 anos	340	426	339	318	387
De 36 a 45 anos	225	317	257	243	315
De 46 a 55 anos	162	227	173	162	175
De 56 e máis anos	54	60	92	60	77
TOTAL CONTRATOS	1.172	1.430	1.240	1.157	1.304

TÁBOA 23: Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 2000-2004.

A evolución contractual no período 2000-2004 segundo a idade foi positiva en todos os grupos, agás no dos menores de 26 anos, no que a variación media foi de -2,73%. Onde máis creceron en termos relativos foi no intervalo de maiores de 55 anos e no de 36 a 45 anos, cunhas variacións medias do 9,28% e do 8,78% respectivamente.

Dentro do período destaca o ano 2001 por ser cando se produciu unha expansión contractual en todos os grupos de idades, e ademais de gran magnitude, en porcentaxes que oscilan entre o 10% e o 40%, excepto no dos menores de 26 anos, no que o crecemento foi moito menor. En 2003, pola súa parte, ocorreu o contrario, unha redución xeneralizada do volume contractual en todos os grupos de idades; porén, a intensidade deste decrecemento foi moi moderada, excepto no tramo de maiores de 55 anos, onde todo o que medraran os contratos en 2002 perdeuse neste ano.


5.4.3.- Contratación comarcal segundo os sectores económicos

	N.º
SECTOR PRIMARIO	130
Agricultura e pesca	130
SECTOR SECUNDARIO	229
Industria e electricidade	229
SECTOR CONSTRUCCIÓN	217
Construción	217
SECTOR SERVICIOS	728
Comercio e hostalería	192
Transporte e comunicacións	59
Outros servizos	477
TOTAL CONTRATOS	1.304

TÁBOA 24: Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos. Ano 2004.


A distribución por sectores económicos en 2004 indícanos que a maioría da contratación comarcal aparece rexistrada nos servizos, o 55,83% do total. A unha distancia notable estaría o secundario, co 17,56%; o da construción, co 16,64%, e, por último, o primario, co 9,97%.

GRÁFICO 8: Distribución porcentual da contratación na industria.



Na industria, case sete de cada dez contratos correspondéronse coas actividades do téxtil e confección, o 35%, e coas das outras industrias, o 33%. Outra parte importante, aínda que moito menor, tivo que ver coa alimentación, o 17%. O resto de actividades supoñen unha porcentaxe igual ou inferior ao 8%.

GRÁFICO 9: Distribución porcentual da contratación nos servizos.



Nos servizos, máis da metade da contratación, o 58%, relaciónase con tres tipos de actividades: as inmobiliarias e de servizos a empresas, o 22%, a das administracións públicas, o 19%, e a de servizos á comunidade, o 17%. A continuación sitúanse a hostalería, co 14%, e o comercio, co 11%.

TABOA 25: Distribución da contratación comarcal segundo os sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2004.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
SECTOR PRIMARIO	44	86	13	49	42	18	8
Agricultura e pesca	44	86	13	49	42	18	8
SECTOR SECUNDARIO	90	139	91	66	55	14	X
Industria e electricidade	90	139	91	66	55	14	X
SECTOR CONSTRUCCIÓN	181	36	55	51	44	46	21
Construción	181	36	55	51	44	46	21
SECTOR SERVIZOS	386	342	191	221	174	97	45
Comercio e hostalería	73	119	85	61	35	8	X
Transporte e comunicacións	53	6	5	20	29	4	X
Outros servizos	260	217	101	140	110	85	41
TOTAL CONTRATOS	701	603	350	387	315	175	77

A maior parte dos contratos aos homes realizáronse nos servizos, o 29,60% do volume total, e despois na construción, o 13,88%. No caso das mulleres a maior parte dos contratos tamén foron asinados nos servizos, o 26,23%, e a continuación no sector secundario, o 10,66%.

Por sectores e idades, destaca o grupo de entre 26 e 35 anos no sector servizos, co 16,95% do volume total da contratación. O segundo colectivo de maior peso relativo é o de menores de 26 anos igualmente nos servizos, co 14,65%. Moi cerca, tamén nos servizos, atópanse os de idades comprendidas entre 36 e 45 anos, o 13,34%. Así as cousas, o 44,94% da contratación está relacionada cos menores de 46 anos que traballan nos servizos.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	81	100	56	70	130
Agricultura e pesca	81	100	56	70	130
SECTOR SECUNDARIO	248	244	199	216	229
Industria e electricidade	248	244	199	216	229
S. CONSTRUCCIÓN	275	230	257	198	217
Construción	275	230	257	198	217
SECTOR SERVIZOS	568	856	728	673	728
Comercio e hostalería	146	213	193	190	192
Transporte e comunicacións	36	36	35	37	59
Outros servizos	386	607	500	446	477
TOTAL CONTRATOS	1.172	1.430	1.240	1.157	1.304

TÁBOA 26: Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 2000-2004.


No período 2000-2004 os contratos creceron no sector primario e nos servizos, con variacións medias do 12,55% e do 6,40% respectivamente, e diminuíron na construción e no secundario, con variacións medias negativas de -5,75% e -1,97 respectivamente. Como consecuencia deste proceso, no transcurso do período o da construción deixa de ser o segundo sector de contratación máis importante en favor do secundario.

A expansión dos contratos dentro dos servizos foi xeneralizada, ocorreu tanto no comercio e hostalería como no transporte e comunicacións e os outros servizos. Nesta última categoría subsectorial, a máis importante en termos absolutos, a variación media foi do 5,43%. Nos outros dous subsectores terciarios foi aínda maior, do 7,09% no comercio e hostalería e do 13,15% no transporte e comunicacións.

Na análise das variación interanuais obsérvase que todos os sectores seguiron evolucións particulares e experimentaron, en diferentes anos, fases de contratación expansivas e regresivas. Nos servizos, sector máis significativo, o volume contractual incrementouse moi notablemente en 2001, o 50,70%, e, en menor magnitude, en 2004, o 8,17%, en tanto que en 2002 e 2003 decreceu nun -14,95% e nun -7,55% respectivamente. Na construción os anos expansivos e regresivos vanse alternando, e no sector secundario as diminucións no número de contratos acontecen na primeira metade do período e os incrementos na segunda metade.

5.4.4.- Tipoloxía da contratación laboral

GRÁFICO 10: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2004.



O 83% dos contratos da comarca son temporais, o 68% a tempo completo e 15% a tempo parcial. Os indefinidos, a tempo completo ou parcial, representan unicamente o 5% do total da contratación.

TÁBOA 27: Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2004.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	24	22	11	13	11	6	5
Indefinido tempo parcial	X	9	X	X	4	X	X
Temporal	508	383	217	286	227	116	45
Temporal tempo parcial	57	144	76	52	42	21	10
Prácticas/Formación	48	34	40	14	11	10	7
Outros	61	11	X	20	20	21	8
TOTAL CONTRATOS	X	603	350	X	315	X	X

A temporalidade predomina tanto no colectivo masculino como no feminino. Os temporais a tempo completo asinados por homes supoñen o 38,96% da contratación total e os asinados por mulleres o 29,37%. Pola súa parte, os temporais a tempo parcial adquiren maior relevancia no caso das mulleres, co 11,04% do total de contratos, que no dos homes, co 4,37%.

A contratación temporal a tempo completo tamén predomina claramente en todas as idades. O grupo de maior peso relativo é o de entre 26 e 35 anos, onde se concentra o 21,93% do total. A continuación sitúanse os de entre 36 e 45 anos, co 17,41%.

O resto de tipos de contratos por grupos de idades representan porcentaxes moi pequenas do volume total de contratación. Dito isto, os colectivos de maior peso relativo, fóra dos temporais a tempo completo, son os tres intervalos de menores de 46 anos contratados temporalmente a tempo parcial e os menores de 26 anos en prácticas/formación, grupos que representan por separado entre o 3% e o 6% da contratación total.

	PRIMARIO Agr. Gand.	SECUNDARIO Industr. e Electric.	CONSTRUCCIÓN Construc.	Comerc.	SERVIZOS Transp. Outros		Total
Indefinido	X	15	6	11	4	9	24
Indefinido tempo parcial	0	0	0	8	X	X	12
Temporal	126	172	157	98	52	286	436
Temporal tempo parcial	X	23	4	65	X	105	171
Prácticas/Formación	0	19	50	10	0	X	13
Outros	0	0	0	0	0	72	72
TOTAL CONTRATOS	130	229	217	192	59	477	728

TÁBOA 28: Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2004.

Os contratos temporais tamén son maioritarios en todos os sectores económicos. Os asinados a tempo completo representan no primario o 9,66% do volume total de contratación, no secundario o 13,19%, na construción o 12,04% e nos servizos o 33,44%. Pola súa banda, os temporais a tempo parcial concéntranse case todos nos servizos.

Desta maneira, a contratación temporal nos servizos, a tempo completo ou parcial, supón o 46,54% dos contratos asinados na comarca de Allariz-Maceda. O segundo nivel de temporalidade correspóndese coa construción. Os contratos temporais realizados neste sector representan o 12,35% do total comarcal.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Indefinido	144	85	32	51	46
Indefinido tempo parcial	7	6	7	7	12
Temporal	791	882	809	813	891
Temporal tempo parcial	143	127	120	114	201
Prácticas/Formación	66	65	89	52	82
Outros	21	265	183	120	72
TOTAL CONTRATOS	1.172	1.430	1.240	1.157	1.304

TÁBOA 29: Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 2000-2004.

No período 2000-2004, todos os tipos de contratos aumentaron en número, agás os indefinidos a tempo completo, nos que a variación media foi de -24,83%. Os temporais a tempo completo expandíronse cunha taxa de variación media do 3,02%. A súa evolución foi descontinua: medran notablemente nos anos 2001, 11,50%, e 2004, 9,59%; diminúen en 2002, -8,28%; e permanecen practicamente estancados en 2003.

Os contratos temporais a tempo parcial incrementáronse a maior ritmo, cunha variación media do 8,88%. A súa evolución foi máis irregular que na outra modalidade de contratación temporal: ata 2004 decreceron ininterrompidamente cunhas taxas de variacións interanuais entre o -5% e o -11%; pola contra, neste último ano de referencia, aumentaron extraordinariamente, o 76,32% respecto a 2003.

5.4.5.- Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

TÁBOA 30: Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2004.

	CONTRATOS Nº	V. MEDIA 00-04
1. Dirección de empresas e administracións públicas	X	13,62
HOMES	X	10,67
MULLERES	X	18,92
2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais	124	32,69
HOMES	84	45,00
MULLERES	40	17,48
3. Técnicos e profesionais de apoio	63	15,02
HOMES	23	6,32
MULLERES	40	22,09
4. Empregados de tipo administrativo	61	11,13
HOMES	21	20,38
MULLERES	40	7,46
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	296	10,71
HOMES	137	13,35
MULLERES	159	8,67
6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca	26	-23,27
HOMES	12	-36,54
MULLERES	14	93,43
7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería	213	0,60
HOMES	164	-4,96
MULLERES	49	62,66
8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	149	-0,33
HOMES	80	-3,95
MULLERES	69	4,89
9. Traballadores non cualificados	367	-3,43
HOMES	177	-9,68
MULLERES	190	5,05
TOTAL CONTRATOS	1.304	2,70
TOTAL HOMES	701	-2,22
TOTAL MULLERES	603	10,46

A distribución por grandes grupos de ocupación permítenos observar que o 78,60% do volume de contratación concéntrase nos seguintes catro grupos:

- Traballadores non cualificados: o 28,14%.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio: o 22,70%.
- Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería: o 16,33%.
- Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores: o 11,43%.

Os principais grupos de ocupación segundo o sexo son os que se expoñen a continuación:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
• Traballadores non cualificados: 13,57%. • Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería: 12,58%. • Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio: 10,51%.	• Traballadoras non cualificadas: 14,57%. • Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio: 12,19%. • Operadoras de instalacións e maquinaria, e montadoras: 5,29%.

A contratación feminina supera á masculina, aínda que por moi pouco, nos cinco grupos seguintes:

- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio: o 12,19% fronte ao 10,51%.
- Empregadas de tipo administrativo: o 3,07% fronte ao 1,61%.
- Técnicas e profesionais de apoio: o 3,07% fronte ao 1,76%.
- Traballadoras non cualificadas: o 14,57% fronte ao 13,57%.
- Traballadoras cualificadas na agricultura e pesca: o 1,07% fronte ao 0,92%.

5.4.6.- Ocupacións máis contratadas

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL	HOMES	MULLERES	RATIO MASCUL. ¹
71100016	Albanel	92	81	11	88,04
25130104	Músico instrumentista, en xeral	71	60	11	84,51
50200018	Camareiro, en xeral	63	30	33	47,62
53300010	Dependente de comercio, en xeral	62	17	45	27,42
96010011	Peón de obras públicas, en xeral	56	19	37	33,93
83630022	Operador de máquina ind. coser á plana, ex. pel: calzado	X	X	51	5,56
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	X	X	51	1,92
86300016	Conductor de camión, en xeral	50	50	0	100,00
96020014	Peón da construción de edificios	49	47	2	95,92
52990063	Técnico de protección civil	48	34	14	70,83
TOTAL		597	342	255	57,29

(1) Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100

TÁBOA 31: As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2004.

As dez ocupacións máis contratadas representan o 45,78% do volume total de contratación da comarca de Allariz-Maceda. En primeiro lugar, destaca polo seu peso relativo a ocupación de albanel, co 7,05% do total da contratación e, en segundo lugar, a de músico instrumentista, co 5,44%. Entre os homes sobresaí a contratación das dúas ocupacións sinaladas, en cambio para as mulleres contratadas predominan as ocupacións de operadora de máquina industrial de coser á plana e muller/mozo de limpeza, limpador.

As ocupacións cunha contratación máis masculinizada son, por esta orde, a de conductor de camión, na que todos os contratos foron asinados por homes, a de peón da construción de edificios, e as dúas citadas arriba, albanel e músico instrumentista, cuns ratios de masculinidade do 95,92%, do 88,04% e do 84,51% respectivamente. Pola banda contraria, as ocupacións máis feminizadas son a de muller/mozo limpeza, limpador e a de operador de máquina industrial de coser á plana, con ratios de masculinidade do 1,92% e do 5,56% respectivamente.

TÁBOA 32: Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 2000 e 2004.

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	Nº CONTRATOS				
		2000	2001	2002	2003	2004
71100016	Albanel	79	81	101	83	92
25130104	Músico instrumentista, en xeral	11	257	177	117	71
50200018	Camareiro, en xeral	59	37	41	41	63
53300010	Dependente de comercio, en xeral	11	89	86	79	62
96010011	Peón de obras públicas, en xeral	21	21	4	11	56
83630022	Operador de máquina ind. coser á plana, ex. pel: calzado	38	80	48	49	54
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	47	57	42	47	52
86300016	Conductor de camión, en xeral	34	42	33	38	50
96020014	Peón da construción de edificios	128	112	86	66	49
52990063	Técnico de protección civil	38	38	42	38	48
97000075	Peón da ind. química	28	21	26	50	43
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	32	50	43	34	26
62410023	Traballador forestal, en xeral	43	48	12	28	2
97000114	Peón fab. mat. e equip. eléctrico / electrónico /ópt.	79	0	2	2	0

A evolución no quinquenio 2000-2004 das dez ocupacións máis contratadas amosa diferentes tendencias. Destacaron polo seu elevado ritmo de crecemento as ocupacións de músico instrumentista e dependente de comercio, cunhas variacións medias por riba do 50%. A de músico instrumentista experimentou un crecemento de magnitude extraordinaria en 2001 e seguiu no resto do período unha tendencia regresiva. A de dependente de comercio presenta a mesma traxectoria evolutiva, aumenta en 2001 e diminúe en todos os anos restantes, pero cunha intensidade moito menos acusada.

Pola súa parte, a ocupación de albanel, a máis importante en 2004 e sempre nalgún dos primeiros postos no resto do período, experimentou un crecemento moderado ao longo destes anos, e acada finalmente unha taxa de variación media do 3,88%. Pola contra, é sinalable a progresiva redución da contratación de peón da construción de edificios, cunha variación media de -21,34%.

En 2004 desapareceron da lista das dez ocupacións máis contratadas as de traballador forestal, peón da industria manufactureira, peón da industria química e peón da fabricación de material e equipo eléctrico/electrónico/óptico, sendo destacable o decrecemento experimentado por esta última en 2001, igual que sucedeu para a primeira ocupación no último ano.

5.5.- FORMACIÓN PROFESIONAL OCUPACIONAL

FAMILIA PROFESIONAL	ALUMNOS		CURSOS	
	Nº	% comarca/provincia	Nº	% comarca/provincia
Agraria	15	8,98	1	10,00
Información e manifestacións artísticas	15	100,00	1	100,00
Industrias téxtiles	15	25,42	1	25,00
TOTAL	45	0,73	3	0,78

TÁBOA 33: Número de alumnos e cursos de formación profesional ocupacional por familia profesional. Ano 2004.

En 2004 celebráronse na comarca de Allariz-Maceda tres cursos de formación ocupacional sen compromiso de contratación aos que asistiron un total de corenta e cinco alumnos. En comparación coa provincia estas cifras supoñen soamente o 0,78% dos cursos e o 0,73% dos alumnos. As únicas familias profesionais que tiveron presenza na comarca foron a agraria, información e manifestacións artísticas e industrias téxtiles; este último curso foi o único ofertado desta familia no conxunto da provincia.

5.6.- CONCLUSIONES

- Un pouco máis da metade das empresas da comarca de Allariz-Maceda encádranse nos servizos, fundamentalmente no comercio e hostalería, e catro de cada dez nos sectores secundario e da construción, principalmente neste último. A maior parte dos traballadores por conta allea e a maioría dos autónomos tamén desenvolven a súa actividade nos servizos. No caso dos asalariados destaca, ademais, a elevada proporción dos que traballan no sector primario, case un de cada catro.
- No quinquenio 2000-2004 o número de empresas da comarca permaneceu practicamente estancado, o de traballadores por conta allea medrou en moi pequena medida e o de autónomos aumentou notablemente. No caso das empresas e dos asalariados, a evolución por sectores tivo diferentes resultados: na construción e, sobre todo, nos servizos foi positiva, mentres que no primario e no secundario foi negativa. O número de autónomos, pola súa parte, creceu en todos os sectores económicos.
- As demandas de emprego proceden principalmente do concello de Allariz e, en menor medida, do de Maceda. A maioría dos demandantes da comarca, o mesmo que na provincia, son parados, sendo a situación laboral máis común a de parado con emprego anterior. Entre os demandantes, tanto nos parados como nos non parados, predominan as mulleres. O grupo de idades máis numeroso difire dunha serie a outra, nos parados é o de maiores de 55 anos e nos non parados o de entre 26 e 35 anos. Na provincia tamén predominan as mulleres. E, por idades, a diferenza da comarca, o grupo de entre 26 a 35 anos predomina tanto no caso dos parados como dos non parados.
- En relación co nivel académico, a gran maioría dos demandantes teñen como máximo a ensinanza obrigatoria, e entre estes destacan os que unicamente posúen o certificado de escolaridade, catro de cada dez do total de demandantes. Por outra parte, o tempo de busca de emprego máis común entre os demandantes parados da comarca é de menos de 6 meses, aínda que nunha proporción moi próxima aos parados de longa duración. Por último, a procedencia da maior parte dos demandantes é o sector servizos.
- As ofertas laborais da comarca situáronse en pouco máis do centenar e a metade destas tiveron lugar no concello de Allariz. No quinquenio 2000-2004 decreceron a gran ritmo, moi por riba do decrecemento acontecido na provincia.
- As ofertas proceden principalmente do sector servizos, aproximadamente sesenta e cinco por cada cen, e despois, en moita menor medida, da construción. A proporción de ofertas de traballo provenientes dos servizos na provincia é maior, setenta e unha de cada cen.
- En tres de cada dez casos o sexo constituíu un requisito para poder acceder a un posto de traballo, e nun de cada dez foi o nivel académico. Maioritariamente a cualificación esixida foi a de formación profesional. Por último, nos centros colaboradores a ocupación máis ofertada no 2004 foi a de camareiro-barman.
- Na comarca asináronse un total de 1.304 contratos, a metade no concello de Allariz. Do mesmo xeito que na provincia, a contratación comarcal incrementouse moderadamente ao longo do período 2000-2004.
- Os contratos realizáronse en maior medida ao colectivo masculino que ao feminino. Con todo, o desequilibrio por xénero en 2004 non é moi elevado: a diferenza na contratación comarcal por sexos sitúase en oito puntos porcentuais fronte aos dez na provincia. En 2000 a contratación masculina e feminina estaban moito máis descompensadas que en 2004.
- Por idades, a maior proporción de contratos reuniuse no grupo de entre 26 e 35 anos. Por sectores, un pouco máis da metade da contratación comarcal debeuse aos servizos, e trinta e catro de cada cen aos sectores secundario e da construción.

- O tipo de contrato predominante é o temporal e dentro deste o realizado a tempo completo. Así ocorre en ambos os sexos, en todas as idades e en todos os sectores económicos. No período 2000-2004, todos os tipos de contratos aumentaron en número agás os indefinidos a tempo completo.
- Por grandes grupos de ocupación, a metade dos contratos concentráronse nos traballadores non cualificados e nos traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio. A ocupación máis contratada foi a de albanel, seguida da de músico instrumentista.
- En canto á formación ocupacional sen compromiso de contratación, celebráronse tres cursos que contaron con quince alumnos cada un. As familias profesionais coas que se relacionaron estes cursos foron a agraria, información e manifestacións artísticas, e industrias téxtiles.



Comarca de Baixa Limia



5.1.- TECIDO EMPRESARIAL

5.1.1.- Tecido empresarial comarcal. Situación actual

SECTORES	EMPRESAS		TRABALLADORES		AUTÓNOMOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
SECTOR PRIMARIO	21	11,17	294	36,07	39	11,44
Agricultura e pesca	21	11,17	294	36,07	39	11,44
SECTOR SECUNDARIO	20	10,64	37	4,54	34	9,97
Industria e electricidade	20	10,64	37	4,54	34	9,97
SECTOR CONSTRUCCIÓN	46	24,47	106	13,01	90	26,39
Construción	46	24,47	106	13,01	90	26,39
SECTOR SERVIZOS	101	53,72	378	46,38	178	52,20
Comercio e hostalería	53	28,19	106	13,01	145	42,52
Transporte e comunicacións	7	3,72	15	1,84	13	3,81
Outros servizos	41	21,81	257	31,53	20	5,87
TOTAL	188	100,00	815	100,00	341	100,00

TÁBOA 1: Número de empresas, traballadores e autónomos.

No tecido empresarial da comarca da Baixa Limia no ano 2004 predomina o sector dos servizos, tanto no referido ás empresas como aos traballadores por conta allea e autónomos.

Algo máis da metade das empresas, o 53,72%, encádranse dentro do sector dos servizos, seguido a considerable distancia polo da construción, co 24,47%. No referente aos subsectores dos servizos, o de comercio e hostalería é o máis representativo, co 28,19% das empresas, situándose a continuación o de outros servizos, co 21,81%.

Do mesmo xeito que no caso das empresas, os traballadores por conta allea agrúpanse de forma maioritaria no sector servizos, que representa o 46,38% do total. A continuación en nivel de importancia atópase o sector primario –36,07%–. Despois do subsector de agricultura e pesca, o máis importante, sitúase o de outros servizos, onde se rexistran o 31,53% dos traballadores.

Os autónomos distribúense de novo de forma maioritaria dentro dos servizos, onde se inclúen o 52,20% do total, seguido do da construción, co 26,39%. No ámbito subsectorial cómpre sinalar que unha parte importante dos traballadores autónomos, o 42,52%, desenvolven a súa actividade no marco do de comercio e hostalería.

5.1.2.- Evolución anual

TÁBOA 2: Evolución do número de empresas.
Período 2000-2004.

	EMPRESAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	37	37	34	17	21
Agricultura e pesca	37	37	34	17	21
SECTOR SECUNDARIO	21	18	21	19	20
Industria e electricidade	21	18	21	19	20
SECTOR CONSTRUCCIÓN	41	44	43	43	46
Construción	41	44	43	43	46
SECTOR SERVIZOS	79	90	101	104	101
Comercio e hostalería	40	50	53	57	53
Transporte e comunicacións	5	6	5	5	7
Outros servizos	34	34	43	42	41
TOTAL	178	189	199	183	188

Na evolución das empresas da comarca da Baixa Limia no período comprendido entre os anos 2000 e 2004 obsérvase unha tendencia ao crecemento, concretada pola variación media do 1,38%. Esta subida é constante ao longo dos cinco anos, a excepción do intervalo 2002-2003, no que as empresas descenden, acadando unha variación interanual negativa do -8,04%.

A evolución do número de empresas presenta importantes diferenzas segundo os distintos sectores produtivos. Deste xeito, no primario e no secundario, as empresas redúcense ao longo deste quinquenio, presentando variacións medias negativas do -13,20% e do -1,21% respectivamente.

Pola contra, nos da construción e dos servizos, o número de empresas da comarca increméntanse, rexistrándose un maior ritmo de crecemento nos servizos. No sector da construción a variación media acadada é do 2,92%, e no dos servizos elévase ao 6,33%. En ambos os sectores, tan só se experimenta unha redución en todo o período, que é no intervalo 2001-2002 para o da construción e no 2003-2004 para o dos servizos. Neste último é preciso destacar que as maiores subidas se producen nos dous intervalos iniciais do quinquenio, obtendo variacións interanuais do 13,92% e do 12,22% respectivamente.

No referente aos subsectores dos servizos, presentan unha traxectoria parella á do sector, acadando variacións medias do 7,29% o de comercio e hostalería e do 4,79% o de outros servizos.

TÁBOA 3: Evolución do número de traballadores.
Período 2000-2004.

	TRABALLADORES				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	366	338	316	320	294
Agricultura e pesca	366	338	316	320	294
SECTOR SECUNDARIO	56	65	59	47	37
Industria e electricidade	56	65	59	47	37
SECTOR CONSTRUCCIÓN	123	134	119	103	106
Construción	123	134	119	103	106
SECTOR SERVIZOS	192	259	351	383	378
Comercio e hostalería	78	92	93	121	106
Transporte e comunicacións	13	17	17	15	15
Outros servizos	101	150	241	247	257
TOTAL	737	796	845	853	815

Na comarca da Baixa Limia, entre os anos 2000 e 2004, a evolución dos traballadores por conta allea presenta unha tendencia positiva, cunha variación media do 2,55%. Ao longo destes cinco anos, os traballadores aumentan de forma constante dende o ano 2000, reducíndose o ritmo de crecemento conforme pasan os anos, pasando a rexistrar un retroceso no último intervalo do período, no 2003-2004, cunha variación interanual negativa de -4,45%.

O sector servizos é o único de todo o conxunto que experimenta un incremento, acadando unha variación media do 18,45%. Deste xeito, este sector marca a pauta expansiva da comarca, sendo destacables as fortes subidas obtidas nos dous intervalos iniciais do período, con variacións interanuais do 34,90% e do 35,52%. No ámbito subsectorial, cabe sinalar o crecemento do número de traballadores do subsector de outros servizos, que non sofre ningún retroceso en todo o quinquenio, e rexistra unha variación media do 26,30%.

Nos sectores restantes, os traballadores descendén, sendo o primario o que manifesta un maior decrecemento en números absolutos, cunha variación media negativa do -5,33%. Neste caso, tan só se observa un crecemento entre os anos 2002 e 2003, reducíndose os traballadores por conta allea nos restantes, sobre todo entre o 2000 e o 2002, con variacións interanuais negativas do -7,65% e do -6,51%. Nos outros dous sectores, o secundario e o da construción, recóllense variacións medias negativas do -9,84% e do -3,65% respectivamente.

	AUTÓNOMOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	30	37	38	37	39
Agricultura e pesca	30	37	38	37	39
SECTOR SECUNDARIO	25	28	25	28	34
Industria e electricidade	25	28	25	28	34
SECTOR CONSTRUCCIÓN	61	63	70	85	90
Construción	61	63	70	85	90
SECTOR SERVIZOS	142	153	159	167	178
Comercio e hostalería	118	127	134	138	145
Transporte e comunicacións	11	12	9	11	13
Outros servizos	13	14	16	18	20
TOTAL	258	281	292	317	341

TÁBOA 4: Evolución do número de autónomos. Período 2000-2004.

Na evolución dos traballadores autónomos da comarca obsérvase unha clara tendencia ao crecemento no período analizado. Deste xeito, de forma global, a variación media obtida é do 7,22%, rexistrada tras unha subida constante e estable no transcurso destes cinco anos.

En todos os sectores da actividade económica, a tendencia é cara ao crecemento. Hai que destacar que as únicas variacións interanuais negativas rexistradas en todo o quinquenio se dan no sector primario entre os anos 2002 e 2003, e no secundario entre o 2001 e 2002. Deste xeito, o sector primario presenta unha variación media do 6,78%, o secundario do 7,99% e o da construción do 10,21%. No sector secundario a subida máis alta do número de autónomos dáse entre os anos 2003-2004, cunha variación interanual do 21,43%, mentres que no da construción o maior crecemento prodúcese no intervalo 2002-2003, cunha variación interanual do 21,43%.

Nos servizos, o sector máis representativo, é no que se produce un maior incremento dos traballadores autónomos da Baixa Limia, cunha variación media final do 5,81%. O subsector de comercio e hostalería marca a evolución do conxunto do sector, presentando unha variación media do 5,29%.

5.2.- DEMANDAS

5.2.1.- Demandantes galegos por concello

TÁBOA 5: Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Bande	134	63	197
Entrimo	60	25	85
Lobeira	61	24	85
Lobios	108	49	157
Muíños	69	27	96
TOTAL	432	188	620

% comarca/provincia – PARADOS	2,36
--------------------------------------	-------------

% comarca/provincia - NON PARADOS	1,86
--	-------------

Na comarca da Baixa Limia recibíronse no ano 2004 un total de 620 demandas de emprego, procedentes na súa maioría dos demandantes parados, que superan aos non parados en todos os concellos, e representan o 69,68% das demandas comarcais.

A maior parte dos demandantes agrúpanse no concello de Bande, que engloba o 31,77% do total. A non moita distancia sitúase Lobios, onde se concentran o 25,32%, seguido dos tres concellos restantes, que reúnen de forma conxunta o 42,91% das demandas.

En relación coa provincia, o peso dos demandantes parados é lixeiramente superior ao dos non parados, que representan respectivamente o 2,36% e o 1,86% das demandas provinciais.

5.2.2.- Demandantes parados. Evolución

TÁBOA 6: Evolución dos demandantes parados.

	2000	2001	2002	2003	2004
Parados comarca	495	413	408	417	432
Variación interanual %	-	-16,57	-1,21	2,21	3,60
COMARCA/TOTAL PROVINCIA	2,80	2,47	2,24	2,26	2,36

Observando a evolución dos demandantes parados da comarca, denótase unha tendencia ao decrecemento no transcurso destes cinco anos. Tal e como se pon de manifesto na táboa anterior, as demandas de emprego redúcense fortemente no ano 2001, onde acadan unha variación interanual negativa do -16,57%. No seguinte ano tamén se reducen, aínda que dunha forma máis leve, pasando a incrementarse posteriormente, pero sen recuperarse do descenso do ano 2001.

En canto ao peso relativo dos demandantes parados da comarca con respecto á provincia, é importante sinalar que se reduce lixeiramente a partir do ano 2001, recuperándose a partir do 2003, e acabando o quinquenio cun peso 0,44 puntos máis baixo que ao inicio deste.

5.2.3.- Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	32	5,16	9,95
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	400	64,52	54,54
NON PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	19	3,06	4,96
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	83	13,39	15,09
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	31	5,00	4,80
	En expediente de regulación de emprego	0	0,00	0,32
	Demandantes de mellora de emprego	32	5,16	7,02
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	20	3,23	2,93
	Resto de demandantes	X	0,48	0,39
	TOTAL	X	100,00	100,00

TÁBOA 7: Situación laboral dos demandantes.

No referido á situación laboral dos demandantes de emprego, o primeiro dato salientable é que máis de seis de cada dez son parados con emprego anterior, en concreto o 64,52%. O segundo colectivo en orde de importancia é o dos non parados con emprego anterior, que conforma o 13,39% do conxunto de demandantes, seguido polo dos parados sen emprego anterior e non parados demandantes de mellora de emprego, que achegan ao total o 5,16% cada un deles.

En relación coa provincia de Ourense, a diferenza máis significativa é a redución en 9,98 puntos dos parados con emprego anterior a nivel provincial, así como o incremento tamén na provincia de 4,79 puntos dos parados sen emprego anterior.

5.2.4.- Demandantes de emprego por sexo e idade

	HOMES N.º	MULLERES N.º	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	20	16	8,33	13,49
26 a 35 anos	39	38	17,82	24,76
36 a 45 anos	44	36	18,52	21,60
46 a 55 anos	56	67	28,47	20,69
56 e máis anos	65	51	26,85	19,46
TOTAL COMARCA	224	208	100,00	2,36
TOTAL PROVINCIA	7.574	10.747	2,36	100,00

TÁBOA 8.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

A distribución segundo o sexo dos demandantes parados da comarca da Baixa Limia amosa unha situación próxima á igualdade, posto que os homes, aínda que maioría, representan o 51,85% do total, 3,7 puntos máis que as mulleres. Fronte a esta realidade atópase a da provincia de Ourense, onde as mulleres formulan a maioría de demandas, en concreto o 58,66%.

No referido á idade, sen distinción de xénero, o 73,84% dos demandantes parados están por encima dos 35 anos. Analizando os grupos de idade de forma individual, o máis numeroso é o de 46 a 55 anos –28,47%–, seguido polo dos maiores de 55 anos, que representan o 26,85%.

Tendo en conta os intervalos de idade segundo o xénero, obsérvase que a maior porcentaxe de demandantes parados nos homes correspóndese cos maiores de 55 anos –15,05%–, seguidos polos de 46 a 55 anos –12,96%–. Nas mulleres, o colectivo máis numeroso é o de 46 a 55 anos –15,51%–, situándose a continuación o das maiores de 55 anos, co 11,81%.

Con respecto á provincia de Ourense, a maior diferenza é que na comarca se aprecia un maior envellecemento dos demandantes, posto que neste territorio os maiores de 45 anos representan un volume porcentual 15,17 puntos superior ao da provincia. Pola contra, os que teñen menos de 36 anos representan a nivel provincial 12,1 puntos máis que na comarca.

TÁBOA 8.2: Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	8	15	12,23	19,89
26 a 35 anos	14	22	19,15	24,48
36 a 45 anos	14	24	20,21	19,75
46 a 55 anos	18	23	21,81	17,93
56 e máis anos	20	30	26,60	17,94
TOTAL COMARCA	74	114	100,00	1,86
TOTAL PROVINCIA	3.706	6.383	1,86	100,00

No caso dos demandantes non parados, predomina claramente o colectivo feminino sobre o masculino, englobando o 60,64% do total das demandas, situación moi semellante á que se dá na provincia de Ourense, onde o peso das mulleres é do 63,27%.

No que atinxe á idade, obsérvase que o 68,62% dos demandantes non parados concéntrase nos intervalos maiores de 35 anos. Tendo en conta a totalidade de demandantes, o grupo cun maior peso relativo é o dos maiores de 55 anos, que achega á mostra o 26,6% do total. A continuación sitúanse os que teñen entre 46 e 55 anos –21,81%–, seguidos moi de cerca polos de 36 a 45 anos, que representan o 20,21%.

No cruce de idade segundo o xénero, o tramo máis significativo nos demandantes non parados masculinos correspóndese cos que teñen máis de 55 anos –10,64%–, seguidos dos que teñen entre 46 e 55 anos –9,57%–. Nas mulleres, as máis representativas son novamente as maiores de 55 anos –15,96%–, situándose a continuación as que teñen entre 36 e 45 anos, co 12,77%.

En relación coa provincia de Ourense, preséntase na comarca unha mostra de demandantes parados dunha idade máis avanzada, rexistrando os maiores de 45 anos un peso relativo 12,54 puntos maior a nivel comarcal.




GRÁFICO 1: Distribución porcentual do total de demandantes por sexo e grupos de idade.

Tras analizar por separado os colectivos de demandantes parados e non parados, represéntase no gráfico anterior a distribución do total de demandantes comarcais segundo o sexo e a idade. Cómpre sinalar, en primeiro lugar, que o grupo de idade que lle dá un maior peso ao conxunto é o dos maiores de 55 anos, que supón o 26,77% do total das demandas. A curta distancia sitúase o de 46 a 55 anos, que representa o 26,46%.

Cabe destacar que na Baixa Limia, o tramo de idade menos significativo é o que engloba os demandantes máis novos, os menores de 26 anos, que representan tan só o 9,52% dos demandantes de emprego.

Nos grupos de idade menores de 55 anos, as demandas femininas superan ás masculinas, mentres que entre os maiores de 55 anos, as masculinas son máis numerosas que as femininas.

5.2.5.- Demandantes por nivel académico

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Ata certificado de escolaridade*	267	97	364
Titulación de ensinanza obrigatoria	115	54	169
Formación profesional	15	5	20
BUP/Bacharelato superior/COU	26	19	45
Titulados universitarios	8	10	18
Outras titulacións	X	X	4
TOTAL	X	X	620

TÁBOA 9: Distribución dos demandantes parados e non parados por nivel académico.

* Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade

Segundo a distribución total de demandantes por nivel académico, pódese observar que a maioría destes, o 58,71%, tan só teñen o certificado de escolaridade. A continuación sitúanse os que teñen a ensinanza obrigatoria –27,26%–, e estudos de bacharelato, co 7,26%.

Analizando de forma individual a distribución relativa dos demandantes parados e non parados, apréciase que en ambos os dous colectivos o grupo máis significativo é o dos que teñen ata certificado de escolaridade, que supoñen o 61,81% entre os parados e o 51,6% entre os non parados. En segundo lugar sitúanse tamén en ambos os colectivos os que acadaron a titulación de ensinanza obrigatoria, que neste caso amosan cifras máis similares, do 26,62% entre os parados e do 28,72% entre os non parados.

5.2.6.- Demandantes parados por tempo de busca de emprego

TABOA 10: Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

		Menos de 6 meses	De 6 meses a 1 ano	Máis de 1 ano	TOTAL
Menor de 26 anos	Homes	18	X	0	20
	Mulleres	12	4	0	16
26 a 35 anos	Homes	25	9	5	39
	Mulleres	18	5	15	38
36 a 45 anos	Homes	26	7	11	44
	Mulleres	14	5	17	36
46 a 55 anos	Homes	27	9	20	56
	Mulleres	20	13	34	67
Máis de 55 anos	Homes	9	9	47	65
	Mulleres	4	8	39	51
TOTAL COMARCA		173	X	188	X
TOTAL PROVINCIA		7.871	2.533	7.917	18.321

Na comarca da Baixa Limia, a maior parte dos demandantes levan máis dun ano á procura dun emprego, representando o 43,52% do total. A curta distancia sitúanse os que levan buscando traballo menos de seis meses, que supoñen o 40,05% dos demandantes parados. Esta situación é moi semellante á que se dá na provincia de Ourense, dado que o colectivo con maior significatividade é tamén o dos que levan buscando emprego máis dun ano –43,21%–, seguido polos que levan buscando menos de seis meses, que representan o 42,96%.

Facendo unha análise máis pormenorizada segundo o sexo, denótase que as mulleres tenden ao paro de menos de seis meses ata os 35 anos, onde esta circunstancia se troca cara ao paro de longa duración. No caso dos homes dáse esta mesma circunstancia ao chegar aos 55 anos.

Entre os demandantes parados de menos de seis meses, a presenza porcentual masculina é superior á feminina, cunha diferenza de 8,57 puntos a prol dos primeiros. En cambio, entre os de longa duración está formado maioritariamente por mulleres, que superan aos homes en 5,08 puntos porcentuais.

5.2.7.- Demandantes por sectores económicos de procedencia

TABOA 11: Demandantes por actividade económica.

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Sector primario	47	15	62
Sector secundario	42	25	67
Construción	90	22	112
Sector servizos	221	99	320
Sen actividade previa	32	27	59
TOTAL	432	188	620

Atendendo á actividade económica de procedencia, cabe destacar que o 51,61% dos demandantes proveñen dos servizos. A considerable distancia sitúanse os pertencentes ao sector da construción –18,06%– e os que veñen do sector secundario, co 10,81%.

Tendo en conta os dous colectivos de forma individual, o sector dos servizos segue sendo o máis representativo en ambos, con porcentaxes moi semellantes. Nos parados sitúanse en segundo lugar os que proceden da construción, co 20,83%, mentres que nos non parados este posto ocúpalo os que proveñen do sector secundario, que representan o 13,30%.




GRÁFICO 2: Demandantes parados na industria.

Dentro da industria, o 57% dos demandantes proceden das actividades de téxtil e confección e alimentación. A certa distancia sitúanse os derivados de outras industrias, co 17%.




GRÁFICO 3: Demandantes parados nos servizos.

As actividades de hostalería e administracións públicas representan conxuntamente o 39% dos demandantes parados nos servizos na Baixa Limia. A continuación en nivel de importancia sitúanse os servizos á comunidade e a educación, que agrupan o 31% dos demandantes.

5.2.8.- As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	90	14,52	9,48
Peón da construción de edificios	57	9,19	3,82
Cociñeiro, en xeral	27	4,35	2,07
Traballador retén incendios forestais	27	4,35	0,45
Albanel	25	4,03	2,46
Camareiro, en xeral	25	4,03	2,88
Empregado administrativo, en xeral	21	3,39	8,36
Dependente de comercio, en xeral	21	3,39	8,24
Peón da ind. manufactureira, en xeral	18	2,90	4,58
Encofrador	12	1,94	0,75

TÁBOA 12: Ocupacións máis demandadas.

5.2.9.- Perfil tipo dos demandantes de emprego

TABOA 13: Perfil máis representativo.

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parado con emprego anterior	Parado con emprego anterior
Sexo	Muller	Muller
Grupo idade	Maiores de 55 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Ata certificado de escolaridade	Ata certificado de escolaridade
Duración demanda	Máis de 1 ano	Máis de 1 ano
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral

5.3.- OFERTAS

5.3.1.- Ofertas no servizo público de emprego galego 2004. Evolución

	TOTAL OFERTAS
Bande	16
Entrimo	4
Lobeira	2
Lobios	1
Muíños	1
TOTAL COMARCA	24

TÁBOA 14: Número de ofertas por concellos.

TOTAL OFERTAS PROVINCIA:	11.122
COMARCA/PROVINCIA:	0,22

Na comarca da Baixa Limia xestionáronse no ano 2004 un total de 24 ofertas de emprego, que representan o 0,22% das realizadas na provincia de Ourense.

Estas ofertas agrúpanse na súa maioría no concello de Bande, que engloba o 66,67% do total. O segundo concello en orde de importancia é o de Entrimo, que recibe o 16,67% das ofertas de emprego.


	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Bande	15	1	7	20	16
Entrimo	16	6	2	4	4
Lobeira	0	0	0	1	2
Lobios	0	13	7	13	1
Muíños	0	3	2	8	1
TOTAL COMARCA	31	23	18	46	24
TOTAL PROVINCIA	12.969	11.664	10.871	11.116	11.122

TÁBOA 15: Evolución das ofertas. Período 2000-2004.

A evolución das ofertas na comarca no período 2000-2004 vén marcada polo decrecemento, acadando unha variación media negativa do -6,2%. No conxunto da comarca, o único incremento que se produce é entre os anos 2002 e 2003, rexistrándose unha redución constante nos intervalos restantes. A nivel provincial tamén se aprecia unha diminución das ofertas de emprego, aínda que a un ritmo menor que na comarca, obtendo neste caso unha variación media negativa do -3,77%.

O concello de Bande marca en certo modo a pauta do conxunto comarcal, debido á concentración de grande número de ofertas nesta localidade. Este concello practicamente mantén o número de ofertas do inicio do período, aumentando só nunha oferta. A diferenza coa totalidade da comarca vén dada polo aumento que se produce entre os anos 2001 e 2002, intervalo no que as ofertas a nivel comarcal decrecen.

GRÁFICO 4: Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.



Comparando Bande co resto de concellos, pódese observar que, partindo dun volume semellante de ofertas, a evolución posterior ata 2002 é diferente. Así, o primeiro descende en 2001 para aumentar no ano seguinte, tendencia inversa á establecida no resto de concellos. Posteriormente, ambos aumentan en 2003 e descenden en 2004, dun xeito máis acusado nos concellos restantes.


5.3.2.- Ofertas segundo os sectores de actividade económica

TÁBOA 16: Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos.

	PRIMARIO	SECUNDARIO	CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS
Bande	0	2	0	14
Entrimo	0	0	0	4
Lobeira	0	0	2	0
Lobios	0	0	0	1
Muíños	0	0	0	1
TOTAL COMARCA	0	2	2	20
TOTAL PROVINCIA	150	953	2.083	7.935

Segundo a distribución de ofertas por concellos e sectores económicos, é salientable que no sector primario non se recibe ningunha oferta laboral en ningún concello. No sector secundario están todas agrupadas no concello de Bande, e no da construción no de Lobeira. Por último, nos servizos o concello de Bande rexistra o 70% das ofertas, seguido a considerable distancia polo de Entrimo, co 20%.

GRÁFICO 5: Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.



Algo máis de oito de cada dez ofertas de emprego da comarca da Baixa Limia concéntranse dentro dos servizos –84%–. Os sectores secundario e da construción engloban o 8% das ofertas cada un deles.

A totalidade das ofertas de emprego realizadas dentro da industria proveñen da actividade de téxtil e confección.

Dentro dos servizos, a maioría das ofertas proceden da actividade de hostalería, concentrándose o resto nas actividades das administracións públicas.

	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Primario	16	0	0	0	0
Secundario	0	1	0	3	2
Construción	1	10	7	4	2
Servizos	14	12	11	39	20
TOTAL COMARCA	31	23	18	46	24
TOTAL PROVINCIA	12.969	11.664	10.871	11.116	11.122

TÁBOA 17: Evolución das ofertas por sectores económicos.

No período comprendido entre os anos 2000 e 2004, nos servizos incrementáanse as ofertas de emprego da Baixa Limia, acadando unha variación media do 9,33%. Este sector presenta unha leve redución entre os anos 2000 e 2002, rexistrando un forte aumento no 2003, para volver a reducirse a continuación.

5.3.3.- Perfil básico das ofertas

Das 24 ofertas rexistradas na comarca, tan só oito tiñan como requirimento o sexo para acceder a un posto de traballo. Destas oito, dúas solicitaban un home e seis unha muller. Con respecto a estas últimas, cómpre sinalar que catro procedían das actividades de hostalería.

O número de ofertas que solicitaban un determinado nivel académico foi nove. Deste número tan reducido, catro demandaban formación profesional, derivando estas últimas das actividades de administracións públicas.

5.3.4.- Análise ocupacional das ofertas

	2000	2001	2002	2003	2004
Camareiro - Barman	0	2	1	5	7
Cociñeiro / Grelleiro / Pizzeiro / Pranchista	0	1	1	2	4

TÁBOA 18: Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.

No ano 2004, a ocupación máis ofertada nos centros colaboradores do servizo galego de colocación é a de camareiro-barman, que ve aumentado moi levemente o seu número de ofertas ao final do período.

Por outra parte, non se rexistraron ofertas nas oficinas de emprego porque non existen estas últimas na comarca.

5.4.- CONTRATOS

5.4.1.- Número de contratos no ámbito comarcal

TÁBOA 19: Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2004.

	Nº
Bande	186
Entrimo	72
Lobeira	46
Lobios	170
Muíños	134
TOTAL COMARCA	608
TOTAL PROVINCIA	55.273

Na Baixa Limia asináronse no ano 2004 un total de 608 contratos laborais, que representan o 1,1% dos realizados na provincia de Ourense. No concello de Bande xestionáronse o 30,59%, seguido polo de Lobios, co 27,96%, e polo de Muíños, co 22,04%.

TÁBOA 20: Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Bande	190	183	135	226	186
Entrimo	102	80	97	116	72
Lobeira	62	70	129	48	46
Lobios	214	180	108	149	170
Muíños	114	98	150	137	134
TOTAL COMARCA *	682	611	619	676	608
TOTAL PROVINCIA	48.332	48.607	49.367	50.587	55.273

A nivel comarcal, a contratación presenta unha tendencia negativa no transcurso destes cinco anos, rexistrando unha variación media negativa do -2,83%. En cambio, na provincia a pauta é positiva, cunha variación media do 3,41%. A nivel provincial o crecemento, aínda que leve, é constante ao longo do período, mentres que na comarca os contratos redúcense nos intervalos inicial e final do quinquenio, con variacións interanuais negativas do -10,41% e do -10,06% respectivamente.

O concello de Muíños é o único onde se rexistra un incremento, cunha variación media do 4,12%. Neste concello tan só existe un intervalo anual onde os contratos aumentan, entre o 2001 e o 2002, cunha variación interanual do 53,06%.

No concello de Bande, a pesar dunha leve diminución en números absolutos, a pauta marcada ao final destes cinco anos é a estabilidade, presentando unha variación media negativa do -0,53%. As contratacións redúcense en todos os intervalos excepto no 2002-2003, onde a variación interanual é do 67,41%. Cabe destacar tamén como flutuación importante o maior decrecemento relativo que se dá neste concello no quinquenio, entre os anos 2001 e 2002, cunha variación interanual negativa do -26,23%.

En Lobios rexístrase o maior descenso en números absolutos, cunha variación media negativa do -5,59%, acadada tras unha tendencia negativa ata o

* Por un cambio metodolóxico na extracción da información das bases de datos, existe unha pequena diferenza entre os valores dos anos 2000 ao 2002, apenas un 0,6%, subsanada nos anos posteriores, con respecto aos datos que proporciona o Servizo Público de emprego estatal (INEM) na súa web.

2002, e unha pauta positiva a partir dese ano. Do mesmo xeito que no caso anterior, a maior diminución prodúcese no tramo 2001-2002, cunha variación media negativa do -40%, e o maior incremento dáse entre o 2002 e o 2003 (37,96%).

5.4.2.- Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

	Nº CONTRATOS		Total
	Homes	Mulleres	
Menos de 26 anos	81	55	136
De 26 a 35 anos	87	86	173
De 36 a 45 anos	99	56	155
De 46 a 55 anos	74	25	99
De 56 e máis anos	36	9	45
TOTAL COMARCA	377	231	608
TOTAL PROVINCIAL	30.749	24.524	55.273

TÁBOA 21: Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2004.

A distribución dos contratos segundo o sexo amosa un reparto desigual entre homes e mulleres, agrupándose entre os primeiros o 62,01% da contratación. A nivel provincial esta desigualdade está menos presente, dado que os homes asinan o 55,63% dos contratos que se realizan na provincia de Ourense.

A contratación sitúase na súa maioría nos grupos de idade máis novos, nos menores de 36 anos, que reúnen o 50,82% dos contratos. Tendo en conta o sexo, o tramo de idade máis significativo entre os homes é o de 36 a 45 anos -16,28%-, situándose a continuación o de 26 a 35 anos -14,31%-. Nas mulleres, en cambio, o grupo con maior peso é o de 26 a 35 anos -14,14%-, seguido do de 36 a 45 anos, que representa o 9,21%.


	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Homes	490	442	403	400	377
Mulleres	192	169	216	276	231
TOTAL CONTRATOS	682	611	619	676	608

TÁBOA 22: Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 2000-2004.

A evolución dos contratos segundo o sexo amosa unha tendencia negativa no caso dos homes, onde se rexistra unha variación media negativa de -6,34%. Neste colectivo, as contratacións redúcense en termos absolutos en todos os intervalos do período, acadando a maior diminución entre os anos 2000 e 2001, cunha variación interanual negativa do -9,8%.

Pola contra, entre as mulleres increméntanse as contratacións, obtendo unha variación media final do 4,73%. Neste caso, os contratos descenden nos intervalos inicial e final do período, presentando fortes incrementos nos intermedios, con variacións interanuais do 27,81% no 2001-2002 e do 27,78% no 2002-2003.

GRÁFICO 6: Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 2000-2004. Valores proporcionais.



As diferenzas na evolución da contratación masculina e feminina na Baixa Limia reflíctense na distribución dos contratos no transcurso do período. Deste xeito, obsérvase como no ano 2000 e 2001 o peso porcentual de ambos os sexos se mantén practicamente estable. En cambio, nos anos 2002 e 2003 aumenta a representatividade feminina, reducíndose a masculina. No ano 2004 invértese esta tendencia.

Como consecuencia desta evolución, pódese observar que no ano 2000 existía unha diferenza porcentual a prol dos homes de 43,7 puntos, que se reduce a 24,02 puntos ao final do período.

TÁBOA 23: Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Menor de 26 anos	180	182	151	176	136
De 26 a 35 anos	197	164	192	161	173
De 36 a 45 anos	154	122	138	169	155
De 46 a 55 anos	123	114	108	119	99
De 56 e máis anos	28	29	30	51	45
TOTAL CONTRATOS	682	611	619	676	608

Tendo en conta a idade, a evolución dos contratos entre os anos 2000 e 2004 amosa un comportamento diferente para os distintos tramos. Deste xeito, no único grupo onde a tendencia é claramente positiva é no dos maiores de 55 anos, que acada unha variación media do 12,59%. Cabe resaltar neste tramo de idade o forte crecemento que se dá entre os anos 2002 e 2003, cunha variación interanual do 70%.

Os contratos realizados no tramo de 36 a 45 anos presentan unha pauta tendente á estabilidade, cunha variación media do 0,16%, aumentando un contrato nestes cinco anos. Neste caso, os contratos redúcense nos intervalos inicial e final do período, e increméntanse nos intermedios. É preciso sinalar que a maior diminución é a que se dá entre o 2000 e o 2001, cunha variación interanual negativa do -20,78%, así como a forte subida producida entre o 2002 e o 2003, acadando unha variación interanual do 22,46%.

Nos intervalos de idade restantes, as contratacións redúcense, rexistrando o maior descenso en termos absolutos o dos menores de 26 anos, cunha variación media negativa do -6,77%. Neste tramo de idade, o maior decrecemento dáse entre os anos 2003 e 2004, cunha variación interanual negati-

va do -22,73%. O mesmo sucede no grupo de 46 a 55 anos, que nese intervalo obtén unha variación interanual negativa do -11,76%, sendo a variación media do período do -5,28%.

Por último, os contratos realizados entre os 26 e os 35 anos tamén experimentan un decrecemento, confirmado pola variación media negativa do -3,2%. Cabe destacar neste caso o ascenso producido entre os anos 2001 e 2002, cunha variación interanual do 17,07%, así como o descenso do intervalo 2000-2001, cunha variación interanual negativa do -16,75%.

5.4.3.- Contratación comarcal segundo os sectores económicos

	N.º
SECTOR PRIMARIO	100
Agricultura e pesca	100
SECTOR SECUNDARIO	22
Industria e electricidade	22
SECTOR CONSTRUCCIÓN	119
Construción	119
SECTOR SERVIZOS	367
Comercio e hostalería	86
Transporte e comunicacións	15
Outros servizos	266
TOTAL CONTRATOS	608

TÁBOA 24: Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos. Ano 2004.

O sector servizos engloba no ano 2004 a maioría dos contratos realizados na comarca da Baixa Limia, posto que no seu marco rexístranse o 60,36% do total. Dentro deste sector, o subsector de outros servizos obtén o maior volume contractual, co 43,75% das contratacións.

O segundo sector en orde de importancia é o da construción, que agrupa o 19,57% dos contratos. Os sectores primario e secundario representan respectivamente o 16,45% e o 3,62% do total.

As actividades de téxtil e confección e alimentación engloban 16 dos 22 contratos realizados na industria.




GRÁFICO 7: Distribución porcentual da contratación nos servizos.

O 27% dos contratos asinados no marco dos servizos prodúcense nos servizos á comunidade. Nun segundo plano sitúanse as actividades das administracións públicas, hostalería e educación, que engloban conxuntamente ao 47% destes contratos.

TÁBOA 25: Distribución da contratación comarcal segundo os sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2004.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
SECTOR PRIMARIO	66	34	13	28	29	23	7
Agricultura e pesca	66	34	13	28	29	23	7
SECTOR SECUNDARIO	9	13	6	X	6	6	X
Industria e electricidade	9	13	6	X	6	6	X
SECTOR CONSTRUCCIÓN	103	16	29	25	27	24	14
Construción	103	16	29	25	27	24	14
SECTOR SERVIZOS	199	168	88	117	X	46	X
Comercio e hostalería	27	59	30	22	25	6	X
Transporte e comunicacións	12	X	X	7	X	0	X
Outros servizos	160	106	55	88	65	40	18
TOTAL CONTRATOS	377	X	X	X	X	99	45

Tanto no colectivo masculino como no feminino, a maior parte dos contratos están situados dentro do sector servizos, que agrupa o 32,73% dos contratos totais e o 27,67%, respectivamente. O segundo sector en orde de importancia entre os primeiros é o da construción –16,94%– e entre as mulleres o primario –5,59%–. Tamén en ambos grupos, o subsector máis representativo é o de outros servizos, co 26,32% das contratacións no caso dos homes e o 17,43% no das mulleres.

Analizando máis polo miúdo a distribución segundo os tramos de idade, obsérvase que o sector servizos é predominante en todos os intervalos, acadando a porcentaxe máis alta no de 26 a 35 anos –19,24%–, seguido polo de 36 a 45 anos –15,3%–. O sector da construción sitúase en segundo lugar en orde de importancia nos tramos dos menores de 26 anos e dos maiores de 45, sendo o primario o que ocupa este lugar nas idades restantes. No referente aos subsectores, o de outros servizos engloba a maior parte dos contratos en todas as idades.

TÁBOA 26: Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	73	65	37	81	100
Agricultura e pesca	73	65	37	81	100
SECTOR SECUNDARIO	51	20	48	67	22
Industria e electricidade	51	20	48	67	22
S. CONSTRUCCIÓN	165	155	91	116	119
Construción	165	155	91	116	119
SECTOR SERVIZOS	393	371	443	412	367
Comercio e hostalería	81	76	79	91	86
Transporte e comunicacións	14	19	17	12	15
Outros servizos	298	276	347	309	266
TOTAL CONTRATOS	682	611	619	676	608

No conxunto do período, o sector primario é o único onde as contratacións se incrementan, acadando unha variación media do 8,19%. Neste sector redúcense os contratos nos dous primeiros intervalos do período, ao tempo que aumentan nos dous restantes; hai que resaltar a subida producida entre os anos 2002 e 2003, onde se acada unha variación interanual do 118,92%.

Nos sectores restantes, polo tanto, os contratos tenden a descender, obtendo o secundario e o da construción variacións medias negativas do -18,96% e do -7,85% respectivamente. No sector servizos obsérvase un decrecemento menor en termos relativos, cunha variación media negativa do -1,7%. Neste caso, os contratos redúcense en todos os intervalos do quinquenio, agás no 2001-2002, onde se rexistra unha variación interanual do 19,41%.

No ámbito subsectorial, o subsector de outros servizos presenta unha evolución parella á do conxunto do sector, obtendo unha variación media final negativa do -2,8%. No de comercio e hostalería, en cambio, as contratacións incrementáanse, cunha variación media final do 1,51%.

5.4.4.- Tipoloxía da contratación laboral




GRÁFICO 8: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2004.

Segundo a tipoloxía de contratación, a comarca da Baixa Limia caracterízase por un forte predominio dos contratos temporais, que representan o 85% do total. Deste xeito, a cuarta parte das contratacións realizadas son temporais a tempo completo, e unha de cada dez son temporais a tempo parcial. Cabe destacar, por último, que os contratos de prácticas/formación supoñen o 8% dos realizados na comarca.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	12	5	X	5	4	4	X
Indefinido tempo parcial	0	X	X	X	0	X	0
Temporal	296	158	107	133	102	78	34
Temporal tempo parcial	15	45	11	18	29	X	X
Prácticas/Formación	33	18	13	10	13	9	6
Outros	21	X	X	6	7	6	X
TOTAL CONTRATOS	377	231	136	X	155	99	45

TÁBOA 27: Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2004.

Tanto nos homes como nas mulleres, a contratación predominante é a temporal a tempo completo. Nesta categoría de contratación rexístranse o 48,68% dos contratos entre o colectivo masculino e o 25,99% entre o feminino. A segunda tipoloxía en orde de importancia nos homes é a de prácticas/formación -5,43%- e nas mulleres a dos contratos temporais a tempo parcial -7,4%- . Cabe destacar neste sentido que os contratos temporais a tempo

parcial, os segundos máis numerosos na comarca, se sitúan en cuarto lugar no caso dos homes, despois dos dous xa comentados anteriormente e dos da categoría outros.

Case todas as fórmulas de contratación son maioritarias entre os homes, a excepción da indefinida a tempo parcial, onde existe unha diferenza porcentual a prol das mulleres de 0,49 puntos, e da temporal a tempo parcial, onde a diferenza é de 4,93 puntos.

No referente á distribución por idade, a contratación temporal a tempo completo é a que conta cun maior peso relativo e todos os tramos, acadando o volume máis elevado no de 26 a 35 anos, onde se sitúan o 21,88% das contratacións. Os contratos de prácticas/formación sitúanse en segundo lugar nos menores de 26 anos e nos que teñen máis de 45, e os temporais a tempo parcial son os segundos máis representativos entre os 26 e os 45 anos.

TÁBOA 28: Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2004.

	PRIMARIO Agr., Gand.	SECUNDARIO Industr. e Electric.	CONSTRUCCIÓN Construc.	Comerc.	SERVIZOS Transp.	Outros	Total
Indefinido	X	0	6	4	X	X	8
Indefinido tempo parcial	0	0	0	X	0	X	X
Temporal	90	16	104	53	12	179	244
Temporal tempo parcial	7	4	X	25	0	22	47
Prácticas/Formación	0	X	7	X	0	39	42
Outros	0	0	0	0	0	23	23
TOTAL CONTRATOS	X	X	X	86	X	266	X

Todas as tipoloxías de contratación se agrupan na súa maior parte no sector servizos, no que o 40,13% son contratos temporais a tempo completo, e o 7,73% temporais a tempo parcial. Esta última categoría é a que ocupa o segundo posto en orde de importancia en todos os sectores, agás no da construción, onde é superada pola de prácticas/formación.

No que respecta aos subsectores, o de outros servizos aglutina a maior parte dos contratos temporais a tempo completo, en concreto o 29,44%, así como maioría dos de prácticas/formación (6,41%).

TÁBOA 29: Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Indefinido	42	21	30	22	17
Indefinido tempo parcial	4	3	5	5	3
Temporal	501	462	459	514	454
Temporal tempo parcial	94	79	62	65	60
Prácticas/Formación	17	21	50	56	51
Outros	24	25	13	14	23
TOTAL CONTRATOS	682	611	619	676	608

Entre os anos 2000 e 2004, todas as tipoloxías de contratación sofren unha redución na comarca, agás a de prácticas/formación, que acada unha variación media do 31,61%. Nesta categoría, os contratos tan só descenden no último intervalo do período, incrementándose nos restantes.

Os contratos que máis se reducen en termos absolutos son os temporais a tempo completo, cunha variación media negativa do -2,43%. Neste caso, en todo o período tan só se recuperan entre os anos 2002-2003, onde presentan unha variación interanual do 11,98%. Os contratos temporais a tempo parcial rexistran unha variación media negativa do -10,62%, mantendo unha evolución parella aos temporais a tempo completo, con tan só

unha progresión en todo o quinquenio no intervalo 2002-2003, cunha variación interanual do 4,84%.

5.4.5.- Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

	CONTRATOS Nº	V. MEDIA 00-04
1. Dirección de empresas e administracións públicas	0	-
HOMES	0	-
MULLERES	0	-
2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais	47	15,95
HOMES	29	16,03
MULLERES	18	15,83
3. Técnicos e profesionais de apoio	X	-3,51
HOMES	X	-26,89
MULLERES	X	1,07
4. Empregados de tipo administrativo	26	14,74
HOMES	8	27,79
MULLERES	18	10,67
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	185	-1,05
HOMES	89	-4,72
MULLERES	96	3,09
6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca	53	7,29
HOMES	37	-1,31
MULLERES	16	100,00
7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufacturera, construción e minería	96	-7,30
HOMES	86	-6,18
MULLERES	10	-14,83
8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	X	-12,85
HOMES	X	-9,92
MULLERES	X	-27,73
9. Traballadores non cualificados	145	-7,26
HOMES	99	-11,99
MULLERES	46	10,37
TOTAL CONTRATOS	608	-2,83
TOTAL HOMES	377	-6,34
TOTAL MULLERES	231	4,73

TÁBOA 30: Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2004.

Os grandes grupos de ocupación cun maior volume de contratación no ano 2004 na Baixa Limia son os seguintes:

- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio: 30,43%.
- Traballadores non cualificados: 23,85%.
- Artesáns/traballadores cualificados da industria manufacturera, construción e minería: 15,79%.

Atendendo á distribución segundo o sexo, aprécianse diferenzas significativas nos contratos en función do grupo de ocupación:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina

- Traballadores non cualificados: 16,28%.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio: 14,64%.
- Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería: 14,14%.

Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina

- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio: 15,79%.
- Traballadoras non cualificadas: 7,57%.
- Técnicas e profesionais de apoio: 3,95%.

Dado o predominio da contratación masculina na comarca, tan só en tres grandes grupos de ocupación a contratación feminina é superior:

- Técnicos e profesionais de apoio. As mulleres superan aos homes en 3,62 puntos.
- Empregadas de tipo administrativo. A diferenza a prol das mulleres é de 1,64 puntos.
- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio. A contratación feminina é 1,15 puntos superior á masculina.

5.4.6.- Ocupacións máis contratadas

TÁBOA 31: As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2004.

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL	HOMES	MULLERES	RATIO MASCUL. ¹
71100016	Albanel	X	69	X	97,18
94400012	Peón forestal	44	39	5	88,64
60220121	Traballador conserv. parques, xardíns hist.	40	27	13	67,50
52990063	Técnico de protección civil	37	31	6	83,78
52300046	Traballador retén incendios forestais	33	27	6	81,82
50200018	Camareiro, en xeral	31	8	23	25,81
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	X	X	23	8,00
25130104	Músico instrumentista, en xeral	X	21	X	91,30
96020014	Peón da construción de edificios	22	22	0	100,00
51130024	Asistente domiciliario (auxiliar axuda domicilio)	19	0	19	0,00
TOTAL		345	X	99	71,30

(1) Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100

Do total dos contratos realizados na Baixa Limia no ano 2004, o 56,74% foron asinados dentro das dez ocupacións máis contratadas que se enumeran na táboa anterior, o que indica unha alta concentración dos contratos nestas ocupacións.

A ocupación máis contratada foi a de albanel, seguida das de peón forestal e traballador, conservador parques e xardíns históricos. Neste senso, xorden diferenzas entre os sexos, dado que no colectivo masculino as máis contratadas son as dúas primeiras anteriores, e no feminino ocupan estes postos as de camareira e muller/mozo de limpeza, limpador.

A presenza da contratación masculina é superior á feminina no conxunto das dez ocupacións, tal e como indica o ratio de masculinidade do 71,3%. Polo alto

nivel de contratación masculina, destacan as de peón da construción de edificios, albanel e músico instrumentista. Pola contra, teñen un perfil marcadamente feminino as de asistente domiciliario e muller/mozo de limpeza, limpador.

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	Nº CONTRATOS				
		2000	2001	2002	2003	2004
71100016	Albanel	73	76	79	111	71
94400012	Peón forestal	59	15	29	43	44
60220121	Traballador conserv. parques, xardíns hist.	4	X	4	17	40
52990063	Técnico de protección civil	36	41	42	37	37
52300046	Traballador retén incendios forestais	41	61	44	31	33
50200018	Camareiro, en xeral	27	31	29	35	31
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	11	14	14	18	25
25130104	Músico instrumentista, en xeral	11	15	30	40	23
96020014	Peón da construción de edificios	27	26	17	18	22
96010011	Peón de obras públicas, en xeral	57	28	76	30	19
50100017	Cociñeiro, en xeral	13	15	22	16	19
51130024	Asistente domiciliario (auxiliar axuda domicilio)	17	24	11	17	19
42100010	Empregado administrativo, en xeral	13	8	10	21	12
52300068	Condutor de coche de bombeiros	17	11	9	10	10
86300016	Condutor de camión, en xeral	21	18	15	16	8
83630013	Operador de máquina ind. de coser e bordar, en xeral	13	4	17	38	X
62410012	Encargado ou capataz forestal	8	16	X	X	X

TÁBOA 32: Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 2000 e 2004.

A evolución das ocupacións máis contratadas na comarca da Baixa Limia entre o 2000 e o 2004 caracterízase pola oscilación na súa composición, dado que 10 delas aparecen e desaparecen da lista ao longo destes cinco anos.

Entre as sete ocupacións que se manteñen entre as máis contratadas en todo o período destaca pola súa evolución positiva unicamente a de camareiro, que acada unha variación media do 3,51%. As de albanel e técnico de protección civil manteñen unha pauta tendente á estabilidade, con variacións medias do -0,69% e do 0,69% respectivamente; en relación coa primeira destaca o descenso do último ano.

As catro ocupacións restantes experimentan un descenso nos contratos neste quinquenio; hai que sinalar a de peón de obras públicas como a que sofre un maior decrecemento en termos absolutos, obtendo unha variación media negativa do -24,02%.

Por último, destaca o forte aumento experimentado no último ano pola ocupación de traballador de conservación de parques e xardíns históricos, ao revés do que sucede coa de operador de máquina industrial de coser e bordar e empregado administrativo.

5.5.- FORMACIÓN PROFESIONAL OCUPACIONAL

TÁBOA 33: Número de alumnos e cursos de formación profesional ocupacional sen compromiso de contratación por familia profesional. Ano 2004.

FAMILIA PROFESIONAL	ALUMNOS		CURSOS	
	Nº	% comarca/provincia	Nº	% comarca/provincia
Artesanía	15	20,27	1	20,00
Industrias téxtiles	13	22,03	1	25,00
Turismo e hostalería	15	5,75	1	6,25
TOTAL	43	0,70	3	0,78


A comarca da Baixa Limia concentra o 0,7% dos alumnos de formación profesional ocupacional da provincia de Ourense, así como o 0,78% dos cursos impartidos.

Hai que destacar que o curso desenvolto dentro da familia de industrias téxtiles tiña compromiso de contratación.

5.6.- CONCLUSIONES

- No sector dos servizos agrúpanse a maioría das empresas e autónomos, así como a maior parte dos traballadores por conta allea da Baixa Limia. Con respecto a este último, cobra unha maior importancia a presenza do sector primario.
- No período comprendido entre os anos 2000 e 2004 experimentouse un incremento tanto de empresas como de traballadores e autónomos. O maior aumento en termos relativos é o destes últimos.
- No sector servizos rexístrase un incremento de empresas, traballadores e autónomos, mentres que no primario e secundario se reducen as empresas e traballadores, e no da construción só os traballadores.
- A comarca da Baixa Limia agrupa o 2,18% das demandas de emprego da provincia de Ourense. Dentro da comarca, case seis de cada dez demandantes concéntranse nos concellos de Bande e Lobios.
- Entre os demandantes parados predominan os homes, mentres que entre os non parados son máis numerosas as mulleres. No referente ao perfil de idade, os grupos de demandantes maiores de 45 anos representan máis da metade do total.
- Os demandantes parados con emprego anterior son os máis numerosos, seguidos a considerable distancia polos non parados con emprego anterior. En canto ao nivel académico, o conxunto máis importante é o dos demandantes con ata certificado de escolaridade, que representan case seis de cada dez.
- Algo máis de catro de cada dez demandantes levan buscando emprego máis dun ano, mentres que catro de cada dez levan buscando menos de seis meses.
- A maioría dos demandantes comarcais proceden do sector servizos, onde destacan as actividades de hostalería e administracións públicas. O segundo sector en orde de importancia é o da construción.
- Do mesmo xeito que sucede na provincia, a ocupación máis demandada na Baixa Limia é a de muller/mozo limpeza, limpador.
- A Baixa Limia rexistra no ano 2004 o 0,22% das ofertas de emprego da provincia de Ourense, presentándose no concello de Bande case sete de cada dez. Entre os anos 2000 e 2004 prodúcese un descenso do número de ofertas comarcal.
- Algo máis de oito de cada dez ofertas proceden do sector servizos, onde a actividade máis representativa é a da hostalería. No período 2000-2004 este sector experimenta un crecemento das ofertas de emprego realizadas no seu marco.
- As ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores no ano 2004 son as de camareiro-barman e cociñeiro/grelleiro/pizzeiro/pranchista.
- Na comarca da Baixa Limia asináronse no ano 2004 o 1,1% dos contratos da provincia de Ourense. Nos concellos de Bande, Lobios e Muíños xestionáronse oito de cada dez. A contratación comarcal presenta unha tendencia negativa no transcurso do período 2000-2004, ao revés do que sucede a nivel provincial.
- Do mesmo xeito que na provincia, a contratación masculina predomina sobre a feminina. A evolución da contratación segundo o sexo reflicte unha tendencia negativa para os homes, e positiva para as mulleres nestes cinco anos.
- Algo máis da metade dos contratos agrúpanse entre os traballadores menores de 36 anos, tendendo a descender conforme aumenta a idade. Observando a evolución neste quinquenio, o único tramo de idade onde as contratacións aumentan é no dos maiores de 55 anos, manténdose entre os que contan entre 36 e 45 anos, e reducíndose nos demais.

- Seis de cada dez contratos realízanse no marco do sector servizos, onde destacan os procedentes dos servizos á comunidade. O segundo sector en orde de importancia é o da construción.
- Tanto nos homes como nas mulleres, o maior volume de contratación prodúcese no sector servizos, no que se concentran tamén a maior parte dos contratos en todos os intervalos de idade. No período analizado, as contratacións tan só se incrementan no sector primario, diminuindo nos restantes, sobre todo nos servizos.
- Tres cuartas partes dos contratos comarcais son temporais a tempo completo, e un de cada dez son temporais a tempo parcial. O primeiro tipo de contratación predomina claramente en todos os sectores produtivos, así como en todas as idades e ambos sexos. A contratación temporal a tempo parcial é a segunda en orde de importancia nas mulleres, e a de prácticas/formación entre os homes.
- Entre os anos 2000 e 2004, a única tipoloxía de contratación na que se incrementan os contratos é a de prácticas/formación.
- O grande grupo de ocupación predominante é o de traballadores de servizos de restauración, persoais protección e vendedores de comercio. Neste grupo é onde máis contratos femininos se rexistran, mentres que nos homes o máis importante é o de traballadores non cualificados.
- As ocupacións con máis contratos en xeral e no colectivo masculino son as de albanel e peón forestal. Pola contra, as máis contratadas entre as mulleres son as de camareira e muller/mozo de limpeza, limpador. As dúas primeiras experimentan un retroceso entre os anos 2000 e 2004, mentres que as dúas últimas se incrementan.
- Na comarca da Baixa Limia impartíronse no ano 2004 tres cursos de formación ocupacional, un deles circunscrito dentro da familia de industrias téxtiles con compromiso de contratación.



Comarca do Carballiño



5.1.- TECIDO EMPRESARIAL

5.1.1.- Tecido empresarial comarcal. Situación actual

SECTORES	EMPRESAS		TRABALLADORES		AUTÓNOMOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
SECTOR PRIMARIO	26	2,76	784	19,83	57	3,20
Agricultura e pesca	26	2,76	784	19,83	57	3,20
SECTOR SECUNDARIO	128	13,60	666	16,85	223	12,54
Industria e electricidade	128	13,60	666	16,85	223	12,54
SECTOR CONSTRUCCIÓN	158	16,79	784	19,83	404	22,71
Construcción	158	16,79	784	19,83	404	22,71
SECTOR SERVICIOS	629	66,84	1.719	43,49	1.095	61,55
Comercio e hostalería	327	34,75	726	18,37	805	45,25
Transporte e comunicacións	38	4,04	179	4,53	71	3,99
Outros servizos	264	28,06	814	20,59	219	12,31
TOTAL	941	100,00	3.953	100,00	1.779	100,00

TÁBOA 1: Número de empresas, traballadores e autónomos.

No tecido empresarial da comarca do Carballiño destaca a importancia que ten o sector servizos no que atinxe a empresas, traballadores e autónomos. En 2004 este sector concentrou o 66,84% das empresas, situándose posteriormente a construción, co 16,79%; o sector secundario, co 13,60%; e o primario, co 2,76%. Por subsectores, a maior parte das empresas agrúpase no comercio e hostalería, o 34,75%, e en outros servizos, o 28,06%.

No que se refire aos traballadores por conta allea, o 43,49% pertencen ao sector servizos. Séguenlle en orde de importancia a construción e o sector primario, ambos coa porcentaxe do 19,83%, e, por último, o sector secundario, co 16,85%. En canto aos subsectores, os outros servizos concentran o 20,59% dos traballadores e comercio e hostalería o 18,37%.

Tal como acontece coas empresas e os traballadores por conta allea, os traballadores autónomos concéntranse nos servizos, o 61,55%; seguidos da construción, o 22,71%; o sector secundario, o 12,54%, e o sector primario, o 3,20%. Hai que sinalar que comercio e hostalería concentra o 45,25% dos traballadores autónomos.

5.1.2.- Evolución anual

TÁBOA 2: Evolución do número de empresas.
Período 2000-2004.

	EMPRESAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	60	58	47	14	26
Agricultura e pesca	60	58	47	14	26
SECTOR SECUNDARIO	132	147	143	133	128
Industria e electricidade	132	147	143	133	128
SECTOR CONSTRUCCIÓN	175	169	161	163	158
Construción	175	169	161	163	158
SECTOR SERVICIOS	517	539	558	600	629
Comercio e hostalería	291	298	299	314	327
Transporte e comunicacións	30	33	32	39	38
Outros servizos	196	208	227	247	264
TOTAL	884	913	909	910	941

O número de empresas na comarca do Carballiño medra de xeito moderado durante o período 2000-2004, cunha variación media do 1,57%; trátase dun crecemento favorecido pola traxectoria do sector servizos. A súa evolución caracterízase pola descontinuidade, así, entre 2000 e 2001 hai un crecemento, cunha variación interanual do 3,28%, seguida dun retroceso entre 2001 e 2002, cunha variación interanual de -0,44%, para posteriormente medrar nos dous intervalos seguintes.

Preséntanse diferenzas por sectores: servizos é o único que crece, cunha variación media do 5,02%, facéndoo en todos os anos do período; os outros tres sectores baixan o seu volume de empresas.

A construción, o segundo sector en importancia tras os servizos, descende o número de empresas, cunha variación media de -2,52%. O descenso prodúcese todos os anos excepto entre 2002 e 2003, cunha variación interanual do 1,24%. O sector secundario redúcese lixeiramente, cunha variación media de -0,77%. A súa evolución caracterízase por comezar o período con crecemento, entre 2000 e 2001, cunha variación interanual do 11,36%; posteriormente decrece de maneira continuada.

O sector que se ve relativamente máis desfavorecido é o primario, que descende durante o quinquenio, cunha variación media de -18,87%. Sofre baixas importantes ata 2003 e recupera o crecemento en 2004.

No que atinxe aos subsectores dos servizos, o de outros servizos é o que crece con maior intensidade, cunha variación media de 7,73%, experimentando un crecemento continuado durante todo o quinquenio. Comercio e hostalería medra, cunha variación media do 2,96%, e o mesmo lle acontece a transporte e comunicacións, cunha variación media do 6,09%.

	TRABALLADORES				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	896	900	873	873	784
Agricultura e pesca	896	900	873	873	784
SECTOR SECUNDARIO	576	602	608	600	666
Industria e electricidade	576	602	608	600	666
SECTOR CONSTRUCCIÓN	739	785	836	773	784
Construcción	739	785	836	773	784
SECTOR SERVICIOS	1.419	1.425	1.474	1.610	1.719
Comercio e hostalería	623	640	654	697	726
Transporte e comunicacións	150	157	159	175	179
Outros servizos	646	628	661	738	814
TOTAL	3.630	3.712	3.791	3.856	3.953

TÁBOA 3: Evolución do número de traballadores. Período 2000-2004.

O número de traballadores por conta allea no período 2000-2004 ten un saldo positivo debido ao crecemento continuado ao longo destes anos, cunha variación media do 2,15%.

Esta tendencia positiva do número de traballadores prodúcese en todos os sectores excepto no primario, cunha variación media de -3,28%, que experimenta unha traxectoria de descenso a partir de 2001, a pesar do estancamento producido en 2003.

O número de traballadores no sector secundario aumenta durante o quinquenio, cunha variación media do 3,70%. A súa evolución caracterízase pola descontinuidade: vese incrementado entre 2000 e 2001 e entre 2001 e 2002, descende levemente entre 2002 e 2003, e crece de xeito máis acusado entre 2003 e 2004, cunha variación interanual do 11%

A construción aumenta o número de traballadores, cunha variación media do 1,49%. O sector evoluciona con descontinuidade e con crecementos de distinta intensidade: aumenta máis intensamente entre 2000 e 2002, descende en 2003 e volver repuntar levemente no último ano.

O sector servizos obtivo o maior crecemento, tanto relativo como absoluto, cunha variación media do 4,91%. A evolución caracterízase polo aumento continuado con distinta intensidade. Ao principio, entre os anos 2000 e 2002, hai un crecemento moderado que se volve máis intenso nos dous últimos anos.

Atendendo aos subsectores dos servizos, cómpre destacar o crecemento de comercio e hostalería, transporte e comunicacións, e outros servizos, con variacións medias anuais do 8,23%, do 8,03% e do 5,51% respectivamente.

	AUTÓNOMOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	33	40	47	53	57
Agricultura e pesca	33	40	47	53	57
SECTOR SECUNDARIO	191	194	205	214	223
Industria e electricidade	191	194	205	214	223
SECTOR CONSTRUCCIÓN	284	319	329	344	404
Construcción	284	319	329	344	404
SECTOR SERVICIOS	831	910	960	1.023	1.095
Comercio e hostalería	614	673	709	751	805
Transporte e comunicacións	57	61	61	72	71
Outros servizos	160	176	190	200	219
TOTAL	1.339	1.463	1.541	1.634	1.779

TÁBOA 4: Evolución do número de autónomos. Período 2000-2004.

A evolución do número de autónomos na comarca do Carballiño durante o período 2000-2004 caracterízase polo crecemento continuado, cunha variación media do 7,36%, producíndose aumentos en todos os sectores

O sector primario obtén unha variación media do 14,64% e aumenta todos os anos, freándose a intensidade do crecemento relativo a medida que se avanza no tempo. En canto ao sector secundario, a súa variación media é do 3,95%, cun aumento do nivel de crecemento nos últimos anos dos período.

A construción experimenta o maior crecemento relativo, cunha variación media do 9,21%. As variacións interanuais máis importantes prodúcense ao inicio e ao final do período: entre 2000 e 2001, cunha variación interanual do 12,32%, e entre 2003 e 2004, cunha variación interanual do 17,44%, sendo as dos anos intermedios moito máis moderadas.

O número de autónomos nos servizos increméntase, cunha variación media do 7,14%; experimenta a maior intensidade de crecemento entre 2000 e 2001, cunha variación interanual do 9,51%. Ademais, todos os seus subsectores obteñen un saldo positivo no período, sendo destacable o aumento en números absolutos de comercio e hostalería, cunha variación media do 7,01%.

5.2.- DEMANDAS

5.2.1.- Demandantes galegos por concello

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Beariz	19	13	32
Boborás	137	81	218
Maside	158	92	250
O Carballiño	729	463	1.192
O Irixo	87	59	146
Piñor	57	35	92
Punxín	49	16	65
San Amaro	87	37	124
San Cristovo de Cea	86	71	157
TOTAL COMARCA	1.409	867	2.276

TÁBOA 5: Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.

% comarca/provincia – PARADOS	7,69
% comarca/provincia - NON PARADOS	8,59

Na comarca do Carballiño, os demandantes de emprego no 2004 ascenden a 2.276 persoas. Destes o 61,91% son demandantes parados e o 38,09% non parados. En todos os concellos o número de demandantes parados supera ao de non parados.

O Carballiño ten máis da metade dos demandantes comarcais, o 52,37%, o 51,74% dos demandantes parados e o 53,40% dos non parados. A continuación aparece Maside, co 10,98% de demandantes da comarca, o 11,21% dos demandantes parados e o 10,61% dos non parados. O concello de Boborás ten o 9,58% dos demandantes totais, o 9,72% dos demandantes parados e o 9,34% dos non parados. Os demais concellos presentan porcentaxes situadas por baixo do 7%.

A comarca do Carballiño supón, respecto da provincia de Ourense, o 7,69% dos demandantes parados e o 8,59% dos non parados.

5.2.2.- Demandantes parados. Evolución

	2000	2001	2002	2003	2004
Parados comarca	1.279	1.223	1.417	1.448	1.409
Variación interanual %	-	-4,38	15,86	2,19	-2,69
COMARCA/TOTAL PROVINCIA	7,24	7,31	7,78	7,85	7,69

TÁBOA 6: Evolución dos demandantes parados.

A tendencia da comarca do Carballiño é a do aumento do volume de demandantes parados durante o período 2000-2004. As variación interanuais evolucionan de xeito discontinuo, con períodos de crecemento en 2002 e 2003, cunhas variacións interanuais respectivas do 15,86% e do 2,19%, e caídas en 2001 e 2004, cunhas variacións interanuais de -4,38% e de -2,69% respectivamente; estes retrocesos non son suficientemente importantes como para frear o crecemento do número de demandantes.

A importancia relativa dos demandantes parados da comarca con respecto á provincia é lixeiramente máis alta en 2004 que ao inicio do período. En 2000 prodúcese o menor peso relativo e o máis alto en 2003.

5.2.3.- Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

TÁBOA 7: Situación laboral dos demandantes.

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	262	11,51	9,95
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	1.147	50,40	54,54
NON PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	113	4,96	4,96
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	391	17,18	15,09
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	117	5,14	4,80
	En expediente de regulación de emprego	4	0,18	0,32
	Demandantes de mellora de emprego	181	7,95	7,02
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	52	2,28	2,93
	Resto de demandantes	9	0,40	0,39
TOTAL		2.276	100,00	100,00

O 50,40% dos demandantes de emprego na comarca do Carballiño son parados con emprego anterior. Moi lonxe desta porcentaxe atópanse os non parados con emprego anterior, o 17,18%, seguidos dos parados sen emprego anterior, o 11,51%.

Sen grandes diferenzas con respecto á distribución provincial, hai que sinalar que na comarca a presenza de demandantes parados con emprego anterior está 4,14 puntos por baixo da porcentaxe provincial.

5.2.4.- Demandantes de emprego por sexo e idade

TÁBOA 8.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	88	107	13,84	13,49
26 a 35 anos	121	230	24,91	24,76
36 a 45 anos	99	210	21,93	21,60
46 a 55 anos	116	156	19,30	20,69
56 e máis anos	162	120	20,01	19,46
TOTAL COMARCA	586	823	100,00	7,69
TOTAL PROVINCIA	7.574	10.747	7,69	100,00

O maior número de demandantes parados recae fundamentalmente no colectivo feminino: as mulleres supoñen o 58,41% do total dos demandantes parados da comarca e os homes o 41,59%. Estas porcentaxes están moi iguais ás provinciais: o 58,66% para o colectivo feminino e o 41,34% para o colectivo masculino.

En canto ás idades, o 60,68% dos demandantes parados son menores de 46 anos e o 39,32% restante sitúase por riba desa idade. O intervalo no que se dan máis casos é o de entre 26 e 35 anos, cunha porcentaxe do 24,91%.

Se se cruzan idade e xénero, as mulleres entre 26 e 35 anos agrupan a maior porcentaxe de demandantes, o 16,32%, seguidas das mulleres de entre 36 e 45 anos, o 14,90%, e dos homes maiores de 55, o 11,50%.

Comparando coa distribución dos demandantes parados da provincia, obsérvanse perfís moi semellantes.

	HOMES	MULLERES	COMARCAL	PROVINCIAL
	N.º	N.º	%	%
Menos de 26 anos	53	84	15,80	19,89
26 a 35 anos	58	142	23,07	24,48
36 a 45 anos	48	127	20,18	19,75
46 a 55 anos	58	101	18,34	17,93
56 e máis anos	99	97	22,61	17,94
TOTAL COMARCA	316	551	100,00	8,59
TOTAL PROVINCIA	3.706	6.383	8,59	100,00

TÁBOA 8.2: Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.

Entre os demandantes parados da comarca tamén predomina o colectivo feminino, co 63,55%, fronte ao 36,45% dos homes. Obsérvase, polo tanto, que a porcentaxe feminina é máis elevada que a das demandantes paradas. En canto á provincia, os datos son semellantes xa que as mulleres representan o 63,27% e os homes o 36,73%.

En relación coa idade, un 59,05% é menor de 46 anos e o 40,95% restante agrúpase por riba desa idade, polo que se trata dun perfil máis envellecido que o dos demandantes parados.

O cruzamento de idade e xénero amosa que o grupo das demandantes non paradas de entre 26 e 35 anos concentran a maior porcentaxe, o 16,38%; ségúenlles as demandantes de entre 36 e 45 anos, o 14,65%, e as de entre 46 e 55 anos, o 11,65%.

O perfil comarcal en canto aos demandantes non parados é máis envellecido que o provincial, xa que na provincia o 35,87% son maiores de 45 anos, mentres que na comarca superan esa idade o 40,95%.




GRÁFICO 1: Distribución porcentual do total de demandantes por sexo e grupos de idade.

No gráfico anterior represéntase a distribución do total de demandantes por sexo e grupos de idades, podéndose advertir que o grupo de idade que xunta un maior número de persoas é o de entre 26 e 35 anos, o que supón o 24,21% do total xeral. Para os intervalos menores de 56 anos, as porcentaxes de demandantes mulleres son máis altas que as dos homes, acontecendo o contrario por riba desta idade.

5.2.5.- Demandantes por nivel académico

TÁBOA 9: Distribución dos demandantes parados e non parados por nivel académico.

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Ata certificado de escolaridade*	638	388	1.026
Titulación de ensinanza obrigatoria	396	234	630
Formación profesional	74	40	114
BUP/Bacharelato superior/COU	171	101	272
Titulados universitarios	110	98	208
Outras titulacións	20	6	26
TOTAL	1.409	867	2.276

* Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade

A distribución dos demandantes parados por nivel académico sinala que o 45,08% posúe ata certificado de escolaridade, o 27,68% ten titulación de ensinanza obrigatoria e o 11,95% BUP/bacharelato superior/COU.

Tanto para os demandantes parados como para os non parados, o certificado de escolaridade é o máis común, o 45,28% para os primeiros e 44,75% para os últimos. As distribucións relativas dos demandantes parados e non parados seguen certo paralelismo nas porcentaxes aínda que existe algunha diferenza, así, os demandantes parados con titulación universitaria representan o 7,81% e os non parados o 11,30%.

5.2.6.- Demandantes parados por tempo de busca de emprego

TÁBOA 10: Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

		Menos de 6 meses	De 6 meses a 1 ano	Máis de 1 ano	TOTAL
Menor de 26 anos	Homes	65	16	7	88
	Mulleres	66	20	21	107
26 a 35 anos	Homes	87	20	14	121
	Mulleres	120	27	83	230
36 a 45 anos	Homes	68	10	21	99
	Mulleres	84	29	97	210
46 a 55 anos	Homes	56	6	54	116
	Mulleres	52	25	79	156
Máis de 55 anos	Homes	51	22	89	162
	Mulleres	22	14	84	120
TOTAL COMARCA		671	189	549	1.409
TOTAL PROVINCIA		7.871	2.533	7.917	18.321

Atendendo á distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego, o 47,62% levan menos de seis meses no proceso de busca. Os que levan máis dun ano supoñen o 38,96 %. Os de seis meses a un ano sitúanse a bastante distancia e suman o 13,41%.

No cruzamento do sexo e a idade obsérvase que os homes ata os 55 anos adoitan levan menos de 6 meses buscando emprego; a partir desa idade o máis frecuente é que estean máis dun ano no proceso de busca. No caso das mulleres, ata os 45 anos o máis habitual é levan menos de seis meses e a partir desta idade predominan as paradas de longa duración.

No que atinxe á comparación das porcentaxes comarcais e provinciais relativas ao tempo de busca de emprego, a porcentaxe de parados de longa duración na provincia é mais alta que na comarca, o 43,21% fronte ao 38,96%.

5.2.7.- Demandantes por sectores económicos de procedencia

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Sector primario	31	24	55
Sector secundario	222	117	339
Construcción	189	115	304
Sector servizos	705	478	1.183
Sen actividade previa	262	133	395
TOTAL	1.409	867	2.276

TÁBOA 11: Demandantes por actividade económica.

A maioría dos demandantes de emprego, xa sexan parados ou non, proceden do sector servizos nunha porcentaxe do 51,98%. A porcentaxe de demandantes parados no sector é do 50,04% e a de non parados é do 55,13%.

O seguinte sector en número de demandantes é o secundario, que concentra o 14,89%, o 15,76% dos parados e o 13,49% dos non parados. Séguelle a construción, co 13,36%: o 13,41% son demandantes parados e o 13,26% non parados.




GRÁFICO 2: Demandantes parados na industria.

O 27% dos demandantes da industria procede das actividades de téxtil e confección, seguido de madeira, co 20%; outras industrias, co 19%; e alimentación e metalurxia e fabricación de produtos metálicos, ambas co 13%.




GRÁFICO 3: Demandantes parados nos servizos.

O 20% dos demandantes parados nos servizos proceden da hostalería, as actividades inmobiliarias e de servizos ás empresas representan o 18%; o comercio o 17%; as administracións públicas o 15%; e os servizos á comunidade o 10%. O 20% restante distribúese nas outras actividades sinaladas no gráfico.

5.2.8.- As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

TÁBOA 12: Ocupacións máis demandadas.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Dependente de comercio, en xeral	229	10,06	8,24
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	227	9,97	9,48
Empregado administrativo, en xeral	197	8,66	8,36
Peón da ind. manufactureira, en xeral	142	6,24	4,58
Peón da construción de edificios	74	3,25	3,82
Albanel	73	3,21	2,46
Operador de máquina ind. coser á plana, ex. pel: calzado	58	2,55	2,17
Cociñeiro, en xeral	50	2,20	2,07
Camareiro, en xeral	49	2,15	2,88
Asistente domiciliario (auxiliar axuda domicilio)	33	1,45	0,98

5.2.9.- Perfil tipo dos demandantes de emprego

TÁBOA 13: Perfil máis representativo.

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parado con emprego anterior	Parado con emprego anterior
Sexo	Muller	Muller
Grupo idade	De 26 a 35 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Ata certificado de escolaridade	Ata certificado de escolaridade
Duración demanda	Menos de 6 meses	Máis de 1 ano
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	Dependente de comercio, en xeral	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral

5.3.- OFERTAS

5.3.1.- Ofertas no servizo público de emprego galego 2004. Evolución

	TOTAL OFERTAS
Beariz	5
Boborás	5
Maside	16
O Carballiño	542
O Irixo	5
Piñor	12
Punxín	4
San Amaro	2
San Cristovo de Cea	6
TOTAL OFERTAS	597

TÁBOA 14: Número de ofertas por concellos.

TOTAL OFERTAS PROVINCIA:	11.122
COMARCA/PROVINCIA:	5,37

A comarca do Carballiño representa o 5,37% das ofertas provinciais. O concello do Carballiño agrupa case todas as ofertas, o 90,79%. Os demais concellos presentan porcentaxes marxinais.

	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Beariz	0	3	0	2	5
Boborás	12	3	9	7	5
Maside	16	25	9	5	16
O Carballiño	735	778	567	556	542
O Irixo	0	7	0	0	5
Piñor	13	4	1	5	12
Punxín	3	2	1	1	4
San Amaro	1	8	5	2	2
San Cristovo de Cea	8	3	2	12	6
TOTAL COMARCA	788	833	594	590	597
TOTAL PROVINCIA	12.969	11.664	10.871	11.116	11.122


TÁBOA 15: Evolución das ofertas. Período 2000-2004.

A evolución das ofertas na comarca do Carballiño durante o período 2000-2004 segue unha tendencia negativa, cunha variación media de -6,70%. Este descenso é máis acentuado que o acontecido no mesmo período na provincia de Ourense, cunha variación media de -3,77%. Os descensos comarcais prodúcese entre 2001 e 2002, cunha variación interanual de -28,69% e máis discretamente entre 2002 e 2003; entre 2000 e 2001 e entre 2003 e 2004 as ofertas medran, se ben con crecementos relativos moi moderados que non alcanzan a paliar a gran perda producida anteriormente. A evolución provincial é diferente: descensos máis moderados que na comarca ao inicio do período, entre 2000 e 2001, cunha variación interanual de -10,06%, e entre 2001 e 2002, cunha variación interanual de -6,80%, aumentando a ritmos máis modestos nos restantes anos.

Considerando os concellos, excepto O Carballiño, os demais amosan porcentaxes residuais das ofertas comarcais. A vila balnearia perde ofertas de xeito case que continuado durante o período 2000-2004, cunha variación media de -7,33%. O único momento de crecemento prodúcese entre 2000 e

2001, cunha variación interanual do 5,85%; nos demais anos acontecen descensos continuados especialmente entre 2001 e 2002, cunha variación interanual de -27,12%.

GRÁFICO 4: Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.



O concello máis significativo da comarca polo número de ofertas é O Carballiño. Nesta localidade as ofertas crecen en 2001 para logo diminuír de xeito acusado en 2002 e xa máis moderadamente en 2003 e 2004. No resto da comarca, ata 2002 a tendencia é a mesma que no Carballiño pero máis suavizada; a partir dese ano invértese o paralelismo debido ao crecemento que se produce.

5.3.2.- Ofertas segundo os sectores de actividade económica

TÁBOA 16: Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos.

	PRIMARIO	SECUNDARIO	CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS
Beariz	0	0	0	5
Boborás	0	0	0	5
Maside	3	1	1	11
O Carballiño	3	85	150	304
O Irixo	0	0	0	5
Piñor	0	6	2	4
Punxín	0	0	0	4
San Amaro	0	0	0	2
San Cristovo de Cea	0	1	0	5
TOTAL COMARCA	6	93	153	345
TOTAL PROVINCIA	150	953	2.083	7.935

O concello do Carballiño concentra a metade das ofertas do sector primario, o 91,40% das ofertas do sector secundario, o 98,04% das ofertas da construción e o 88,12% das ofertas dos servizos. O resto dos concellos amosan porcentaxes moi pequenas ou nulas do total das ofertas comarcais.




GRÁFICO 5: Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.

O 57% das ofertas da comarca do Ribeiro concéntranse no sector servizos, o 26% na construción, e o sector secundario representa o 16%.




GRÁFICO 6: Distribución porcentual das ofertas na industria.

En canto ás ofertas na industria, o 62% concéntranse na madeira, o 13% na alimentación e o 11% na fabricación de produtos minerais non metálicos. As demais ofertas distribúense como se especifica no gráfico.




GRÁFICO 7: Distribución porcentual das ofertas nos servizos.

TÁBOA 17: Evolución das ofertas por sectores económicos.

O 36% das ofertas procedentes dos servizos na comarca do Condado derivan das actividades vinculadas ás administracións públicas. A seguinte actividade en orde de importancia é a educación, cunha porcentaxe do 20%; séguelle a hostalería, co 14%. As demais actividades concentran o 30% restante.

	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Primario	6	20	3	6	6
Secundario	108	93	85	47	93
Construción	200	222	161	167	153
Servizos	474	498	345	370	345
TOTAL COMARCA	788	833	594	590	597
TOTAL PROVINCIA	12.969	11.664	10.871	11.116	11.122

O sector servizos durante o período 2000-2004 experimenta un descenso no número de ofertas, cunha variación media de -7,63%. Este descenso débese, en boa medida, ao importante retroceso experimentado entre 2001 e 2002, cunha variación interanual de -30,72%. Posteriormente prodúcese outro retroceso máis moderado entre 2003 e 2004, cunha variación interanual de -6,76%. Entre 2000 e 2001 e entre 2002 e 2003 as ofertas crecen, aínda que de xeito máis moderado que os descensos.

O segundo sector en importancia é a construción, que durante o quinquenio descende cunha variación media de -6,48%. A súa evolución é desigual, alternando o crecemento co retroceso. Hai que destacar o forte descenso relativo acontecido entre 2001 e 2002, cunha variación interanual de -27,48%.

O sector secundario experimenta un descenso relativo máis moderado que o dos dous sectores anteriores, cunha variación media de -3,67%. Caracterízase por unha traxectoria decrecente ata o ano 2003 e un aumento considerable en 2004, cunha variación interanual do 97,87%.

O sector primario mantense no quinquenio, a pesar das oscilacións relativas experimentadas.

5.3.3.- Perfil básico das ofertas

Tan só un 9,05% das ofertas xestionadas polo Servizo Público de Emprego teñen como requirimento o sexo para acceder a un posto de traballo. Dentro deste tipo de ofertas, o 75,93% demandan homes e o 24,07% mulleres. A maioría destas ofertas proceden do sector servizos, seguidas das derivadas da construción, onde só se solicitan homes neste subconxunto de ofertas.

Dentro do sector servizos, os homes teñen máis ofertas en actividades inmobiliarias e servizos ás empresas e as mulleres requírense especialmente para a hostalería.

O 76,21% das ofertas solicitan un determinado nivel académico. Dentro destas ofertas, o 84,40% piden certificado de escolaridade, un 5,27% ensino obrigatorio e un 3,74% titulación universitaria. No caso dos servizos, as ofertas concéntranse nas administracións públicas para todos os niveis académicos.

5.3.4.- Análise ocupacional das ofertas

	2000	2001	2002	2003	2004
Camareiro – Barman	12	17	12	11	15
Auxiliar administrativo	1	1	4	4	10
Administrativo	0	5	5	2	8
Axente comercial / Vendedor	44	28	3	40	8
Axente de seguros	0	7	2	7	8
Condutor de mercadorías/Condutor de camión en xeral.	1	8	6	3	8
Montador en fábrica	0	0	0	0	5
Empregado/a do fogar	1	0	4	2	5
Inst.montador instalacións eléct/ Electricista/Aux. electric.	1	1	2	5	4
Cociñeiro / Grelleiro / Pizzeiro / Pranchista	2	9	2	9	4

TÁBOA 18.1: Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.

A ocupación máis ofertada polos centros colaboradores na comarca do Carballiño en 2004 é a de camareiro-barman, seguida de auxiliar administrativo. No tocante á evolución, ambas aumentan a súa oferta, cunha variación media de 5,74% e de 77,83%, respectivamente.

	2000	2001	2002	2003	2004
Albanel	62	51	51	48	46
Peón da construción de edificios	77	39	45	50	43
Traballador retén incendios forestais	0	0	0	0	28
Peón forestal	26	91	41	15	25
Camareiro, en xeral	29	11	27	22	22
Asistente domiciliario (auxiliar axuda domicilio)	23	23	10	14	19
Carpinteiro, en xeral	8	0	3	4	19
Técnico de protección civil	2	15	13	13	18
Encofrador	9	19	10	6	16
Canteiro de construción	18	7	5	27	16
Peón de obras públicas, en xeral	24	63	37	26	16
Peón da ind. da madeira e cortiza	48	2	6	7	16

TÁBOA 18.2: Ocupacións máis ofertadas nas oficinas de emprego.

Nas oficinas de emprego as ocupacións máis ofertadas en 2004 son a de albanel e peón da construción de edificios. Ambas retroceden no número de ofertas, cunha variación media de -7,19% e de -13,55% respectivamente. Cómpre destacar o descenso producido nas ofertas de peón de obras públicas e peón da industria da madeira e da cortiza, cunha variación media de -9,64% e de -24,02% respectivamente.

5.4.- CONTRATOS

5.4.1.- Número de contratos no ámbito comarcal

TÁBOA 19: Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2004.

	Nº
Beariz	70
Boborás	65
Maside	248
O Carballiño	1.874
O Irixo	67
Piñor	152
Punxín	72
San Amaro	60
San Cristovo de Cea	105
TOTAL COMARCA	2.713
TOTAL PROVINCIA	55.273

Os contratos realizados na comarca do Carballiño en 2004 representan o 4,91% do total dos da provincia de Ourense. En canto aos concellos que compoñen a comarca, O Carballiño concentra o 69,07% do total da contratación comarcal, Maside o 9,14%, Piñor o 5,60% e San Cristovo de Cea o 3,87%; os demais concellos obteñen porcentaxes por baixo do 3%.

TÁBOA 20: Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Beariz	29	29	43	66	70
Boborás	139	94	52	125	65
Maside	260	248	232	222	248
O Carballiño	1.614	1.399	1.416	1.586	1.874
O Irixo	90	74	81	66	67
Piñor	115	101	112	139	152
Punxín	63	35	40	59	72
San Amaro	46	60	34	33	60
San Cristovo de Cea	112	105	115	96	105
TOTAL COMARCA*	2.468	2.145	2.125	2.392	2.713
TOTAL PROVINCIA	48.332	48.607	49.367	50.587	55.273

A contratación na comarca do Carballiño aumenta no período 2000-2004, cunha variación media do 2,39%. Este ritmo de crecemento é inferior ao que experimenta a provincia de Ourense, cunha variación media do 3,41%.

A evolución da comarca caracterízase polo importante descenso en 2001, cunha variación interanual de -13,09%, para, posteriormente, descender de xeito máis moderado en 2002, a partir deste ano a contratación comeza unha traxectoria ascendente, como manifesta a variación interanual acadada en 2004, o 13,42%. A evolución provincial caracterízase polo crecemento de xeito continuado, destacando a variación interanual do último ano, o 9,26%.

No concello do Carballiño é onde en termos absolutos máis medra a contratación, o que representa unha variación media do 3,80%. A súa evolución caracterízase por descender en 2001, cunha variación interanual de -13,32%, e a partir dese momento aumentar continuamente con intensidade crescente, tendo en 2004 unha variación interanual do 18,16%.

* Por un cambio metodolóxico na extracción da información das bases de datos, existe unha pequena diferenza entre os valores dos anos 2000 ao 2002, apenas un 0,6%, subsanada nos anos posteriores, con respecto aos datos que proporciona o Servizo Público de emprego estatal (INEM) na súa web.

No que atinxe aos concellos de Beariz, Piñor, experimentan unha evolución positiva na súa contratación, cunhas variacións medias do 24,65% e do 7,22%, respectivamente. Pola contra, Boborás é o que máis retrocede en termos relativos, cunha variación media de -17,31%, sendo destacable tamen o descenso producido en Maside, variación media de -1,17%.

5.4.2.- Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

	Nº CONTRATOS		Total
	Homes	Mulleres	
Menos de 26 anos	464	280	744
De 26 a 35 anos	564	315	879
De 36 a 45 anos	386	202	588
De 46 a 55 anos	276	94	370
De 56 e máis anos	107	25	132
TOTAL COMARCA	1.797	916	2.713
TOTAL PROVINCIAL	30.749	24.524	55.273

TÁBOA 21: Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2004.

Na contratación comarcal predomina o colectivo masculino, que representa o 66,24% do total; o 33,76% da contratación realízase a mulleres. Esta masculinización da contratación é menos evidente no caso provincial, onde os contratos aos homes representan un 55,63% e ás mulleres un 44,73%.

O 59,82% dos contratos son asinados por menores de 36 anos, pertencendo un 37,89% ao colectivo masculino e un 21,93% ao colectivo feminino. Entre os maiores de 35 anos tamén se produce unha maior presenza masculina que feminina, o 28,34% fronte ao 11,83%. A maior porcentaxe de contratación prodúcese nos homes de entre 26 e 35 anos, o 20,79%.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Homes	1.700	1.437	1.448	1.588	1.797
Mulleres	768	708	677	804	916
TOTAL CONTRATOS	2.468	2.145	2.125	2.392	2.713


TÁBOA 22: Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 2000-2004.

A contratación masculina e a feminina aumentaron durante o quinquenio. O maior crecemento apareceu no colectivo feminino, cunha variación media do 4,50%, mentres que o colectivo masculino medrou cunha variación media do 1,40%.

A evolución da contratación do colectivo masculino caracterízase polo descenso entre 2000 e 2001, cunha variación interanual de -15,47%; posteriormente aumenta de xeito continuado e con intensidade crecente ata o final do período.

En canto ao colectivo feminino, a evolución caracterízase polos descensos na contratación do inicio do período, entre 2000 e 2001, cunha variación interanual de -7,81%, e entre 2001 e 2002, cunha variación interanual de -4,38%. Nos anos seguintes prodúcese crecementsos de grande importancia que determinan o aumento global para o período, entre 2002 e 2003, cunha variación interanual do 18,76%, e entre 2003 e 2004, cunha variación interanual do 13,93%.

GRÁFICO 8: Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 2000-2004. Valores proporcionais.



Segundo a distribución en ambos os sexos, a contratación masculina alcanza o seu valor máis alto na comarca en 2000, co 68,88% da contratación. A súa evolución para o resto do período é lixeiramente descendente, producíndose o valor máis baixo en 2004, coa porcentaxe de 66,24% da contratación comarcal. Ao final do período, a distancia entre contratación masculina e feminina é lixeiramente menor que ao inicio: a diferenza entre ambos os grupos en 2000 era de 37,76 puntos e en 2004 é de 32,48 puntos.

TÁBOA 23: Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Menor de 26 anos	863	683	619	759	744
De 26 a 35 anos	710	634	666	735	879
De 36 a 45 anos	460	406	415	506	588
De 46 a 55 anos	296	308	296	265	370
De 56 e máis anos	139	114	129	127	132
TOTAL CONTRATOS	2.468	2.145	2.125	2.392	2.713

Os grupos de idade que experimentan unha evolución positiva na contratación ao longo do período son os de entre 26 e 35 anos, cunha variación media do 5,48%, que amosa unha evolución caracterizada polo aumento do número de contratos a partir de 2001; o de entre 36 e 45 anos, cunha variación media do 6,33%, ten unha evolución similar a do intervalo anterior; o intervalo de idade posterior tamén ve aumentada a súa contratación, cunha variación media do 5,74%, se ben aumenta ao principio e ao final do período.

Os grupos restantes experimentan retrocesos na contratación: os menores de 26 anos, cunha variación media de -3,64%, con descensos todos os anos excepto entre 2002 e 2003, e os maiores de 55 anos, cunha variación media de -1,28%, presentan unha evolución descontinua.

5.4.3.- Contratación comarcal segundo os sectores económicos

	N.º
SECTOR PRIMARIO	75
Agricultura e pesca	75
SECTOR SECUNDARIO	451
Industria e electricidade	451
SECTOR CONSTRUCCIÓN	665
Construción	665
SECTOR SERVICIOS	1.522
Comercio e hostalería	530
Transporte e comunicacións	188
Outros servizos	804
TOTAL CONTRATOS	2.713

TÁBOA 24: Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos. Ano 2004.

Un 56,10% da contratación comarcal realízase no sector servizos, destacando o subsector outros servizos, co 29,64%, e comercio e hostalería, co 19,54%. O segundo sector en importancia é a construción, co 24,51%, seguido do secundario, co 16,62%.




GRÁFICO 9: Distribución porcentual da contratación na industria.

O 34% da contratación na industria converxe na madeira, o 32% en fabricación de produtos minerais non metálicos e o 13% en téxtil e confección. O 21% restante distribúese nas actividades reflectidas no gráfico.




GRÁFICO 10: Distribución porcentual da contratación nos servizos.

O 19% dos contratos nos servizos realizáronse ás actividades de servizos á comunidade, seguidos da hostalería, o 18%; o comercio e as administracións públicas, ambas co 15%.

TÁBOA 25: Distribución da contratación comarcal segundo os sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2004.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
SECTOR PRIMARIO	68	7	24	26	9	15	X
Agricultura e pesca	68	7	24	26	9	15	X
SECTOR SECUNDARIO	314	137	135	148	108	43	17
Industria e electricidade	314	137	135	148	108	43	17
SECTOR CONSTRUCCIÓN	620	45	174	184	135	117	55
Construción	620	45	174	184	135	117	55
SECTOR SERVICIOS	795	727	411	521	336	195	59
Comercio e hostalería	183	347	239	153	91	42	5
Transporte e comunicacións	143	45	22	73	51	29	13
Outros servizos	469	335	150	295	194	124	41
TOTAL CONTRATOS	1.797	916	744	879	588	370	X

En todos os sectores predomina a contratación masculina sobre a feminina, pero non acontece o mesmo se atendemos aos subsectores, pois no comercio e hostalería predominan as mulleres, o 12,79% do total da contratación fronte ao 6,75%. A contratación feminina concéntrase en maior medida nos servizos, o 26,80%, en tanto que a masculina repártese dun xeito máis equilibrado entre o sector servizos e secundario, o 29,30% e o 22,85%, respectivamente.

A presenza feminina nos demais sectores é residual. Destaca tan só o caso da industria, no que representan o 5,05% dos contratos.

O 46,73% da contratación comarcal faise a menores de 46 anos no sector servizos e un 23,55% converxe no subsector outros servizos, que é o subsector que xunta un maior volume de contratación en todas as idades excepto para os menores de 26 anos, no que o subsector que cobra máis importancia é o comercio e hostalería.

No sector secundario, a maior porcentaxe de contratación prodúcese nos menores de 36 anos, co 10,44%. Por outra parte, a contratación aos maiores de 55 anos realízase case por igual nos servizos, o 2,17%, e na construción, o 2,03%.

TÁBOA 26: Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	31	22	13	68	75
Agricultura e pesca	31	22	13	68	75
SECTOR SECUNDARIO	356	366	324	333	451
Industria e electricidade	356	366	324	333	451
S. CONSTRUCCIÓN	614	600	640	675	665
Construción	614	600	640	675	665
SECTOR SERVICIOS	1.467	1.157	1.148	1.316	1.522
Comercio e hostalería	535	470	472	470	530
Transporte e comunicacións	125	117	118	144	188
Outros servizos	807	570	558	702	804
TOTAL CONTRATOS	2.468	2.145	2.125	2.392	2.713

A contratación no sector servizos aumenta no período 2000-2004, cunha variación media do 0,92%. A súa evolución caracterízase polo forte descenso en 2001 e a súa subida a partir de 2003. En canto aos subsectores dos servizos,

o comercio e a hostalería e os outros servizos case permanecen estables entre 2000 e 2004, mentres que o de transporte e comunicacións crece, cunha variación media do 10,74%.

A construción segue unha tendencia crecente e acada unha variación media do 2,01%, medrando entre os anos 2001 e 2003 e descendendo nos restantes. Os sectores primario e secundario ven aumentada a súa contratación, cunhas variacións medias do 24,72% e do 6,09% respectivamente. O primeiro aumenta a partir de 2003, mentres que o segundo só descende en 2002.

5.4.4.- Tipoloxía da contratación laboral




GRÁFICO 11: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2004.

O 67% da contratación realizada na comarca é temporal a tempo completo. O 16% é contratación temporal a tempo parcial, un 6% en prácticas/formación e un 6% indefinido a tempo completo.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	100	63	42	48	34	27	12
Indefinido tempo parcial	7	34	8	17	12	4	0
Temporal	1.411	425	426	620	421	264	105
Temporal tempo parcial	126	312	162	142	89	37	8
Prácticas/Formación	80	73	101	21	12	17	X
Outros	73	9	5	31	20	21	5
TOTAL CONTRATOS	1.797	916	744	879	588	370	X

TÁBOA 27: Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2004.

A contratación temporal a tempo completo é a máis común tanto para o colectivo masculino como para o feminino. A contratación masculina é a predominante para todas as modalidades, excepto as que implican tempo parcial: as mulleres alcanzan unha porcentaxe do 11,50% do total da contratación na modalidade temporal a tempo parcial, fronte ao 4,64% dos homes; en canto á contratación indefinida a tempo parcial, as mulleres representan o 1,25% e os homes o 0,26%.

A contratación temporal a tempo completo predomina en todos os grupos de idade fronte a outros tipos de contratación. A contratación temporal a

tempo parcial incide máis nos grupos de menos idade, así como acontece cos contratos en prácticas, especialmente nos menores de 26 anos. A contratación indefinida é a segunda tipoloxía en importancia tras a contratación temporal a tempo completo para os maiores de 55 anos.

TÁBOA 28: Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2004.

	PRIMARIO Agr., Gand.	SECUNDARIO Industr. e Electric.	CONSTRUCCIÓN Construc.	Comerc.	Transp.	SERVIZOS Outros	Total
Indefinido	13	22	48	49	9	22	80
Indefinido tempo parcial	0	17	0	8	X	13	24
Temporal	60	361	522	241	158	494	893
Temporal tempo parcial	X	30	59	191	18	139	348
Prácticas/Formación	X	21	36	40	0	55	95
Outros	0	0	0	1	0	81	82
TOTAL CONTRATOS	75	451	665	530	X	804	1.522

A contratación temporal a tempo completo é a máis común para todos os sectores e subsectores. O sector servizos concentra a maior porcentaxe deste tipos de contratos, co 32,92% do total de contratación, destacando a porcentaxe acadada no subsector outros servizos, o 18,21%. Os demais tipos de contratación tamén predominan neste sector, aínda que a súa presenza é moito máis reducida. Cómpre destacar a contratación temporal a tempo parcial como a segunda modalidade en importancia, aínda que lonxe da anterior, e que tamén predomina no sector servizos, co 12,83%.

TÁBOA 29: Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Indefinido	106	128	158	128	163
Indefinido tempo parcial	67	27	37	37	41
Temporal	1.541	1.358	1.341	1.578	1.836
Temporal tempo parcial	421	421	416	390	438
Prácticas/Formación	205	113	102	181	153
Outros	128	98	71	78	82
TOTAL CONTRATOS	2.468	2.145	2.125	2.392	2.713

Os contratos temporais a tempo completo experimentan o maior crecemento de todos os tipos de contratación durante o período 2000-2004, cunha variación media do 4,48%. A súa evolución caracterízase polo retroceso do inicio do período para posteriormente recuperar o crecemento a partir de 2003. A contratación temporal a tempo parcial medra discretamente, cunha variación media do 0,99%, aumentando só no último ano. A contratación indefinida, en termos relativos, obtén o maior ascenso, variación media 11,36%, ao descender só en 2003.

5.4.5.- Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

	CONTRATOS Nº	V. MEDIA 00-04
1. Dirección de empresas e administracións públicas	X	7,46
HOMES	X	0,00
MULLERES	X	18,92
2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais	204	5,13
HOMES	150	9,07
MULLERES	54	-3,00
3. Técnicos e profesionais de apoio	114	-3,42
HOMES	88	-0,28
MULLERES	26	-11,30
4. Empregados de tipo administrativo	163	8,41
HOMES	32	-8,17
MULLERES	131	15,74
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	528	1,68
HOMES	147	-3,43
MULLERES	381	4,05
6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca	28	-14,74
HOMES	15	-17,26
MULLERES	13	-11,30
7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería	591	-1,23
HOMES	551	-1,78
MULLERES	40	8,37
8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	301	6,27
HOMES	222	3,43
MULLERES	79	17,11
9. Traballadores non cualificados	780	4,87
HOMES	590	5,79
MULLERES	190	2,22
TOTAL CONTRATOS	2.713	2,39
TOTAL HOMES	1.797	1,40
TOTAL MULLERES	916	4,50

TÁBOA 30: Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2004.

Os grandes grupos de ocupación cun maior volume de contratos son:

- Traballadores non cualificados: representan o 28,75% do total comarcal.
- Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería: o 21,78%.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio: o 19,46%.
- Operadores de instalación de maquinaria e montadores: o 11,09%.

Segundo o xénero, os grupos mais significativos son os seguintes:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
• Traballadores non cualificados: o 21,75%. • Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería: o 20,31%. • Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores: o 8,18%.	• Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio: o 14,04%. • Traballadoras non cualificadas: o 7%. • Empregadas de tipo administrativo: o 4,83%.

Só en dous grandes grupos de ocupación predomina a contratación feminina:

- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio, que supón un 14,04% para o colectivo feminino e un 5,42% para o colectivo masculino.
- Empregadas de tipo administrativo: o 4,83% fronte ao 1,18%.

5.4.6.- Ocupacións máis contratadas

TÁBOA 31: As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2004.

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL	HOMES	MULLERES	RATIO MASCUL. ¹
50200018	Camareiro, en xeral	211	56	155	26,54
96020014	Peón da construción de edificios	205	205	0	100,00
71100016	Albanel	177	169	8	95,48
71200017	Encofrador	X	141	X	99,30
94400012	Peón forestal	121	106	15	87,60
86300016	Condutor de camión, en xeral	X	107	X	98,17
42100010	Empregado administrativo, en xeral	91	22	69	24,18
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	89	11	78	12,36
25130104	Músico instrumentista, en xeral	87	79	8	90,80
97000066	Peón da ind. da madeira e cortiza	78	37	41	47,44
TOTAL		1.310	933	377	71,22

(1) Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100

O 48,29% do total de contratos da comarca do Carballiño realízanse entre as dez ocupacións máis contratadas. Destacan a de camareiro en xeral, co 7,78%; peón da construción de edificios, co 7,56% e albanel, co 6,52%.

As ocupacións máis contratadas para o colectivo masculino son as de peón da construción, co 11,41% do total de contratos masculinos; albanel, co 9,40%, e encofrador, co 7,85%. Para o colectivo feminino son a de camareira en xeral, co 16,92%; muller de limpeza, co 8,52%, e empregada administrativa, co 7,53%.

A contratación masculina é superior á feminina no conxunto das dez ocupacións máis contratadas, como reflicte o ratio de masculinidade do 71,22%. Destacan polo alto nivel de contratación masculina as de peón da construción de edificios, cun ratio do 100%; encofrador, do 99,30%, e condutor de camión, do 98,17%. Domina a contratación feminina en muller/mozo de limpeza, co 12,36%; empregada administrativa, co ratio do 24,18%, e camareira, ratio do 26,54%.

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	Nº CONTRATOS				
		2000	2001	2002	2003	2004
50200018	Camareiro, en xeral	182	150	155	169	211
96020014	Peón da construción de edificios	114	173	158	136	205
71100016	Albanel	268	179	170	183	177
71200017	Encofrador	70	52	49	88	142
94400012	Peón forestal	84	84	99	136	121
86300016	Condutor de camión, en xeral	77	92	97	96	109
42100010	Empregado administrativo, en xeral	85	69	83	106	91
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	84	84	87	87	89
25130104	Músico instrumentista, en xeral	85	76	62	77	87
97000066	Peón da ind. da madeira e cortiza	85	59	70	91	78
53300010	Dependente de comercio, en xeral	93	44	56	92	74
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	82	94	56	52	71
96010011	Peón de obras públicas, en xeral	40	59	39	37	44

TÁBOA 32: Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 2000 e 2004.

Hai tres ocupacións que estiveron entre as dez máis contratadas nos primeiros anos do período, pero deixan de estar en 2004: dependente de comercio, peón da industria manufactureira e peón de obras públicas; as dúas primeiras presentan variacións medias de -5,55% e de -3,54%, mentres que a última, peón de obras públicas, ao final do período aparece máis contratada que ao inicio, cunha variación media do 2,41%.

As subidas máis importantes en termos relativos prodúcense nas ocupacións de encofrador, cunha variación media do 19,34%, grazas ao seu incremento entre 2003 e 2004; peón da construción de edificios, cunha variación media do 15,80%, que amosa certa discontinuidade no seu crecemento pero medra de xeito especial entre 2003 e 2004.

Os descenso máis importantes prodúcense na ocupación de albanel, que obtén unha variación media de -9,85%, cun descenso pronunciado entre 2000 e 2001, e peón da industria da madeira e da cortiza, cunha variación media de -2,13%.

5.5.- FORMACIÓN PROFESIONAL OCUPACIONAL

TÁBOA 33: Número de alumnos e cursos de formación profesional ocupacional por familia profesional. Ano 2004.

FAMILIA PROFESIONAL	ALUMNOS		CURSOS	
	Nº	% comarca/provincia	Nº	% comarca/provincia
Administración e oficinas	51	8,59	3	8,33
Comercio	14	3,46	1	3,85
Servizos ás empresas	31	1,78	2	1,82
Seguros e finanzas	47	12,98	3	13,04
Servizos á comunidade e persoais	52	8,33	3	8,57
Turismo e hostalería	19	7,28	1	6,25
TOTAL	214	3,48	13	3,39

No relativo á formación profesional ocupacional no Carballiño, en 2004 foron formadas 214 persoas. A familia profesional na que máis alumnos participaron é a de servizos á comunidade e persoais, o que representa un 24,30% dos alumnos comarcais. Séguelle administración e oficinas, co 23,83% dos alumnos da comarca. En relación coa provincia de Ourense, seguros e finanzas representa o 12,98% do alumnado e administración e oficinas o 8,59%. En canto aos cursos, os da familia de seguros e finanzas representan o 13,04% do total provincial.

5.6.- CONCLUSIONES

- A maioría das empresas e traballadores por conta allea e autónomos da comarca do Carballiño concéntranse no sector servizos. O número de empresas, traballadores por conta allea e autónomos experimenta incrementos no período 2000-2004. O maior incremento relativo deuse entre os traballadores autónomos.
- O sector servizos rexistra un crecemento en número de empresas, de traballadores por conta allea e, en maior medida, de traballadores autónomos. O sector primario e a construción experimentan descenso no número de empresas e traballadores por conta allea, aumentando o número de autónomos. O sector secundario descende no número de empresas e aumenta nos traballadores e autónomos.
- A comarca do Carballiño concentra, respecto á provincia de Ourense, o 7,69% dos demandantes parados e o 8,59% dos non parados. O concello con maior número de demandantes é O Carballiño, xuntando algo máis da metade do total comarcal.
- A metade dos demandantes son parados con emprego anterior, seguidos, a bastante distancia, polos non parados con emprego anterior. Máis da metade dos demandantes parados son mulleres e o intervalo no que se dan máis casos de demandantes é no de 26 a 35 anos, seguido polo de 36 a 45 anos, tal como acontece no perfil provincial. No que respecta ao nivel académico, sete de cada dez demandantes posúen ensinanza obrigatoria ou certificado de escolaridade.
- A maior parte dos demandantes de emprego parados leva menos de 6 meses buscando emprego. A partir dos 55 anos para os homes e dos 45 para as mulleres prodúcese unha tendencia ao desemprego de longa duración.
- O sector servizos é a procedencia da maioría dos demandantes, destacando as actividades hostalería e actividades inmobiliarias. No que atinxe á industria, as actividades con maior presenza de demandantes son as de téxtil e confección e madeira. A ocupación máis demandada é a de dependente de comercio en xeral.
- A comarca do Carballiño rexistra o 5,37% das ofertas provinciais en 2004, destacando o concello do Carballiño, no que se producen nove de cada dez ofertas da comarca. Durante o período 2000-2004 as ofertas descenden de xeito máis acusado que na provincia.
- Case seis de cada dez ofertas aparecen no sector servizos. O concello do Carballiño domina as ofertas de todos os sectores. No período 2000-2004 dáse un decaemento das ofertas en todos os sectores produtivos, rexistrando o maior descenso o sector servizos. En canto á industria, destacan as ofertas procedentes da madeira; nos servizos sobresaen as de administracións públicas.
- Case unha de cada dez ofertas xestionadas polo Servizo Público de Emprego solicitan traballadores segundo sexo, demandando maioritariamente homes. No que atinxe ao nivel de estudos, máis de sete de cada dez demandan unha titulación determinada, especialmente o certificado de escolaridade.
- As ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores do servizo público de emprego galego son as de camareiro-barman e auxiliar administrativo. Nas oficinas de emprego destacan as ofertas de albanel e peón da construción de edificios.
- Os contratos realizados na comarca do Carballiño en 2004 representan o 4,91% do total dos da provincia de Ourense. En canto aos concellos que compoñen a provincia, sete de cada dez contratos asínanse no Carballiño. A tendencia da contratación no quinquenio 2000-2004 é ascendente.
- A contratación masculina predomina sobre a feminina, predominio máis marcado que o provincial. A evolución da contratación é positiva para ambos os colectivos pero a feminina medra con máis intensidade.

- A contratación na comarca concéntrase nos traballadores de 26 a 35 anos, seguidos dos menores de 26 anos. En canto á evolución dos contratos, prodúcense descensos entre os menores de 26 anos e os maiores de 55 anos, mentres que os grupos intermedios evolucionan de xeito positivo.
- Máis da metade dos contratos realízanse no sector servizos, destacando os procedentes das actividades derivadas dos servizos á comunidade. O segundo sector en importancia é a construción.
- A contratación aumenta en todos os sectores no período 2000-2004, sendo o ritmo de crecemento do sector servizos máis lento. Case sete de cada dez contratos que se asinan na comarca do Carballiño son temporais a tempo completo. Este tipo de contratación é predominante en ambos os sexos, en todos os grupos de idade e en todos os sectores. A contratación temporal a tempo parcial e a indefinida a tempo parcial son máis comúns para as mulleres. A contratación temporal experimenta o maior crecemento absoluto durante o período.
- Para o colectivo masculino o grupo de ocupación con maior contratación é o dos traballadores non cualificados. Para as mulleres é o de traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio. As ocupacións máis contratadas son a de camareiro e peón da construción de edificios.
- En canto á formación profesional ocupacional, a familia na que máis alumnos se concentraron foi a de servizos á comunidade.



Comarca do Ribeiro



5.1.- TECIDO EMPRESARIAL

5.1.1.- Tecido empresarial comarcal. Situación actual

SECTORES	EMPRESAS		TRABALLADORES		AUTÓNOMOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
SECTOR PRIMARIO	26	4,63	595	23,68	52	5,36
Agricultura e pesca	26	4,63	595	23,68	52	5,36
SECTOR SECUNDARIO	110	19,61	511	20,33	185	19,05
Industria e electricidade	110	19,61	511	20,33	185	19,05
SECTOR CONSTRUCCIÓN	97	17,29	316	12,57	190	19,57
Construcción	97	17,29	316	12,57	190	19,57
SECTOR SERVICIOS	328	58,47	1.091	43,41	544	56,02
Comercio e hostalería	171	30,48	507	20,18	393	40,47
Transporte e comunicacións	25	4,46	46	1,83	69	7,11
Outros servizos	132	23,53	538	21,41	82	8,44
TOTAL	561	100,00	2.513	100,00	971	100,00

TÁBOA 1: Número de empresas, traballadores e autónomos.

O tecido empresarial da comarca do Ribeiro caracterízase pola importancia que cobra o sector servizos en canto ao volume de empresas, traballadores por conta allea e autónomos. Deste xeito, o sector concentrou en 2004 o 58,47% das empresas, situándose por detrás o sector secundario, co 19,61%, a construción, co 17,29%, e o sector primario, co 4,63%.

Por subsectores dos servizos, o comercio e hostalería ten o 30,48%, os outros servizos o 23,53% e o transporte e comunicacións o 4,46%.

Os traballadores por conta allea englobábase principalmente no sector servizos, o 43,41%; seguido do sector primario, o 23,68%; o sector secundario, o 20,33%; e a construción, o 12,57%. A maior concentración dos traballadores, atendendo aos subsectores dos servizos, prodúcese en outros servizos, o 21,41% e comercio e hostalería, o 20,18%.

Os traballadores autónomos destacan no sector servizos, o 56,02%; a construción dá cabida ao 19,57%, o sector secundario ao 19,05% e o primario ao 5,36%. Cando se analizan os subsectores, o comercio e hostalería representa o 40,47%.

5.1.2.- Evolución anual

TÁBOA 2: Evolución do número de empresas.
Período 2000-2004.

	EMPRESAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	163	160	125	14	26
Agricultura e pesca	163	160	125	14	26
SECTOR SECUNDARIO	119	118	122	114	110
Industria e electricidade	119	118	122	114	110
SECTOR CONSTRUCCIÓN	83	93	95	103	97
Construcción	83	93	95	103	97
SECTOR SERVIZOS	301	296	294	315	328
Comercio e hostalería	161	157	155	169	171
Transporte e comunicacións	13	16	11	18	25
Outros servizos	127	123	128	128	132
TOTAL	666	667	636	546	561

O número de empresas da comarca do Ribeiro rexistrou un descenso no período 2000-2004, de xeito tal que en 2004 había 105 empresas menos que en 2000, feito que supón unha variación media anual de -4,20%.

Os distintos sectores teñen evolucións diferentes no quinquenio. O sector primario sofre un importante descenso no seu número de empresas, cunha variación media anual de -36,80%. Entre 2000 e 2003 prodúcese unha baixada continua que acada valores altos de retroceso: entre 2001 e 2002, cunha variación interanual de -21,88%, e entre 2002 e 2003, cunha variación interanual de -88,80%. Esta regresión do sector primario no número de empresas é o que determina claramente o descenso total comarcal.

O sector secundario descende moderadamente, cunha variación media anual de -1,95%. Durante o quinquenio só se produce un crecemento entre 2001 e 2002, cunha variación interanual do 3,39%; nos demais anos descende, con variacións interanuais de -0,84% entre 2000 e 2001, de -6,56% entre 2002 e 2003, e de -3,51% entre 2003 e 2004.

A construción é o sector que maior subida relativa experimentou no período 2000-2004, cunha variación media do 3,97%, subida determinada polos incrementos interanuais producidos entre 2000 e 2001, do 12,05%; entre 2001 e 2002, do 2,15%; e entre 2002 e 2003, do 8,42%. Só entre 2003 e 2004 decae, cunha variación interanual de -5,83%.

Por último, o sector servizos evoluciona de xeito positivo, cunha variación media anual do 2,17%, debido a que os crecementos interanuais son máis importantes que os decaementos do inicio do período: entre 2000 e 2001 a variación interanual é de -1,66% e entre 2001 e 2002 de -0,68%; en cambio, entre 2002 e 2003 sitúase en 7,14% e entre 2003 e 2004 en 4,13%. Os subsectores dos servizos crecen con distinta intensidade. O comercio e hostalería faino cunha variación media anual do 1,52%, perde empresas ata 2002 e recupérase posteriormente ata chegar a niveis máis altos que os do inicio do quinquenio. Transporte e comunicacións amosa unha variación media anual do 17,76% e presenta unha evolución descontinua: descende entre 2001 e 2002 e medra nos demais anos. O subsector outros servizos experimenta unha variación media anual do 0,97%.

	TRABALLADORES				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	640	635	655	649	595
Agricultura e pesca	640	635	655	649	595
SECTOR SECUNDARIO	590	583	581	527	511
Industria e electricidade	590	583	581	527	511
SECTOR CONSTRUCCIÓN	263	301	357	351	316
Construción	263	301	357	351	316
SECTOR SERVICIOS	998	958	1.076	1.107	1.091
Comercio e hostalería	390	401	445	467	507
Transporte e comunicacións	30	32	29	35	46
Outros servizos	578	525	602	605	538
TOTAL	2.491	2.477	2.669	2.634	2.513

TÁBOA 3: Evolución do número de traballadores. Período 2000-2004.

O número de traballadores por conta allea crece no período 2000-2004 e alcanza unha variación media anual do 0,22%. A súa evolución caracterízase pola descontinuidade: redúcese o volume de traballadores todos os anos excepto entre 2001 e 2002, cando a variación interanual é do 7,75%, o que compensa as perdas producidas nos demais anos; entre 2000 e 2001 a variación interanual é de -0,56%, entre 2002 e 2003 é de -1,31%, e entre 2003 e 2004 é de -4,59%.

Esta tendencia positiva non se produce no sector primario nin no secundario, que rexistran variacións medias anuais de -1,81% e de -3,53% respectivamente. O sector primario só aumenta o número de traballadores entre 2001 e 2002, cunha variación interanual do 3,15%, caracterizándose os demais anos polas perdas. O sector secundario vese determinado polo descenso continuado do número de traballadores durante todo o período, experimentando o maior nivel de decaemento entre 2002 e 2003, cunha variación interanual de -9,29%.

Os sectores que incrementan o número de traballadores son a construción e os servizos, con variacións medias anuais do 4,70% e do 2,25% respectivamente. O sector da construción presenta descontinuidade na súa evolución: comeza o quinquenio con ascensos que sustentarán a medra para todo o período; entre 2000 e 2001 a variación interanual chega ao 14,45% e entre 2001 e 2002 ao 18,60%, para terminar con perdas crecentes. O sector servizos tamén se caracteriza pola descontinuidade na evolución: descende entre 2000 e 2001, cando a variación interanual é de -4,01% e entre 2003 e 2004, cando é de -1,45%. Os aumentos prodúcense entre 2001 e 2002, cunha variación interanual do 12,32%, e entre 2002 e 2003, cunha variación interanual menor do 2,88%.

Atendendo aos subsectores, tanto comercio e hostalería como transporte e comunicacións destacan polo seu crecemento, con variacións medias anuais do 6,78% e do 11,28% respectivamente. Os outros servizos perden traballadores no período, rexistrándose unha variación interanual de -1,78%.

TÁBOA 4: Evolución do número de autónomos. Período 2000-2004.

	AUTÓNOMOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	31	36	43	51	52
Agricultura e pesca	31	36	43	51	52
SECTOR SECUNDARIO	128	134	145	162	185
Industria e electricidade	128	134	145	162	185
SECTOR CONSTRUCCIÓN	151	166	169	185	190
Construción	151	166	169	185	190
SECTOR SERVIZOS	404	440	470	496	544
Comercio e hostalería	288	323	343	353	393
Transporte e comunicacións	44	47	54	65	69
Outros servizos	72	70	73	78	82
TOTAL	714	776	827	894	971

A evolución do número de autónomos no período 2000-2004 descríbese polo crecemento continuado, cunha variación media anual do 7,99%, así como polo aumento en todos os sectores.

O sector primario experimenta unha variación media anual do 13,80% e acada porcentaxes altas de variación interanual que só se moderan no último ano. O sector secundario presenta unha variación media anual do 9,65%, dándose o máximo crecemento ao final do período, entre 2003 e 2004, cunha variación interanual do 14,20%. A construción rexistra, en termos relativos, un crecemento máis moderado, cunha variación media anual do 5,91%, e obtén o máximo crecemento entre 2000 e 2001, co 9,93%, e o mínimo entre 2001 e 2002, co 1,81%. O sector servizos medra cunha variación media anual do 7,72%, sendo a máxima variación interanual a que se produce entre 2003 e 2004, co 9,68%, e a mínima entre 2002 e 2003, co 5,53%.

En canto á evolución dos autónomos nos subsectores dos servizos, cómpre de destacar o crecemento en transporte e comunicacións, cunha variación media do 11,90% e en comercio e hostalería, co 8,08%.

5.2.- DEMANDAS

5.2.1.- Demandantes galegos por concello

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Arnoia	34	40	74
Avión	81	45	126
Beade	39	13	52
Carballeda de Avia	94	58	152
Castrelo de Miño	68	30	98
Cenlle	47	35	82
Cortegada	47	39	86
Leiro	101	66	167
Melón	106	56	162
Ribadavia	332	247	579
TOTAL COMARCA	949	629	1.578

TÁBOA 5: Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.

% comarca/provincia – PARADOS	5,18
% comarca/provincia - NON PARADOS	6,23

Os demandantes de emprego na comarca do Ribeiro en 2004 ascenden a 1.578 persoas. O 60,14% son demandantes parados e o 39,86% son demandantes non parados. Excepto no concello de Arnoia, nos demais concellos predominan os demandantes parados sobre os non parados.

No tocante aos concellos, Ribadavia concentra o 36,69% dos demandantes, Leiro obtén o 10,58% dos demandantes totais, e Melón ten o 10,27%.

Esta comarca supón, respecto da provincia de Ourense, o 5,18% dos demandantes parados e o 6,23% dos non parados.

5.2.2.- Demandantes parados. Evolución

	2000	2001	2002	2003	2004
Parados comarca	821	734	816	871	949
Variación interanual %	-	-10,60	11,17	6,74	8,96
COMARCA/TOTAL PROVINCIA	4,65	4,39	4,48	4,72	5,18

TÁBOA 6: Evolución dos demandantes parados.

A tendencia comarcal no período 2000-2004 caracterízase polo aumento do número de demandantes parados. Só entre os anos 2000 e 2001 hai unha diminución no seu volume, cunha variación interanual de -10,60%. Nos seguintes anos aumenta, coas variacións interanuais do 11,17% en 2002, do 6,74% en 2003 e do 8,96% en 2004.

A importancia relativa dos demandantes parados da comarca do Ribeiro en relación coa provincia é máis alta en 2004 que en 2000. O ano no que se rexistra un menor peso relativo é o 2001, coincidindo co único descenso comarcal dos demandantes parados.

5.2.3.- Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

TÁBOA 7: Situación laboral dos demandantes.

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	145	9,19	9,95
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	804	50,95	54,54
NON PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	59	3,74	4,96
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	213	13,50	15,09
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	89	5,64	4,80
	En expediente de regulación de emprego	12	0,76	0,32
	Demandantes de mellora de emprego	183	11,60	7,02
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	48	3,04	2,93
	Resto de demandantes	25	1,58	0,39
TOTAL		1.578	100,00	100,00

En canto á situación sociolaboral dos demandantes de emprego, sobresaen que o 50,95% son demandantes parados con emprego anterior. A unha distancia considerable sitúanse os demandantes non parados con emprego anterior, co 13,50%, os non parados demandantes de mellora de emprego, co 11,60% e os parados sen emprego anterior, co 9,19%. As demais categorías sitúanse por baixo do 6%.

5.2.4.- Demandantes de emprego por sexo e idade

TÁBOA 8.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	72	76	15,60	13,49
26 a 35 anos	76	118	20,44	24,76
36 a 45 anos	72	108	18,97	21,60
46 a 55 anos	107	130	24,97	20,69
56 e máis anos	128	62	20,02	19,46
TOTAL COMARCA	455	494	100,00	5,18
TOTAL PROVINCIA	7.574	10.747	5,18	100,00

O paro incide especialmente no colectivo feminino, supoñendo as mulleres o 52,05% dos demandantes parados e os homes o 47,95%. En canto ás diferenzas nos demandantes parados por sexo respecto ao conxunto da provincia de Ourense, obsérvase que o número de demandantes paradas no ámbito provincial é máis alto, xa que os valores son 58,66% para as mulleres e 41,34% para os homes.

Por idades, o 63,96% son maiores de 35 anos e o 36,04% agrúpase por debaixo desa idade. O intervalo de idade no que se dan máis casos de demandantes de emprego é o de entre 46 e 55 anos, co 24,97%.

En canto á idade e xénero, a maior porcentaxe de demandantes parados correspóndese con mulleres de entre 46 e 55 anos, o 13,70%, seguidas dos homes maiores de 55, que representan o 13,49%, e as mulleres de entre 26 e 35 anos, co 12,43%.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	51	38	14,15	19,89
26 a 35 anos	37	79	18,44	24,48
36 a 45 anos	48	89	21,78	19,75
46 a 55 anos	61	82	22,73	17,93
56 e máis anos	81	63	22,89	17,94
TOTAL COMARCA	278	351	100,00	6,23
TOTAL PROVINCIA	3.706	6.383	6,23	100,00

TÁBOA 8.2: Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.

Entre os demandantes non parados da comarca do Ribeiro tamén predomina o colectivo feminino, que supón unha porcentaxe do 55,80% fronte ao masculino, co 44,20%; a diferenza entre sexos é menor que no caso dos demandantes parados. No conxunto da provincia as demandantes non paradas representan o 63,27% e os homes o 36,73%.

As mulleres de entre 36 e 45 anos e as de entre 46 e 55 compoñen os grupos que xuntan un maior número de demandantes, con porcentaxes respectivas do 14,15% e do 13,04%. Séguenas os homes maiores de 55 anos, o 12,88%, e as mulleres de entre 26 e 35 anos, o 12,56%.

O perfil provincial en canto aos demandantes non parados é menos envellecido que o comarcal, xa que na provincia o 64,12% son menores de 45 anos, mentres que na comarca esa porcentaxe é de 54,37%.




GRÁFICO 1: Distribución porcentual do total de demandantes por sexo e grupos de idade.

No gráfico anterior represéntase a distribución do total de demandantes por sexo e grupos de idade. O grupo de idade que xunta un maior número de persoas é o de entre 46 e 55 anos, que supón o 24,08% do total xeral, seguido do grupo dos maiores de 55 anos, o 21,17%. Para os intervalos de entre 26 e 35 anos, de entre 36 e 45 anos e de entre 46 e 55 anos a porcentaxe de

mulleres paradas é máis alta que a dos homes; acontece o contrario nos intervalos extremos, é dicir, nos menores de 26 anos e nos maiores de 55.

5.2.5.- Demandantes por nivel académico

TÁBOA 9: Distribución dos demandantes parados e non parados por nivel académico.

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Ata certificado de escolaridade*	422	261	683
Titulación de ensinanza obrigatoria	333	217	550
Formación profesional	54	34	88
BUP/Bacharelato superior/COU	82	77	159
Titulados universitarios	49	36	85
Outras titulacións	9	4	13
TOTAL	949	629	1.578

* Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade

En canto á distribución de demandantes por nivel académico, o 43,28% ten ata certificado de escolaridade, o 34,85% posúe titulación de ensinanza obrigatoria. Os demais grupos por nivel de estudos atópanse lonxe das porcentaxes anteriores e clasifícanse como segue: BUP/Bacharelato superior/COU, o 10,08%; formación profesional, o 5,58%; e titulados universitarios, o 5,39%.

Comparando os niveis de estudos para os parados e non parados, vese que as distribucións relativas seguen certo paralelismo aínda que con algunhas diferenzas nos valores. Para ambos os grupos a porcentaxe máis alta prodúcese nos que teñen certificado de escolaridade, o 44,47% para os parados e o 41,49% para os non parados. A maior diferenza porcentual prodúcese no nivel BUP/Bacharelato superior/COU, no que os parados representan un 8,64% e os non parados un 12,24%.

5.2.6.- Demandantes parados por tempo de busca de emprego

TÁBOA 10: Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

		Menos de 6 meses	De 6 meses a 1 ano	Máis de 1 ano	TOTAL
Menor de 26 anos	Homes	63	7	X	X
	Mulleres	42	16	18	76
26 a 35 anos	Homes	56	10	10	76
	Mulleres	53	16	49	118
36 a 45 anos	Homes	50	6	16	72
	Mulleres	32	25	51	108
46 a 55 anos	Homes	43	21	43	107
	Mulleres	37	17	76	130
Máis de 55 anos	Homes	41	18	69	128
	Mulleres	7	6	49	62
TOTAL COMARCA		424	142	X	949
TOTAL PROVINCIA		7.871	2.533	7.917	18.321

Analizando a distribución de demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego, a maior parte dos demandantes levan menos de 6 meses, o 44,68%. Os parados de longa duración, máis de 1 ano, constitúen o 40,36%, e os de 6 meses a 1 ano o 14,96%. Na provincia, os datos

son: o 42,96% para os de menos de 6 meses, o 43,21% para os de máis de 1 ano, e o 13,83% para os de 6 meses a 1 ano.

En canto ao cruzamento de sexo e idade, os homes ata os 55 anos adoitan levar menos de 6 meses na busca de emprego, a partir desa idade predominan os que levan máis de 1 ano. As mulleres ata os 35 anos acostuman levar menos de 6 meses, a partir desa idade predominan as paradas de longa duración.

5.2.7.- Demandantes por sectores económicos de procedencia

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Sector primario	43	32	75
Sector secundario	124	87	211
Construcción	148	80	228
Sector servicios	489	363	852
Sen actividade previa	145	67	212
TOTAL	949	629	1.578

TÁBOA 11: Demandantes por actividade económica.

O 53,99% dos demandantes de emprego, tanto parados como non parados, procede do sector servizos. A porcentaxe de demandantes parados no sector é do 51,53% e a de non parados do 57,71%. Con porcentaxes moito menores atópanse a construción, co 14,45% (15,60% parados e 12,72% non parados); o sector secundario, co 13,37% (13,07% parados e 13,83% non parados); e o sector primario, co 4,75% (4,53% parados e 5,09% non parados).





GRÁFICO 2: Demandantes parados na industria.

Para a industria, a actividade da que os demandantes proceden en maior medida é a de outras industrias, co 31%; seguido de téxtil e confección, co 18%, e, posteriormente, alimentación, co 15%, e madeira, co 13%. O 23% restante distribúese nas demais actividades.

GRÁFICO 3: Demandantes parados nos servizos.



O 27% dos demandantes parados nos servizos proceden das administracións públicas. A hostalería recolle o 17% e o comercio e as actividades inmobiliarias reúnen o 13% cada unha. O 12% proceden da educación e o 18% restante distribúese nas restantes actividades sinaladas no gráfico.

5.2.8.- As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

TÁBOA 12: Ocupacións máis demandadas.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	193	12,23	9,48
Peón da ind. manufactureira, en xeral	173	10,96	4,58
Dependente de comercio, en xeral	107	6,78	8,24
Empregado administrativo, en xeral	86	5,45	8,36
Albanel	49	3,11	2,46
Peón da construción de edificios	43	2,72	3,82
Empregado administrativo comercial, en xeral	40	2,53	0,21
Camareiro, en xeral	40	2,53	2,88
Cociñeiro, en xeral	34	2,15	2,07
Peón forestal	26	1,65	0,46

5.2.9.- Perfil tipo dos demandantes de emprego

TÁBOA 13: Perfil máis representativo.

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parado con emprego anterior	Parado con emprego anterior
Sexo	Muller	Muller
Grupo idade	De 46 a 55 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Ata certificado de escolaridade	Ata certificado de escolaridade
Duración demanda	Menos de 6 meses	Máis de 1 ano
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral

5.3.- OFERTAS

5.3.1.- Ofertas no servizo público de emprego galego 2004. Evolución

	TOTAL OFERTAS
Arnoia	8
Avión	5
Beadé	6
Carballeda de Avia	7
Castrelo de Miño	4
Cenlle	5
Cortegada	2
Leiro	23
Melón	3
Ribadavia	355
TOTAL	418

TÁBOA 14: Número de ofertas por concellos.

TOTAL OFERTAS PROVINCIA:	11.122
COMARCA/PROVINCIA:	3,76

A comarca do Ribeiro integra o 3,76% das ofertas da provincia de Ourense. O concello de Ribadavia agrupa o 84,93%. Os demais concellos presentan porcentaxes marxinais por baixo do 2%, excepto Leiro que conta co 5,50%.

	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Arnoia	5	5	6	4	8
Avión	19	10	7	7	5
Beadé	3	1	0	3	6
Carballeda de Avia	3	2	7	10	7
Castrelo de Miño	0	0	3	11	4
Cenlle	19	3	4	7	5
Cortegada	0	4	5	2	2
Leiro	22	12	13	36	23
Melón	0	5	3	3	3
Ribadavia	553	402	515	525	355
TOTAL COMARCA	624	444	563	608	418
TOTAL PROVINCIA	12.969	11.664	10.871	11.116	11.122

TÁBOA 15: Evolución das ofertas. Período 2000-2004.


No período 2000-2004 a comarca do Ribeiro ten unha involución no número de ofertas, cunha variación media anual de -9,53%, feito que supón un descenso máis acusado que o da provincia de Ourense, de -3,77%.

Os descensos prodúcense entre 2000 e 2001, cunha variación interanual de -28,85%, e entre 2003 e 2004, cunha variación interanual de -31,25%. Os crecementos rexístranse entre 2001 e 2002, cunha variación interanual do 26,80% e entre 2002 e 2003, cunha variación interanual do 7,99%. A evolución é diferente da provincial, na que hai un descenso das ofertas ao inicio do período e unha recuperación nos dous últimos anos.

No concello de Ribadavia dáse un descenso das ofertas no quinquenio, cunha variación media de -10,49%. Entre 2000 e 2001 redúcese a oferta, cunha variación interanual de -27,31%, para posteriormente, entre 2001 e 2002, apa-

recer o máximo crecemento do período, cunha variación interanual do 28,11%. Entre 2003 e 2004 o número de autónomos descende, cunha variación media de -32,28%. Os demais concellos presentan porcentaxes moi pequenas do total de ofertas comarcais.

GRÁFICO 4: Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.



O concello que agrupa máis ofertas de emprego é Ribadavia, situándose moi por riba do agregado dos restantes concellos da comarca. Os períodos de crecemento e decrecemento son os mesmos para Ribadavia e o resto dos concellos, se ben estes amosan unha evolución máis moderada.

5.3.2.- Ofertas segundo os sectores de actividade económica

TÁBOA 16: Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos.

	PRIMARIO	SECUNDARIO	CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS
Arnoia	0	3	0	5
Avión	0	0	0	5
Beade	0	0	0	6
Carballeda de Avia	0	0	2	5
Castrelo de Miño	0	0	1	3
Cenlle	0	0	1	4
Cortegada	0	0	0	2
Leiro	0	4	7	12
Melón	0	0	0	3
Ribadavia	7	27	79	242
TOTAL COMARCA	7	34	90	287
TOTAL PROVINCIA	150	953	2.083	7.935

O concello de Ribadavia concentra a totalidade das ofertas de emprego no sector primario, así como o 79,41% das do sector secundario, o 87,78% da construción e o 84,32% dos servizos. O resto dos concellos rexistran porcentaxes moi pequenas do total das ofertas comarcais.




GRÁFICO 5: Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.

O 68% das ofertas da comarca do Ribeiro concéntranse no sector servizos. A unha distancia notable sitúase o sector da construción, co 22%; o sector secundario, co 8%; e o sector primario, co 2%.




GRÁFICO 6: Distribución porcentual das ofertas na industria.

En canto ás ofertas da industria, o 40% pertencen á metalurxia e fabricación de produtos metálicos, o 36% á madeira e o 24% á alimentación.




GRÁFICO 7: Distribución porcentual das ofertas nos servizos.

O 73% das ofertas procedentes dos servizos na comarca do Ribeiro derivan das actividades vinculadas ás administracións públicas. A seguinte actividade en orde de importancia, pero a moita distancia da primeira, é a hostalería, cun 14%.

TÁBOA 17: Evolución das ofertas por sectores económicos.

	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Primario	15	5	10	8	7
Secundario	53	36	47	31	34
Construción	86	119	166	138	90
Servizos	470	284	340	431	287
TOTAL COMARCA	624	444	563	608	418
TOTAL PROVINCIA	12.969	11.664	10.871	11.116	11.122

O sector máis importante na comarca do Ribeiro segundo a cantidade de ofertas é o servizos. Este sector, durante o quinquenio 2000-2004, vese reducido, cunha variación media anual de -11,60%, sendo determinante da evolución comarcal, xa que seguen unha traxectoria semellante. Os servizos decrecen entre 2000 e 2001 e entre 2003 e 2004, con variacións interanuais de -39,57% e -33,41% respectivamente; crecen entre 2001 e 2002 e entre 2002 e 2003, con variacións interanuais respectivas do 19,72% e do 26,76%; pero os crecementos non posibilitan o sustento dunha evolución positiva no conxunto do período.

O sector da construción é o único que experimentou crecemento, cunha variación media do 1,14%, debido á importancia do incremento relativo ao inicio do período. A súa evolución caracterízase polo crecemento entre 2000 e 2001, cunha variación interanual do 38,37%, e entre 2001 e 2002, cunha variación interanual do 39,50%, e por un descenso nos dous últimos anos do período, entre 2002 e 2003, cunha variación interanual de -16,87, e entre 2003 e 2004, cunha variación interanual de -34,78%.

O sector secundario tamén diminúe de xeito considerable, cunha variación media anual de -10,50%, alternando os períodos de crecemento cos de decrecemento e sendo estes últimos máis importantes. O sector primario caracterízase por ser o que experimenta o descenso relativo máis pronunciado, cunha variación media anual de -17,35%.

5.3.3.- Perfil básico das ofertas

Tan só o 7,92% das ofertas xestionadas polo servizo público de emprego tiñan como requirimento o sexo á hora de acceder a un posto de traballo: o 67,74% demandaban homes e o 32,26% mulleres. Dentro do sector servizos, os homes son máis demandados en servizos de automoción e as mulleres en hostalería. En cambio, neste subconxunto de ofertas só solicitan homes na construción e no sector secundario.

O 75,12% das ofertas solicitan un determinado nivel académico: o 34,08% require ter certificado de escolaridade e o 56,05% ensino obrigatorio. A maioría destas ofertas proceden das administracións públicas.

5.3.4.- Análise ocupacional das ofertas

	2000	2001	2002	2003	2004
Camareiro - Barman	0	0	0	0	9
Auxiliar administrativo	0	0	3	8	8
Animador sociocultural	0	0	7	7	5
Carpinteiro de aluminio	3	1	4	5	5
Cociñeiro / Grelleiro / Pizzeiro / Pranchista	0	0	0	0	5
Axudante de cociña	0	0	0	0	5
Músico	1	1	3	2	4
Peón de albanel/Peón de obras públicas	8	1	6	7	4
Administrativo	1	1	9	11	3
Calefactor	0	0	0	0	3
Dpdo. en ciencias empresariais/Perito mercantil.	0	0	0	0	3
Operario pasteiro	0	0	0	0	3
Soldador	1	0	4	1	3
Auxiliar de clínica / enfermería	0	0	0	0	3
Conductor de mercadorías/Conductor de camión en xeral.	0	0	1	3	3

TÁBOA 18.1: Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.

A ocupación máis ofertada polos centros colaboradores en 2004 é a de camareiro-barman, seguida de auxiliar administrativo. Na súa evolución destaca o feito de que se ofrece a primeira por primeira vez en 2004 e a segunda en 2002.

	2000	2001	2002	2003	2004
Asistente domiciliario (auxiliar axuda domicilio)	59	61	55	79	70
Peón de obras públicas, en xeral	25	59	70	52	38
Peón da construción de edificios	46	39	21	14	23
Traballador forestal, en xeral	0	0	0	33	15
Albanel	35	27	45	59	14
Camareiro, en xeral	5	9	13	15	12
Peón da ind. manufactureira, en xeral	36	25	58	15	11
Vixilante, en xeral	12	15	2	1	10
Carpinteiro, en xeral	5	12	16	8	8
Empalmador cables eléctricos aéreos, subterráneos					8
Peón forestal	39	8	8	7	8

TÁBOA 18.2: Ocupacións máis ofertadas nas oficinas de emprego.

Nas oficinas de emprego as ocupacións máis ofertadas en 2004 son asistente domiciliario e peón de obras públicas, en xeral. Ambas crecen no número de ofertas no período 2000-2004, cunhas variacións medias do 4,37% e do 11,04% respectivamente.

5.4.- CONTRATOS

5.4.1.- Número de contratos no ámbito comarcal

TÁBOA 19: Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2004.

	Nº
Arnoia	122
Avión	62
Beadé	198
Carballeda de Avia	102
Castrelo de Miño	77
Cenlle	105
Cortegada	104
Leiro	494
Melón	107
Ribadavia	622
TOTAL COMARCA	1.993
TOTAL PROVINCIA	55.273

O número de contratos na comarca do Ribeiro supón o 3,61% do total provincial. En canto aos concellos que compoñen a comarca, hai que destacar a importancia de Ribadavia e Leiro, que concentran o 31,21% e o 24,79%, respectivamente. A certa distancia está o concello de Beade, co 9,93% e Arnoia co 6,12%. Os demais concellos obteñen valores por baixo do 6%.

TÁBOA 20: Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Arnoia	300	120	202	158	122
Avión	229	85	80	138	62
Beadé	217	196	196	187	198
Carballeda de Avia	75	102	87	98	102
Castrelo de Miño	53	89	74	81	77
Cenlle	87	97	68	95	105
Cortegada	89	106	112	90	104
Leiro	152	115	172	139	494
Melón	74	85	107	156	107
Ribadavia	550	516	538	467	622
TOTAL COMARCA*	1.826	1.511	1.636	1.609	1.993
TOTAL PROVINCIA	48.332	48.607	49.367	50.587	55.273

A contratación na comarca do Ribeiro vese incrementada durante o período 2000-2004, cunha variación media anual do 2,21%. Este crecemento é máis baixo que o experimentado na provincia de Ourense para o mesmo período, cunha variación media anual do 3,41% e está caracterizado pola discontinuidade na súa evolución: alternan subidas e descensos. Entre 2000 e 2001 prodúcese o maior descenso, cunha variación interanual de -17,25%, para posteriormente ascender entre 2001 e 2002, cunha variación interanual do 8,27%. Entre 2002 e 2003 volve producirse un retroceso, cunha variación interanual de -1,65%, e entre 2003 e 2004 recupérase o ritmo de crecemento, cunha variación interanual do 23,87%.

No concello de Leiro é onde crece máis a contratación durante o quinquenio, tanto en números absolutos como relativos, cunha variación media anual do 34,27%. A súa evolución é discontinua: experimenta crecementos e decaementos moi pronunciados, pero ao final do quinquenio acadará un saldo posi-

* Por un cambio metodolóxico na extracción da información das bases de datos, existe unha pequena diferenza entre os valores dos anos 2000 ao 2002, apenas un 0,6%, subsanada nos anos posteriores, con respecto aos datos que proporciona o Servizo Público de emprego estatal (INEM) na súa web.

tivo. Leiro vive os avances e retrocesos na contratación nos mesmos anos que o fai o conxunto da comarca: decrece entre 2000 e 2001, cunha variación interanual de -24,34%; entre 2001 e 2002 aumenta, cunha variación interanual do 49,57%; entre 2002 e 2003, diminúe, cunha variación interanual de -19,19%; e, finalmente, entre 2003 e 2004 experimenta un grande crecemento que determina a evolución deste concello, cunha variación interanual do 255,40%.

Evolución paralela desenvolve o concello de Ribadavia, pero de xeito moito máis moderado. A súa variación media anual é de 3,12%; diminúe o número de ofertas entre 2000 e 2001 e entre 2002 e 2003, con variacións interanuais respectivas de -6,18% e de -13,20%, mentres que crece entre 2001 e 2002 e entre 2003 e 2004, con variacións interanuais respectivas do 4,26% e do 33,19%.

Os retrocesos máis significativos na contratación experimentánanos Avión e Arnoia, con variacións medias anuais de -27,87% e de -20,14% respectivamente, descendendo case que de xeito continuado. Beade, retrocede de maneira máis moderada, cunha variación media de -2,26%.

Os demais concellos aumentan o número de contratos, o que se reflicte nas seguintes variacións medias anuais: Castrelo de Miño, do 9,79%; Melón, do 9,66%; Carballada de Avia, do 7,99%; Cenlle, do 4,81% e Cortegada, do 3,97%.

5.4.2.- Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

	Nº CONTRATOS		Total
	Homes	Mulleres	
Menos de 26 anos	496	230	726
De 26 a 35 anos	282	243	525
De 36 a 45 anos	202	179	381
De 46 a 55 anos	173	105	278
De 56 e máis anos	56	27	83
TOTAL COMARCA	1.209	784	1.993
TOTAL PROVINCIAL	30.749	24.524	55.273

TÁBOA 21: Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2004.

A contratación comarcal realízase en maior medida a homes, supoñendo o 60,66% fronte ao 39,34% para o colectivo feminino. O perfil amósase máis masculinizado que o provincial, ámbito no que os contratos a homes representan o 55,63% e a mulleres o 44,37%.

O 62,77% dos contratos son asinados por menores de 36 anos, un 39,04% a homes e un 23,73% a mulleres. Para todos os grupos de idades hai unha maior presenza masculina que feminina.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Homes	1.312	983	1.105	1.057	1.209
Mulleres	514	528	531	552	784
TOTAL CONTRATOS	1.826	1.511	1.636	1.609	1.993


TÁBOA 22: Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 2000-2004.

A contratación masculina na comarca do Ribeiro diminuíu durante o período 2000-2004, cunha variación media de -2,02%. Pola contra, a feminina veuse incrementada no mesmo período, cunha variación media do 11,13%.

O colectivo masculino experimenta un retroceso importante na contratación entre 2000 e 2001, cunha variación interanual de -25,08%, recuperando parte desa perda entre 2001 e 2002, cunha variación interanual do 12,41%. Entre 2002 e 2003 volve decrecer, cunha variación interanual de -4,34%, para recuperar parte da perda, pero nunca de xeito suficiente, entre 2003 e 2004, cunha variación interanual do 14,38%.

O colectivo feminino crece de maneira continuada durante o quinquenio, aínda que con distinta intensidade. O maior crecemento prodúcese entre 2003 e 2004, cunha variación interanual do 42,03% e o menor entre 2001 e 2002, cunha variación interanual do 0,57%.

GRÁFICO 8: Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 2000-2004. Valores proporcionais.



As diferenzas na evolución da contratación masculina e feminina reflíctense na distribución dos contratos nos diferentes anos. A contratación masculina alcanza o valor máis alto en 2000 e a feminina, en 2004. A distancia entre a contratación feminina e a masculina tende a diminuír ao longo do quinquenio, sendo en 2004 menor que ao inicio: en 2000 a diferenza era de 43,70 puntos a favor da contratación masculina, reducíndose ata 21,32 puntos en 2004.

TÁBOA 23: Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Menor de 26 anos	498	452	476	462	726
De 26 a 35 anos	559	457	479	490	525
De 36 a 45 anos	392	321	344	337	381
De 46 a 55 anos	252	201	245	231	278
De 56 e máis anos	125	80	92	89	83
TOTAL CONTRATOS	1.826	1.511	1.636	1.609	1.993

Os grupos de idade que experimentan unha evolución positiva na contratación ao longo do período foron os menores de 26 anos, cunha variación media anual do 9,88%, e os de entre 46 e 55 anos, cunha variación media anual do 2,49%. Ambos grupos medran de xeito descontinuo. O primeiro, menores de 26 anos, experimenta o seu máximo crecemento entre 2003 e 2004, cunha variación interanual do 57,14%, e decrece de xeito máis acusado entre 2000 e 2001, de -9,24%. O grupo de entre 46 e 55 anos experimenta dous momentos de crecemento significativo: entre 2001 e 2002, cunha variación interanual do 21,89%, e entre 2003 e 2004, do 20,35%, que non só compensan senón que superan as perdas de 2000-2001, cunha variación interanual de -20,24%, e de 2002-2003, -5,71%.

Os grupos de idade restantes diminúen con distinta intensidade. Os maiores de 55 anos experimentan un descenso, cunha variación media anual de -9,73%, acadando o maior retroceso entre 2000 e 2001, de -36%. Os de entre 26 e 35 anos descenden menos, cunha variación media anual de -1,56%. Este descenso está determinado polo decaemento entre 2000 e 2001, cunha variación interanual de -18,25%, pero as continuas subidas posteriores non compensan esta perda. Os de entre 36 e 45 anos descenden cunha variación media anual de -0,71%, e o seu maior retroceso tamén se produce entre 2000 e 2001, cunha variación interanual de -18,11%.

5.4.3.- Contratación comarcal segundo os sectores económicos

	N.º
SECTOR PRIMARIO	39
Agricultura e pesca	39
SECTOR SECUNDARIO	222
Industria e electricidade	222
SECTOR CONSTRUCCIÓN	278
Construción	278
SECTOR SERVIZOS	1.454
Comercio e hostalería	411
Transporte e comunicacións	66
Outros servizos	977
TOTAL CONTRATOS	1.993

TÁBOA 24: Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos. Ano 2004.

O 72,96% da contratación comarcal realízase no sector servizos; destacan o subsector outros servizos, co 49,02% e comercio e hostalería, co 20,62%. O segundo sector en importancia é a construción, co 13,95% do total da contratación; séguelles o sector secundario, co 11,14%, e o primario, co 1,96%.





GRÁFICO 9: Distribución porcentual da contratación na industria.

O 34% da contratación na industria converxe nas actividades de outras industrias. Posteriormente sitúase a madeira, co 21%; a alimentación, co 20%; e a metalurxia, co 16%. O 9% restante distribúese nas demais categorías.

GRÁFICO 10: Distribución porcentual da contratación nos servizos.



O 32% dos contratos nos servizos realizáronse nas actividades inmobiliarias e de servizos ás empresas, o 19% ás administracións públicas, o 14% aos servizos á comunidade e o 13% ao comercio.

TÁBOA 25: Distribución da contratación comarcal segundo os sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2004.

	SEXO		Menos de 26 anos	De 26 a 35	IDADE		
	Homes	Mulleres			De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
SECTOR PRIMARIO	30	9	21	X	8	7	X
Agricultura e pesca	30	9	21	X	8	7	X
SECTOR SECUNDARIO	201	21	87	66	39	25	5
Industria e electricidade	201	21	87	66	39	25	5
SECTOR CONSTRUCCIÓN	244	34	77	88	55	51	7
Construción	244	34	77	88	55	51	7
SECTOR SERVIZOS	734	720	541	369	279	195	70
Comercio e hostalería	170	241	152	134	71	49	5
Transporte e comunicacións	30	36	11	18	17	15	5
Outros servizos	534	443	378	217	191	131	60
TOTAL CONTRATOS	1.209	784	726	X	381	278	X

A contratación feminina na comarca do Ribeiro concéntrase no sector servizos, o que supón un 36,13% do total da contratación comarcal. Destaca a súa presenza no subsector de outros servizos, que representa o 22,23% do total, e en comercio e hostalería, o 12,09%, sendo marxinais os contratos a mulleres noutros sectores.

Os contratos realizados a homes nos servizos supoñen o 36,83% do total da contratación, estando moi representados no subsector de outros servizos, co 26,79% do total, e en comercio e hostalería, co 8,53%. A diferenza do que acontece co colectivo feminino, hai unha maior presenza masculina nos demais sectores. O segundo sector en importancia, e a moita distancia dos servizos, é a construción, que agrupa o 12,24% da contratación masculina comarcal; séguelle o secundario, co 10,09%.

O 45,56% da contratación comarcal realízase a menores de 36 anos no sector servizos. Un 29,86% converxe no subsector de outros servizos, sendo este o que acapara o maior volume de contratación en todas as idades. No sector da construción e o secundario a maior concentración dáse entre os menores de 36 anos, cunha porcentaxe do 8,28% e 7,68% respectivamente.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	61	78	95	56	39
Agricultura e pesca	61	78	95	56	39
SECTOR SECUNDARIO	258	251	258	269	222
Industria e electricidade	258	251	258	269	222
S. CONSTRUCCIÓN	400	286	353	285	278
Construcción	400	286	353	285	278
SECTOR SERVICIOS	1.107	896	930	999	1.454
Comercio e hostalería	265	279	353	390	411
Transporte e comunicacións	28	22	27	18	66
Outros servizos	814	595	550	591	977
TOTAL CONTRATOS	1.826	1.511	1.636	1.609	1.993

TÁBOA 26: Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 2000-2004.

A contratación da comarca en relación cos sectores durante o período 2000-2004 só aumenta nos servizos, cunha variación media anual do 7,05%. A súa evolución comeza cun descenso na contratación entre 2000 e 2001, cunha variación interanual de -19,06%; medra posteriormente e acaba entre 2003 e 2004 unha variación interanual do 45,55%. Este crecemento baséase no aumento dos subsectores de comercio e hostalería, 11,60%; e outros servizos, 4,67%.

A contratación descende nos demais sectores. O primario ten unha variación media anual de -10,58%, a construción de -8,69% e o secundario de -3,69%.

5.4.4.- Tipoloxía da contratación laboral




GRÁFICO 11: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2004.

O 69% da contratación realizada na comarca é temporal a tempo completo. O 18% é contratación temporal a tempo parcial, un 4% indefinida a tempo completo e un 2% en prácticas formación.

TÁBOA 27: Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2004.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	63	24	16	24	20	18	9
Indefinido tempo parcial	4	18	4	5	6	6	X
Temporal	847	510	512	363	269	168	45
Temporal tempo parcial	146	217	153	94	62	43	11
Prácticas/Formación	33	5	32	X	X	0	0
Outros	116	10	9	36	21	43	17
TOTAL CONTRATOS	1.209	784	726	X	X	278	X

Tanto para o colectivo masculino como para o feminino, a contratación temporal a tempo completo é a máis común, e o mesmo acontece para todos os segmentos de idade. A contratación masculina é a predominante para todas as modalidades excepto as que implican tempo parcial. Deste xeito, as mulleres alcanzan unha porcentaxe do 10,89% do total da contratación na modalidade temporal a tempo parcial, fronte ao 7,33% dos homes. Na contratación indefinida a tempo parcial as mulleres obteñen un 0,90% e os homes un 0,20%.

A contratación temporal a tempo completo para os menores de 36 anos supón o 43,90% dos contratos na comarca. En canto á contratación en prácticas, esta ten maior incidencia entre os menores de 26 anos, o que supón o 1,61% do total comarcal. A contratación temporal a tempo parcial incide especialmente nos máis novos, co 11,95% para os menores de 36 anos.

TÁBOA 28: Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2004.

	PRIMARIO	SECUNDARIO	CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS			Total
	Agr. Gand.	Industr. e Electric.	Construc.	Comerc.	Transp.	Outros	
Indefinido	4	27	6	32	7	11	50
Indefinido tempo parcial	X	0	0	12	5	4	21
Temporal	32	170	235	290	48	582	920
Temporal tempo parcial	X	17	26	62	6	251	319
Prácticas/Formación	0	8	11	15	0	4	19
Outros	X	0	0	0	0	125	125
TOTAL CONTRATOS	39	222	278	411	66	977	1.454

A modalidade de contratación temporal a tempo completo sobresaí en todos os sectores e subsectores. O sector servizos concentra a maior porcentaxe deste tipo de contratos: o 46,16%; destaca a porcentaxe acadada en outros servizos, o 29,20%, e en comercio e hostalería, o 14,55%. O resto das modalidades contractuais predominan tamén no sector servizos. Cómpre destacar os contratos temporais a tempo parcial como a segunda tipoloxía en importancia, agás no sector secundario e primario, e que se concentra tamén no dito sector, cunha porcentaxe do 16,01%, correspondendo a maioría deles a outros servizos, o 12,59%.

TÁBOA 29: Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Indefinido	72	78	70	75	87
Indefinido tempo parcial	13	18	17	16	22
Temporal	1.280	1.033	1.156	1.062	1.357
Temporal tempo parcial	249	241	202	236	363
Prácticas/Formación	81	43	131	139	38
Outros	131	98	60	81	126
TOTAL CONTRATOS	1.826	1.511	1.636	1.609	1.993

A contratación temporal a tempo completo evoluciona positivamente na comarca do Ribeiro durante o período 2000-2004, cunha variación media anual do 1,47%. Presenta unha traxectoria descontinua, decrecendo entre 2000 e 2001, cunha variación interanual de -19,30%, e entre 2002 e 2003, cunha variación interanual de -8,13%. Entre 2001 e 2002 e entre 2003 e 2004 experimenta un crecemento que compensa suficientemente as perdas, con variacións interanuais respectivas do 11,91% e do 27,78%.

A contratación temporal a tempo parcial é a que máis crece en termos absolutos e obtén unha variación media anual do 9,88%, a pesar de comezar o período con retrocesos: entre 2000 e 2001 rexistrou unha variación interanual de -3,21% e entre 2001 e 2002 unha de -16,18%.

Os contratos en prácticas/formación experimentan un decaemento, cunha variación media anual de -17,24%, e os indefinidos a tempo completo crecen, cunha variación media anual do 4,84%.

5.4.5.- Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

	CONTRATOS Nº	V. MEDIA 00-04
1. Dirección de empresas e administracións públicas	X	18,92
HOMES	6	10,67
MULLERES	X	-
2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais	197	6,70
HOMES	146	7,33
MULLERES	51	4,97
3. Técnicos e profesionais de apoio	102	0,75
HOMES	54	-6,61
MULLERES	48	14,42
4. Empregados de tipo administrativo	120	12,10
HOMES	27	-0,91
MULLERES	93	17,98
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	508	17,89
HOMES	216	28,59
MULLERES	292	12,24
6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca	X	-29,80
HOMES	15	-21,25
MULLERES	X	-49,60
7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufacturera, construción e minería	241	-7,20
HOMES	234	-6,10
MULLERES	7	-26,51
8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	X	-7,63
HOMES	82	-4,60
MULLERES	X	-49,19
9. Traballadores non cualificados	717	-0,21
HOMES	429	-7,30
MULLERES	288	19,34
TOTAL CONTRATOS	1.993	2,21
TOTAL HOMES	1.209	-2,02
TOTAL MULLERES	784	11,13

TÁBOA 30: Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2004.

Os grandes grupos de ocupación cun maior volume de contratación son:

- Traballadores non cualificados: representan o 35,98% do total comarcal.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio: o 25,49%.

- Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería: o 12,09%.

Segundo o xénero, os grupos máis significativos son os seguintes:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
• Traballadores non cualificados: 21,53%. • Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería: 11,74%. • Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio: 10,84%.	• Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio: 14,65%. • Traballadoras non cualificadas: 14,45%. • Empregadas de tipo administrativo: 4,67%.

Só en dous grandes grupos de ocupación predomina a presenza feminina:

- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio, que supón un 14,65% para o colectivo feminino e un 10,84% para o colectivo masculino.
- Empregadas de tipo administrativo: 4,67% para o colectivo feminino e 1,35% para o masculino.

5.4.6.- Ocupacións máis contratadas

TABOA 31: As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2004.

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL	HOMES	MULLERES	RATIO MASCUL. ¹
50200018	Camareiro, en xeral	223	131	92	58,74
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	212	181	31	85,38
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	X	X	153	1,92
25130104	Músico instrumentista, en xeral	132	122	10	92,42
94400012	Peón forestal	87	76	11	87,36
71100016	Albanel	X	74	X	98,67
51130024	Asistente domiciliario (auxiliar axuda domicilio)	67	0	67	0,00
91210094	Axudante de servizos (hostalería)	63	17	46	26,98
74230011	Canteiro de construción	X	48	X	97,96
42100010	Empregado administrativo, en xeral	44	14	30	31,82
TOTAL		1.108	X	442	60,11

(1) Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100

O 55,59% do total de contratos da comarca do Ribeiro realízanse entre as dez ocupacións máis contratadas. Destacan a de camareiro en xeral, co 11,19%; peón da industria manufactureira, co 10,64%; e muller/mozo de limpeza, co 7,83%.

En canto ao colectivo masculino, as ocupacións máis contratadas son: peón da industria manufactureira, co 14,97%; camareiro en xeral, co 10,84%; e músico e instrumentista, co 10,09%. Para o colectivo feminino son as de muller da limpeza, co 19,56%; camareira, co 11,73%; e asistente domiciliaria, co 8,55%.

A presenza da contratación masculina é superior á feminina no conxunto das dez ocupacións, cun ratio de masculinidade do 60,11%. Destacan polo alto

nivel de contratación masculina: albanel, ratio do 98,67%; canteiro de construción, ratio do 97,96%; e músico e instrumentista, ratio do 92,42%. Prevalece a contratación feminina en asistente domiciliaria, ratio do 0%; muller/mozo de limpeza, ratio do 1,92%; e axudante de servizos, ratio do 26,98%.

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	Nº CONTRATOS				
		2000	2001	2002	2003	2004
50200018	Camareiro, en xeral	59	74	63	74	223
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	284	234	171	247	212
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	63	53	68	72	156
25130104	Músico instrumentista, en xeral	88	51	44	76	132
94400012	Peón forestal	102	71	100	94	87
71100016	Albanel	102	78	132	111	75
51130024	Asistente domiciliario (auxiliar axuda domicilio)	59	59	56	76	67
91210094	Axudante de servizos (hostalería)					63
74230011	Canteiro de construción	54	33	34	60	49
42100010	Empregado administrativo, en xeral	42	39	35	45	44
96010011	Peón de obras públicas, en xeral	4	74	54	45	41
96020014	Peón da construción de edificios	159	92	110	29	36
60220101	Xardineiro, en xeral	40	X	42	X	5

TÁBOA 32: Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 2000 e 2004.

Hai tres ocupacións que estiveron dentro das dez máis contratadas no quinquenio pero deixan de estalo no último ano do período: xardineiro, peón de obras públicas e peón da construción de edificios. A ocupación de xardineiro ve minguar o seu número de contratos no período, cunha variación media anual de -40,54%. Pola contra, peón de obras públicas ascende, cunha variación media anual do 78,93%, pero os descenso interanuais fan que saia do grupo. Peón da construción de edificios tamén sofre un retroceso, cunha variación media anual de -31,02%.

As subidas máis importantes en termos relativos prodúcense nas ocupacións de camareiro, cunha variación media anual do 39,43%, grazas ao seu crecemento entre 2003 e 2004, e muller/mozo de limpeza, cunha variación media anual do 25,44%.

Os descenso máis significativos dentro das dez ocupacións máis contratadas prodúcense en albanel, cunha variación media anual de -7,40%, perdendo peso nos últimos anos do período, e peón da industria manufactureira, cunha variación media anual de -7,05%.

5.5.- FORMACIÓN PROFESIONAL OCUPACIONAL

TÁBOA 33: Número de alumnos e cursos de formación profesional ocupacional por familia profesional. Ano 2004.

FAMILIA PROFESIONAL	ALUMNOS		CURSOS	
	Nº	% comarca/provincia	Nº	% comarca/provincia
Agraria	18	10,78	1	10,00
Servizos ás empresas	34	1,95	2	1,82
Industrias alimentarias	17	11,41	1	11,11
Sanidade	25	4,33	1	2,94
Seguros e finanzas	21	5,80	1	4,35
TOTAL	115	1,87	6	1,56

En canto á formación profesional ocupacional na comarca do Ribeiro, en 2004 foron formadas 115 persoas. A familia profesional na que máis alumnos participaron foi servizos ás empresas, o que representa un 29,57% do total comarcal. Séguenlle sanidade, co 21,74%, e seguros e finanzas, co 18,96%. En relación coa provincia de Ourense, industrias alimentarias representa o 11,41% do alumnado e agraria o 10,78%. Respecto aos cursos, industrias alimentarias representa o 11,11% da oferta da especialidade na provincia e a familia agraria o 10%.

5.6.- CONCLUSIONES

- O sector servizos é o que ten maior número de empresas, de traballadores por conta allea e autónomos. O número de empresas na comarca do Ribeiro vese reducido durante o período 2000-2004; pola contra, tanto traballadores por conta allea como traballadores autónomos aumentan no seu volume.
- Os demandantes parados da comarca representan o 5,18% do total da provincia de Ourense e os non parados o 6,23%. A importancia relativa dos demandantes parados da comarca con respecto á provincia é lixeiramente máis alta en 2004 que en 2000. Os concellos de Ribadavia, Leiro e Melón xuntan máis da metade dos demandantes de emprego da comarca.
- A maioría dos demandantes de emprego son parados con emprego anterior. O colectivo feminino é máis numeroso que o masculino, sendo menor a proporción de demandantes femininas que a correspondente á provincia de Ourense. En canto á idade, predominan os maiores de 45 anos, e o intervalo de idade no que se dan máis casos de demandantes é o de entre 46 e 55 anos. No que atinxe ao nivel académico, a maior porcentaxe de demandantes posúe ata certificado de escolaridade.
- Por tempo de busca de emprego, a maior porcentaxe de demandantes parados leva menos de 6 meses no proceso; séguenlle de cerca os parados de longa duración (máis de 1 ano). A partir dos 55 anos para os homes e dos 35 anos para as mulleres predominan os demandantes parados de longa duración.
- Os demandantes de emprego proceden, na súa maioría, do sector servizos. O grupo máis numeroso dos demandantes parados nos servizos teñen como orixe as administracións públicas. No que se refire á industria, a actividade da que proceden máis demandantes parados é outras industrias. Cómpre salientar que a ocupación máis demandada é a de muller/mozo de limpeza, limpador en xeral.
- A comarca do Ribeiro concentra o 3,76% das ofertas de emprego provinciais. Durante o período 2000-2004 o número de ofertas experimenta un decaemento, situándose a comarca por baixo da recesión da provincia. O concello de Ribadavia concentra máis das tres cuartas partes das ofertas comarcais, feito que contrasta coa contratación, xa que, malia ser o concello no que máis contratos se producen, a cantidade é moito menor que a das ofertas. Máis da metade das ofertas producidas no Ribeiro aparecen no sector servizos e menos dunha cuarta parte na construción. En canto aos subsectores, a maioría das ofertas dos servizos derivan das administracións públicas.
- Sete de cada cen ofertas xestionadas polo servizo público de emprego no Ribeiro teñen como requirimento o sexo á hora de acceder a un posto de traballo e demandan maioritariamente homes. En cambio, tres cuartas partes esixen un determinado nivel académico, se ben a metade só solicitan ensino obrigatorio.
- O número de contratos da comarca do Ribeiro supón o 3,61% do total da contratación provincial. A contratación aumenta durante o período 2000-2004, feito destacable cando se ten en conta a diminución do número de ofertas para o mesmo período. Por concellos, Ribadavia e Leiro xuntos concentran máis da metade.
- A contratación comarcal ten un maior peso para o colectivo masculino. O perfil amósase máis masculinizado que o provincial. Só a contratación feminina aumentou durante o quinquenio, mentres que a masculina descendeu, polo que a distancia entre ambos os tipos de contratación tendeu a diminuír durante o período 2000-2004.
- Gran parte da contratación comarcal realízase a menores de 36 anos e case a metade a menores de 36 anos no sector servizos. Os contratos nos servizos fanse, especialmente, nas actividades inmobiliarias e de servizos ás empresas, seguidos

das administracións públicas e, por último, nos servizos á comunidade. En canto á industria, a maior parte da contratación converxe en outras industrias, séguenlle os contratos na madeira e na metalurxia. En todos os sectores predomina a presenza masculina.

- A contratación masculina é prioritaria en todas as modalidades de contratación excepto naquelas a tempo parcial nas que predomina a feminina. A modalidade de contratación temporal a tempo completo é a máis común en todos os sectores, subsectores, idades e sexos. Este tipo de contratación aumenta durante o quinquenio 2000-2004.
- Os grupos de ocupación cun maior volume de contratación son os traballadores non cualificados, os traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio e artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería. As ocupacións máis contratadas na comarca son a de camareiro, peón da industria manufactureira e muller/mozo de limpeza.
- En 2004 participaron 115 persoas en formación profesional ocupacional. A especialidade de servizos ás empresas foi na que participaron máis alumnos.



Comarca de Ourense



5.1.- TECIDO EMPRESARIAL

5.1.1.- Tecido empresarial comarcal. Situación actual

SECTORES	EMPRESAS		TRABALLADORES		AUTÓNOMOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
SECTOR PRIMARIO	104	1,45	1.348	2,63	135	1,47
Agricultura e pesca	104	1,45	1.348	2,63	135	1,47
SECTOR SECUNDARIO	714	9,92	8.398	16,40	999	10,91
Industria e electricidade	714	9,92	8.398	16,40	999	10,91
SECTOR CONSTRUCCIÓN	866	12,04	5.270	10,29	1.498	16,36
Construcción	866	12,04	5.270	10,29	1.498	16,36
SECTOR SERVICIOS	5.510	76,59	36.192	70,68	6.527	71,26
Comercio e hostalería	2.523	35,07	10.699	20,89	4.027	43,97
Transporte e comunicacións	275	3,82	2.093	4,09	538	5,87
Outros servizos	2.712	37,70	23.400	45,70	1.962	21,42
TOTAL	7.194	100,00	51.208	100,00	9.159	100,00

TÁBOA 1: Número de empresas, traballadores e autónomos.

Na comarca de Ourense as empresas dedícanse maioritariamente á prestación de servizos –76,59%–. Dentro deste sector terciario, destaca o elevado peso relativo dos outros servizos –37,70– e do comercio e hostalería –35,07–. O segundo sector máis importante, a moita distancia, é o da construción, co 12,04%.

Os traballadores por conta allea tamén se agrupan en gran proporción nos servizos –70,68%–. Porén, a diferenza das empresas, a clase representada por outros servizos –44,15%– sitúase moi por riba de comercio e hostalería –20,89%–. O segundo sector máis importante en canto ao número de traballadores por conta allea é o secundario, que representa o 16,40%.

Pola súa parte, os autónomos tamén desenvolven maioritariamente a súa actividade no sector terciario –71,26%–. Con todo, na desagregación dos servizos por subsectores obsérvase un troco de proporcións respecto aos traballadores por conta allea. No caso dos autónomos, o subsector máis importante é o de comercio e hostalería –43,97%– e despois o de outros servizos –21,42%–. O seguinte grupo de autónomos en peso relativo está vinculado ao sector da construción, co 16,36%.

5.1.2.- Evolución anual

TÁBOA 2: Evolución do número de empresas.
Período 2000-2004.

	EMPRESAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	200	217	193	83	104
Agricultura e pesca	200	217	193	83	104
SECTOR SECUNDARIO	752	756	755	743	714
Industria e electricidade	752	756	755	743	714
SECTOR CONSTRUCCIÓN	832	854	872	872	866
Construción	832	854	872	872	866
SECTOR SERVICIOS	5.015	5.235	5.310	5.322	5.510
Comercio e hostalería	2.316	2.415	2.441	2.443	2.523
Transporte e comunicacións	238	264	263	251	275
Outros servizos	2.461	2.556	2.606	2.628	2.712
TOTAL	6.799	7.062	7.130	7.020	7.194

No período 2000-2004 o número de empresas da comarca de Ourense medrou lixeiramente –variación media anual do 1,42%–. Ao longo deste tempo non houbo grandes oscilacións; o crecemento de maior intensidade produciuse en 2001 –variación interanual do 3,87%– e o único ano en que as empresas diminuíron foi 2003, -1,54%.

A análise por sectores económicos deste aumento do número de empresas da comarca amósanos diferentes cursos de evolución. O sector secundario mostra unha tendencia cara ao decrecemento moderado (variación media de -1,29%), a construción tendeu cara a un aumento leve (variación media do 1,01) e os servizos, co comportamento máis positivo, evolucionou cara a un incremento sostido de maior intensidade (variación media do 2,38%). En ningún destes sectores houbo grandes oscilacións interanuais.

Por último, os subsectores máis relevantes non se apartan da pauta indicada para o sector no que se encadran; en todo caso, houbo incrementos ou diminucións moderadas e sen grandes oscilacións ao longo do período.

TÁBOA 3: Evolución do número de traballadores.
Período 2000-2004.

	TRABALLADORES				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	1.387	1.406	1.383	1.325	1.348
Agricultura e pesca	1.387	1.406	1.383	1.325	1.348
SECTOR SECUNDARIO	8.199	8.466	8.408	8.401	8.398
Industria e electricidade	8.199	8.466	8.408	8.401	8.398
SECTOR CONSTRUCCIÓN	4.916	5.233	5.082	5.098	5.270
Construción	4.916	5.233	5.082	5.098	5.270
SECTOR SERVICIOS	31.810	34.062	34.262	35.013	36.192
Comercio e hostalería	20.850	22.332	22.164	22.702	23.400
Transporte e comunicacións	2.011	2.051	2.090	2.073	2.093
Outros servizos	8.949	9.679	10.008	10.238	10.699
TOTAL	46.312	49.167	49.135	49.837	51.208

Os traballadores por conta allea tamén medraron en número no transcurso do período 2000-2004 –variación media do 2,54%–. Este crecemento foi descontinuo; así, adquiriu especial relevancia en 2001 –variación interanual do 6,16%–, reduciuse levemente ao ano seguinte e medrou dun xeito moderado nos dous últimos anos de referencia.

A maior expansión dos traballadores por conta allea aconteceu nos servizos –variación media do 3,28%– e, despois, na construción –variación media do 1,75%–. Pola súa parte, o número de asalariados nos sectores primario e secundario presentou leves oscilacións, descendendo levemente no primeiro e rexistando un certo aumento o segundo.

Atendendo ás variación interanuais, todos os sectores experimentaron unha fase expansiva en 2001. Neste ano, o maior incremento de traballadores deuse nos servizos –variación interanual do 7,08%– e, no límite contrario, o menor incremento foi o do sector primario –variación interanual do 1,37%–. No resto do período ningún sector volveu a experimentar unha fase expansiva de magnitude similar ou, dito doutro modo, este ano 2001 supuxo a fase de maior crecemento en cada un dos sectores.

Os subsectores dos servizos seguiron a pauta de crecemento continuo marcada polo sector, se ben houbo unha pequena redución do comercio e hostalería en 2002 e en transporte e comunicacións en 2003.

	AUTÓNOMOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	105	126	129	130	135
Agricultura e pesca	105	126	129	130	135
SECTOR SECUNDARIO	856	870	911	947	999
Industria e electricidade	856	870	911	947	999
SECTOR CONSTRUCCIÓN	1.112	1.206	1.286	1.375	1.498
Construción	1.112	1.206	1.286	1.375	1.498
SECTOR SERVIZOS	5.230	5.518	5.792	6.132	6.527
Comercio e hostalería	3.351	3.518	3.681	3.818	4.027
Transporte e comunicacións	437	459	459	504	538
Outros servizos	1.442	1.541	1.652	1.810	1.962
TOTAL	7.303	7.720	8.118	8.584	9.159

TÁBOA 4: Evolución do número de autónomos. Período 2000-2004.

A evolución dos autónomos entre 2000 e 2004 tamén foi positiva en todos os sectores económicos. O grupo de traballadores deste tipo aumentou no decorrer destes anos, cunha variación media do 5,82%.

O maior incremento relativo do número de autónomos foi no sector da construción –variación media do 7,73%–, despois nos servizos –variación media do 5,69%– e no sector secundario –variación media do 3,95%–. Na desagregación por subsectores, a expansión de traballadores por conta propia de maior intensidade deuse en outros servizos, cunha variación media do 8%.

Por último, o aumento dos autónomos foi continuo, e ocorreu en todos os anos. Na análise das variacións interanuais na construción, nos servizos e os respectivos subsectores, non se observan oscilacións de alta intensidade nin grandes diferenzas respecto aos valores das variacións medias anteriormente mencionados. No caso do sector secundario hai un crecemento sostido ao longo dos anos do quinquenio.

5.2.- DEMANDAS

5.2.1.- Demandantes galegos por concello

TÁBOA 5: Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
A Peroxa	91	52	143
Amoeiro	98	41	139
Barbadás	413	281	694
Coles	175	75	250
Esgos	56	37	93
Nogueira de Ramuín	167	82	249
Ourense	6.550	4.096	10.646
Pereiro de Aguiar	167	115	282
San Cibrao das Viñas	169	107	276
Taboadela	79	29	108
Toén	100	74	174
Vilamarín	70	52	122
TOTAL	8.135	5.041	13.176

% comarca/provincia – PARADOS 44,40

% comarca/provincia - NON PARADOS 49,97

O concello de Ourense concentra a gran maioría das demandas de emprego da comarca en 2004 –80,80%–. Despois destacan os municipios de Barbadás, co 5,27%, Pereiro de Aguiar, co 2,14%, e San Cibrao das Viñas, co 2,09%. No resto de concellos as porcentaxes son moi pequenas.

Os demandantes parados da comarca supoñen o 61,74% e os non parados o 38,26% restante. En todos os concellos predominan os primeiros con respecto aos segundos. En relación cos datos provinciais, a comarca de Ourense agrupa o 44,40% dos demandantes parados e o 49,97% dos non parados.

5.2.2.- Demandantes parados. Evolución

TÁBOA 6: Evolución dos demandantes parados.

	2000	2001	2002	2003	2004
Parados comarca	8.011	7.788	8.528	8.338	8.135
Variación interanual %	-	-2,78	9,50	-2,23	-2,43
COMARCA/TOTAL PROVINCIA	45,35	46,57	46,82	45,22	44,40

A evolución dos demandantes parados da comarca no período 2000-2004 mostra un saldo lixeiramente positivo. Así e todo, atendendo ás variacións interanuais, só se rexistra un aumento de 9,50% en 2002, que é o que explica o balance final positivo.

O peso relativo dos demandantes parados da comarca no total da provincia acadou valores que oscilan entre un máximo do 46,82% en 2002 e un mínimo do 44,40% en 2004.

5.2.3.- Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	1.368	10,38	9,95
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	6.767	51,36	54,54
NON PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	795	6,03	4,96
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	1.977	15,00	15,09
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	697	5,29	4,80
	En expediente de regulación de emprego	58	0,44	0,32
	Demandantes de mellora de emprego	958	7,27	7,02
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	510	3,87	2,93
	Resto de demandantes	46	0,35	0,39
TOTAL		13.176	100,00	100,00

TÁBOA 7: Situación laboral dos demandantes.

A maioría dos demandantes son parados con emprego anterior (51,36%). En segundo lugar, a notable distancia, sitúanse os non parados, tamén con emprego anterior (15%).

As distribucións comarcal e provincial dos demandantes de emprego segundo a súa situación laboral son moi semellantes. A diferenza máis cuantiosa está no peso relativo dos demandantes parados con emprego anterior na provincia, tres puntos por riba da comarca.

5.2.4.- Demandantes de emprego por sexo e idade

	HOMES N.º	MULLERES N.º	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	522	712	15,17	13,49
26 a 35 anos	823	1.460	28,06	24,76
36 a 45 anos	562	1.186	21,49	21,60
46 a 55 anos	507	1.026	18,84	20,69
56 e máis anos	671	666	16,44	19,46
TOTAL COMARCA	3.085	5.050	100,00	44,40
TOTAL PROVINCIA	7.574	10.747	44,40	100,00

TÁBOA 8.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

A maioría dos demandantes parados son mulleres. O colectivo feminino representa o 62,08% do total, en tanto que o masculino só supón o 37,92% restante. Por idades, predominan os demandantes parados que teñen entre 26 e 35 anos, que representan o 28,06% do total da comarca.

Tendo en conta as idades e o sexo simultaneamente, o grupo de demandantes parados máis numeroso é o de mulleres que teñen entre 26 e 35 anos –17,95% do total de demandantes–. Na serie dos homes, moito menos numerosa, tamén predomina este segmento de idade. O segundo grupo de maior

peso relativo no caso das mulleres é o de 36 a 45 anos e no dos homes os maiores de 55 anos.

O predomínio do colectivo feminino como demandantes parados ponse de manifesto en todas as idades, agás no tramo dos maiores de 55 anos, onde ambos os xéneros teñen unha presenza cuantitativa similar.

Os datos provinciais por idades reflicten unha distribución relativa parecida á comarcal. Existe coincidencia en canto á orde de importancia dos diferentes grupos de idades e diferenzas en canto aos pesos relativos concretos. A diferenza porcentual máis notable dáse no grupo de 26 a 35 anos, onde a proporción comarcal é algo máis alta.

TÁBOA 8.2: Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.


	HOMES N.º	MULLERES N.º	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	537	680	24,14	19,89
26 a 35 anos	426	976	27,81	24,48
36 a 45 anos	214	713	18,39	19,75
46 a 55 anos	224	562	15,59	17,93
56 e máis anos	301	408	14,06	17,94
TOTAL COMARCA	1.702	3.339	100,00	49,97
TOTAL PROVINCIA	3.706	6.383	49,97	100,00

Os demandantes non parados da comarca tamén son maioritariamente mulleres. Neste caso, o colectivo feminino representa o 66,24% e o masculino o 33,76% restante. Por idades, predominan os demandantes non parados de entre 26 e 35 anos, que supoñen o 27,81% do total da comarca.

Por sexo e idades, a proporción máis elevada de demandantes non parados está formada por mulleres de 26 a 35 anos, co 19,36% do total. E, a continuación, tamén por mulleres pero do tramo de idade seguinte, de 36 a 45 anos, co 14,14%.

A distribución comarcal e a provincial dos demandantes non parados coinciden na orde de importancia dos tres grupos de maior peso relativo. A diferenza máis destacable é que os demandantes non parados maiores de 45 anos supoñen na comarca o 29,65%, en tanto que na provincia esta proporción é do 35,87%.

GRÁFICO 1: Distribución porcentual do total de demandantes por sexo e grupos de idade.



No gráfico pódense apreciar facilmente dous dos trazos máis salientables: o elevado peso relativo dos demandantes que teñen entre 26 e 35 anos e o predominio claro das mulleres en todas as idades, sendo menor esta diferenza no caso dos maiores de 55 anos.

5.2.5.- Demandantes por nivel académico

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Ata certificado de escolaridade*	2.608	1.342	3.950
Titulación de ensinanza obrigatoria	2.616	1.406	4.022
Formación profesional	439	335	774
BUP/Bacharelato superior/COU	1.276	992	2.268
Titulados universitarios	1.060	883	1.943
Outras titulacións	136	83	219
TOTAL	8.135	5.041	13.176

* Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade

TÁBOA 9: Distribución dos demandantes parados e non parados por nivel académico.

A maioría dos demandantes teñen como máximo estudos obrigatorios –60,50%–. Nos parados esta proporción chega ao 64,22% e nos non parados baixa ata o 54,51%.

Entre os demandantes cun nivel académico superior ao ensino obrigatorio, predominan os que teñen o bacharelato –17,21%– e os titulados universitarios –14,75%–. Estas proporcións son inferiores no caso dos parados e superiores no dos non parados. A suma dos que teñen bacharelato ou un título universitario é no primeiro caso do 28,72% e no segundo do 37,20%.

5.2.6.- Demandantes parados por tempo de busca de emprego

		Menos de 6 meses	De 6 meses a 1 ano	Máis de 1 ano	TOTAL
Menor de 26 anos	Homes	383	87	52	522
	Mulleres	454	123	135	712
26 a 35 anos	Homes	513	151	159	823
	Mulleres	662	246	552	1.460
36 a 45 anos	Homes	335	80	147	562
	Mulleres	416	176	594	1.186
46 a 55 anos	Homes	202	73	232	507
	Mulleres	251	108	667	1.026
Máis de 55 anos	Homes	179	92	400	671
	Mulleres	80	41	545	666
TOTAL COMARCA		3.475	1.177	3.483	8.135
TOTAL PROVINCIA		7.871	2.533	7.917	18.321

TÁBOA 10: Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

Na comarca de Ourense é tan común levar menos de 6 meses buscando emprego –42,72%– como ser un parado de longa duración –42,81%–. Pola súa parte, o 14,47% restante levan de 6 meses a 1 ano na procura dun traballo.

Na provincia, a distribución por tempo de busca de emprego é moi parecida á da comarca, por non dicir practicamente idéntica. Así, temos que os de

menos de 6 meses supoñen o 42,96%, os que levan entre 6 meses e 1 ano o 13,83%, e os de máis de 1 ano o 43,21%.

O grupo de demandantes parados máis numeroso da comarca correspóndese coas mulleres de 46 a 55 anos que levan máis dun ano procurando emprego, colectivo que representa o 8,20% do total. En segundo lugar, moi preto, está o grupo de mulleres de 26 a 35 anos que levan menos de 6 meses, que representan o 8,14%.

Por último, cómpre subliñar que a situación máis desfavorable, o paro de longa duración, afecta principalmente ao colectivo feminino. Así, do sinalado 42,81% de demandantes da comarca que levan máis dun ano buscando traballo, o 30,65% débese ás mulleres e unicamente o 12,17% aos homes.

5.2.7.- Demandantes por sectores económicos de procedencia


TÁBOA 11: Demandantes por actividade económica.

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Sector primario	102	62	164
Sector secundario	1.084	501	1.585
Construción	957	374	1.331
Sector servizos	4.640	3.029	7.669
Sen actividade previa	1.352	1.075	2.427
TOTAL	8.135	5.041	13.176

A repartición comarcal por actividade económica amósanos que os demandantes se concentran ao redor do sector servizos (58,20%), tanto no caso dos parados (57,04%) como dos non parados (60,09%).

Pola súa parte, a suma dos sectores secundario e da construción representan o 22,13% do total de demandantes.

GRÁFICO 2: Demandantes parados na industria.



Os demandantes parados na industria proceden fundamentalmente das outras industrias –29%– e do téxtil e confección –28%–. Outra parte importante vén da alimentación, co 17%, e, a certa distancia, sitúase a metalurxia e fabricación de produtos metálicos, co 11%.




GRÁFICO 3: Demandantes parados nos servizos.

Dentro dos servizos destacan os demandantes parados procedentes do comercio –24%– e das actividades inmobiliarias e de servizos a empresas –22%–. E despois, en terceiro lugar, os que proveñen da hostalería –14%–. A representatividade do resto de actividades dos servizos é igual ou inferior ao 9%.

5.2.8.- As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Empregado administrativo, en xeral	1.408	10,69	8,36
Dependente de comercio, en xeral	1.326	10,06	8,24
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	949	7,20	9,48
Peón da ind. manufactureira, en xeral	495	3,76	4,58
Camareiro, en xeral	424	3,22	2,88
Auxiliar de clínica	373	2,83	1,88
Peón da construción de edificios	256	1,94	3,82
Operador de máquina ind. coser á plana, ex. pel: calzado	227	1,72	2,17
Cociñeiro, en xeral	208	1,58	2,07
Albanel	189	1,43	2,46

TÁBOA 12: Ocupacións máis demandadas.

5.2.9.- Perfil tipo dos demandantes de emprego

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parado con emprego anterior	Parado con emprego anterior
Sexo	Muller	Muller
Grupo idade	De 26 a 35 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Ensinanza obrigatoria	Ata certificado de escolaridade
Duración demanda	Máis de 1 ano	Máis de 1 ano
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	Empregado administrativo, en xeral	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral

TÁBOA 13: Perfil máis representativo.

5.3.- OFERTAS

5.3.1.- Ofertas no servizo público de emprego galego 2004. Evolución

TÁBOA 14: Número de ofertas por concellos.

	TOTAL OFERTAS
A Peroxa	8
Amoeiro	20
Barbadás	86
Coles	65
Esgos	8
Nogueira de Ramuín	51
Ourense	6.499
Pereiro de Aguiar	129
San Cibrao das Viñas	425
Taboadela	34
Toén	30
Vilamarín	21
TOTAL COMARCA	7.376

TOTAL OFERTAS PROVINCIA: 11.122

COMARCA/PROVINCIA: 66,32

Na comarca de Ourense xestionáronse 7.376 ofertas de emprego –o 66,32% do total provincial–. A gran maioría tiveron lugar no concello de Ourense, concretamente o 88,11%. O restante 11,89% das ofertas repartíuse entre os outros once municipios da comarca.

TÁBOA 15: Evolución das ofertas. Período 2000-2004.

	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
A Peroxa	15	5	15	13	8
Amoeiro	16	14	19	23	20
Barbadás	72	93	82	81	86
Coles	90	52	58	65	65
Esgos	9	7	11	13	8
Nogueira de Ramuín	6	36	14	39	51
Ourense	7.368	6.497	6.085	5.961	6.499
Pereiro de Aguiar	145	134	158	95	129
San Cibrao das Viñas	473	370	330	452	425
Taboadela	23	29	31	26	34
Toén	24	12	26	20	30
Vilamarín	41	20	8	14	21
TOTAL COMARCA	8.282	7.269	6.837	6.802	7.376
TOTAL PROVINCIA	12.969	11.664	10.871	11.116	11.122

No período 2000-2004 as ofertas da comarca de Ourense diminuíron, cunha variación media anual de -2,85%, descenso menor que o acontecido a nivel provincial, que é de -3,77%.

A evolución da comarca ao longo deste tempo caracterízase por descensos notables ata 2003 e un cambio de tendencia cara á expansión ao final do período. As variacións interanuais extremas foron a de 2000-2001, de -12,33%, e a de 2003-2004, de 8,44%.

O curso evolutivo do concello de Ourense, con pequenas variacións de intensidade, é o mesmo que o descrito para a comarca, obtendo unha varia-

ción media de -3,09%. En San Cibrao das Viñas a tónica xeral, sobre todo nos primeiros anos, foi regresiva. Excepcionalmente, no ano 2003, as ofertas neste municipio medraron considerablemente, un 36,97% respecto ao ano anterior, o que case compensa as perdas ocorridas no resto do período. Como resultado final, a variación media anual neste concello foi de -2,64%.




GRÁFICO 4: Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.

O gráfico da evolución do número de ofertas na comarca permítenos comparar o acontecido no concello de Ourense, no que se concentran a maioría delas, co resto de concellos agrupados. No caso de Ourense aprécianse claramente os descensos notables nos primeiros anos, e o cambio de tendencia cara á expansión ao final do período. A evolución do resto de concellos como conxunto case responde ás mesmas características, isto é, unha fase regresiva importante ao comezo, seguida dunha recuperación de menor intensidade a partir de 2002.


5.3.2.- Ofertas segundo os sectores de actividade económica

	PRIMARIO	SECUNDARIO	CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS
A Peroxa	2	0	1	5
Amoeiro	8	1	1	10
Barbadás	0	4	31	51
Coles	1	11	15	38
Esgos	0	0	4	4
Nogueira de Ramuín	0	4	13	34
Ourense	44	389	1.113	4.952
Pereiro de Aguiar	3	23	41	62
San Cibrao das Viñas	0	67	60	298
Taboadela	2	5	5	22
Toén	1	2	7	20
Vilamarín	1	3	3	14
TOTAL COMARCA	62	509	1.294	5.510
TOTAL PROVINCIA	150	953	2.083	7.935

TÁBOA 16: Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos.


A distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos amósanos de novo a alta concentración delas no municipio de Ourense. No caso dos sectores terciario e construción, esta concentración sitúase en valores moi elevados –89,87% e 86,01% respectivamente–. En cambio, nos sectores secundario e primario as correspondentes porcentaxes tamén son altas pero algo menores, en concreto, do 76,42% e do 70,97%.

GRÁFICO 5: Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.




Os servizos agrupan o maior número de ofertas da comarca, case as tres cuartas partes do total. A moita distancia están a construción, co 18%, e o secundario, co 7%. Pola súa parte, as ofertas no primario son marxinais, pois só representan o 1%.

GRÁFICO 6: Distribución porcentual das ofertas na industria.



As ofertas industriais proceden principalmente de dous tipos de actividades: téxtil e confección –29%– e outras industrias –26%–. O seguinte grupo máis importante, situado xa a gran distancia, é o de alimentación, que representa o 13%.

GRÁFICO 7: Distribución porcentual das ofertas nos servizos.



As ofertas nos servizos teñen a súa orixe máis importante nas actividades inmobiliarias e servizos a empresas –22%–. A continuación están o comercio e a hostalería, actividades que representan un 15% cada unha, e moi preto as administracións públicas –14%–. As ofertas de traballo nos outros seis grupos de actividades de servizos son notablemente inferiores, e supoñen en conxunto o 34% restante.

	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Primario	70	63	57	36	62
Secundario	838	672	673	529	509
Construción	1.561	1.243	1.222	1.304	1.294
Servizos	5.813	5.291	4.884	4.932	5.510
TOTAL COMARCA	8.282	7.269	6.836	6.801	7.375
TOTAL PROVINCIA	12.969	11.664	10.871	11.116	11.122

TÁBOA 17: Evolución das ofertas por sectores económicos.

A evolución das ofertas por sectores económicos no período 2000-2004 foi negativa en todos os casos. A intensidade desta fase regresiva foi menor no sector servizos, que presenta unha variación media anual de -1,33%, grazas principalmente ao comportamento do ano 2004, no que o volume de ofertas se recuperou, medrando nun 11,72% respecto ao 2003. Anteriormente nos servizos rexistráranse descensos considerables ata 2003, ano en que o número de ofertas de traballo aumentou moi pouco.

Nos outros sectores a diminución relativa do número de ofertas ao longo do período foi, como dixemos, de maior intensidade. Na construción a variación media anual acadou un valor do -4,58% negativo, e no secundario esta variación media anual chegou ao -11,72%. O peor ano na construción foi o 2001, e no secundario o 2001 e o 2003; en todos eles as variacións interanuais situáronse arredor do -20%.

5.3.3.- Perfil básico das ofertas

Tres de cada dez ofertas da comarca –32,37%– especifican o sexo como requisito para poder acceder a un traballo. Dentro destas, o 53,50% solicita un home e un 46,50% unha muller.

Na construción practicamente só se solicitan homes, mentres que nos servizos solicítanse preto de dúas mulleres por cada home. Nos servizos, tende a haber máis ofertas deste tipo para o colectivo masculino nas actividades inmobiliarias e servizos ás empresas, en tanto que o maior volume de ofertas no feminino procedían de outros servizos e hostalería.

Atendendo aos estudos, unha de cada catro ofertas da comarca exixen certo nivel académico para poder ocupar un posto de traballo –25,85%–. En catro de cada dez casos solicitouse o certificado de escolaridade e en tres de cada dez a formación profesional. A solicitude dun determinado nivel académico deriva basicamente dos servizos; as ofertas cun menor nivel de formación derivan en maior medida de administracións públicas, mentres que as que solicitan formación profesional proceden de comercio e de transporte e comunicacións.

5.3.4.- Análise ocupacional das ofertas

TÁBOA 18.1: Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.

	2000	2001	2002	2003	2004
Axente comercial / Vendedor	965	621	464	631	594
Camareiro - Barman	399	386	354	344	432
Empregado/a do fogar	157	208	235	271	312
Albanel	430	222	260	252	287
Dependente en xeral	229	329	214	205	234
Telefonista / Operador de telemárketing	25	3	42	126	203
Repartidor	175	127	116	88	128
Perruqueiro/a	136	95	114	126	115
Cociñeiro / Grelleiro / Pizzeiro / Pranchista	134	76	71	71	113
Administrativo	39	27	56	72	110

A ocupación máis ofertada nos centros colaboradores foi a de axente comercial/vendedor, seguida polas de camareiro-barman e empregado do fogar.

A ocupación de axente comercial/vendedor experimentou un forte retroceso entre 2000 e 2004 cunha variación media anual do -11,42%. A de camareiro-barman medrou lixeiramente –variación media do 2,01%– e a de empregado do fogar duplicouse ao longo do quinquenio, tal e como se desprende da súa variación media anual, que é do 18,73%.

Entre as outras ocupacións, destaca o forte retroceso da de albanel no ano 2001 e a súa moderada recuperación en 2002 e 2004. E, por último, as oscilacións de alta intensidade de ocupacións que atenden a demandas anuais moi variables, como a de telefonista/operador de telemárketing.

TÁBOA 18.2: Ocupacións máis ofertadas nas oficinas de emprego.

	2000	2001	2002	2003	2004
Albanel	139	133	76	109	202
Traballador retén incendios forestais	57	29	60	22	103
Peón da construción de edificios	206	88	158	124	74
Camareiro, en xeral	48	78	51	58	60
Asistente domiciliario (auxiliar axuda domicilio)	25	28	24	17	60
Empregado administrativo, en xeral	48	76	96	60	55
Dependente tecidos e roupa de vestir	35	34	49	38	37
Dependente de comercio, en xeral	17	32	32	35	35
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	25	20	23	20	33
Peón da ind. manufactureira, en xeral	19	43	114	79	31

Nas oficinas de emprego, a ocupación máis ofertada en 2004 foi a de albanel. A continuación aparecen, a moita distancia, a de traballador retén incendios forestais e peón da construción de edificios.

A dinámica destas ocupacións entre 2000 e 2004 foi dispar. As ofertas de peón da construción de edificios sufriron un importante proceso regresivo –variación media de -22,58%–. O decrecemento do número de ofertas nesta ocupación foi especialmente intenso en 2001 e 2004 con variacións interanuais inferiores ao -40%, diminucións que unicamente foron compensadas parcialmente por un aumento das ofertas en 2002.

Pola súa parte, as ofertas das dúas ocupacións máis importantes en 2004, a de albanel e a de traballador retén incendios forestais, medraron no transcurso do período, cunhas variacións medias do 9,80% e 15,94% respectivamente. A de albanel, tras experimentar unha forte contracción en 2002, aumentou nos anos seguintes, especialmente en 2004, no que a variación interanual foi do 85,32%. A de traballador retén incendios forestais tamén medrou dun xeito extraordinario en 2004, tras coñecer o seu mínimo no ano anterior.

5.4.- CONTRATOS

5.4.1.- Número de contratos no ámbito comarcal

	Nº
A Peroxa	70
Amoeiro	161
Barbadás	519
Coles	317
Esgos	100
Nogueira de Ramuín	304
Ourense	28.275
Pereiro de Aguiar	1.935
San Cibrao das Viñas	2.730
Taboadela	211
Toén	223
Vilamarín	296
TOTAL COMARCA	35.141
TOTAL PROVINCIA	55.273

TÁBOA 19: Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2004.

A contratación da comarca concéntrase no municipio de Ourense. En particular, catro de cada cinco contratos –80,46%– realizáronse neste concello. No resto da comarca, destacan San Cibrao das Viñas, co 7,77%, e Pereiro de Aguiar, co 5,51%.

O total de contratos realizados na comarca de Ourense en 2004, comparado co volume de contratación provincial, representa o 63,58%. Dito doutro modo, seis de cada dez contratos de traballo asinados na provincia tiveron lugar nesta comarca.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
A Peroxa	133	167	120	81	70
Amoeiro	172	162	159	146	161
Barbadás	753	478	518	437	519
Coles	355	322	288	361	317
Esgos	146	143	80	96	100
Nogueira de Ramuín	210	199	176	166	304
Ourense	22.527	24.466	25.362	25.704	28.275
Pereiro de Aguiar	857	921	1.348	1.615	1.935
San Cibrao das Viñas	3.548	2.673	2.611	2.310	2.730
Taboadela	162	148	150	146	211
Toén	217	261	169	188	223
Vilamarín	254	435	278	282	296
TOTAL COMARCA	29.334	30.375	31.259	31.532	35.141
TOTAL PROVINCIA	48.332	48.607	49.367	50.587	55.273

TÁBOA 20: Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Período 2000-2004.

A evolución do número de contratos da comarca no período 2000-2004 foi positiva –variación media do 4,62%–. As variacións interanuais reflicten un crecemento moderado nos primeiros anos, un case estancamento en 2003 e unha expansión cuantiosa en 2004, ano en que os contratos medraron un 11,45% respecto ao anterior.

A evolución na provincia, fortemente influenciada polo que acontece na comarca de Ourense, presenta moitos trazos comúns. Así, o balance final tamén foi positivo –variación media do 3,41%–; no transcurso do período non houbo ningunha fase regresiva, e no 2004 o volume de contratación tamén experimentou unha expansión considerable.

En canto á evolución da contratación nos concellos, o máis salientable é o crecemento de moi alta intensidade en Pereiro de Aguiar –variación media do 22,58%– e o comportamento positivo do concello de Ourense ao longo de todos os anos –variación media do 5,85%–. No resto a contratación evolucionou de xeito desigual e os balances finais foron de diferente signo. O máis negativo foi o do concello da Peroxa, cunha variación media de -14,83%.

5.4.2.- Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

TÁBOA 21: Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2004.

	Nº CONTRATOS		Total
	Homes	Mulleres	
Menos de 26 anos	6.857	5.791	12.648
De 26 a 35 anos	6.054	5.870	11.924
De 36 a 45 anos	3.103	3.242	6.345
De 46 a 55 anos	1.720	1.460	3.180
De 56 e máis anos	751	293	1.044
TOTAL COMARCA	18.485	16.656	35.141
TOTAL PROVINCIAL	30.749	24.524	55.273

A distribución da contratación comarcal segundo o sexo en 2004 amosa un pequeno desequilibrio de xénero. O 52,60% dos contratos realizáronse a homes e o 47,40% restante a mulleres. No caso da provincia, as diferenzas na contratación por sexo son máis notorias. Ao colectivo masculino correspóndelle o 55,63% e ao feminino o 44,37%.

A repartición por idades revélanos que a maior proporción dos contratos se reúne no grupo de menores de 26 anos –35,99%–, seguido moi preto polos de 26 a 35 anos –33,93%–. En suma, nos dous tramos de xente máis nova concéntrase o 69,92% do volume total de contratación.

Esta concentración dos contratos na xente de menor idade ocorre tanto no colectivo masculino como no feminino. Ademais, tamén nos dous casos, o volume de contratación diminúe conforme aumenta a idade a partir dos 36 anos.

TÁBOA 22: Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Homes	17.611	17.111	17.121	16.950	18.485
Mulleres	11.723	13.264	14.138	14.582	16.656
TOTAL CONTRATOS	29.334	30.375	31.259	31.532	35.141

No período 2000-2004 rexistrouse unha redución moi considerable do desequilibrio na contratación entre homes e mulleres. Atendendo aos saldos do período, os contratos asinados por mulleres medraron notablemente, en tanto que no caso dos homes creceron en moita menor medida. As variacións medias anuais situáronse respectivamente no 9,18% e no 1,22%.




GRÁFICO 8: Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 2000-2004. Valores proporcionais.

No gráfico pódese apreciar con claridade que dende o comezo do período a contratación da comarca de Ourense tende ao equilibrio entre sexos. Como resultado deste proceso a diferenza porcentual entre homes e mulleres pasou do 20,08% no primeiro ano de referencia ao 5,2% no último ano.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Menor de 26 anos	11.624	11.974	12.110	11.598	12.648
De 26 a 35 anos	9.510	9.794	10.469	10.708	11.924
De 36 a 45 anos	4.794	5.163	5.282	5.586	6.345
De 46 a 55 anos	2.628	2.655	2.587	2.800	3.180
De 56 e máis anos	778	789	811	840	1.044
TOTAL CONTRATOS	29.334	30.375	31.259	31.532	35.141

TÁBOA 23: Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 2000-2004.

Os contratos entre 2000 e 2004 aumentaron en todos os segmentos de idades. Os de 36 a 45 anos e os maiores de 55 anos son os grupos de maior expansión relativa –variacións medias anuais entre o 7% e o 8%–. O grupo de menores de 26 anos presenta o menor crecemento, cunha variación media do 2,13%.

Na análise das variacións interanuais destaca 2004 por ser o ano no que se produce o maior aumento dos contratos en todas as idades en porcentaxes que oscilan entre o 9% para os menores de 26 anos e o 24% entre os maiores de 55. Anteriormente tiveran lugar crecementos importantes pero de menor intensidade. As únicas excepcións déronse no 2003 no grupo de menores de 26 anos, cunha variación interanual de -4,23%, e no 2002 no grupo de 46 a 55 anos, que presenta unha variación interanual de -2,56%.


5.4.3.- Contratación comarcal segundo os sectores económicos

TÁBOA 24: Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos. Ano 2004.

	N.º
SECTOR PRIMARIO	490
Agricultura e pesca	490
SECTOR SECUNDARIO	3.375
Industria e electricidade	3.375
SECTOR CONSTRUCCIÓN	4.510
Construción	4.510
SECTOR SERVIZOS	26.766
Comercio e hostalería	8.350
Transporte e comunicacións	1.401
Outros servizos	17.015
TOTAL CONTRATOS	35.141


A distribución por sectores económicos en 2004 indicanos que o maior volume de contratación débese aos servizos, que representa o 76,17% do total. A grande distancia situáronse o sector da construción, co 12,83%, e o secundario, co 9,60%.

GRÁFICO 9: Distribución porcentual da contratación na industria.



Máis da metade da contratación na industria tivo lugar grazas a dous tipos de actividades: téxtil e confección –31%– e outras industrias –25%–. A continuación, de lonxe, sitúanse as actividades metalurxia e fabricación de produtos metálicos, co 12%, e as de alimentación, co 11%.

GRÁFICO 10: Distribución porcentual da contratación nos servizos.



Dentro dos servizos destacan, moi por riba das demais, as actividades inmobiliarias e de servizos a empresas, co 37% do volume de contratación neste sector. A segunda actividade máis importante é o comercio –18%–, e despois a hostalería e os servizos á comunidade, co 11% cada unha delas.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
SECTOR PRIMARIO	361	129	94	155	109	94	38
Agricultura e pesca	361	129	94	155	109	94	38
SECTOR SECUNDARIO	1.985	1.390	1.181	1.243	612	271	68
Industria e electricidade	1.985	1.390	1.181	1.243	612	271	68
SECTOR CONSTRUCCIÓN	4.249	261	1.159	1.291	1.062	710	288
Construción	4.249	261	1.159	1.291	1.062	710	288
SECTOR SERVIZOS	11.890	14.876	10.214	9.235	4.562	2.105	650
Comercio e hostalería	3.271	5.079	3.513	2.842	1.292	547	156
Transporte e comunicacións	875	526	290	495	408	163	45
Outros servizos	7.744	9.271	6.411	5.898	2.862	1.395	449
TOTAL CONTRATOS	18.485	16.656	12.648	11.924	6.345	3.180	1.044

TÁBOA 25: Distribución da contratación comarcal segundo os sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2004.

A contratación na comarca de Ourense por sectores económicos ten un comportamento diferencial por sexos. A maior parte dos contratos dos homes sitúanse nos servizos –33,84% do total da contratación– e, despois, na construción –12,09%–. No caso das mulleres os contratos fanse de maneira máis marcada nos servizos –42,33% do total da contratación–.

O grupo de idade que conta cun maior número de contratos é o de menores de 26 anos do sector servizos, no que se reúne o 29,07% do volume total de contratación. O segundo grupo máis importante é o formado polas persoas de 26 a 35 anos, tamén do sector servizos, –26,28% do total–. Polo tanto, máis da metade da contratación –55,35%– está relacionada cos menores de 36 anos que traballan nos servizos.

O segundo sector en importancia para os menores de 26 anos é o secundario, mentres que para os maiores desta idade é o da construción.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	973	766	631	685	490
Agricultura e pesca	973	766	631	685	490
SECTOR SECUNDARIO	5.300	4.473	4.158	3.650	3.375
Industria e electricidade	5.300	4.473	4.158	3.650	3.375
S. CONSTRUCCIÓN	4.390	4.322	4.262	4.362	4.510
Construción	4.390	4.322	4.262	4.362	4.510
SECTOR SERVIZOS	18.671	20.814	22.208	22.835	26.766
Comercio e hostalería	5.988	6.317	7.254	7.540	8.350
Transporte e comunicacións	728	740	724	739	1.401
Outros servizos	11.955	13.757	14.230	14.556	17.015
TOTAL CONTRATOS	29.334	30.375	31.259	31.532	35.141

TÁBOA 26: Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 2000-2004.

Entre 2000 e 2004 o número de contratos medrou notablemente nos servizos –variación media do 9,42%–, mantívose case estancado na construción –variación media do 0,68%– e diminuíu de xeito considerable nos sectores secundario e primario, que presentan variacións medias de -10,67% e -15,76% respectivamente.

As variacións interanuais móstrannos que as oscilacións na construción foron de baixa intensidade. En 2001, ano máis negativo, os contratos decrece-


ron un 1,55%, e en 2004, ano máis positivo, aumentaron un 3,39%. En suma, a estabilidade ao longo do período foi a nota característica deste sector.

Nos servizos os contratos sempre foron a máis, aínda que o ritmo de expansión tivo variacións de intensidade importantes. Se atendemos aos valores extremos, temos que o incremento máis elevado aconteceu en 2004 –variación interanual do 17,21%–, en tanto que o máis moderado tivo lugar no ano anterior, que presenta unha variación interanual do 2,82%.

Pola súa parte, a contratación no sector secundario experimentou un forte retroceso que adquiriu a súa máxima expresión en 2001, ano en que os contratos diminuíron un 15,60%. No resto dos anos o decrecemento oscilou entre o 7% e o 12%. Resultado deste proceso, no transcurso do período o sector secundario deixa de ser o segundo máis importante en volume de contratos en favor da construción.

5.4.4.- Tipoloxía da contratación laboral

GRÁFICO 11: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2004.



En 2004, nove de cada dez contratos laborais realizados na comarca de Ourense foron temporais –67% a tempo completo e 23% a tempo parcial–. A contratación indefinida, pola contra, soamente supuxo o 5% do total.

TÁBOA 27: Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2004.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	761	758	286	559	319	266	89
Indefinido tempo parcial	114	257	116	117	76	41	21
Temporal	13.752	9.996	7.904	8.522	4.471	2.149	702
Temporal tempo parcial	2.886	5.097	3.368	2.465	1.367	608	175
Prácticas/Formación	746	513	951	172	63	41	32
Outros	226	35	23	89	49	75	25
TOTAL CONTRATOS	18.485	16.656	12.648	11.924	6.345	3.180	1.044

A temporalidade é tamén, tal e como cabería esperar do elevadísimo volume de contratación deste tipo, predominante en ambos os sexos. Os temporais a tempo completo asinados por homes supoñen o 39,13% do total de contratos e os asinados por mulleres o 28,45%. No caso dos temporais a tempo

parcial as cousas invértense, pois os realizados a homes representan o 8,21% do total de contratación e os efectuados a mulleres o 14,50%.

Atendendo ás idades, a contratación temporal a tempo completo predomina claramente en todos os grupos. O seu valor máximo acadao no intervalo de 26 a 35 anos, co 24,25% do volume total de contratación, seguido moi de cerca polos menores de 26 anos, co 22,49%.

En canto á contratación temporal a tempo parcial, o máis destacable é que o 16,60% se concentra nos menores de 36 anos.

	PRIMARIO Agr.,Gand.	SECUNDARIO Industr. e Electric.	CONSTRUCCIÓN Construc.	Comerc.	SERVIZOS Transp.	Outros	Total
Indefinido	21	261	145	624	67	401	1.092
Indefinido tempo parcial	2	14	13	150	12	180	342
Temporal	427	2.699	3.921	5.064	1.126	10.511	16.701
Temporal tempo parcial	34	227	167	2.072	189	5.294	7.555
Prácticas/Formación	5	171	250	433	5	395	833
Outros	X	X	14	7	X	234	243
TOTAL CONTRATOS	X	X	4.510	8.350	X	17.015	26.766

TÁBOA 28: Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2004.

Os contratos temporais tamén son maioritarios en todos os sectores económicos. Os servizos, sector que conta con diferenza co maior volume de contratación, reúnen a maior parte dos temporais a tempo completo e case todos os asinados a tempo parcial.

O volume de contratación temporal neste sector –a tempo completo ou parcial– correspóndese con sete de cada dez contratos asinados na comarca de Ourense –69,02%–. A construción representa o segundo nivel de temporalidade. Os contratos deste tipo realizados na construción supoñen o 11,16% do total comarcal.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Indefinido	1.956	1.712	1.553	1.334	1.519
Indefinido tempo parcial	384	305	403	365	371
Temporal	19.507	20.985	21.231	21.915	23.748
Temporal tempo parcial	5.660	5.763	6.494	6.300	7.983
Prácticas/Formación	1.120	1.167	1.278	1.351	1.259
Outros	707	443	300	267	261
TOTAL CONTRATOS	29.334	30.375	31.259	31.532	35.141

TÁBOA 29: Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 2000-2004.

A evolución da tipoloxía contractual entre 2000 e 2004 amósanos dúas traxectorias converxentes que se corresponden coas dúas modalidades de contratos temporais. Neste período, os temporais a tempo completo experimentaron un crecemento, igual que sucede cos temporais a tempo parcial, con variacións medias de 5,04% e 8,98%, respectivamente.

A diferenza que se produce entre ambas as modalidades é que, mentres nos temporais hai un crecemento continuo en todos os anos do período 2000-2004, nos temporais a tempo parcial rexístrase un só descenso en 2003.

Ademais, destaca o retroceso dos indefinidos a tempo completo, que presentan unha variación media de -6,13%, e dos clasificados na categoría de outros (variación media de -22,05%). Por último, os contratos en prácticas/formación medraron levemente –variación media do 2,97%– e os indefinidos a tempo parcial mantivéronse máis ou menos estables.

5.4.5.- Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

TÁBOA 30: Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2004.

	CONTRATOS Nº	V. MEDIA 00-04
1. Dirección de empresas e administracións públicas	86	9,42
HOMES	55	7,62
MULLERES	31	13,02
2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais	2.277	3,71
HOMES	1.112	2,28
MULLERES	1.165	5,18
3. Técnicos e profesionais de apoio	1.919	5,88
HOMES	1.016	1,24
MULLERES	903	12,69
4. Empregados de tipo administrativo	3.841	6,35
HOMES	1.070	5,28
MULLERES	2.771	6,77
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	9.118	14,405
HOMES	2.996	17,61
MULLERES	6.122	12,98
6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca	335	0,92
HOMES	211	-5,09
MULLERES	124	18,45
7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería	3.971	-3,59
HOMES	3.720	-3,00
MULLERES	251	-10,66
8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	2.921	1,54
HOMES	2.127	2,75
MULLERES	794	-1,40
9. Traballadores non cualificados	10.673	2,19
HOMES	6.178	-2,30
MULLERES	4.495	10,58
TOTAL CONTRATOS	35.141	4,62
TOTAL HOMES	18.485	1,22
TOTAL MULLERES	16.656	9,18

Segundo a clasificación por nove grandes grupos de ocupación, o 78,55% concéntranse nos seguintes catro grupos:

- Traballadores non cualificados: 30,37%.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio: 25,95%.
- Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería: 11,30%.
- Empregados de tipo administrativo: 10,93%.

Os principais grupos de ocupacións segundo o sexo en canto ao volume contractual son os seguintes:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
• Traballadores non cualificados: 17,58%. • Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería: 10,59%. • Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio: 8,53%.	• Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio: 17,42%. • Traballadoras non cualificadas: 12,79%. • Empregadas de tipo administrativo: 7,89%.

O número de contratos realizados aos homes é maior que o realizado ás mulleres en todos os grupos de ocupacións agás nos tres seguintes:

- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, onde hai unha diferenza de 8,89 puntos a favor da contratación feminina.
- Empregadas de tipo administrativo, con 4,85 puntos de diferenza.
- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais, grupo en que diferenza é de 0,16 puntos.

5.4.6.- Ocupacións máis contratadas

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL	HOMES	MULLERES	RATIO MASCUL. ¹
50200018	Camareiro, en xeral	3.094	1.793	1.301	57,95
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	2.506	1.763	743	70,35
42100010	Empregado administrativo, en xeral	1.618	422	1.196	26,08
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	1.489	156	1.333	10,48
53300010	Dependente de comercio, en xeral	1.213	201	1.012	16,57
96020014	Peón da construción de edificios	1.122	1.108	14	98,75
71100016	Albanel	1.090	1.070	20	98,17
53300113	Dependente tecidos e roupa de vestir	843	111	732	13,17
97000084	Peón da ind. metál. e fáb. prod. metál.	811	599	212	73,86
98000050	Mozo carga/descarga, almacén	767	631	136	82,27
TOTAL		14.553	7.854	6.699	53,97

TÁBOA 31: As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2004.

(1) *Ratio de Masculinidade* = (N.º de contratos realizados a homes / N.º total de contratos) x 100

As dez ocupacións máis contratadas na comarca en 2004 concentran o 41,41% do volume total de contratación. Entre estas destaca a ocupación de camareiro, que representa o 8,80% do total da contratación, e a de peón da industria manufactureira, co 7,13%.

As dúas ocupacións comentadas son ademais as de maior contratación dentro do colectivo masculino. Porén, no colectivo feminino son, en primeiro lugar, a de muller/mozo de limpeza, limpadora e a de camareira.

As ocupacións máis masculinizadas en relación á contratación son a de peón da construción de edificios e a de albanel, con ratios de masculinidade que superan o 98%. Unha terceira ocupación de forte presenza de homes e escasa de mulleres, aínda que en menor medida, é a de mozo de carga/descarga de almacén, cun ratio de masculinidade do 82,27%.

No que respecta ás ocupacións cunha contratación feminizada, destacan a de muller/mozo de limpeza, limpadora e a de dependente de tecidos e roupa de vestir, nas que o ratio de masculinidade é de 10,48% e 13,17% respectivamente.

TÁBOA 32: Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 2000 e 2004.

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	Nº CONTRATOS				
		2000	2001	2002	2003	2004
50200018	Camareiro, en xeral	1.412	1.474	2.018	2.133	3.094
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	1.719	2.220	2.535	2.932	2.506
42100010	Empregado administrativo, en xeral	2.125	2.061	1.859	1.651	1.618
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	1.564	1.127	1.171	1.139	1.489
53300010	Dependente de comercio, en xeral	1.047	1.065	1.207	1.329	1.213
96020014	Peón da construción de edificios	1.477	1.493	1.225	1.387	1.122
71100016	Albanel	1.027	994	1.012	1.038	1.090
53300113	Dependente tecidos e roupa de vestir	355	561	725	747	843
97000084	Peón da ind. metál. e fab. prod. metál.	707	696	623	286	811
98000050	Mozo carga/descarga, almacén	870	1.042	828	758	767
86300016	Conductor de camión, en xeral	512	777	609	671	752
50100017	Cociñeiro, en xeral	452	603	756	662	677
91210027	Limpador/a de portais e escaleiras	37	559	703	695	542
94400012	Peón forestal	650	619	257	313	224

A ocupación máis importante, a de camareiro, rexistrou unha evolución moi positiva ao longo do período 2000-2004, no que duplicou as cifras de partida –variación media do 21,67%–. A segunda ocupación máis contratada en 2004, a de peón da industria manufactureira, tamén medrou nestes anos a un ritmo considerable, aínda que moito menor que o anterior, pois presenta unha variación media do 9,88%.

A maiores das ocupacións máis importantes en 2004, destacan, por ter experimentado unha forte expansión no transcurso destes anos, as ocupacións de dependente de tecidos e roupa de vestir e, sobre todo, a de limpador de portais e escaleiras.

Na situación contraria, o decrecemento máis forte no período foi o rexistrado pola ocupación de peón forestal –variación media de -23,38%–. Esta ocupación e mais as de conductor de camión, cociñeiro, e limpador de portais e escaleiras non figuran na lista das ocupacións máis contratadas en 2004.

5.5.- FORMACIÓN PROFESIONAL OCUPACIONAL

FAMILIA PROFESIONAL	ALUMNOS		CURSOS	
	Nº	% comarca/provincia	Nº	% comarca/provincia
Agraria	93	55,69	6	60,00
Administración e oficinas	476	80,13	29	80,56
Artesanía	43	58,11	3	60,00
Automoción	82	100,00	5	100,00
Comercio	343	84,69	22	84,62
Docencia e investigación	145	100,00	11	100,00
Servizos ás empresas	1.495	85,72	95	86,36
Edificación e obras públicas	332	100,00	21	100,00
Formación complementaria	15	100,00	1	100,00
Fabricación de equipos electromecánicos	113	100,00	8	100,00
Industrias alimentarias	132	88,59	8	88,89
Industria pesada e construcións metálicas	139	89,10	10	90,91
Industrias téxtiles	31	52,54	2	50,00
Industrias da madeira e a cortiza	30	100,00	2	100,00
Minería e primeiras transformacións	59	100,00	4	100,00
Montaxe e instalación	58	76,32	4	80,00
Mantemento e reparación	14	100,00	1	100,00
Produc., transf. e distribuc. de enerxía e auga	33	100,00	2	100,00
Sanidade	451	78,03	27	79,41
Seguros e finanzas	294	81,22	19	82,61
Servizos á comunidade e persoais	410	65,71	24	68,57
Transportes e comunicacións	46	75,41	3	75,00
Turismo e hostalería	188	72,03	12	75,00
TOTAL	5.022	81,69	319	83,07

TÁBOA 33: Número de alumnos e cursos de formación profesional ocupacional por familia profesional. Ano 2004.

En 2004 houbo na comarca de Ourense trescentos dezanove cursos de formación profesional ocupacional, que contaron con cinco mil vinte e dous alumnos. Estas cifras representan o 81,69% dos cursos da provincia e o 83,07% dos alumnos.

As familias profesionais con maior número de cursos e alumnos foron, por esta orde, as de servizos ás empresas, administración e oficinas, sanidade, servizos á comunidade e persoais, comercio e edificación e obras públicas. A familia de servizos ás empresas destaca moi por riba de todas as demais, pois concentra preto do 30% dos cursos e alumnos da comarca. A segunda familia máis importante, administración e oficinas, sitúase xa a gran distancia, co 9% dos cursos e alumnos da comarca.

A alta concentración na comarca de Ourense dos cursos e alumnos de formación profesional ocupacional da provincia dános unha longa lista de familias profesionais que só teñen presenza nesta comarca: automoción, docencia e investigación, edificación e obras públicas, fabricación de equipos electromecánicos, minería e primeiras transformacións, industrias da madeira e da cortiza, e produción, transformación e distribución de enerxía e auga. Hai que sinalar que tanto na familia de formación complementaria como na de mantemento e reparación só se realizou un só curso na provincia, sendo ofertado dentro da comarca de Ourense.

Por último, hai que sinalar que nas familias de sanidade e industria pesada e construcións metálicas, o 25,93% e 60% dos cursos tiñan compromiso de contratación. Esta situación é extensible á familia de industrias téxtiles, onde a totalidade de cursos reunían esta condición, e a de servizos ás empresas e fabricación de equipos electromecánicos, onde se ofertou un curso destas características.

5.6.- CONCLUSIONES

- As empresas da comarca de Ourense dedícanse maioritariamente, tres de cada catro, aos servizos –principalmente a outros servizos e a comercio e hostalería–. A proporción máis importante de traballadores por conta allea tamén se corresponde co sector terciario, e o mesmo acontece cos autónomos.
- Entre 2000 e 2004 o número de empresas, traballadores e autónomos aumentou a un ritmo modesto. Esta expansión empresarial e laboral debeuse ao comportamento do sector servizos e, en menor medida, o da construción.
- As demandas de emprego da comarca concéntranse no concello de Ourense. Por cada seis demandantes parados hai catro non parados. E entre os primeiros destacan os que tiñan un emprego anterior, grupo que por si mesmo representa a maioría de demandantes.
- Os demandantes parados son maioritariamente mulleres –seis de cada dez– e de idades comprendidas entre 26 e 35 anos –tres de cada dez–. Os trazos característicos dos non parados son practicamente os mesmos que os dos desempregados. A distribución dos demandantes na provincia coincide nos aspectos esenciais coa da comarca.
- O nivel académico dos demandantes é baixo; a maioría teñen como máximo estudos obrigatorios. Entre os que teñen un nivel de estudos superior ao obrigatorio, predominan os que posúen o bacharelato ou un título universitario.
- Do mesmo xeito que na provincia, na comarca de Ourense é tan común levar menos de 6 meses buscando emprego como levar máis dun ano nesta situación.
- O principal sector económico de procedencia dos demandantes é o dos servizos, e a ocupación máis demandada é a de empregado administrativo, en tanto que na provincia é a de muller/mozo de limpeza, limpador en xeral.
- As ofertas de emprego na comarca ascenderon a 7.376, e nove de cada dez foron xestionadas no concello de Ourense.
- No quinquenio 2000-2004 as ofertas diminuíron tanto na comarca como na provincia. A evolución da comarca no período, igual que a do concello de Ourense, caracterízase por descensos notables nos primeiros anos e un cambio de tendencia cara a expansión no último ano.
- Por sectores económicos, os traballos ofertados que máis destacaron en 2004 foron os derivados dos servizos, case as tres cuartas partes do total (proporción lixeiramente superior ao peso relativo deste sector no conxunto da provincia). A evolución das ofertas por sectores no período 2000-2004 foi negativa en todos os casos.
- O sexo constituíu un requisito para poder acceder a un traballo en tres de cada dez ofertas. Pola súa parte, o nivel académico constituíu un requisito nunha de cada catro ofertas.
- A ocupación máis ofertada nos centros colaboradores foi a de axente comercial/vendedor, en tanto que nas oficinas de emprego foi a de albanel.
- Na comarca de Ourense tivo lugar a maioría da contratación da provincia. A evolución dos contratos comarcais no período 2000-2004 foi positiva. Nos primeiros anos creceron moderadamente e no último houbo unha expansión considerable, ao igual que sucede na provincia.
- A contratación comarcal en 2004 presenta un pequeno desequilibrio por xénero; de cada cen contratos cincuenta e tres son asinados por homes e corenta e sete por mulleres (no caso da provincia as diferenzas son algo maiores). A evolución 2000-2004 mostra que ao longo destes anos a contratación tendeu a feminizarse e houbo unha redución moi considerable do citado desequilibrio por sexo.

- Por idades, destacan os menores de 36 anos por ser onde se reúne a gran maioría dos contratos –sete de cada dez–. Por sectores económicos, a contratación concentrouse nos servizos e despois, en moito menor medida, na construción. A maior parte dos contratos realizados a homes sitúanse nos servizos e despois na construción, en tanto que os realizados a mulleres teñen lugar case en exclusiva nos servizos.
- O tipo de contrato máis frecuente é o temporal –nove de cada dez– e dentro destes predomina claramente o realizado a tempo completo, tanto no colectivo masculino como no feminino e tamén en todos os grupos de idades. Atendendo á evolución da tipoloxía contractual entre 2000 e 2004, o máis destacable é que os temporais a tempo completo e a tempo parcial experimentaron un crecemento relativo semellante.
- En función dos grandes grupos de ocupación, a maioría dos contratos concéntranse no grupo de traballadores non cualificados e no de traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio.
- A ocupación máis contratada en 2004 foi a de camareiro, unha ocupación que, ademais, rexistrou unha evolución moi positiva no período 2000-2004, no que duplicou as súas cifras de partida.
- Por último, en 2004 houbo na comarca de Ourense trescentos dezanove cursos de formación profesional ocupacional que contaron con cinco mil vinte e dous alumnos. Estas cifras representan o 81,69% dos cursos da provincia e o 83,07% dos alumnos. A familia profesional con maior número de cursos e alumnos foi a de servizos ás empresas.



Comarca de Terra de Caldelas



5.1.- TECIDO EMPRESARIAL

5.1.1.- Tecido empresarial comarcal. Situación actual

SECTORES	EMPRESAS		TRABALLADORES		AUTÓNOMOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
SECTOR PRIMARIO	6	7,59	210	55,12	15	7,98
Agricultura e pesca	6	7,59	210	55,12	15	7,98
SECTOR SECUNDARIO	8	10,13	14	3,67	20	10,64
Industria e electricidade	8	10,13	14	3,67	20	10,64
SECTOR CONSTRUCCIÓN	12	15,19	25	6,56	38	20,21
Construcción	12	15,19	25	6,56	38	20,21
SECTOR SERVICIOS	53	67,09	132	34,65	115	61,17
Comercio e hostalería	26	32,91	39	10,24	93	49,47
Transporte e comunicacións	4	5,06	9	2,36	12	6,38
Outros servizos	23	29,11	84	22,05	10	5,32
TOTAL	79	100,00	381	100,00	188	100,00

TÁBOA 1: Número de empresas, traballadores e autónomos.

No ano 2004, o tecido empresarial da Terra de Caldelas está caracterizado polo predominio do sector servizos nas empresas e nos autónomos, e do primario no que se refire aos traballadores por conta allea.

O 67,09% das empresas sitúanse no sector dos servizos, seguido a considerable distancia polo da construción e o secundario, que agrupan cada un deles o 15,39% e o 10,13% das empresas da comarca respectivamente. No referente aos subsectores, cómpre sinalar que o 62,02% das empresas encádranse nos de comercio e hostalería, o 32,91%, e outros servizos, o 29,11%.

De forma diferente ao que sucede coas empresas, algo máis da metade dos traballadores por conta allea agrúpanse no sector primario, en concreto o 55,12%. A continuación en nivel de importancia atópase o sector servizos, o 34,65%, e o da construción, o 6,56%. Despois do subsector de agricultura e pesca, o máis representativo, sitúanse os de outros servizos, o 22,05%, e comercio e hostalería, o 10,24%.

Os traballadores autónomos distribúense de novo de forma maioritaria dentro dos servizos, onde se rexistran o 61,17% do total. No sector da construción aparecen o 20,21%, e no secundario o 10,64%. No ámbito subsectorial

cómpre sinalar que o 49,47% dos autónomos desenvolven a súa actividade dentro do comercio e hostalería.

5.1.2.- Evolución anual

TÁBOA 2: Evolución do número de empresas. Período 2000-2004.

	EMPRESAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	13	17	14	1	6
Agricultura e pesca	13	17	14	1	6
SECTOR SECUNDARIO	12	11	10	9	8
Industria e electricidade	12	11	10	9	8
SECTOR CONSTRUCCIÓN	10	11	11	8	12
Construción	10	11	11	8	12
SECTOR SERVICIOS	52	54	52	56	53
Comercio e hostalería	26	21	23	25	26
Transporte e comunicacións	X	X	4	5	4
Outros servizos	23	31	25	26	23
TOTAL	87	93	87	74	79

Na evolución do número de empresas na comarca de Terra de Caldelas no período comprendido entre os anos 2000 e 2004 obsérvase unha tendencia ao decrecemento, que se concreta nunha variación media negativa de -2,38%. Analizando máis polo miúdo a evolución ano a ano, rexístrase un incremento nos intervalos inicial e final do período, así como un decrecemento nos intermedios.

Segundo os diferentes sectores produtivos, apréciase que as empresas dos sectores primario e secundario diminúen nestes cinco anos, presentando variacións medias de -17,58% e de -9,64% respectivamente. Se ben no sector secundario a redución é constante en todo o período, no primario tan só se dá nos dous intervalos intermedios do quinquenio.

O sector da construción manifesta un incremento, cunha variación media do 4,66%, aínda que as empresas descenden entre os anos 2002 e 2003, cunha variación interanual negativa de -27,27%.

Finalmente, no sector dos servizos a tendencia é cara á estabilidade, medrando en só unha empresa ao final do período 2000-2004. Neste caso, o número de empresas rexistradas redúcese entre os anos 2001-2002 e 2003-2004, aumentando nos restantes. A dinámica dos subsectores máis representativos, o de comercio e hostalería e outros servizos, é case idéntica á do conxunto do sector, dado que o número de empresas que engloban no ano 2004 é exactamente o mesmo que o do 2000.

	TRABALLADORES				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	220	238	228	224	210
Agricultura e pesca	220	238	228	224	210
SECTOR SECUNDARIO	23	21	17	15	14
Industria e electricidade	23	21	17	15	14
SECTOR CONSTRUCCIÓN	21	29	24	16	25
Construcción	21	29	24	16	25
SECTOR SERVICIOS	113	149	138	164	132
Comercio e hostalería	35	31	34	35	39
Transporte e comunicacións	10	6	9	10	9
Outros servizos	68	112	95	119	84
TOTAL	377	437	407	419	381

TÁBOA 3: Evolución do número de traballadores. Período 2000-2004.

Na comarca de Terra de Caldelas, entre os anos 2000 e 2004, a evolución dos traballadores por conta allea manifesta unha tendencia cara á estabilidade, cunha variación media do 0,26%. Ao longo destes cinco anos, a variación máis significativa dáse entre o 2000 e o 2001, cando se rexistra unha variación interanual do 15,92%, sendo tamén salientable o descenso producido en 2004, -9,07%.

Nos sectores primario e secundario, os traballadores redúcense, presentando ambos variacións medias negativas, de -1,16% e de -11,67% respectivamente. No caso do sector secundario, o decrecemento é continuo en todo o período, mentres que no primario os traballadores aumentan entre os anos 2000 e 2001, reducíndose nos restantes.

Nos sectores da construción e dos servizos, a tendencia é inversa á dos anteriores, dado que experimentan un incremento nos traballadores neles rexistrados. No sector da construción hai un leve crecemento en números absolutos, cunha variación media do 4,46%. Este aumento é maior en termos absolutos no dos servizos, que presenta unha variación media do 3,96%. Dentro deste sector, cabe destacar como flutuación máis importante a producida entre os anos 2000 e 2001, cunha variación interanual do 31,86%. No ámbito subsectorial, os subsectores de comercio e hostalería e outros servizos presentan unha evolución parella ao conxunto do sector, se ben o ritmo de crecemento é maior no segundo deles.

	AUTÓNOMOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	9	11	11	15	15
Agricultura e pesca	9	11	11	15	15
SECTOR SECUNDARIO	14	15	19	19	20
Industria e electricidade	14	15	19	19	20
SECTOR CONSTRUCCIÓN	40	43	45	39	38
Construcción	40	43	45	39	38
SECTOR SERVICIOS	81	99	105	109	115
Comercio e hostalería	60	76	84	88	93
Transporte e comunicacións	12	14	12	12	12
Outros servizos	9	9	9	9	10
TOTAL	144	168	180	182	188

TÁBOA 4: Evolución do número de autónomos. Período 2000-2004.

No número de traballadores autónomos da comarca, obsérvase unha clara tendencia ao crecemento no período analizado. Deste xeito, de forma global, a variación media obtida é do 6,89%, rexistrada tras unha subida constante no transcurso destes cinco anos.

Esta mesma pauta expansiva é seguida por todos os sectores, a excepción do da construción, que rexistra un leve descenso, cunha variación media negativa do -1,27%. Nos sectores primario e secundario, as variacións medias son do 13,62% e do 9,33% respectivamente, sen manifestarse en ningún deles ningunha redución ao longo do período.

O sector dos servizos é onde se observa unha maior subida en termos absolutos, cunha variación media do 9,16%. Neste caso a evolución positiva tamén é continua ao longo do período, sendo destacable o incremento de autónomos entre os anos 2000 e 2001, cunha variación interanual do 22,22%. No que respecta aos subsectores, o de comercio e hostalería é o que aumenta en maior medida, rexistrando unha variación media do 11,58%.

5.2.- DEMANDAS

5.2.1.- Demandantes galegos por concello

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
A Teixeira	22	13	35
Castro Caldelas	95	33	128
Montederramo	45	17	62
Parada de Sil	22	13	35
TOTAL	184	76	260

TÁBOA 5: Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.

% comarca/provincia – PARADOS	1,00
% comarca/provincia - NON PARADOS	0,75

Na comarca de Terra de Caldelas recibíronse no ano 2004 un total de 260 demandas de emprego, procedentes na súa maioría dos demandantes parados, que superan aos non parados en todos os concellos e representan o 70,77% das demandas comarcais.

A maior parte dos demandantes sitúanse no concello de Castro Caldelas, que engloba case a metade, en concreto o 49,23%. A considerable distancia sitúase Montederramo, onde se concentran o 23,85% das demandas, seguido de A Teixeira e Parada de Sil, que agrupan de forma conxunta o 26,92% restante.

En relación coa provincia, o peso dos demandantes parados é lixeiramente superior ao dos non parados, que representan respectivamente o 1% e o 0,75% das demandas provinciais.

5.2.2.- Demandantes parados. Evolución

	2000	2001	2002	2003	2004
Parados comarca	189	141	165	153	184
Variación interanual %	-	-25,40	17,02	-7,27	20,26
COMARCA/TOTAL PROVINCIA	1,07	0,84	0,91	0,83	1,00

TÁBOA 6: Evolución dos demandantes parados.

Observando a evolución dos demandantes parados da comarca, denótase unha leve tendencia ao decrecemento no transcurso destes cinco anos. Tal e como se pode observar na táboa anterior, as demandas de emprego redúcense significativamente no ano 2001, para incrementarse no 2002 e volver a reducirse a continuación.

En canto ao peso relativo dos demandantes parados da comarca con respecto á provincia, é importante sinalar que ao longo do período se aprecia unha estabilidade, rematando o quinquenio cunha representatividade similar á do inicio.

5.2.3.- Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

TÁBOA 7: Situación laboral dos demandantes.

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	19	7,31	9,95
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	165	63,46	54,54
NON PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	12	4,62	4,96
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	38	14,62	15,09
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	8	3,08	4,80
	En expediente de regulación de emprego	X	0,38	0,32
	Demandantes de mellora de emprego	12	4,62	7,02
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	5	1,92	2,93
	Resto de demandantes	0	0,00	0,39
	TOTAL	X	100,00	100,00

No referido á situación laboral dos demandantes de emprego, o primeiro dato destacable é que algo máis de seis de cada dez, o 63,46%, son parados que tiveron emprego anteriormente. Dada a grande importancia deste colectivo, os restantes sitúanse a unha considerable distancia, estando encabezados polos non parados con emprego anterior, que supoñen o 14,62% total, seguidos polos parados sen emprego anterior, o 7,31%.

En relación coa provincia de Ourense, a diferenza máis significativa é a redución en 8,92 puntos dos parados con emprego anterior a nivel provincial, sendo os pesos porcentuais dos colectivos restantes máis semellantes en ambos os territorios.

5.2.4.- Demandantes de emprego por sexo e idade

TÁBOA 8.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	10	11	11,41	13,49
26 a 35 anos	21	32	28,80	24,76
36 a 45 anos	33	21	29,35	21,60
46 a 55 anos	21	9	16,30	20,69
56 e máis anos	23	X	14,13	19,46
TOTAL COMARCA	108	X	100,00	1,00
TOTAL PROVINCIA	7.574	10.747	1,00	100,00

A maioría dos demandantes parados da comarca de Terra de Caldelas son homes, que representan o 58,70% do total. No conxunto da provincia dáse unha situación contraria, posto que as mulleres formulan a maioría de demandas, en concreto o 58,66%.

No referido á idade, sen distinción de xénero, case seis de cada dez demandantes, o 59,78%, están por encima dos 35 anos. Analizando os grupos de idade de forma individual, o máis numeroso é o de entre 36 e 45 anos, o 29,35%, seguido polo de entre 26 e 35 anos, o 28,80%.

Tendo en conta os intervalos de idade segundo o xénero, obsérvase que a maior porcentaxe de parados, o 17,93% do total, corresponde con homes de entre 36 e 45 anos, seguidos polas mulleres de entre 26 e 35 anos.

Con respecto á provincia de Ourense, a distribución segundo a idade presenta certas diferenzas, entre as que destacan o incremento en 7,75 puntos a nivel comarcal dos que teñen entre 36 e 45 anos, así como a redución en 5,33 puntos dos maiores de 55 anos.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	7	11	23,68	19,89
26 a 35 anos	5	9	18,42	24,48
36 a 45 anos	10	10	26,32	19,75
46 a 55 anos	7	6	17,11	17,93
56 e máis anos	5	6	14,47	17,94
TOTAL COMARCA	34	42	100,00	0,75
TOTAL PROVINCIA	3.706	6.383	0,75	100,00

TÁBOA 8.2: Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.


No caso dos demandantes non parados, predomina o colectivo feminino, que representa o 55,26% dos demandantes comarcais, situación parecida á do conxunto provincial, se ben o peso porcentual das mulleres se incrementa en 8,01 puntos con respecto á comarca.

No referido á idade, obsérvase que o 57,90% dos demandantes non parados concéntranse nos intervalos maiores de 35 anos. Tendo en conta a totalidade de demandantes, o grupo cun maior peso relativo é o de entre 36 e 45 anos, que lle achega á mostra o 26,32% do total. A continuación sitúanse os demandantes non parados menores de 26 anos, o 23,68%.

No cruzamento de idade segundo o xénero, a maior porcentaxe correspóndese, con cifras idénticas, cos homes e coas mulleres de entre 36 e 45 anos, o 13,16% do total.

En relación coa provincia de Ourense, denótase unha forte semellanza nos datos; cómpre salientar a diferenza de algo máis de seis puntos a prol dos demandantes provinciais de entre 26 e 35 anos, así como a redución en case a mesma cantidade dos que teñen entre 36 e 45 anos.

GRÁFICO 1: Distribución porcentual do total de demandantes por sexo e grupos de idade.



Despois de analizar por separado os colectivos de demandantes parados e non parados, represéntase no gráfico anterior a distribución porcentual do total de demandantes comarcais segundo o sexo e grupos de idade. Hai que sinalar, en primeiro lugar, que o grupo que achega un maior peso ao conxunto é o de entre 36 e 45 anos, que supón o 28,46% do total das demandas. A continuación sitúase o de entre 26 e 35 anos, que representa o 25,77%.

Destaca que nos grupos de idade maiores de 35 anos a porcentaxe de demandantes masculinos supera á femininas, mentres que nos grupos máis novos os homes achegan menor peso ao conxunto.

5.2.5.- Demandantes por nivel académico

TÁBOA 9: Distribución dos demandantes parados e non parados por nivel académico.

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Ata certificado de escolaridade*	72	29	101
Titulación de ensinanza obrigatoria	68	16	84
Formación profesional	9	10	19
BUP/Bacharelato superior/COU	18	8	26
Titulados universitarios	13	12	25
Outras titulacións	4	X	5
TOTAL	184	X	260

* Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade

Segundo a distribución total de demandantes por nivel académico, pódese observar que a maior parte deles tan só teñen o certificado de escolaridade ou a ensinanza obrigatoria. Os primeiros supoñen o 38,85% dos demandantes totais e o segundo colectivo representa o 32,31% da mostra. A continuación sitúanse os que posúen o bacharelato, o 10%, e os titulados universitarios, o 9,62%.

Analizando de forma individual a distribución relativa dos demandantes parados e non parados, obsérvase que en ambos os dous colectivos, con cifras moi similares, o grupo máis significativo é o dos que teñen ata certificado de escolaridade. En segundo lugar sitúanse tamén en ambos os grupos os que acadaron o ensino obrigatorio, que supoñen o 36,96% entre os parados e o 21,05% entre os non parados. A continuación entre os parados atópanse os

que teñen estudos de bacharelato, o 9,78%, e universitarios, o 7,07%, mentres que entre os non parados aparecen os titulados universitarios, o 15,79%, e os que teñen formación profesional, o 13,16%.

5.2.6.- Demandantes parados por tempo de busca de emprego

		Menos de 6 meses	De 6 meses a 1 ano	Máis de 1 ano	TOTAL
Menor de 26 anos	Homes	8	X	0	10
	Mulleres	6	4	X	11
26 a 35 anos	Homes	17	X	X	21
	Mulleres	17	7	8	32
36 a 45 anos	Homes	23	X	7	33
	Mulleres	10	4	7	21
46 a 55 anos	Homes	15	X	5	21
	Mulleres	4	X	X	9
Máis de 55 anos	Homes	6	X	14	23
	Mulleres	X	X	0	X
TOTAL COMARCA		X	29	47	X
TOTAL PROVINCIA		7.871	2.533	7.917	18.321

TÁBOA 10: Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

Na comarca de Terra de Caldelas, case seis de cada dez demandantes parados levan menos de seis meses á procura dun emprego, en concreto o 58,7%. A continuación en nivel de importancia sitúanse os que levan buscando traballo máis dun ano, que supoñen o 25,54% do total.

Na provincia de Ourense, ao contrario que na comarca, o colectivo con maior significatividade é o daqueles que levan buscando emprego máis dun ano, que representa o 43,21% do total, seguido moi de cerca polo daqueles que levan buscando menos de seis meses, co 42,96%.

Facendo unha análise máis pormenorizada segundo o sexo, denótase que as mulleres tenden ao paro de curta duración en todas as idades, mentres que nos homes esta circunstancia cambia cara ao paro de longa duración a partir dos 55 anos.

Tanto entre os demandantes parados de menos de seis meses como nos de longa duración, a presenza porcentual masculina é superior á feminina, aínda que, se ben no de menos de seis meses a diferenza a prol dos homes é de 16,31 puntos, no de máis dun ano redúcese ata os 4,9 puntos.

5.2.7.- Demandantes por sectores económicos de procedencia

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Sector primario	6	4	10
Sector secundario	10	6	16
Construción	13	9	22
Sector servizos	136	43	179
Sen actividade previa	19	14	33
TOTAL	184	76	260


TÁBOA 11: Demandantes por actividade económica.

Atendendo á actividade económica de procedencia, case sete de cada dez demandantes proceden dos servizos, en concreto o 68,85%. A considerable distancia sitúanse aqueles que veñen da construción, o 8,46%.

Tendo en conta os dous ámbitos de forma separada, a porcentaxe dos parados derivados dos servizos é do 73,91%, fronte ao 56,58% que representan os non parados. Deseguido sitúanse tamén en ambos os colectivos os que derivan da construción.

Das dez demandas que se producen na industria, tres derivan das actividades de alimentación e tres máis das de outras industrias.

GRÁFICO 2: Demandantes parados nos servizos.



As actividades de educación e administracións públicas concentran o 64% dos demandantes parados nos servizos da comarca de Terra de Caldelas. A continuación en nivel de importancia sitúanse as de comercio, o 10%, e actividades inmobiliarias e servizos a empresas, o 10%.

5.2.8.- As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

TÁBOA 12: Ocupacións máis demandadas.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Empregado administrativo, en xeral	29	11,15	8,36
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	19	7,31	9,48
Peón da construción de edificios	19	7,31	3,82
Peón da ind. manufactureira, en xeral	16	6,15	4,58
Albanel	13	5,00	2,46
Dependente de comercio, en xeral	11	4,23	8,24
Peón forestal	6	2,31	0,46
Camareiro, en xeral	6	2,31	2,88
Mineiro de arrincada de minerais	4	1,54	0,07
Cociñeiro, en xeral	4	1,54	2,07

5.2.9.- Perfil tipo dos demandantes de emprego

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parado con emprego anterior	Parado con emprego anterior
Sexo	Home	Muller
Grupo idade	De 36 a 45 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Ata certificado de escolaridade	Ata certificado de escolaridade
Duración demanda	Menos de seis meses	Máis de 1 ano
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	Empregado administrativo, en xeral	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral

TÁBOA 13: Perfil máis representativo.

5.3.- OFERTAS

5.3.1.- Ofertas no servizo público de emprego galego 2004. Evolución

TÁBOA 14: Número de ofertas por concellos.

	TOTAL OFERTAS
A Teixeira	5
Castro Caldelas	9
Montederramo	7
Parada de Sil	6
TOTAL COMARCA	27

TOTAL OFERTAS PROVINCIA: 11.122

COMARCA/PROVINCIA: 0,24

Na comarca de Terra de Caldelas xestionáronse no ano 2004 un total de 27 ofertas de emprego, que representan o 0,24% das realizadas na provincia de Ourense.

Estas ofertas agrúpanse na súa maior parte no concello de Castro Caldelas, que engloba o 33,33% do total. O concello de Montederramo recibe o 25,93%, seguido en orde de importancia polo de Parada de Sil, co 22,22%.


TÁBOA 15: Evolución das ofertas. Período 2000-2004.

	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
A Teixeira	0	0	1	2	5
Castro Caldelas	33	3	7	7	9
Montederramo	0	2	1	3	7
Parada de Sil	1	6	2	6	6
TOTAL COMARCA	34	11	11	18	27
TOTAL PROVINCIA	12.969	11.664	10.871	11.116	11.122

A evolución das ofertas na comarca no período 2000-2004 vén marcada polo decrecemento, acadando unha variación media de -5,60%. O elemento máis destacable é a redución das ofertas en 2001 e o aumento producido no último ano, cunha variación interanual do 50%. Tamén é salientable o descenso producido en Castro Caldelas ao longo do período, cunha variación media do -27,73%.

No que respecta ao conxunto da provincia, a diferenza máis significativa é o menor ritmo de decrecemento da provincia, cunha variación media de -3,77%.

GRÁFICO 4: Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.



Dado que o concello de Castro Caldelas integra a maior parte das ofertas de emprego da comarca, agrúpanse os restantes para comparar a súa evolución coa deste. Pódese así observar como no ano 2000 este concello agrupaba case a totalidade das ofertas da comarca, reducíndose o número destas fortemente no ano seguinte, pasando a manter un incremento leve no ano posterior, para case estabilizar o número de ofertas nos dous anos posteriores. Tras o aumento e descenso dos anos 2001 e 2002, o resto de concellos experimentan un incremento das ofertas nos últimos anos.

5.3.2.- Ofertas segundo os sectores de actividade económica

	PRIMARIO	SECUNDARIO	CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS
A Teixeira	2	0	0	3
Castro Caldelas	0	0	0	9
Montederramo	0	0	3	4
Parada de Sil	0	0	0	6
TOTAL COMARCA	2	0	3	22
TOTAL PROVINCIA	150	953	2.083	7.935

TÁBOA 16: Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos.

Segundo a distribución das ofertas por concellos, é salientable que no sector secundario non se rexistra ningunha oferta no ano 2004, mentres que as do sector primario están concentradas na súa totalidade na Teixeira, do mesmo xeito que as da construción se sitúan en Montederramo. É no sector servizos no que se reciben ofertas en todos os concellos, encadrándose en Castro Caldelas e Parada de Sil a maioría delas.

Algo máis de oito de cada dez ofertas de emprego da comarca de Terra de Caldelas concéntranse dentro dos servizos. As ofertas restantes proceden do sector da construción, e do primario.

A maioría das ofertas procedentes do sector servizos derivan das actividades de administración públicas.

	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Primario	0	0	0	2	2
Secundario	0	0	1	0	0
Construción	7	3	4	3	3
Servizos	27	8	6	13	22
TOTAL COMARCA	34	11	11	18	27
TOTAL PROVINCIA	12.969	11.664	10.871	11.116	11.122

TÁBOA 17: Evolución das ofertas por sectores económicos.

No período comprendido entre os anos 2000 e 2004, tanto no sector servizos como no da construción diminúen as ofertas de emprego, con variacións medias negativas de -19,09% e de -4,99% respectivamente. Cabe resaltar que nos dous sectores a maior diminución aparece entre os anos 2000 e 2001.

5.3.3.- Perfil básico das ofertas

Tan só 12 das 27 ofertas da comarca teñen o requirimento do sexo, representando o 44,44% do total. Destas ofertas, 7 demandan un home e 5 unha muller. Tan só cinco ofertas solicitan un determinado nivel de estudos, demandando catro delas estudos de formación profesional.

5.3.4.- Análise ocupacional das ofertas

TÁBOA 18: Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.

	2000	2001	2002	2003	2004
Cociñeiro / Grelleiro / Pizzeiro / Pranchista	0	0	0	0	3
Cultivador de cultivos extensivos	0	0	0	0	2
Administrativo	0	0	0	0	2
Auxiliar administrativo	0	0	3	2	2
Animador sociocultural	0	0	0	0	2
Peón de albanel/Peón de obras públicas	3	0	1	3	2
Camareiro - Barman	0	0	0	0	2

Nos centros colaboradores da comarca, a ocupación máis ofertada no ano 2004 é a de cociñeiro/grelleiro/pizzeiro/pranchista.

Por outra parte non se rexistran ofertas nas oficinas de emprego, dado a inexistencia destas últimas na comarca.

5.4.- CONTRATOS

5.4.1.- Número de contratos no ámbito comarcal

	Nº
A Teixeira	35
Castro Caldelas	104
Montederramo	43
Parada de Sil	41
TOTAL COMARCA	223
TOTAL PROVINCIA	55.273

TÁBOA 19: Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2004.

En Terra de Caldelas asináronse no ano 2004 un total de 223 contratos, que representan o 0,40% dos realizados na provincia de Ourense. O 46,64% foron xestionados en Castro Caldelas, seguido por Montederramo, co 19,28%, e Parada de Sil, co 18,39%.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
A Teixeira	11	19	25	16	35
Castro Caldelas	168	123	114	129	104
Montederramo	72	51	40	38	43
Parada de Sil	49	47	64	38	41
TOTAL COMARCA*	300	240	243	221	223
TOTAL PROVINCIA	48.332	48.607	49.367	50.587	55.273

TÁBOA 20: Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Período 2000-2004.

A nivel comarcal, a contratación presenta unha tendencia negativa no transcurso destes cinco anos, rexistrando unha variación media de -7,15%. En cambio, na provincia a pauta é positiva, cunha variación media do 3,41%. A escala provincial o crecemento, aínda que leve, é constante ao longo do período, mentres que na comarca os contratos se reducen fortemente entre os anos 2000 e 2001 e dunha forma máis lixeira entre o 2002 e o 2003.

No concello da Teixeira é no único onde os contratos se incrementan neste quinquenio, cunha variación media do 33,56%. A maior diminución en termos absolutos dáse en Castro Caldelas, cunha variación media negativa de -11,3%. Neste caso, os contratos descenden en todos os intervalos anuais excepto no 2002-2003, rexistrando o maior descenso entre o 2000 e o 2001, cunha variación interanual de -26,79%.

En Montederramo e Parada do Sil o decrecemento é menor en números absolutos que no de Castro Caldelas, obtendo variacións medias negativas de -12,09% e de -4,36% respectivamente.

* Por un cambio metodolóxico na extracción da información das bases de datos, existe unha pequena diferenza entre os valores dos anos 2000 ao 2002, apenas un 0,6%, subsanada nos anos posteriores, con respecto aos datos que proporciona o Servizo Público de emprego estatal (INEM) na súa web.

5.4.2.- Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

TÁBOA 21: Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2004.

	Nº CONTRATOS		Total
	Homes	Mulleres	
Menos de 26 anos	31	20	51
De 26 a 35 anos	44	23	67
De 36 a 45 anos	40	24	64
De 46 a 55 anos	22	X	25
De 56 e máis anos	16	0	16
TOTAL COMARCA	153	X	223
TOTAL PROVINCIAL	30.749	24.524	55.273

A distribución do número de contratos segundo o sexo amosa unha repartición desigual entre homes e mulleres, agrupándose entre os primeiros o 68,61% das contratacións. A nivel provincial, esta desigualdade entre os sexos tamén está presente, aínda que en menor medida, dado que a porcentaxe de contratación masculina é do 55,63%.

A contratación concéntrase na súa maioría nos grupos de idade máis novos, nos menores de 36 anos, que reúnen o 52,91% dos contratos. De todos modos, o grupo con maior representatividade é o de entre 26 e 35 anos, co 30,04% do total, seguido do de entre 36 e 45 anos, co 28,7%.


TÁBOA 22: Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Homes	220	171	145	138	153
Mulleres	80	69	98	83	70
TOTAL CONTRATOS	300	240	243	221	223

A evolución dos contratos segundo o sexo amosa unha tendencia negativa tanto nos homes como nas mulleres, aínda que o ritmo de decrecemento dos homes é superior. Deste xeito, a variación media dos contratos masculinos entre os anos 2000 e 2004 é de -8,68% e a dos femininos de -3,28%.

Entre os homes, os contratos redúcense de forma constante ata o ano 2003, presentando a maior diminución entre os anos 2000 e 2001, de -22,27%. No caso das mulleres, as contratacións decrecen en todos os intervalos menos no 2001-2002, no que medran de forma notable, cunha variación interanual do 42,03%.

GRÁFICO 4: Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 2000-2004. Valores proporcionais.



As diferenzas na evolución da contratación masculina e feminina na comarca de Terra de Caldelas reflíctense na distribución dos contratos nos diferentes anos do período. Así, obsérvase como ao longo destes cinco anos a distancia porcentual entre os contratos dos homes e das mulleres diminúe: se no 2000 era de 46,66 puntos, no 2004 foi de 37,22 puntos.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Menor de 26 anos	74	55	66	34	51
De 26 a 35 anos	96	72	76	59	67
De 36 a 45 anos	58	45	48	59	64
De 46 a 55 anos	58	51	43	48	25
De 56 e máis anos	14	17	10	21	16
TOTAL CONTRATOS	300	240	243	221	223

TÁBOA 23: Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 2000-2004.

Tendo en conta a idade, a evolución dos contratos entre os anos comprendidos entre o 2000 e o 2004 amosa un comportamento diferente para os distintos grupos de idade. Deste xeito, entre os que teñen de 36 a 45 anos e nos maiores de 55 anos as contratacións incrementáanse, presentando variacións medias do 2,49% e do 3,39% respectivamente.

Nos tramos restantes, o que máis se reduce en termos absolutos é o de entre 46 e 55 anos, cunha variación media negativa de -18,97%. O que máis diminúe a continuación é o de entre 26 e 35 anos, cunha variación media negativa de -8,6%. Neste caso os contratos decrecen entre os anos 2000-2001 e 2002-2003, nos que presentan variacións interanuais negativas de -25% e de -22,37% respectivamente. Entre os menores de 26 anos rexístranse tamén fluctuacións importantes ao longo do período, acadando finalmente unha variación media negativa de -8,89%.

5.4.3.- Contratación comarcal segundo os sectores económicos


	N.º
SECTOR PRIMARIO	9
Agricultura e pesca	9
SECTOR SECUNDARIO	4
Industria e electricidade	4
SECTOR CONSTRUCCIÓN	31
Construción	31
SECTOR SERVIZOS	179
Comercio e hostalería	25
Transporte e comunicacións	7
Outros servizos	147
TOTAL CONTRATOS	223

TÁBOA 24: Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos. Ano 2004.

O sector servizos engloba no ano 2004 a maioría dos contratos realizados na comarca, posto que no seu marco se rexistran o 80,27% do total. Dentro deste, o subsector de outros servizos obtén o maior volume contractual, co 65,92% das contratacións.

O segundo sector en orde de importancia é o da construción, co 13,9% da contratación. Os sectores primario e secundario representan o 4,04% e o 1,79% respectivamente.

GRÁFICO 5: Distribución porcentual da contratación nos servizos.



Nos servizos, o máis salientable é que o 37% dos contratos se concentra nas administracións públicas. A continuación sitúase a educación, co 14%, e as actividades inmobiliarias e servizos a empresas, co 13%.

TÁBOA 25: Distribución da contratación comarcal segundo os sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2004.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
SECTOR PRIMARIO	8	X	X	X	4	X	0
Agricultura e pesca	8	X	X	X	4	X	0
SECTOR SECUNDARIO	X	X	0	X	X	0	0
Industria e electricidade	X	X	0	X	X	0	0
SECTOR CONSTRUCCIÓN	31	0	X	11	10	6	X
Construción	31	0	X	11	10	6	X
SECTOR SERVIZOS	111	X	X	X	49	X	14
Comercio e hostalería	14	11	11	5	8	X	0
Transporte e comunicacións	5	X	X	X	4	0	0
Outros servizos	92	55	36	43	37	17	14
TOTAL CONTRATOS	X	70	51	67	X	25	X

Tanto no colectivo masculino como no feminino, a maior parte dos contratos están situados dentro do sector servizos, que agrupa o 49,78% do total da contratación comarcal e o 30,49% respectivamente. Tamén en ambos os colectivos, o subsector máis representativo é o de outros servizos, co 41,26% das contratacións no caso dos homes e o 24,66% no caso das mulleres.

O segundo sector produtivo en orde de importancia para os homes é o da construción, co 13,9% do total, mentres que nas mulleres os contratos realizados fóra do sector servizos son residuais.

Analizando máis polo miúdo a distribución segundo os tramos de idade, obsérvase que o sector servizos é predominante en todos os intervalos, acadando a porcentaxe máis alta no de entre 26 e 35 anos, co 22,42% do total da contratación comarcal, seguido polo de entre 36 e 45 anos, co 21,97%. O sector da construción sitúase en segundo lugar en nivel de importancia en todos os tramos de idade.

No referente aos subsectores dos servizos, o de outros servizos é o máis representativo en todas as idades.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	19	23	6	5	9
Agricultura e pesca	19	23	6	5	9
SECTOR SECUNDARIO	12	5	7	6	4
Industria e electricidade	12	5	7	6	4
S. CONSTRUCCIÓN	42	30	23	14	31
Construcción	42	30	23	14	31
SECTOR SERVICIOS	227	182	207	196	179
Comercio e hostalería	30	18	14	20	25
Transporte e comunicacións	14	7	4	8	7
Outros servizos	183	157	189	168	147
TOTAL CONTRATOS	300	240	243	221	223

TÁBOA 26: Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 2000-2004.

No conxunto do período, tódolos sectores da actividade económica ven reducidos os contratos que neles se producen. Deste xeito, nos servizos é onde se da unha maior diminución en termos absolutos, cunha variación media negativa de -5,77%. Neste sector, a contratación só aumenta en 2002 para decrecer en todos os anos posteriores.

O sector da construción é o que máis decrece a continuación, cunha variación media negativa de -7,31%. Neste caso, o único aumento que se aprecia nestes cinco anos é en 2004, cun significativo decrecemento no tramo 2002-2003, cunha variación interanual de -39,13%.

5.4.4.- Tipoloxía da contratación laboral




GRÁFICO 6: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2004.

Segundo a tipoloxía de contratación, a comarca de Terra de Caldelas caracterízase por un forte predominio dos contratos temporais, que representan case nove de cada dez. Deste xeito, o 77% das contratacións realizadas son temporais a tempo completo e o 10% son temporais a tempo parcial.

TÁBOA 27: Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2004.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	5	0	X	0	X	X	0
Indefinido tempo parcial	0	X	0	0	X	0	0
Temporal	121	48	38	53	49	16	13
Temporal tempo parcial	5	17	5	5	9	X	0
Prácticas/Formación	8	X	5	X	X	0	0
Outros	14	X	X	6	X	4	X
TOTAL CONTRATOS	153	70	51	X	64	25	X

Tanto nos homes como nas mulleres a contratación predominante é a temporal a tempo completo. Nesta categoría de contratación rexístranse o 54,26% dda contratación total entre os homes e o 21,52% nas mulleres.

Todas as fórmulas de contratación son maioritarias entre os homes, excepto a temporal a tempo parcial, onde prevalece a contratación de mulleres.

No referente á distribución por idade, a contratación temporal a tempo completo é a que conta cun maior peso relativo en todos os tramos, acadando o volume máis elevado nos que teñen entre 26 e 35 anos, onde se sitúan o 23,77% das contratacións comarcais. O mesmo sucede cos contratos temporais a tempo parcial, que se sitúan en segundo lugar en todos os intervalos de idade, excepto nos maiores de 45 anos.

TÁBOA 28: Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2004.

	PRIMARIO	SECUNDARIO			CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS			Total
	Agr., Gand.	Industr.	Electric.	Total	Construc.	Comerc.	Transp.	Outros	
Indefinido	0	0	0	0	X	X	0	0	X
Indefinido tempo parcial	0	0	0	0	0	0	X	0	X
Temporal	9	4	0	4	28	15	X	111	128
Temporal tempo parcial	0	0	0	0	0	4	X	15	22
Prácticas/Formación	0	0	0	0	X	X	X	5	9
Outros	0	0	0	0	0	0	0	16	16
TOTAL CONTRATOS	9	4	0	4	31	25	7	147	179

Todas as categorías de contratación aparecen agrupadas na súa maior parte no sector servizos, concentrando a maioría dos contratos temporais a tempo completo e temporais a tempo parcial. Cabe destacar neste punto que nos sectores primario e secundario tan só se asinaron contratos temporais a tempo completo.

No referente aos subsectores, o de outros servizos aglutina a maioría dos contratos temporais a tempo completo e os temporais a tempo parcial.

TÁBOA 29: Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Indefinido	15	13	6	2	5
Indefinido tempo parcial	0	X	X	0	1
Temporal	227	174	186	136	169
Temporal tempo parcial	32	24	35	26	22
Prácticas/Formación	4	6	3	33	10
Outros	22	22	12	24	16
TOTAL CONTRATOS	15	X	X	2	5

Agás nos contratos de prácticas/formación, nas tipoloxías restantes, as contratacións diminúen no transcurso destes cinco anos, sendo a redución máis salientable en números absolutos a dos contratos temporais a tempo completo, cunha variación media negativa de -7,11%. Os contratos temporais a tempo parcial acadan unha variación media negativa de -8,94%.

Nestas dúas tipoloxías de contratación, os contratos redúcense considerablemente no primeiro intervalo do período así como no 2002-2003, e no 2003-2004 os contratos temporais a tempo parcial. Cómpre sinalar tamén o forte incremento nos contratos temporais a tempo parcial entre os anos 2001-2002, o 45,83%, e dos temporais a tempo completo entre o 2003 e o 2004, o 24,26%.

5.4.5.- Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

	CONTRATOS Nº	V. MEDIA 00-04
1. Dirección de empresas e administracións públicas	X	-9,64
HOMES	0	-100,00
MULLERES	X	18,92
2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais	19	-6,63
HOMES	12	-6,94
MULLERES	7	-6,09
3. Técnicos e profesionais de apoio	11	-13,88
HOMES	6	0,00
MULLERES	5	-22,69
4. Empregados de tipo administrativo	X	9,63
HOMES	X	18,92
MULLERES	11	8,29
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	55	11,96
HOMES	32	18,92
MULLERES	23	4,89
6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca	X	-9,05
HOMES	12	-10,85
MULLERES	X	
7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería	24	-3,78
HOMES	24	-3,78
MULLERES	0	
8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	19	-7,54
HOMES	19	-6,63
MULLERES	0	-100,00
9. Traballadores non cualificados	67	-16,07
HOMES	46	-19,03
MULLERES	21	-6,94
TOTAL CONTRATOS	223	-7,15
TOTAL HOMES	153	-8,68
TOTAL MULLERES	70	-3,28

TÁBOA 30: Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2004.

Os grandes grupos de ocupación cun maior volume de contratación no ano 2004 na comarca de Terra de Caldelas son os seguintes:

- Traballadores non cualificados: 30,04%.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio: 24,66%.
- Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería: 10,76%.

Atendendo á distribución segundo o sexo, aprécianse diferenzas significativas nos contratos en función do grupo de ocupación:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
• Traballadores non cualificados: 20,63% do total da contratación comarcal. • Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio: 14,35%. • Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería: 10,76%.	• Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio: 10,31%. • Traballadoras non cualificadas: 9,42%. • Empregadas de tipo administrativo: 4,93%.

Dada o predominio da contratación masculina na comarca, tan só en dous grandes grupos de ocupación a contratación feminina é superior á masculina:

- Empregadas de tipo administrativo. A contratación feminina é o 4,93% do total fronte ao 0,90% da masculina.
- Dirección de empresas e administracións públicas. Onde só hai contratos dentro do colectivo feminino.

5.4.6.- Ocupacións máis contratadas

TÁBOA 31: As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2004.

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL	HOMES	MULLERES	RATIO MASCUL. ¹
94400012	Peón forestal	16	16	0	100,00
52990063	Técnico de protección civil	X	13	X	86,67
25130104	Músico instrumentista, en xeral	X	10	X	83,33
52300046	Traballador retén incendios forestais	12	12	0	100,00
96020014	Peón da construción de edificios	X	9	X	90,00
71100016	Albanel	9	9	0	100,00
42100010	Empregado administrativo, en xeral	X	X	8	11,11
97000075	Peón da ind. química	X	X	5	37,50
51130024	Asistente domiciliario (auxiliar axuda domicilio)	8	0	8	0,00
98000050	Mozo carga/descarga, almacén	X	X	4	42,86
TOTAL		106	76	30	71,70

(1) Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100

Do total dos contratos realizados na comarca de Terra de Caldelas no ano 2004, o 47,53% foron asinados dentro das dez ocupacións máis contratadas que se enumeran na táboa anterior.

A ocupación máis contratada foi a de peón forestal, seguida da de técnico de protección civil. Neste caso xorden diferenzas entre os homes e as mulleres, dado que estas dúas ocupacións son as máis contratadas entre o colectivo masculino, mentres que no feminino as máis contratadas son as de empregada administrativa e asistente domiciliaria.

A presenza da contratación masculina é superior á feminina no conxunto das dez ocupacións, tal e como indica o ratio de masculinidade do 71,7%. Por

alto nivel de contratación masculina destacan as de peón forestal, traballador retén incendios forestais e albanel. Pola contra, teñen un marcado perfil feminino os contratos de asistente domiciliaria e empregada administrativa.

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	Nº CONTRATOS				
		2000	2001	2002	2003	2004
94400012	Peón forestal	67	9	0	6	16
52990063	Técnico de protección civil	12	12	13	15	15
25130104	Músico instrumentista, en xeral	15	16	6	20	12
52300046	Traballador retén incendios forestais	0	7	32	X	12
96020014	Peón da construción de edificios	11	20	26	12	10
71100016	Albanel	16	20	4	19	9
42100010	Empregado administrativo, en xeral	X	6	18	X	9
97000075	Peón da ind. química	0	0	0	0	8
51130024	Asistente domiciliario (auxiliar axuda domicilio)	0	X	13	9	8
98000050	Mozo carga/descarga, almacén	0	0	X	X	7
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	15	X	4	4	6
86300016	Condutor de camión, en xeral	11	11	9	7	5
35430025	Músico de sala de festas ou similares	5	6	6	X	4
60220101	Xardineiro, en xeral	X	5	X	11	4
96010011	Peón de obras públicas, en xeral	13	5	4	6	4
50200018	Camareiro, en xeral	10	7	5	12	4
94100064	Peón agrícola, xardinería	0	0	5	7	X
74230011	Canteiro de construción	0	0	X	11	X
91210027	Limpador/a de portais e escaleiras	X	12	4	X	X
94200010	Peón gandeiro, en xeral	X	11	4	X	X
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	12	X	X	6	X
27200016	Enfermeiro, en xeral	X	0	14	0	0
51110066	Auxiliar de clínica	0	0	14	X	0

TÁBOA 32: Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 2000 e 2004.

A evolución das ocupacións máis contratadas na comarca entre o 2000 e o 2004 caracterízase pola oscilación na súa composición, dado que existen 20 ocupacións que aparecen e desaparecen da lista ao longo destes cinco anos.

As únicas que se manteñen neste período son as de técnico de protección civil, músico instrumentista e peón da construción de edificios. Na primeira delas, os contratos increméntanse neste quinquenio. En cambio, nas outras dúas, as contratacións diminúen. Por último, hai que sinalar que a contratación de peón forestal descende ao longo do período, dado o forte descenso acontecido en 2001.

5.5.- CONCLUSIONES

- A maioría das empresas e traballadores autónomos concéntranse no sector servizos, mentres que os traballadores por conta propia se sitúan maioritariamente no primario.
- Entre os anos 2000 e 2004, na comarca rexistrouse un decrecemento das empresas, acompañado dun crecemento dos traballadores por conta allea e autónomos, máis pronunciado nestes últimos.
- O sector servizos ten un crecemento tanto no número de empresas como de traballadores e autónomos. No primario e no secundario redúcense as empresas e os traballadores, e no da construción os autónomos.
- Na comarca producíronse o 1% das demandas de emprego entre os parados da provincia de Ourense e o 0,75% das dos non parados. O concello de Castro Caldelas agrupa case a metade das demandas comarcais.
- Entre os demandantes parados predomina o colectivo masculino, mentres que entre os non parados o peso das mulleres é maior. En canto ao perfil de idade, o grupo máis representativo é o de entre 36 e 45 anos.
- Os demandantes parados con emprego anterior son os máis numerosos, representando algo máis de seis de cada dez, seguidos polos non parados con emprego anterior. No que respecta ao nivel académico, o colectivo máis significativo é o daqueles que teñen ata o certificado de escolaridade, seguidos de cerca polos titulados en ensinanza obrigatoria.
- Case seis de cada dez demandantes parados de Terra de Caldelas levan buscando emprego menos de seis meses, a diferenza do que sucede na provincia, onde o colectivo máis importante é o dos que levan buscando máis dun ano.
- Case sete de cada dez demandantes proceden dos servizos. Dentro deste, as actividades con maior presenza son as de educación e administracións públicas.
- A ocupación máis demandada é a de empregado administrativo, seguida da de muller/mozo limpeza, limpador. A nivel provincial esta última é a que máis se demanda.
- Na comarca rexistráronse o 0,24% das ofertas de emprego da provincia. O concello de Castro Caldelas recibe tres de cada dez do total. Entre os anos 2000 e 2004 prodúcese un descenso nas ofertas, tendencia marcada pola evolución do concello de Castro Caldelas.
- Algo máis de oito de cada dez ofertas proceden do sector servizos, concentradas na súa maior parte no concello de Castro Caldelas. Dentro deste sector, case a metade das ofertas proveñen da actividade das administracións públicas. Durante o período 2000-2004 as ofertas dos servizos experimentan un decrecemento.
- Tan só doce ofertas solicitan traballadores segundo o seu xénero; dentro destas, a maior parte requiren un home. En canto ao nivel de estudos, só cinco ofertas existen unha titulación, que na maioría dos casos é formación profesional.
- Os contratos da comarca representan o 0,4% dos asinados na provincia de Ourense no ano 2004. Case a metade destes contratos foron xestionados en Castro Caldelas. Entre os anos 2000 e 2004 as contratacións comarcais rexistraron unha considerable diminución.
- A contratación masculina predomina sobre a feminina no conxunto da comarca, situación semellante á que se dá a nivel provincial. A evolución de ambos os sexos é negativa nestes cinco anos, aínda que o ritmo de decrecemento dos masculinos é maior.

- A maior parte dos contratos agrúpase entre os que teñen entre 26 e 35 anos, seguidos de cerca polos de entre 36 e 45 anos. No primeiro destes intervalos os contratos descendían entre os anos 2000 e 2004, mentres que no segundo manifestan un certo crecemento.
- Algo máis de oito de cada dez contratos aparecen nos servizos, onde destaca a actividade das administracións públicas. O segundo sector en orde de importancia é o da construción.
- Tanto no colectivo masculino como no feminino a contratación agrúpase maiormente nos servizos, que é tamén o sector predominante en todos os grupos de idade. No período analizado, todos os sectores da actividade económica ven reducido o volume de contratación.
- Case nove de cada dez contratos de Terra de Caldelas son temporais a tempo completo e, en menor medida, a tempo parcial. A contratación temporal a tempo completo predomina en ambos os sexos, así como en todos os tramos de idade e sectores produtivos. Entre os anos 2000 e 2004, as únicas tipoloxías de contratación que experimentan un leve crecemento son as indefinidas a tempo parcial e de prácticas formación, sufrindo o maior descenso a temporal a tempo completo.
- Os grandes grupos de contratación máis frecuentes na comarca son os de traballadores non cualificados e traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio. Esta mesma orde séguese no colectivo masculino, mentres que entre as mulleres o máis importante é o de traballadoras de servizos de restauración, persoais e vendedoras de comercio, seguido polo de traballadoras non cualificadas.
- As ocupacións máis contratadas son as de peón forestal e técnico de protección civil. Estas dúas son as máis contratadas entre os homes, sendo as de empregada administrativa e asistente domiciliaria as máis contratadas entre as mulleres.
- Por último, hai que sinalar que na comarca de Terra de Caldelas non se rexistrou ningún curso de formación profesional ocupacional.



Comarca de Terra de Celanova



5.1.- TECIDO EMPRESARIAL

5.1.1.- Tecido empresarial comarcal. Situación actual

SECTORES	EMPRESAS		TRABALLADORES		AUTÓNOMOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
SECTOR PRIMARIO	26	4,14	585	25,58	59	5,57
Agricultura e pesca	26	4,14	585	25,58	59	5,57
SECTOR SECUNDARIO	124	19,75	465	20,33	137	12,92
Industria e electricidade	124	19,75	465	20,33	137	12,92
SECTOR CONSTRUCCIÓN	122	19,43	328	14,34	274	25,85
Construcción	122	19,43	328	14,34	274	25,85
SECTOR SERVICIOS	356	56,69	909	39,75	590	55,66
Comercio e hostalería	185	29,46	365	15,96	426	40,19
Transporte e comunicacións	24	3,82	61	2,67	57	5,38
Outros servizos	147	23,41	483	21,12	107	10,09
TOTAL	628	100,00	2.287	100,00	1.060	100,00

TÁBOA 1: Número de empresas, traballadores e autónomos.

A maioría das empresas da comarca de Terra de Celanova dedícanse á prestación de servizos –56,69%–, principalmente ao comercio e hostalería. A unha distancia notable, o segundo sector empresarial máis importante é o secundario –19,75%–, moi preto do da construción, que presenta unha porcentaxe do 19,43%.

Os traballadores por conta allea concéntranse tamén, aínda que en menor medida, arredor dos servizos –39,75%–. A continuación, a maior parte dos asalariados desenvolve a súa actividade no sector primario –25,58%–, por riba daqueles que traballan no secundario e no da construción. O subsector de maior peso relativo é o dos outros servizos, co 21,12%.

Os autónomos tamén se agrupan na súa maioría no sector terciario –55,66%–. Despois, na construción –25,85%– e no secundario –12,92%–. En relación cos subsectores, destaca a elevada porcentaxe de autónomos que traballan no comercio e hostalería (dous de cada cinco).

5.1.2.- Evolución anual

TÁBOA 2: Evolución do número de empresas.
Período 2000-2004.

	EMPRESAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	38	40	34	20	26
Agricultura e pesca	38	40	34	20	26
SECTOR SECUNDARIO	116	111	114	120	124
Industria e electricidade	116	111	114	120	124
SECTOR CONSTRUCCIÓN	119	120	111	114	122
Construción	119	120	111	114	122
SECTOR SERVICIOS	298	305	326	352	356
Comercio e hostalería	156	161	173	179	185
Transporte e comunicacións	21	16	19	27	24
Outros servizos	121	128	134	146	147
TOTAL	571	576	585	606	628

O número de empresas da comarca medrou no período 2000-2004 cunha variación media anual do 2,41%. Este aumento produciuse ao longo de todos os anos, cada vez con maior intensidade.

O crecemento anterior desagregado por sectores económicos amosa evolucións distintas. A máis positiva tivo lugar nos servizos, sector de maior peso relativo, cunha variación media do 4,55%. A maior expansión empresarial aconteceu nos anos centrais, 2002 e 2003, no que as variacións interanuais se situaron no 6,89% e 7,98% respectivamente. A análise da dinámica dos subsectores terciarios móstranos que o ritmo de crecemento no comercio e hostalería e nos outros servizos foi de magnitude similar. No primeiro caso a variación media situouse no 4,25% e no segundo no 4,99%.

No sector secundario a tendencia foi cara ao crecemento moderado –variación media do 1,68%–. Tras diminuír o número de empresas lixeiramente en 2001, no resto de anos a evolución foi positiva, medrando pouco a pouco. Pola súa parte, a construción mantívose practicamente estable –variación media do 0,62%–. Este sector experimentou unha regresión en 2002 compensada co aumento das empresas en 2004. Por último, no sector primario, no que o número de empresas é moi reducido, a variación media foi do -9,05%.

TÁBOA 3: Evolución do número de traballadores.
Período 2000-2004.

	TRABALLADORES				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	681	692	644	658	585
Agricultura e pesca	681	692	644	658	585
SECTOR SECUNDARIO	407	434	472	481	465
Industria e electricidade	407	434	472	481	465
SECTOR CONSTRUCCIÓN	311	351	315	308	328
Construción	311	351	315	308	328
SECTOR SERVICIOS	767	848	900	916	909
Comercio e hostalería	316	319	331	350	365
Transporte e comunicacións	52	48	55	64	61
Outros servizos	399	481	514	502	483
TOTAL	2.166	2.325	2.331	2.363	2.287

Os traballadores por conta allea aumentaron lixeiramente entre 2000 e 2004 –variación anual media do 1,37%–. A evolución foi descontínua, producíndose un crecemento importante ao comezo do período –variación interanual 2000-2001 do 7,34%–, un aumento moderado nos anos posteriores, e unha diminución en 2004 do 3,22% respecto ao ano anterior.

A expansión dos traballadores por conta allea aconteceu en todos os sectores económicos menos no primario. A de maior intensidade foi nos servizos, cunha variación media do 4,34%. E, despois, no sector secundario e na construción, cunhas variacións medias do 3,39% e do 1,34% respectivamente.

Nos servizos, obsérvase un crecemento significativo ao comezo do período –variacións interanuais 2000-2001 e 2001-2002 do 10,56% e do 6,13% respectivamente– e un descenso no tramo final.

Na análise por subsectores detéctase que a evolución nos servizos é resultado de traxectorias diferentes no comercio e hostalería e na categoría dos outros servizos que se compensan. O ritmo final de crecemento foi superior ao do conxunto do sector no caso dos outros servizos (variación media do 4,89%) e inferior no caso do comercio e hostalería (variación media do 3,67%).

O curso evolutivo do sector secundario é similar ao dos servizos como conxunto; nos primeiros anos os traballadores por conta allea aumentan –variacións interanuais 2000-2001 e 2001-2002 do 6,63% e do 8,76% respectivamente– e no tramo final experimentan un decrecemento.

Pola súa parte, a evolución dos asalariados na construción foi distinta; aumentan en 2001 e 2004 e diminúen nos anos centrais. A variación interanual máis positiva neste sector foi a de 2000-2001 (12,86%) e a máis negativa a de 2001-2002 (-10,26). Por último, os traballadores do sector primario diminuíron ao longo do período, presentando unha variación media negativa do -3,73%. O curso de evolución neste sector alternou fases de crecemento moderado, anos 2001 e 2003, con fases regresivas de maior intensidade, nos anos 2002 e 2004.

	AUTÓNOMOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	38	49	50	52	59
Agricultura e pesca	38	49	50	52	59
SECTOR SECUNDARIO	91	104	114	129	137
Industria e electricidade	91	104	114	129	137
SECTOR CONSTRUCCIÓN	193	212	231	266	274
Construción	193	212	231	266	274
SECTOR SERVIZOS	485	506	526	573	590
Comercio e hostalería	370	381	392	422	426
Transporte e comunicacións	43	46	49	57	57
Outros servizos	72	79	85	94	107
TOTAL	807	871	921	1.020	1.060

TÁBOA 4: Evolución do número de autónomos. Período 2000-2004.

Os autónomos medraron notablemente entre 2000 e 2004 –variación media do 7,06%–. A evolución por sectores económicos móstranos que este aumento tivo un carácter xeral, pois produciuse no primario, no secundario, na construción e nos servizos, cunhas variacións medias do 11,63%, 10,77%, 9,16% e 5,02% respectivamente. En números absolutos, a orde de importancia do aumento de traballadores por conta propia nos diferentes sectores é inversa á que acabamos de citar; a maior expansión absoluta dos autónomos tivo lugar nos servizos e despois na construción.

Dentro dos servizos, destaca o crecemento dos outros servizos –variación media do 10,41%–, e do transporte e comunicacións –variación media do 7,30%–, moi por riba do acontecido no comercio e a hostalería, que presenta unha variación media do 3,59%. Así e todo, en termos absolutos, o comercio e hostalería é o subsector terciario de maior expansión de autónomos.

En canto ás variacións interanuais, o dato máis salientable é que son positivas en todos os anos e en todos os sectores. A diferenza, por tanto, está na intensidade do crecemento. No primario, secundario e na construción rexístranse nalgúns anos variacións interanuais de alta magnitude, superiores ao 14%, como sucede para o primeiro en 2001 e 2004, no segundo en 2001 e no último en 2003. En cambio, nos servizos, as variacións interanuais oscilaron en menor medida, sendo a máis elevada debido á de 2002-2003, cun valor do 8,94%.

5.2.- DEMANDAS

5.2.1.- Demandantes galegos por concello

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
A Bola	67	35	102
A Merca	95	44	139
Cartelle	160	88	248
Celanova	340	283	623
Gomesende	42	22	64
Padrenda	163	70	233
Pontedeva	28	21	49
Quintela de Leirado	54	20	74
Ramirás	99	61	160
Verea	76	39	115
TOTAL	1.124	683	1.807

TÁBOA 5: Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.

% comarca/provincia – PARADOS	6,14
% comarca/provincia - NON PARADOS	6,77

En 2004 rexistráronse 1.807 demandas de emprego. A maior parte concentráronse nos concellos de Celanova –34,48%–, Cartelle –13,72%– e Padrenda –12,89%–. Os demandantes parados da comarca representan o 62,20% e os non parados o 37,80% restante. Os primeiros, ademais, predominan en todos os concellos.

En comparación cos datos da provincia, os demandantes parados da comarca supoñen o 6,14% e os non parados o 6,77%.

5.2.2.- Demandantes parados. Evolución

	2000	2001	2002	2003	2004
Parados comarca	1.131	1.019	1.098	1.134	1.124
Variación interanual %	-	-9,90	7,75	3,28	-0,88
COMARCA/TOTAL PROVINCIA	6,40	6,09	6,03	6,15	6,14

TÁBOA 6: Evolución dos demandantes parados.

O número de demandantes parados da comarca no período 2000-2004 mantívose estable; só houbo un descenso de sete demandantes. En 2001 produciuse un descenso do 9,90%, posteriormente compensado por dous incrementos sucesivos, en 2002 e 2003, do 7,75% e do 3,28% respectivamente; e no último ano rexistrouse un leve descenso.

O peso relativo dos demandantes parados na comarca respecto ao total da provincia ao longo destes anos diminuíu levemente, pasando de representar o 6,40% en 2000 ao 6,14% en 2004.

5.2.3.- Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

TÁBOA 7: Situación laboral dos demandantes.

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	137	7,58	9,95
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	987	54,62	54,54
NON PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	91	5,04	4,96
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	267	14,78	15,09
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	98	5,42	4,80
	En expediente de regulación de emprego	7	0,39	0,32
	Demandantes de mellora de emprego	124	6,86	7,02
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	81	4,48	2,93
	Resto de demandantes	15	0,83	0,39
TOTAL		1.807	100,00	100,00

A maioría dos demandantes de emprego son parados con emprego anterior –54,62%–. O segundo grupo máis cuantioso de demandantes sitúase a gran distancia e correspóndese cos non parados, tamén con emprego anterior –14,78%–. Estas proporcións son practicamente as mesmas ou moi próximas ás que se dan na provincia. O resto de categorías representan porcentaxes baixas ou moi baixas e igualmente son moi próximas ás que se dan na provincia.

5.2.4.- Demandantes de emprego por sexo e idade

TÁBOA 8.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	45	58	9,16	13,49
26 a 35 anos	85	140	20,02	24,76
36 a 45 anos	102	150	22,42	21,60
46 a 55 anos	122	122	21,71	20,69
56 e máis anos	182	118	26,69	19,46
TOTAL COMARCA	536	588	100,00	6,14
TOTAL PROVINCIA	7.574	10.747	6,14	100,00

Os demandantes parados da comarca son maioritariamente mulleres –52,31% fronte ao 47,69% correspondente aos homes–. Esta distribución amosa que a cuestión do xénero está moito máis equilibrada na comarca que na provincia, onde o colectivo feminino representa o 58,66% e o masculino o 41,34% restante.

A composición por idades móstranos unha estrutura avellentada. O grupo máis numeroso é o de maiores de 55 anos –26,69% do total de demandantes parados–. En perspectiva comparada, o grao de avellentamento dos demandantes parados na comarca é superior ao da provincia. Na comarca, os maiores de 45 anos supoñen o 48,40%, en tanto que na provincia representan o 40,15%.

Por sexo e idades simultaneamente, o colectivo de maior peso relativo é o de demandantes masculinos maiores de 55 anos –16,19% do total–. O segundo grupo por sexo e idades máis importante en termos cuantitativos é o de demandantes mulleres que teñen entre 36 e 45 anos, as cales representan o 13,35%.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	59	62	17,72	19,89
26 a 35 anos	45	81	18,45	24,48
36 a 45 anos	50	96	21,38	19,75
46 a 55 anos	48	68	16,98	17,93
56 e máis anos	98	76	25,48	17,94
TOTAL COMARCA	300	383	100,00	6,77
TOTAL PROVINCIA	3.706	6.383	6,77	100,00

TÁBOA 8.2: Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.

A maioría dos demandantes non parados da comarca, igual que os parados, tamén son mulleres –56,08% fronte ao 43,92% que representan os homes–. Estas porcentaxes mostran que as demandas de non parados por sexo están máis equilibradas na comarca que na provincia, onde as mulleres supoñen o 63,27% e os homes o 36,73%.

A estrutura de idades dos demandantes non parados caracterízase, do mesmo xeito que a dos parados, polo avellentamento. O grupo máis cuantioso é o de maiores de 55 anos –25,48% do total de demandantes non parados–. En comparación coa provincia, o grao de avellentamento deste tipo de demandantes é maior. Así, os demandantes non parados maiores de 45 anos representan na comarca o 42,46% e na provincia o 35,87%.

Ao cruzar as variables sexo e idade vemos que o grupo máis numeroso é o de homes maiores de 55 anos –14,35% do total de demandantes non parados–. E, en segundo lugar, o colectivo de mulleres de 36 a 45 anos, co 14,06%.

Tal e como acabamos de comprobar, as series de demandantes parados e non parados por sexo e idades, salvo na magnitude concreta das porcentaxes, coinciden plenamente nos seus trazos definitorios.




GRÁFICO 1: Distribución porcentual do total de demandantes por sexo e grupos de idade.

No gráfico representativo do total de demandantes da comarca por sexo e grupos de idade pódese observar como as mulleres predominan en todas as idades agás no grupo de maiores de 55 anos. Por outro lado, vese claramente que o este último colectivo é o de maior peso relativo, seguido do de 36 a 45 anos.

5.2.5.- Demandantes por nivel académico

TÁBOA 9: Distribución dos demandantes parados e non parados por nivel académico.

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Ata certificado de escolaridade*	588	314	902
Titulación de ensinanza obrigatoria	302	183	485
Formación profesional	68	39	107
BUP/Bacharelato superior/COU	102	99	201
Titulados universitarios	55	43	98
Outras titulacións	9	5	14
TOTAL	1124	683	1.807

* Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade

O nivel académico é moi baixo; unha moi elevada porcentaxe de demandantes posúen como máximo estudos obrigatorios –76,76%– e entre estes a maior parte só teñen ata o certificado de escolaridade –49,92%–. No caso dos parados a proporción dos que como máximo teñen estudos obrigatorios aumenta ata o 79,18% e no caso dos non parados diminúe ata o 72,77%.

No grupo de demandantes comarcais cun nivel académico superior ao ensino obrigatorio, o 23,24% restante, predominan os que teñen o bacharelato, cunha porcentaxe do 11,12%. Os que contan con formación profesional ou un título universitario supoñen respectivamente o 5,92% e o 5,42%.

5.2.6.- Demandantes parados por tempo de busca de emprego

TÁBOA 10: Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

		Menos de 6 meses	De 6 meses a 1 ano	Máis de 1 ano	TOTAL
Menor de 26 anos	Homes	34	5	6	45
	Mulleres	35	12	11	58
26 a 35 anos	Homes	49	19	17	85
	Mulleres	57	19	64	140
36 a 45 anos	Homes	54	16	32	102
	Mulleres	47	19	84	150
46 a 55 anos	Homes	55	10	57	122
	Mulleres	28	21	73	122
Máis de 55 anos	Homes	35	25	122	182
	Mulleres	7	7	104	118
TOTAL COMARCA		401	153	570	1.124
TOTAL PROVINCIA		7.871	2.533	7.917	18.321

A metade dos demandantes parados da comarca de Terra de Celanova levan máis dun ano buscando emprego (50,71%). Outra parte importante son parados de menos de seis meses (35,68%) e unha minoría levan entre seis meses e un ano (o 13,61%).

Na provincia a distribución difire nalgunha medida, os demandantes parados de longa duración perden peso, de tal xeito que é tan común o demandante que leva máis dun ano na procura dun traballo –43,21%– como o que leva menos de seis meses –42,96%–. Os demandantes que se atopan nunha situación intermedia, entre seis meses e un ano buscando emprego, supoñen o 13,83%.

O colectivo máis numeroso da comarca é o de homes parados de longa duración maiores de 55 anos –10,85% do total de demandantes parados–. O segundo grupo de maior peso relativo é o de mulleres da mesma idade e co mesmo tempo de busca de emprego, que representan o 9,25%.

Entre o colectivo feminino, a partir dos 26 anos predominan os demandantes parados de longa duración; en cambio, entre o masculino esta situación só sucede a partir dos 45 anos.

5.2.7.- Demandantes por sectores económicos de procedencia

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Sector primario	34	18	52
Sector secundario	206	113	319
Construción	187	82	269
Sector servizos	560	336	896
Sen actividade previa	137	134	271
TOTAL	1.124	683	1.807

TÁBOA 11: Demandantes por actividade económica.

A metade dos demandantes proceden do sector servizos –49,58%–, tanto no caso dos parados –49,82%– como dos non parados, que representan o 49,19%.

O sector secundario e o da construción representan en conxunto o 32,54% do total de demandantes; no caso dos parados o 34,96% e no dos non parados o 28,55%.





GRÁFICO 2: Demandantes parados na industria.

Os demandantes parados na industria proceden fundamentalmente da actividade de téxtil e a confección –31%– e das outras industrias –28%–. A certa distancia atópanse os da alimentación, co 19%, e os da madeira, co 11%. O resto de actividades presentan unha porcentaxe igual ou inferior ao 6%.

GRÁFICO 3: Demandantes parados nos servizos.



Nos servizos, os demandantes parados teñen unha procedencia máis equilibrada e diversa; principalmente proveñen do comercio –18%–, da educación –16%–, das actividades inmobiliarias e de servizos a empresas –15%–, da hostalería –14%– e das administracións públicas –14%–. Nas outras cinco actividades restantes a representatividade é igual ou inferior ao 8%.

5.2.8.- As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

TÁBOA 12: Ocupacións máis demandadas.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	188	10,40	9,48
Peón da construción de edificios	125	6,92	3,82
Empregado administrativo, en xeral	92	5,09	8,36
Peón da ind. manufactureira, en xeral	82	4,54	4,58
Dependente de comercio, en xeral	80	4,43	8,24
Albanel	72	3,98	2,46
Camareiro, en xeral	54	2,99	2,88
Cociñeiro, en xeral	47	2,60	2,07
Operador de máquina ind. de coser e bordar, en xeral	35	1,94	0,38
Empregada de fogar	30	1,66	0,81

5.2.9.- Perfil tipo dos demandantes de emprego

TÁBOA 13: Perfil máis representativo.

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parado con emprego anterior	Parado con emprego anterior
Sexo	Muller	Muller
Grupo idade	Maiores de 55 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Ata certificado de escolaridade	Ata certificado de escolaridade
Duración demanda	Máis de 1 ano	Máis de 1 ano
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral

5.3.- OFERTAS

5.3.1.- Ofertas no servizo público de emprego galego 2004. Evolución

	TOTAL OFERTAS
A Bola	2
A Merca	6
Cartelle	8
Celanova	615
Gomesende	1
Padrenda	2
Pontedeiva	1
Quintela de Leirado	4
Ramirás	23
Verea	3
TOTAL COMARCA	665

TÁBOA 14: Número de ofertas por concellos.

TOTAL OFERTAS PROVINCIA:	11.122
COMARCA/PROVINCIA:	5,98

Na comarca de Terra de Celanova recolléronse 665 ofertas de emprego no ano 2004, o 5,98% do total da provincia. O concello de Celanova agrupa a gran maioría das ofertas realizadas na comarca –92,48%–. No resto de municipios, salvo no de Ramirás, as ofertas nin sequera chegan a 10 en termos absolutos.

	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
A Bola	0	0	2	1	2
A Merca	1	4	5	10	6
Cartelle	4	10	4	3	8
Celanova	787	711	617	816	615
Gomesende	0	1	0	2	1
Padrenda	1	2	0	3	2
Pontedeiva	13	2	1	2	1
Quintela de Leirado	0	0	1	0	4
Ramirás	82	7	11	23	23
Verea	0	5	4	3	3
TOTAL COMARCA	888	742	645	863	665
TOTAL PROVINCIA	12.969	11.664	10.871	11.116	11.122


TÁBOA 15: Evolución das ofertas. Período 2000-2004.

No período 2000-2004, as ofertas diminuíron notablemente; presentan unha variación media negativa de -6,97%. A regresión foi de certa intensidade en todos os anos salvo en 2003, no que as ofertas medraron nun 33,80%, aumento que non foi suficiente para compensar o acontecido no resto do período.

O descenso do número de ofertas na provincia foi menor (variación media de -3,77%), debido ao comportamento positivo dos dous últimos anos.

Dado o seu elevado peso relativo, a evolución do concello de Celanova é moi similar á que acabamos de describir para a comarca. Nos outros municipios as ofertas son demasiado baixas, nalgúns anos incluso inexistentes, para poder analizar a súa traxectoria evolutiva. Unicamente destaca a forte regresión de Ramirás, un concello que ao comezo do período si contaba cun número significativo de ofertas pero que caeron abruptamente a partir de 2001, presentando unha variación media de -27,23%.

GRÁFICO 4: Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.



No gráfico pódese ver a evolución do número de ofertas en Celanova e no resto de concellos como conxunto. Na traxectoria evolutiva do de Celanova apréciase claramente a forte baixa do número de ofertas ata a metade do período, a posterior recuperación e de novo unha caída intensa no último ano de referencia. No resto de concellos, no que as cifras aínda en conxunto seguen sendo moi baixas, obsérvase unha diminución de alta intensidade ao comezo do período, e unha tímida recuperación cara ao final.

5.3.2.- Ofertas segundo os sectores de actividade económica

TÁBOA 16: Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos.

	PRIMARIO	SECUNDARIO	CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS
A Bola	0	0	0	2
A Merca	0	0	1	5
Cartelle	0	1	1	6
Celanova	35	33	155	392
Gomesende	0	0	0	1
Padrenda	0	0	0	2
Pontedeva	0	0	0	1
Quintela de Leirado	0	3	0	1
Ramirás	0	0	17	6
Verea	0	0	0	3
TOTAL COMARCA	35	37	174	419
TOTAL PROVINCIA	150	953	2.083	7.935

A elevada concentración das ofertas de emprego no concello de Celanova réstalle bastante sentido á análise da distribución sectorial das ofertas comarcais polo resto de municipios. En Celanova tiveron lugar todas as ofertas do sector primario, algo máis do 89% das realizadas no secundario e na construción, e o 93,56% das feitas nos servizos. Así as cousas, o único dato que se pode subliñar en relación co resto de concellos é que en 2004 o 9,77% das ofertas da construción se realizaron en Ramirás.

O sector servizos reúne a maioría das ofertas laborais da comarca –63,01%–, seguido de lonxe polo da construción, co 26,17%. Pola súa parte, os sectores primario e secundario representan pouco máis do 5% cada un.

A maioría das ofertas de traballo da provincia tamén proceden dos servizos, e nunha porcentaxe aínda maior que na comarca –71,35%–. A construción, o secundario e o primario no ámbito provincial supoñen o 18,73%, o 8,57% e o 1,35% respectivamente.




GRÁFICO 5: Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.

Na representación gráfica da distribución porcentual das ofertas por sectores económicos apréciase con claridade o grande peso relativo das procedentes dos servizos –63%– e, en segundo lugar, da construción, o 26%.




GRÁFICO 6: Distribución porcentual das ofertas na industria.

Dentro da industria, as ofertas proceden principalmente do téxtil e confección –44%– e, en menor medida, da alimentación –29%– e da metalurxia e fabricación de produtos metálicos –18%–. Os outros tres tipos de actividades industriais sitúanse no 3%.




GRÁFICO 7: Distribución porcentual das ofertas nos servizos.

Nos servizos destaca a xeración de ofertas por parte das administracións públicas –46%–. E, despois, as procedentes dos servizos á comunidade –23%– e das actividades inmobiliarias e de servizos a empresas, co 11%. As outras categorías sitúanse en porcentaxes moi baixas.

TÁBOA 17: Evolución das ofertas por sectores económicos.

	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Primario	76	14	17	33	35
Secundario	188	129	51	81	37
Construción	147	128	138	232	174
Servizos	477	471	439	517	419
TOTAL COMARCA	888	742	645	863	665
TOTAL PROVINCIA	12.969	11.664	10.871	11.116	11.122

A evolución das ofertas da comarca no período 2000-2004 amosa unha tendencia negativa en todos os sectores económicos agás na construción, onde medraron cunha variación media do 4,31%. No sector primario e sobre todo no secundario as ofertas diminuíron a gran ritmo, con variacións medias negativas do -17,62% e do -33,39% respectivamente, en tanto que nos servizos a regresión foi de moita menor intensidade, presentando unha variación media de -3,19%.

Na análise da variacións interanuais destacan os anos 2001 e 2003. O primeiro por ser cando se rexistra un descenso das ofertas en todos os sectores económicos (aínda que nos servizos é de moi escasa magnitude). E o segundo destaca polo contrario, por ser o ano no que se rexistra un aumento xeneralizado das ofertas da comarca, un aumento que, ademais, se produce dun xeito notable en todos os sectores.

5.3.3.- Perfil básico das ofertas

Unha de cada dez ofertas da comarca especifican un determinado sexo para poder ocupar un posto de traballo (11,55%). Dentro destas, no 65,38% dos casos pídesse un home e no 34,62% unha muller. Estas ofertas nas que o xénero constitúe un requisito proceden principalmente do sector servizos e, en menor medida, da construción.

Nos servizos solicitáronse máis homes que mulleres (en termos absolutos, dez homes e sete mulleres), en tanto que na construción pedíronse única e exclusivamente homes. Dentro dos servizos, a metade das ofertas dirixidas a un sexo concreto correspóndense con actividades de comercio, e pedíronse por igual persoas de ambos xéneros.

En canto ao nivel académico, en nove de cada dez ofertas exixiuse un mínimo de estudos para ter acceso a un posto de traballo, 90,82%. Na maioría dos casos, en tres de cada catro deste tipo de ofertas, a cualificación solicitada unicamente foi o certificado de escolaridade. As actividades que máis requiriron traballadores con esta cualificación foron as relacionadas coas administracións públicas.

5.3.4.- Análise ocupacional das ofertas

	2000	2001	2002	2003	2004
Administrativo	1	0	3	8	6
Soldador	0	0	0	0	5
Xardineiro / Traballador de centros de xardinería	0	0	0	0	4
Dpdo. en educación social/Asistente social	0	0	0	0	4
Manipulador de madeira	4	0	1	1	4
Dependente en xeral	0	0	1	1	3
Perruqueiro/a	0	0	0	0	3
Condutor de mercadorías/Condutor de camión en xeral.	0	0	2	5	3
Sen cualificación, acepta empregos en madeiras e moble	0	0	0	0	3

TÁBOA 18.1: Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.

A ocupación máis ofertada en 2004 nos centros colaboradores foi a de administrativo e despois a de soldador. Neste ano, respecto aos anteriores, destacan dous trazos: un aumento do número de ocupacións ofertadas e unha maior diversificación. Ocupacións como a de soldador ou xardineiro non se ofertaran nunca en ningún dos anos anteriores.

	2000	2001	2002	2003	2004
Traballador retén incendios forestais	27	45	95	98	115
Albanel	32	51	54	116	104
Peón de obras públicas, en xeral	165	99	146	128	74
Técnico de protección civil	50	56	58	66	56
Asistente domiciliario (auxiliar axuda domicilio)	29	31	24	24	17
Camareiro, en xeral	5	3	8	13	13
Traballador conserv. parques, xardíns hist.	43	40	8	7	11
Peón dos camiños	8	36	0	0	11
Técnico prevención de incendios, en xeral	0	0	0	0	9
Condutor de coche de bombeiros	13	5	9	3	9

TÁBOA 18.2: Ocupacións máis ofertadas nas oficinas de emprego.

O número de ofertas nas oficinas de emprego da comarca en 2004 foi moito maior que o dos centros colaboradores. As ocupacións máis ofertadas foron, por esta orde, a de traballador retén incendios forestais, a de albanel e a de peón de obras públicas.

No período 2000-2004, as dúas ocupacións máis importantes experimentaron un forte crecemento, a de traballador retén incendios forestais tivo unha variación media do 43,66% e a de albanel do 34,27%. Por contra, a ocupación de peón de obras públicas, a máis importante durante case todo o período, sufriu un retroceso considerable (variación media de -18,17%).

Entre o resto de ocupacións, destaca a tendencia de crecemento moderado da de técnico de protección civil, a tendencia regresiva da de asistente domiciliario e, por último, o descenso brusco en 2002, que se manterá ata o final do período, da ocupación de traballador na conservación de parques e xardíns.

5.4.- CONTRATOS

5.4.1.- Número de contratos no ámbito comarcal

TÁBOA 19: Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2004.

	Nº
A Bola	36
A Merca	115
Cartelle	85
Celanova	617
Gomesende	68
Padrenda	116
Pontedeva	72
Quintela de Leirado	31
Ramirás	133
Verea	44
TOTAL COMARCA	1.317
TOTAL PROVINCIA	55.273

En 2004 realizáronse na comarca de Terra de Celanova 1.317 contratos –2,38% do total da provincia–. A maior parte da contratación comarcal concentrouse no concello de Celanova –46,85%–. Entre o resto de municipios destacan Ramirás, co 10,10%; Padrenda, co 8,81%, e a Merca, co 8,73%.

TÁBOA 20: Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
A Bola	37	41	59	41	36
A Merca	109	143	174	166	115
Cartelle	112	116	113	82	85
Celanova	668	689	640	594	617
Gomesende	34	37	44	67	68
Padrenda	223	133	157	188	116
Pontedeva	36	46	62	71	72
Quintela de Leirado	66	60	47	44	31
Ramirás	118	74	64	65	133
Verea	35	49	60	39	44
TOTAL COMARCA	1.438	1.388	1.420	1.357	1.317
TOTAL PROVINCIA	48.332	48.607	49.367	50.587	55.273

No período 2000-2004 o número de contratos na comarca diminuíu; presenta unha variación media negativa do -2,17%. Pola contra, na provincia medraron, cunha variación media do 3,41%.

A evolución da comarca caracterízase por decrecementos moderados en todos os anos agás en 2002, no que a contratación aumentou nun 2,31%. O volume de contratación aumentou na maioría dos concellos, cunhas taxas de variación media que van dende o moderado 1,35% da Merca ata o case 18,92% de Gomesende e Pontedeva. Noutra parte importante de municipios, entre os que se atopan os de maior peso dentro da comarca, decreceu. A intensidade do decrecemento foi dende o -17,21% de variación media negativa rexistrada en Padrenda ata o -1,97% de Celanova.

5.4.2.- Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

	Nº CONTRATOS		Total
	Homes	Mulleres	
Menos de 26 anos	255	161	416
De 26 a 35 anos	224	166	390
De 36 a 45 anos	151	93	244
De 46 a 55 anos	136	48	184
De 56 e máis anos	69	14	83
TOTAL COMARCA	835	482	1.317
TOTAL PROVINCIAL	30.749	24.524	55.273

TÁBOA 21: Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2004.

A contratación na comarca de Terra de Celanova amosa un importante desequilibrio por xénero. O 63,40% dos contratos correspondéronse co colectivo masculino e o 36,60% co feminino. Estas proporcións están algo distantes das da provincia, nas que os homes representan o 55,63% e as mulleres o 43,37%.

Por idades, a maior parte dos contratos realizáronse aos menores de 26 anos –31,59%–. No grupo seguinte, de 26 a 35 anos, réunese o 29,61%. Por tanto, nos dous segmentos de xente máis nova concéntrase a maioría da contratación (61,20% do total).

A información cruzada por sexo e idades dinos que a concentración dos contratos na xente máis nova, menores de 36 anos, ocorre tanto no caso dos homes como no das mulleres. Nos dous casos, ademais, o volume de contratación tende a retroceder conforme avanza a partir desta idade.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Homes	942	948	945	862	835
Mulleres	496	440	475	495	482
TOTAL CONTRATOS	1.438	1.388	1.420	1.357	1.317

TÁBOA 22: Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 2000-2004.

O balance da contratación por sexos no período 2000-2004 foi negativo para os homes e para as mulleres. Con todo, a intensidade deste decrecemento no número de contratos foi maior no colectivo masculino (variación media negativa do -2,97%) que no feminino (variación media negativa do -0,71%). Por este motivo, tal e como veremos no gráfico que segue, o desequilibrio por xénero na contratación reduciuse lixeiramente ao longo do período.




GRÁFICO 8: Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 2000-2004. Valores proporcionais.

No ano 2001 a contratación masculinizouse, mentres que nos anos seguintes a diferenza entre homes e mulleres tendeu a reducirse. Dende 2003 o desequilibrio por xénero é menor que ao comezo do período. Así e todo, o resultado final non muda moito respecto ao inicial. En 2000, primeiro ano de referencia, a distancia entre homes e mulleres era de 31,02 puntos e cinco anos despois, en 2004, era de 26,8 puntos.

TÁBOA 23: Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Menor de 26 anos	498	441	446	414	416
De 26 a 35 anos	420	395	379	371	390
De 36 a 45 anos	243	251	288	293	244
De 46 a 55 anos	198	213	218	195	184
De 56 e máis anos	79	88	89	84	83
TOTAL CONTRATOS	1.438	1.388	1.420	1.357	1.317

Segundo a idade, a evolución do número de contratos no período 2000-2004 caracterízase polo importante decrecemento nos menores de 26 anos (variación media negativa do -4,40%). A contratación tamén diminuíu, aínda que en menor medida, nos grupos de 26 a 35 anos e de 46 a 55 anos (variacións medias negativas do -1,84% e do -1,82 respectivamente). Pola súa parte, nos tramos de 36 a 45 anos e de maiores de 55 anos permaneceu practicamente estable.

Atendendo ás variacións interanuais, a evolución dos diferentes grupos non se somete a pautas simples; neste sentido, por exemplo, non existe ningún ano no que a contratación aumentase ou diminuíse con carácter xeral nin tampouco existe ningún grupo que seguisse unha traxectoria evolutiva continua. Así as cousas, o que se observa é que todos os tramos de idades experimentaron fases expansivas e regresivas en diferentes momentos do período. As maiores diminucións aconteceron nos de 36 a 45 anos ao final do período (variación interanual 2003-2004 de -16,72%) e nos menores de 26 anos ao comezo do período (variación interanual 2000-2001 de -11,45%). Pola banda contraria, os maiores incrementos relativos tiveron lugar nos grupos de 36 a 45 anos (variación interanual 2001-2002 do 14,74%) e de maiores de 55 anos (variación interanual 2000-2001 do 11,39%).

5.4.3.- Contratación comarcal segundo os sectores económicos

TÁBOA 24: Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos. Ano 2004.

	N.º
SECTOR PRIMARIO	29
Agricultura e pesca	29
SECTOR SECUNDARIO	278
Industria e electricidade	278
SECTOR CONSTRUCCIÓN	263
Construción	263
SECTOR SERVIZOS	747
Comercio e hostalería	244
Transporte e comunicacións	77
Outros servizos	426
TOTAL CONTRATOS	1.317

Por sectores, o maior número de contratos en 2004 rexistrouse nos servizos –56,72% do total–. A unha distancia notable situáronse o sector secundario –21,11%– e o da construción –19,97%– en tanto que o primario tivo un nivel de contratación case marxinal, co 2,20%.

Dentro dos subsectores destaca o maior peso específico dos outros servizos, que representa o 32,35%.




GRÁFICO 9: Distribución porcentual da contratación na industria.

Entre as actividades industriais destaca a categoría das outras industrias –34% do volume de contratación neste subsector–. Séguenlle a considerable distancia o téxtil e confección e a fabricación de produtos minerais non metálicos, co 17% e 16% respectivamente.




GRÁFICO 10: Distribución porcentual da contratación nos servizos.

No sector servizos, máis da metade dos contratos –54%– gardan relación con tres tipos de actividades: comercio –19%–, administracións públicas –18%– e servizos á comunidade –17%–. O segundo grupo máis importante é o formado polas actividades inmobiliarias e de servizos a empresas –13%–, hostalería –12%– e transporte e comunicacións –10%–. O resto de actividades móvense en porcentaxes moi pequenas.

TÁBOA 25: Distribución da contratación comarcal segundo os sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2004.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
SECTOR PRIMARIO	18	11	4	10	7	6	X
Agricultura e pesca	18	11	4	10	7	6	X
SECTOR SECUNDARIO	166	112	80	83	57	45	13
Industria e electricidade	166	112	80	83	57	45	13
SECTOR CONSTRUCCIÓN	238	25	100	68	46	36	13
Construción	238	25	100	68	46	36	13
SECTOR SERVIZOS	413	334	232	229	134	97	55
Comercio e hostalería	100	144	106	72	38	23	5
Transporte e comunicacións	52	25	14	26	17	11	9
Outros servizos	261	165	112	131	79	63	41
TOTAL CONTRATOS	835	482	416	390	244	184	X

A contratación por sectores económicos amosa comportamentos variables en función do sexo. A maior parte dos contratos realizados aos homes proceden dos servizos –31,36% do total da contratación–, e despois da construción –18,07%–. No caso das mulleres, os contratos se concentran nos servizos –25,36% do total da contratación–; e no secundario, 8,5%.

Atendendo á distribución por idades e sectores económicos, o maior número de contratos realizáronselles aos menores de 26 anos no sector servizos, co 17,62% do total da contratación. Nunha proporción menor, aínda que moi próxima, sitúase o volume de contratos asinados polas persoas de 26 a 35 anos tamén nos servizos, que é do 17,39%.

En canto aos subsectores, primeiro cómpre subliñar que a maior parte dos contratos tiveron que ver cos outros servizos, tanto no caso dos homes como das mulleres. E, segundo, que a presenza no grupo de idade máis novo no comercio e hostalería é similar á que ten nos outros servizos, en tanto que nos intervalos posteriores predomina claramente o subsector dos outros servizos.

TÁBOA 26: Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	33	37	25	29	29
Agricultura e pesca	33	37	25	29	29
SECTOR SECUNDARIO	304	318	311	285	278
Industria e electricidade	304	318	311	285	278
S. CONSTRUCCIÓN	322	319	341	267	263
Construción	322	319	341	267	263
SECTOR SERVIZOS	779	714	743	776	747
Comercio e hostalería	250	229	258	246	244
Transporte e comunicacións	47	45	35	42	77
Outros servizos	482	440	450	488	426
TOTAL CONTRATOS	1.438	1.388	1.420	1.357	1.317

Entre 2000 e 2004 o volume de contratación comarcal rexistrou un descenso xeneralizado. O sector que experimentou o decrecemento máis intenso foi o da construción (variación media de -4,93%). No secundario e nos servizos as variacións medias situáronse no -2,21% e no -1,04% respectivamente.

A evolución no sector da construción foi irregular e vén marcada polo comportamento da contratación en 2003, ano no que diminuíu bruscamente nun 21,70%. No resto do período mantivérase case estable ou medrara de xeito moderado.

No sector secundario o número de contratos aumentou levemente en 2001 e seguiu unha tendencia regresiva en todos os anos posteriores. A contratación nos servizos decreceu nun 8,34% en 2001 e, en menor medida, en 2004; e incrementouse en pouco máis do 4% en cada un dos anos intermedios.

5.4.4.- Tipoloxía da contratación laboral




GRÁFICO 11: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2004.

O contrato característico da comarca de Terra de Celanova é o temporal. Dentro deste tipo, os realizados a tempo completo supuxeron o 65% do total da contratación e os asinados a tempo parcial o 16%. Pola súa parte, os contratos en prácticas/formación e os indefinidos, ben a tempo completo ou parcial, representan cada un o 7%.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	45	32	9	19	10	31	8
Indefinido tempo parcial	4	5	X	5	X	X	0
Temporal	590	284	241	270	181	115	67
Temporal tempo parcial	68	138	73	79	35	18	X
Prácticas/Formación	69	20	89	0	0	0	0
Outros	59	X	X	17	17	18	7
TOTAL CONTRATOS	835	X	X	390	X	X	X

TÁBOA 27: Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2004.

A contratación temporal a tempo completo predomina tanto no sexo masculino como no feminino e supón respectivamente o 44,80% e o 21,56% do volume de contratación total da comarca. O segundo tipo de contrato máis importante é o de prácticas/formación no caso dos homes (5,24% do total) e o temporal a tempo parcial no das mulleres (10,48% do total).

A contratación temporal a tempo completo é ademais a que ten un maior peso relativo en todos os grupos de idades. O seu valor máximo acádase no intervalo de 26 a 35 anos (20,50% do total de contratos) e, en segundo lugar, no de menores de 26 anos (18,30%).

En canto á contratación temporal a tempo parcial, moito menos frecuente, o dato máis destacable é que cerca das tres cuartas partes dela se concentra

nos menores de 36 anos. Este tipo de contrato realizado aos menores de 36 anos representa respecto ao volume total de contratación o 11,54%.

Por último, os contratos indefinidos repártense en proporcións pequenas por todos os grupos de idades, en tanto que os de prácticas/formación reúnen na súa totalidade nos menores de 26 anos e supoñen o 6,76% do total.

TÁBOA 28: Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2004.

	PRIMARIO Agr., Gand.	SECUNDARIO Industr. e Electric.	CONSTRUCCIÓN Construc.	Comerc.	SERVIZOS Transp.	Outros	Total
Indefinido	X	28	6	30	5	5	40
Indefinido tempo parcial	X	0	0	4	X	X	8
Temporal	21	190	208	114	68	273	455
Temporal tempo parcial	4	35	14	73	X	77	153
Prácticas/Formación	0	25	35	23	0	6	29
Outros	0	0	0	0	0	62	62
TOTAL CONTRATOS	29	278	263	244	77	X	747

Os contratos temporais a tempo completo tamén predominan en todos os sectores económicos. A contratación deste tipo realizada nos servizos é a de maior peso relativo da comarca e representa ao 34,55% do total de contratos. Dentro deste sector destaca a categoría de outros servizos –20,73% do total en contratos temporais a tempo completo–. Pola súa parte, na construción e no sector secundario, os contratos temporais a tempo completo representan respectivamente o 15,79% e o 14,43% do total.

A maioría dos contratos indefinidos, case todos a tempo completo, asináronse no sector secundario e no subsector do comercio e hostalería. Os temporais a tempo parcial nos subsectores outros servizos e comercio e hostalería. E os contratos en prácticas/formación asináronse principalmente no sector da construción, no secundario e no subsector do comercio e hostalería.

TÁBOA 29: Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Indefinido	81	79	61	73	77
Indefinido tempo parcial	16	9	17	13	9
Temporal	975	916	915	840	874
Temporal tempo parcial	200	204	166	191	206
Prácticas/Formación	89	107	187	161	89
Outros	77	73	74	79	62
TOTAL CONTRATOS	1.438	1.388	1.420	1.357	1.317

No período 2000-2004 a contratación en prácticas/formación e a temporal a tempo parcial permaneceu estable. Pola súa parte, os contratos indefinidos, os temporais a tempo completo e os encadrados na categoría de outros diminuíron.

No caso da contratación temporal a tempo completo, a máis relevante en números absolutos, o ritmo de decrecemento correspondeuse cunha variación media negativa do -2,70%. A evolución do número deste tipo de contratos foi irregular. En 2001 e 2003, a contratación diminuíu nun -6,05% e nun -8,20% respectivamente, en 2002 permaneceu estable, e en 2004 aumentou nun 4,05%.

5.4.5.- Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

	CONTRATOS Nº	V. MEDIA 00-04
1. Dirección de empresas e administracións públicas	X	25,74
HOMES	X	10,67
MULLERES	X	
2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais	118	3,21
HOMES	82	7,24
MULLERES	36	-3,78
3. Técnicos e profesionais de apoio	42	-1,71
HOMES	24	-7,65
MULLERES	18	10,67
4. Empregados de tipo administrativo	136	11,50
HOMES	44	11,96
MULLERES	92	11,28
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	293	8,68
HOMES	130	15,92
MULLERES	163	4,25
6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca	27	-22,02
HOMES	21	-17,80
MULLERES	6	-31,34
7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufacturera, construción e minería	295	-6,80
HOMES	256	-5,13
MULLERES	39	-15,08
8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	137	-9,14
HOMES	99	-10,16
MULLERES	38	-6,16
9. Traballadores non cualificados	264	-4,99
HOMES	176	-6,57
MULLERES	88	-1,37
TOTAL CONTRATOS	1.317	-2,17
TOTAL HOMES	835	-2,97
TOTAL MULLERES	482	-0,71

TÁBOA 30: Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2004.

A contratación en 2004 concéntrase en gran medida –75,1%– nos seguintes catro grandes grupos:

- Artesáns/traballadores cualificados da industria manufacturera, construción e minería: 22,40%.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio: 22,25%.
- Traballadores non cualificados: 20,05%.
- Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores: 10,40%.

Os principais grupos de ocupacións por sexo en 2004 son os que se expoñen no seguinte cadro:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
• Artesáns/traballadores cualificados da industria manufacturera, construción e minería: 19,44%. • Traballadores non cualificados: 13,36%. • Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio: 9,87%.	• Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio: 12,38%. • Empregadas de tipo administrativo: 6,99%. • Traballadoras non cualificadas: 6,68%.

En todos os grupos, o volume de contratación masculina é maior que a feminina agás nas dúas seguintes:

- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio: 12,38% fronte ao 9,87%.
- Empregados de tipo administrativo: 6,99% fronte ao 3,34%.

5.4.6.- Ocupacións máis contratadas

TÁBOA 31: As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2004.

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL	HOMES	MULLERES	RATIO MASCUL. ¹
71100016	Albanel	89	89	0	100,00
52300046	Traballador retén incendios forestais	74	66	8	89,19
50200018	Camareiro, en xeral	74	26	48	35,14
25130104	Músico instrumentista, en xeral	65	61	4	93,85
42100010	Empregado administrativo, en xeral	54	9	45	16,67
41020023	Clasificador-repartidor correspondencia	44	21	23	47,73
96020014	Peón da construción de edificios	X	42	X	97,67
86300016	Condutor de camión, en xeral	41	40	X	97,56
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	X	X	39	2,50
71300018	Carpinteiro, en xeral	39	37	2	94,87
TOTAL		563	X	171	69,63

(1) Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100

As ocupacións máis contratadas da comarca en 2004 foron, por esta orde, as de albanel, traballador retén incendios forestais e camareiro. As dez ocupacións máis contratadas representan no seu conxunto o 42,09% do total da contratación comarcal.

As mulleres son contratadas en gran medida como muller/mozo de limpeza, limpador e como empregada administrativa, ocupacións cun ratio de masculinidade do 2,50% e do 16,67% respectivamente. Pola contra, existe unha longa serie de ocupacións totalmente masculinizadas ou de moi alta presenza de homes. En concreto, na de albanel o ratio de masculinidade é do 100%, e nas de peón da construción de edificios, condutor de camión, carpinteiro, músico instrumentista e traballador retén de incendios forestais, este ratio é moi próximo ou supera amplamente o 90%.

TÁBOA 32: Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 2000 e 2004.

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	Nº CONTRATOS				
		2000	2001	2002	2003	2004
71100016	Albanel	123	156	163	155	89
50200018	Camareiro, en xeral	68	64	80	72	74
52300046	Traballador retén incendios forestais	7	30	67	59	74
25130104	Músico instrumentista, en xeral	43	37	61	75	65
42100010	Empregado administrativo, en xeral	65	45	50	49	54
41020023	Clasificador-repartidor correspondencia	0	0	0	0	44
96020014	Peón da construción de edificios	49	49	74	42	43
86300016	Condutor de camión, en xeral	67	60	59	66	41
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	22	28	28	24	40
71300018	Carpinteiro, en xeral	45	34	40	35	39
53300010	Dependente de comercio, en xeral	33	23	31	48	36
96010011	Peón de obras públicas, en xeral	105	40	58	51	25
83630013	Operador de máquina ind. de coser e bordar, en xeral	28	58	25	13	25
79360014	Cosedor á man / máquina doméstica, en xeral	42	26	47	79	22
81410028	Operador de serradoiros, en xeral	65	29	25	18	21
60220121	Traballador conserv. parques, xardíns hist.	37	36	8	X	10

A evolución das dez ocupacións máis contratadas no período 2000-2004 móstranos tendencias moi variadas. A ocupación de traballador retén incendios forestais foi a que máis medrou ao longo destes anos (variación media do 80,32%). En sentido contrario, a ocupación de peón de obras públicas foi a que máis decreceu (variación media de -30,15%).

A ocupación de albanel, a de maior peso relativo en todos os anos de referencia, mantívose en valores elevados ata 2004, ano en que experimenta un forte retroceso. Como resultado final, a variación media neste tipo de ocupación foi de -7,77%. Por outra banda, destaca tamén a emerxencia con forza da ocupación de clasificador-repartidor de correspondencia en 2004.

En 2004 desapareceron da lista das dez máis contratadas as ocupacións de dependente de comercio, peón de obras públicas, operador de máquina industrial de coser e bordar, cosedor á man/máquina doméstica, operador de serra-doiros e traballador na conservación de parques e xardíns.

5.5.- FORMACIÓN PROFESIONAL OCUPACIONAL

TÁBOA 33: Número de alumnos e cursos de formación profesional ocupacional por familia profesional. Ano 2004.

FAMILIA PROFESIONAL	ALUMNOS		CURSOS	
	Nº	% comarca/provincia	Nº	% comarca/provincia
Comercio	15	3,70	1	3,85
Servizos á comunidade e persoais	16	2,56	1	2,86
TOTAL	31	0,50	2	0,52

Na comarca de Terra de Celanova realizáronse unicamente dous cursos de formación ocupacional sen compromiso de contratación que contaron cun total de trinta e un alumnos. En comparación cos datos da provincia, estas cifras supoñen unhas porcentaxes moi baixas, o 0,50% dos alumnos e o 0,52% dos cursos. A formación impartida vinculouse ás familias profesionais do comercio e servizos á comunidade e persoais.

5.6.- CONCLUSIONES

- A maioría das empresas da comarca de Terra de Celanova desenvolven a súa actividade nos servizos, principalmente en comercio e hostalería, e dúas de cada cinco no sector secundario ou na construción. No sector servizos desenvolven tamén a súa actividade a maior parte dos traballadores por conta allea e a maioría dos autónomos. Destaca ademais a elevada porcentaxe de asalariados no sector primario –un de cada catro–, por riba dos que traballan no sector secundario e no da construción.
- No período 2000-2004 aumentaron o número de empresas, asalariados e autónomos, sobre todo estes últimos. A expansión empresarial e laboral da comarca aconteceu en todos os sectores económicos menos no primario, no que decreceron as empresas e os traballadores por conta propia.
- A maioría das demandas de emprego proceden dos concellos de Celanova, Cartelle e Padrenda. Do mesmo xeito que na provincia, aproximadamente seis de cada dez demandantes da comarca son parados, e entre estes destacan polo seu moi elevado peso relativo os que tiñan un emprego anterior. Na comarca, sexan parados ou non parados, trátase principalmente de mulleres e de persoas maiores de 55 anos. Na provincia, o colectivo feminino tamén reúne á maioría dos demandantes; no entanto, por idades, predomina o grupo de 26 a 35 anos.
- O nivel académico dos demandantes é moi baixo. Pouco máis das tres cuartas partes posúen como máximo estudos obrigatorios e entre estes a maioría só teñen ata o certificado de escolaridade. A diferenza da provincia, na que existe un equilibrio proporcional entre os demandantes parados de menos de seis meses e os de máis dun ano, o tempo de busca de emprego dos parados da comarca é na maioría dos casos superior a un ano. Os demandantes, por último, proceden principalmente do sector servizos.
- As ofertas de traballo non chegaron ás setecentas e tiveron lugar nunha elevadísima proporción no concello de Celanova. No período 2000-2004 diminuíron notablemente; esta regresión, ademais, aconteceu en todos os sectores agás no da construción. A tendencia na provincia tamén foi regresiva, aínda que a intensidade do decrecemento foi menor.
- Maioritariamente os traballos ofertados na comarca procederon dos servizos –sesenta e tres de cada cen– e, en segundo lugar, da construción. Na provincia a porcentaxe de ofertas laborais procedentes dos servizos é aínda maior –setenta e un de cada cen–, cobrando menor presenza neste ámbito os outros sectores.
- Unha de cada dez ofertas da comarca especificaron un determinado sexo para poder ocupar un posto de traballo. O nivel académico tamén constituíu un requisito en nove de cada dez ofertas. Na ampla maioría dos casos a cualificación solicitada unicamente foi o certificado de escolaridade.
- As ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores foron as de administrativo e soldador, e nas oficinas de emprego as de traballador retén incendios forestais e albanel.
- Asináronse 1.317 contratos, a maior parte no concello de Celanova. A contratación comarcal diminuíu sensiblemente no transcurso do período 2000-2004, en tanto que na provincia aconteceu o contrario.
- Os contratos da comarca, asinados maioritariamente por homes, mostran un desequilibrio por xénero máis acusado que na provincia. No período 2000-2004, a contratación masculina decreceu en maior medida que a feminina, motivo polo que o desequilibrio por sexos se reduciu lixeiramente ao longo destes anos. Por idades, a maior parte dos contratos foron realizados a menores de 26 anos. Por sectores, máis da metade relacionáronse cos servizos, e dous de cada cinco co secundario ou a construción.

- Os contratos máis frecuentes son os temporais, e dentro destes os realizados a tempo completo. O predomínio da contratación temporal a tempo completo dáse en ambos os sexos, en todos os grupos de idades e en todos os sectores económicos. Atendendo á evolución da tipoloxía contractual no período 2000-2004, os de prácticas/formación e os temporais a tempo parcial permaneceron estables, en tanto que os indefinidos e os temporais a tempo completo decreceron.
- Respecto aos grandes grupos de ocupación, os contratos concentráronse nos artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería e nos traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio. A ocupación máis contratada foi a de albanel e despois a de traballador retén incendios forestais e a de camareiro.
- Unicamente se celebraron dous cursos de formación ocupacional sen compromiso de contratación que contaron cun total de trinta e un alumnos. A formación impartida correspondeuse coas familias profesionais do comercio e servizos á comunidade e persoais.



Comarca de Terra de Trives



5.1.- TECIDO EMPRESARIAL

5.1.1.- Tecido empresarial comarcal. Situación actual

SECTORES	EMPRESAS		TRABALLADORES		AUTÓNOMOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
SECTOR PRIMARIO	7	6,19	237	34,35	10	4,61
Agricultura e pesca	7	6,19	237	34,35	10	4,61
SECTOR SECUNDARIO	15	13,27	120	17,39	18	8,29
Industria e electricidade	15	13,27	120	17,39	18	8,29
SECTOR CONSTRUCCIÓN	15	13,27	55	7,97	33	15,21
Construcción	15	13,27	55	7,97	33	15,21
SECTOR SERVICIOS	76	67,26	278	40,29	156	71,89
Comercio e hostalería	35	30,97	98	14,20	109	50,23
Transporte e comunicacións	7	6,19	19	2,75	18	8,29
Outros servizos	34	30,09	161	23,33	29	13,36
TOTAL	113	100,00	690	100,00	217	100,00

TÁBOA 1: Número de empresas, traballadores e autónomos.

No ano 2004, no tecido empresarial da comarca de Terra de Trives destaca o sector servizos, tanto no referido ao número empresas como a de traballadores por conta allea e autónomos.

O 67,26% das empresas sitúanse no sector dos servizos, seguido a considerable distancia polo da construción e do secundario, que agrupan cada un deles o 13,27%. No referente aos subsectores, cómpre sinalar que o 61,06% das empresas da comarca se encadran nos de comercio e hostalería e outros servizos.

Do mesmo xeito que no caso das empresas, os traballadores por conta allea agrúpanse en maior medida no sector servizos, que representa o 40,29% do total. A continuación en nivel de importancia atópase o sector primario, co 34,35%, e o secundario, co 17,39%. Nos servizos teñen maior presenza os subsectores de outros servizos, co 23,33%, e comercio e hostalería, co 14,2%.

Os traballadores autónomos distribúense de novo de forma maioritaria dentro dos servizos, onde se rexistran algo máis de sete de cada dez, en concreto o 71,89%. No sector da construción sitúase o 15,21% e no secundario o 8,29%. No ámbito subsectorial, cómpre sinalar que o 50,23% dos autónomos desenvolven a súa actividade no de comercio e hostalería.

5.1.2.- Evolución anual

TÁBOA 2: Evolución do número de empresas.
Período 2000-2004.

	EMPRESAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	10	13	10	2	7
Agricultura e pesca	10	13	10	2	7
SECTOR SECUNDARIO	14	15	17	16	15
Industria e electricidade	14	15	17	16	15
SECTOR CONSTRUCCIÓN	16	19	18	19	15
Construción	16	19	18	19	15
SECTOR SERVICIOS	69	74	77	83	76
Comercio e hostalería	33	37	35	35	35
Transporte e comunicacións	7	6	7	9	7
Outros servizos	29	31	35	39	34
TOTAL	109	121	122	120	113

Na evolución do número de empresas da comarca de Terra de Trives no período comprendido entre os anos 2000 e 2004 obsérvase unha tendencia á estabilidade, concretada pola variación media do 0,91%. Así, en termos absolutos, durante o quinquenio hai un aumento de catro empresas rexistradas na comarca.

A evolución do número de empresas presenta importantes diferenzas por sectores. Deste xeito, no sector primario e no da construción rexístrase unha diminución.

No sector secundario só hai unha empresa a maiores a final do período. Por último, o sector dos servizos rexistra o maior incremento, cunha variación media do 2,45%. Neste sector, o aumento é constante ata o intervalo 2003-2004, cando as empresas descenden, acadando unha variación interanual negativa de -8,43%.

TÁBOA 3: Evolución do número de traballadores.
Período 2000-2004.

	TRABALLADORES				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	216	238	222	235	237
Agricultura e pesca	216	238	222	235	237
SECTOR SECUNDARIO	106	128	117	116	120
Industria e electricidade	106	128	117	116	120
SECTOR CONSTRUCCIÓN	67	68	66	55	55
Construción	67	68	66	55	55
SECTOR SERVICIOS	233	271	245	264	278
Comercio e hostalería	136	160	144	158	161
Transporte e comunicacións	19	17	18	20	19
Outros servizos	78	94	83	86	98
TOTAL	622	705	650	670	690

Na comarca de Terra de Trives, entre os anos 2000 e 2004, a evolución dos traballadores por conta allea presenta unha tendencia positiva, cunha variación media do 2,63%. Ao longo destes cinco anos, o maior crecemento dáse

entre os anos 2000 e 2001, cunha variación interanual do 13,34%. No intervalo seguinte os traballadores redúcense, aumentando a continuación nos dous tramos restantes.

O sector da construción é o único que sofre un retroceso neste quinquenio, obtendo unha variación media negativa de -4,81%. Neste caso, os traballadores descenden nos dous intervalos intermedios do período, aumentando no inicial e manténdose estable no final.

Nos sectores primario e secundario, os traballadores ven incrementados os seus efectivos nestes cinco anos, acadando variacións medias do 2,35% e do 3,15% respectivamente. En ambos os casos, a maior subida rexístrase entre os anos 2000 e 2001, con variacións interanuais do 10,19% e do 20,75% respectivamente; pola contra, tamén en ambos se reducen os traballadores no intervalo 2001-2002, tendo que engadir o 2002-2003 no sector secundario.

O sector servizos é o que presenta un maior crecemento en termos absolutos, cunha variación media do 4,51%. Do mesmo xeito que sucedía nos dous anteriores, o maior incremento dos traballadores dáse entre os anos 2000-2001, o 16,31%, ao mesmo tempo que decrecen entre o 2001 e o 2002, cunha variación interanual negativa do -9,59%, aumentando nos restantes anos. No ámbito subsectorial é de resaltar que o subsector de comercio e hostalería e outros servizos presentan unha tendencia similar ao do sector, cunha variación media de 4,51% e 5,87%, respectivamente.

	AUTÓNOMOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	X	7	7	9	10
Agricultura e pesca	X	7	7	9	10
SECTOR SECUNDARIO	11	14	15	17	18
Industria e electricidade	11	14	15	17	18
SECTOR CONSTRUCCIÓN	25	30	31	34	33
Construción	25	30	31	34	33
SECTOR SERVICIOS	116	135	142	149	156
Comercio e hostalería	83	92	100	101	109
Transporte e comunicacións	11	16	17	19	18
Outros servizos	22	27	25	29	29
TOTAL	X	186	195	209	217

TÁBOA 4: Evolución do número de autónomos. Período 2000-2004.

Na evolución dos traballadores autónomos da comarca obsérvase unha clara tendencia ao crecemento no período analizado. Deste xeito, de forma global, a variación media obtida é do 8,78%, rexistrada tras unha subida constante no transcurso destes cinco anos, sobre todo no intervalo 2000-2001, cunha variación interanual do 20%.

Esta mesma pauta expansiva é seguida por todos os sectores da actividade económica, sendo destacable que a única variación interanual negativa que se rexistra ao longo do período é a do intervalo 2003-2004 no sector da construción. Así, o sector primario presenta unha variación media do 35,12%, o secundario do 13,1% e o da construción do 7,19%.

Nos servizos, o sector máis representativo, é onde se aprecia un maior incremento dos traballadores autónomos, cunha variación media final do 7,69%. A evolución dos subsectores é moi semellante á do conxunto do sector, obtendo o de comercio e hostalería unha variación media do 7,05%, e o de outros servizos do 7,15%.

5.2.- DEMANDAS

5.2.1.- Demandantes galegos por concello

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
A Pobra de Trives	139	74	213
Chandrexa de Queixa	28	6	34
Manzaneda	57	17	74
San Xoán de Río	30	6	36
TOTAL	254	103	357

TÁBOA 5: Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.

% comarca/provincia – PARADOS	1,39
% comarca/provincia - NON PARADOS	1,02

Na comarca de Terra de Trives recibíronse no ano 2004 un total de 357 demandas de emprego, procedentes na súa maioría dos demandantes parados, que superan aos non parados en todos os concellos, e representan o 71,15% das demandas comarcais.

A maioría dos demandantes agrúpanse no concello da Pobra de Trives, que engloba o 59,66%. A considerable distancia sitúase Manzaneda, onde se concentran o 20,73%, seguida de San Xoán de Río e Chandrexa de Queixa, co 10,08% e co 9,52% das demandas comarcais.

En relación coa provincia, o peso dos demandantes parados é lixeiramente superior ao dos non parados, que representan respectivamente o 1,39% e o 1,02% das demandas provinciais.

5.2.2.- Demandantes parados. Evolución

	2000	2001	2002	2003	2004
Parados comarca	243	223	251	258	254
Variación interanual %	-	-8,23	12,56	2,79	-1,55
COMARCA/TOTAL PROVINCIA	1,38	1,33	1,38	1,40	1,39

TÁBOA 6: Evolución dos demandantes parados.

Observando a evolución dos demandantes parados da comarca, denótase unha leve tendencia ao crecemento no transcurso destes cinco anos. Tal e como se manifesta na táboa anterior, as demandas de emprego descenden nos anos 2001 e 2004, ao mesmo tempo que aumentan no 2002 e no 2003.

En canto ao peso relativo dos demandantes parados da comarca con respecto á provincia, é importante sinalar que ao remate do período se produce un peso case idéntico ao do inicio.

5.2.3.- Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

TÁBOA 7: Situación laboral dos demandantes.

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	27	7,56	9,95
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	227	63,59	54,54
NON PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	10	2,80	4,96
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	46	12,89	15,09
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	16	4,48	4,80
	En expediente de regulación de emprego	X	0,84	0,32
	Demandantes de mellora de emprego	24	6,72	7,02
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	4	1,12	2,93
	Resto de demandantes	0	0,00	0,39
	TOTAL	X	100,00	100,00

No referido á situación laboral dos demandantes de emprego, o primeiro dato salientable é que algo máis de seis de cada dez, o 63,59%, son parados que tiveron emprego anteriormente. Dada a grande importancia deste colectivo, os restantes sitúanse a unha considerable distancia; están encabezados polos non parados con emprego anterior, que supoñen o 12,89% do total, seguidos dos parados sen emprego anterior, o 7,56%.

En relación coa provincia de Ourense, a diferenza máis significativa é a redución en 9,05 puntos dos parados con emprego anterior a escala provincial, sendo os pesos porcentuais dos colectivos restantes moi semellantes en ambos os territorios.

5.2.4.- Demandantes de emprego por sexo e idade

TÁBOA 8.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	17	11	11,02	13,49
26 a 35 anos	20	18	14,96	24,76
36 a 45 anos	37	27	25,20	21,60
46 a 55 anos	48	21	27,17	20,69
56 e máis anos	42	13	21,65	19,46
TOTAL COMARCA	164	90	100,00	1,39
TOTAL PROVINCIA	7.574	10.747	1,39	100,00

A maioría dos demandantes parados da comarca de Terra de Trives son homes, que representan o 64,57% do total. No conxunto da provincia dáse unha situación oposta, dado que as mulleres formulan a maioría de demandas, en concreto o 58,66%.

No referido á idade, sen distinción de xénero, case tres cuartas partes dos parados, o 74,02%, están por encima dos 35 anos. Analizando os grupos de idade de forma individual, o máis numeroso é o de entre 46 e 55 anos, o 27,17%, seguido polo de entre 36 e 45 anos, o 25,2%.

Tendo en conta os intervalos de idade segundo o xénero, obsérvase que a maior porcentaxe de parados correspóndese nos homes de entre 46 e 55 anos, o 18,9% do total de demandantes parados, seguidos polos de entre 36 e 45 anos, 14,57%. Nas mulleres, o colectivo máis numeroso é o de entre 36 e 45 anos, 10,63%, seguido polo de entre 46 e 55 anos, 8,27%.

Con respecto á provincia de Ourense, a distribución segundo a idade presenta certas diferenzas, o 40,15% dos demandantes non parados teñen máis de 45 anos fronte ao 48,82% da comarca.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	4	13	16,50	19,89
26 a 35 anos	6	15	20,39	24,48
36 a 45 anos	8	16	23,30	19,75
46 a 55 anos	11	14	24,27	17,93
56 e máis anos	9	7	15,53	17,94
TOTAL COMARCA	38	65	100,00	1,02
TOTAL PROVINCIA	3.706	6.383	1,02	100,00

TÁBOA 8.2: Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.

No caso dos demandantes non parados, predomina o colectivo feminino, que representa o 63,11% dos demandantes comarcais, situación case idéntica á do conxunto provincial, onde o peso das mulleres é do 63,27%.

No que se refire á idade, obsérvase que o 63,1% dos demandantes non parados concéntranse nos intervalos de maiores de 35 anos. Tendo en conta a totalidade de demandantes, o grupo cun maior peso relativo é o de 46 a 55 anos, que achega á mostra o 24,27% do total. A continuación sitúanse os demandantes non parados de entre 36 e 45 anos, o 23,3%.

No cruzamento de idade segundo o xénero, o tramo máis significativo nos demandantes non parados masculinos correspóndese cos que teñen entre 46 e 55 anos, o 10,68% do total, seguidos dos que teñen entre 36 e 45 anos, o 7,77%. Nas mulleres, as máis representativas son as de entre 36 e 45 anos, o 15,53%, situándose a continuación as de entre 26 e 35 anos, o 14,56%.

En relación coa provincia de Ourense, a diferenza máis importante xorde entre os demandantes non parados con idades comprendidas entre os 46 e os 55 anos, que diminúen en 6,34 puntos a escala provincial.




GRÁFICO 1: Distribución porcentual do total de demandantes por sexo e grupos de idade.

Tras analizar por separado os colectivos de demandantes parados e non parados, represéntase no gráfico anterior a distribución porcentual do total de demandantes comarcais segundo o sexo e grupos de idade. Cómpre destacar, en primeiro lugar, que o grupo de idade que lle achega un maior peso ao conxunto é o de entre 46 e 55 anos, que supón o 26,33% do total das demandas. A continuación en nivel de importancia sitúase o de entre 36 e 45 anos, que representa o 24,65%. Cabe sinalar nesta comarca que o tramo de idade menos significativo é o que engloba os demandantes máis novos, os menores de 26 anos, que representan tan só o 12,61% dos demandantes de emprego.

Destaca que nos grupos de idade menores de 36 anos as demandas femininas superan ás masculinas, mentres que nos maiores desta idade, os homes son máis numerosos que as mulleres.

5.2.5.- Demandantes por nivel académico

TÁBOA 9: Distribución dos demandantes parados e non parados por nivel académico.

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Ata certificado de escolaridade*	131	37	168
Titulación de ensinanza obrigatoria	79	30	109
Formación profesional	23	10	33
BUP/Bacharelato superior/COU	11	15	26
Titulados universitarios	4	7	11
Outras titulacións	6	4	10
TOTAL	254	103	357

* Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade

Segundo a distribución total de demandantes por nivel académico, pódese observar que a maioría deles, o 77,59%, tan só teñen o certificado de escolaridade ou a titulación de ensinanza obrigatoria. Os primeiros supoñen o 47,06% dos demandantes totais e o segundo colectivo representa o 30,53% da mostra. A continuación sitúanse os que teñen formación profesional, o 9,24%, e estudos de bacharelato, o 7,28%.

Analizando de forma individual a distribución relativa dos demandantes parados e non parados, apréciase que en ambos os dous colectivos o grupo máis significativo é o dos que teñen ata certificado de escolaridade, que supoñen o 51,57% entre os parados, e o 35,92% entre os non parados. En segundo lugar sitúanse tamén en ambos os colectivos os que acadaron o certificado de escolaridade, que neste caso amosan cifras máis similares, do 31,1% entre os parados e do 29,13% entre os non parados. A maior diferenza entre ambos os grupos de demandantes dáse entre os que teñen estudos de bacharelato, que representan o 4,33% no grupo de parados e o 14,56% no dos non parados.

5.2.6.- Demandantes parados por tempo de busca de emprego

		Menos de 6 meses	De 6 meses a 1 ano	Máis de 1 ano	TOTAL
Menor de 26 anos	Homes	16	X	0	17
	Mulleres	7	X	X	11
26 a 35 anos	Homes	13	X	6	20
	Mulleres	14	X	X	18
36 a 45 anos	Homes	24	6	7	37
	Mulleres	12	X	12	27
46 a 55 anos	Homes	25	X	20	48
	Mulleres	10	X	9	21
Máis de 55 anos	Homes	11	X	29	42
	Mulleres	5	X	7	13
TOTAL COMARCA		137	21	96	254
TOTAL PROVINCIA		7.871	2.533	7.917	18.321

TÁBOA 10: Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

Na comarca de Terra de Trives, algo máis da metade dos demandantes parados levan menos de seis meses buscando traballo, en concreto o 53,94%. A continuación en nivel de importancia sitúanse os que levan na procura dun emprego máis dun ano, que supoñen o 37,8% do total.

Na provincia de Ourense, ao contrario que na comarca, o colectivo con maior significatividade é o daqueles que levan buscando emprego máis dun ano, que representa o 43,21% do total, seguido moi de cerca polo daqueles que levan buscando menos de seis meses, co 42,96%.

Facendo unha análise máis pormenorizada segundo o sexo, dedúcese que os demandantes parados tanto do colectivo masculino como feminino tenden ao paro de menos de seis meses ata os 55 anos, momento en que esta circunstancia cambia en ambos os sexos cara ao paro de longa duración.

Tanto entre os demandantes parados de menos de seis meses como nos de longa duración, a presenza porcentual masculina é superior á feminina.

5.2.7.- Demandantes por sectores económicos de procedencia


	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Sector primario	6	X	9
Sector secundario	49	17	66
Construción	48	14	62
Sector servizos	124	57	181
Sen actividade previa	27	12	39
TOTAL	254	X	X

TÁBOA 11: Demandantes por actividade económica.

Atendendo á actividade económica de procedencia, o 50,7% dos demandantes chegan dos servizos. A considerable distancia sitúanse os pertencentes ao sector secundario, o 18,49%, e os que veñen do da construción, o 17,37%.


Tendo en conta os dous ámbitos de forma separada, a porcentaxe dos demandantes parados derivados dos servizos é do 48,82%, fronte ao 55,34% que representan os non parados. Deseguido sitúanse tamén en ambos os colectivos os que proveñen do sector secundario, representando nos parados o 19,29% e nos non parados o 16,5%.

GRÁFICO 2: Demandantes parados na industria.



Dentro da industria, algo máis de seis de cada dez demandantes proceden das actividades de têxtil e confección e outras industrias.

GRÁFICO 3: Demandantes parados nos servizos.



As actividades de sanidade e servizos sociais e administracións públicas representan o 43% dos demandantes parados nos servizos en Terra de Trives. A continuación en nivel de importancia sitúanse as de actividades inmobiliarias e servizos a empresas, o 14%, e comercio, o 11%.

5.2.8.- As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

TÁBOA 12: Ocupacións máis demandadas.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Peón da construción de edificios	55	15,41	3,82
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	34	9,52	9,48
Empregado administrativo, en xeral	28	7,84	8,36
Peón da ind. manufacturera, en xeral	22	6,16	4,58
Albanel	17	4,76	2,46
Camareiro, en xeral	12	3,36	2,88
Dependente de comercio, en xeral	10	2,80	8,24
Técnico administrativo, en xeral	10	2,80	0,76
Condutor de camión, en xeral	8	2,24	1,08
Instalador electricista, en xeral	6	1,68	0,44

5.2.9.- Perfil tipo dos demandantes de emprego

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parado con emprego anterior	Parado con emprego anterior
Sexo	Home	Muller
Grupo idade	De 46 a 55 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Ata certificado de escolaridade	Ata certificado de escolaridade
Duración demanda	Menos de seis meses	Máis de 1 ano
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	Peón da construción de edificios	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral

TÁBOA 13: Perfil máis representativo.

5.3.- OFERTAS

5.3.1.- Ofertas no servizo público de emprego galego 2004. Evolución

TÁBOA 14: Número de ofertas por concellos.

	TOTAL OFERTAS
A Pobra de Trives	117
Chandrexa de Queixa	0
Manzaneda	5
San Xoán de Río	0
TOTAL COMARCA	122

TOTAL OFERTAS PROVINCIA:	11.122
COMARCA/PROVINCIA:	1,10

Na comarca de Terra de Trives xestionáronse no ano 2004 un total de 122 ofertas de emprego, que representan o 1,1% das realizadas na provincia de Ourense.

Estas ofertas agrúpanse case na súa totalidade no concello da Pobra de Trives, que engloba ao 95,9% do total. O concello de Manzaneda recibe o 4,1% restante, quedando os de Chandrexa de Queixa e San Xoán de Río sen rexistrar ningunha oferta de emprego no ano 2004.

TÁBOA 15: Evolución das ofertas. Período 2000-2004.

	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
A Pobra de Trives	141	133	87	126	117
Chandrexa de Queixa	0	0	0	0	0
Manzaneda	49	10	12	8	5
San Xoán de Río	2	0	0	1	0
TOTAL COMARCA	192	143	99	135	122
TOTAL PROVINCIA	12.969	11.664	10.871	11.116	11.122

A evolución das ofertas na comarca no período 2000-2004 vén marcada polo decrecemento, acadando unha variación media negativa de -10,72%. Tanto no conxunto dos concellos en xeral como na Pobra de Trives en particular, as ofertas de emprego diminúen en todos os intervalos do período, excepto no 2002-2003, no que experimentan unha subida.

As variacións medias finais para os dous concellos que rexistran ofertas no ano 2004 son de -4,56% para o da Pobra de Trives e de -43,48% para o de Manzaneda.

A diferenza da comarca, na provincia decrece o número de ofertas entre 2000 e 2002, para aumentar nos seguintes anos; finalmente a súa redución é algo menor en termos relativos, cunha variación media de -3,77%.

Pódese observar como o maior decrecemento en Pobra de Trives dáse no ano 2002, rexistrando posteriormente unha recuperación e, de novo, un decrecemento. Mentres que en Manzaneda as ofertas redúcense fortemente no ano 2001, mantendo unha tendencia á baixa a partir de 2002.

5.3.2.- Ofertas segundo os sectores de actividade económica

	PRIMARIO	SECUNDARIO	CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS
A Pobra de Trives	0	11	2	104
Manzaneda	4	0	0	1
TOTAL COMARCA	4	11	2	105
TOTAL PROVINCIA	150	953	2.083	7.935

TÁBOA 16: Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos.

Segundo a distribución de ofertas por concellos, é salientable que no sector primario tan só se rexistran ofertas en Manzaneda, mentres que no secundario e da construción o único que recibe ofertas é A Pobra de Trives. No sector dos servizos case todas derivan da Pobra de Trives.





GRÁFICO 4: Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.

Case nove de cada dez ofertas de emprego da comarca de Terra de Trives se concentran dentro dos servizos, o 86%. Do sector secundario proceden o 9%, e do primario e da construción, o 3% e o 2% respectivamente.

A metade das oito ofertas de emprego rexistradas no marco da industria pertencen á actividade de outras industrias. As ofertas restantes repártense de forma equitativa entre a metalurxia e fabricación de produtos metálicos e o téxtil e confección.

GRÁFICO 5: Distribución porcentual das ofertas nos servizos.



Dentro dos servizos, o 52% das ofertas proveñen da sanidade e servizos sociais, seguidas das administracións públicas, que representan o 28% do total.

TÁBOA 17: Evolución das ofertas por sectores económicos.

	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Primario	0	0	0	1	4
Secundario	31	29	19	20	11
Construción	34	11	14	4	2
Servizos	127	103	66	110	105
TOTAL COMARCA	192	143	99	135	122
TOTAL PROVINCIA	12.969	11.664	10.871	11.116	11.122

No período comprendido entre os anos 2000 e 2004, tanto no sector da construción como no de servizos redúcense as ofertas de emprego, con variacións medias negativas de -50,75% e de -4,64% respectivamente. No caso dos servizos, cabe destacar que tan só se incrementan nun dos intervalos do quinquenio, entre os anos 2002 e 2003, onde acadan unha variación interanual do 66,67%.

Finalmente no secundario tamén hai un forte descenso, cunha variación media de -22,82%, tras as reducións de 2002 e 2004.

5.3.3.- Perfil básico das ofertas

Tan só 3 das 122 ofertas da comarca solicitan traballadores dun determinado sexo, representando o 2,45% do total.

No referido ao nivel de estudos, o 82,79% das ofertas de emprego requiren traballadores cun determinado nivel académico, se ben o 63,11% destas exixen ter tan só o certificado de escolaridade; o 8,2% solicitan titulados en formación profesional.

A solicitude destes dous niveis académicos vén maioritariamente do sector servizos, derivando a maior parte destas ofertas da actividade de sanidade.

5.3.4.- Análise ocupacional das ofertas

	2000	2001	2002	2003	2004
Administrativo	0	0	0	0	4
Sen cualificación, acepta empregos en Agricultura e gand.	0	0	0	0	3
Azafata de información, feiras, congresos e outros evento	0	0	0	0	2

TÁBOA 18.1: Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.

Nos centros colaboradores da comarca, as únicas ocupacións ofertadas no ano 2004 son as de administrativo, ocupación sen cualificación que acepta empregos en agricultura e gandería, e azafata de información, feiras, congresos e outros eventos.

	2000	2001	2002	2003	2004
Peón forestal	7	7	7	14	30
Asistente domiciliario (auxiliar axuda domicilio)	4	4	0	20	15
Peón da construción de edificios	51	4	9	19	15
Albanel	26	19	12	5	7
Actor/actriz	0	8	11	8	6
Auxiliar de clínica	1	3	8	5	5
Condutor de coche de bombeiros	0	2	0	4	4
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	4	6	4	0	4
Monitor de educación e tempo libre	0	0	0	1	3
Animador turístico	3	0	2	4	3
Condutor de camiión, en xeral	3	2	2	0	3

TÁBOA 18.2: Ocupacións máis ofertadas nas oficinas de emprego.

Nas oficinas de emprego de Terra de Trives, a ocupación cun maior número de ofertas laborais é a de peón forestal, seguida das de asistente domiciliario e peón da construción de edificios.

Destas ocupacións máis ofertadas, as dúas primeiras presentan unha evolución positiva entre os anos 2000 e 2004, mentres que a de peón da construción de edificios diminúe de maneira importante, presentando unha variación media negativa do -26,36%. Un decrecemento semellante é o acontecido na de ocupación de peón da construción de edificios, ao non dar recuperado o retroceso de 2001, para finalmente obter unha variación media de -27,97%.

5.4.- CONTRATOS

5.4.1.- Número de contratos no ámbito comarcal

TÁBOA 19: Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2004.

	Nº
A Pobra de Trives	394
Chandrexa de Queixa	41
Manzaneda	90
San Xoán de Río	35
TOTAL COMARCA	560
TOTAL PROVINCIA	55.273

Na Terra de Trives asináronse no ano 2004 un total de 560 contratos laborais, que representan o 1,01% dos realizados na provincia de Ourense. O 70,36% destes contratos foron xestionados na Pobra de Trives, seguida en orde de importancia por Manzaneda, que rexistrou o 16,07%.

TÁBOA 20: Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
A Pobra de Trives	435	392	268	306	394
Chandrexa de Queixa	48	56	51	56	41
Manzaneda	115	114	76	119	90
San Xoán de Río	22	29	17	12	35
TOTAL COMARCA *	620	591	412	493	560
TOTAL PROVINCIA	48.332	48.607	49.367	50.587	55.273

A escala comarcal, a contratación presenta unha tendencia negativa no transcurso destes cinco anos, rexistrando unha variación media negativa do -2,51%. En cambio, na provincia a pauta é positiva, cunha variación media do 3,41%. A escala provincial o crecemento, aínda que leve, é constante ao longo do período, mentres que na comarca os contratos redúcense nos dous intervalos iniciais do quinquenio, incrementándose nos dous finais. Dentro da evolución comarcal cabe resaltar, como flutuacións importantes, a variación interanual negativa do intervalo 2001-2002, do -30,29%, e a positiva do tramo posterior, do 19,66%.

O concello de San Xoán de Río é o único onde os contratos se incrementan nestes cinco anos, presentando unha variación media do 12,31%. O maior decrecemento en termos absolutos dáse na Pobra de Trives, cunha variación media negativa de -2,44%. Neste caso, do mesmo xeito que no conxunto comarcal, os contratos diminúen entre os anos 2000 e 2002, aumentando a partir do 2003. O maior descenso neste concello dáse tamén no intervalo 2001-2002, cunha variación interanual negativa do -31,63%, mentres que a maior subida aparece entre o 2003 e o 2004, cunha variación interanual do 28,76%.

En Chandrexa de Queixa e Manzaneda, a redución en números absolutos é menor que na Pobra de Trives, obtendo variacións medias de -3,86% e de -5,94% respectivamente.

* Por un cambio metodolóxico na extracción da información das bases de datos, existe unha pequena diferenza entre os valores dos anos 2000 ao 2002, apenas un 0,6%, subsanada nos anos posteriores, con respecto aos datos que proporciona o Servizo Público de emprego estatal (INEM) na súa web.

5.4.2.- Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

	Nº CONTRATOS		Total
	Homes	Mulleres	
Menos de 26 anos	115	55	170
De 26 a 35 anos	77	64	141
De 36 a 45 anos	63	61	124
De 46 a 55 anos	64	39	103
De 56 e máis anos	16	6	22
TOTAL COMARCA	335	225	560
TOTAL PROVINCIAL	30.749	24.524	55.273

TÁBOA 21: Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2004.

A distribución dos contratos segundo o sexo amosa unha repartición desigual entre homes e mulleres, agrupándose entre os primeiros o 59,82% das contratacións. A escala provincial, esta desigualdade entre os sexos tamén está presente, dado que no colectivo masculino asinan o 55,63% dos contratos que se realizan na provincia de Ourense.

A contratación sitúase na súa maioría nos grupos de idade máis novos, nos menores de 36 anos, que reúnen o 55,54% dos contratos. Entre os homes, estes dous tramos de idade son os máis representativos, mentres que entre as mulleres o de entre 36 e 45 anos sitúase en segundo lugar, despois do de entre 26 e 35 anos.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Homes	382	343	220	288	335
Mulleres	238	248	192	205	225
TOTAL CONTRATOS	620	591	412	493	560

TÁBOA 22: Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 2000-2004.

A evolución dos contratos segundo o sexo amosa unha tendencia negativa tanto nos homes como nas mulleres, aínda que o ritmo de decrecemento dos homes é superior. Deste xeito, a variación media dos contratos masculinos entre os anos 2000 e 2004 é do -3,23% e a dos femininos do -1,39%.

Entre os homes, as contratacións redúcense nos dous primeiros intervalos do período, presentando a maior redución no 2001-2002, cunha variación interanual negativa de -35,86%, e o maior incremento no tramo seguinte, cunha variación interanual do 30,91%. No caso das mulleres, os contratos tan só diminúen entre o 2001 e o 2002, onde a variación interanual é de -22,58%.




GRÁFICO 6: Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 2000-2004. Valores proporcionais.

As diferenzas na evolución da contratación masculina e feminina na comarca de Terra de Trives reflíctense na distribución dos contratos por sexo nos diferentes anos do período. Así, obsérvase como ao longo destes cinco anos, tras diversas oscilacións, a distancia porcentual entre os contratos dos homes e das mulleres redúcese levemente, posto que se no ano 2000 era de 23,22 puntos, no 2004 chega aos 19,64 puntos.

TÁBOA 23: Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Menor de 26 anos	153	155	112	164	170
De 26 a 35 anos	205	193	132	138	141
De 36 a 45 anos	146	138	75	90	124
De 46 a 55 anos	87	80	78	83	103
De 56 e máis anos	29	25	15	18	22
TOTAL CONTRATOS	620	591	412	493	560

Tendo en conta a idade, a evolución dos contratos entre os anos comprendidos entre o 2000 e o 2004 amosa un comportamento diferente para os distintos tramos. Deste xeito, entre os menores de 26 anos e os de 46 a 55 anos, as contratacións incrementáanse, presentando variacións medias do 2,67% e do 4,31% respectivamente. Entre os menores de 26 anos, cabe sinalar a forte oscilación que se rexistra entre o 2001 e o 2003, dado que no intervalo 2001-2002 hai un descenso, cunha variación interanual negativa do -27,74%, mentres que no 2002-2003 a variación media é positiva, do 46,43%.

Nos tramos restantes, a nota característica común é que en todos eles se reducen as contratacións nos dous intervalos iniciais do período, descendendo en maior medida no 2001-2002, mentres que aumentan nos dous finais. O que máis diminúe en termos absolutos é o de entre 26 e 35 anos, cunha variación media de -8,93%. O que máis decrece a continuación é o de 36 a 45 anos, que obtén unha variación media de -4%, seguido do dos maiores de 55 anos, cunha variación media de -6,67%.

5.4.3.- Contratación comarcal segundo os sectores económicos

TÁBOA 24: Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos. Ano 2004.

	N.º
SECTOR PRIMARIO	20
Agricultura e pesca	20
SECTOR SECUNDARIO	146
Industria e electricidade	146
SECTOR CONSTRUCCIÓN	61
Construción	61
SECTOR SERVIZOS	333
Comercio e hostalería	104
Transporte e comunicacións	27
Outros servizos	202
TOTAL CONTRATOS	560

O sector servizos engloba no ano 2004 a maioría dos contratos realizados na comarca de Terra de Trives, posto que no seu marco se rexistra o 59,46% do total. Dentro deste, o subsector de outros servizos obtén o maior volume contractual, co 36,07% das contratacións.

O segundo sector en orde de importancia é o secundario, co 26,07% da contratación. Os sectores da construción e o primario representan o 10,89% e o 3,57% dos contratos, respectivamente.




GRÁFICO 7: Distribución porcentual da contratación na industria.

Case sete de cada dez contratos realizados na industria apareceron dentro da actividade de outras industrias, en concreto o 67%. Nun segundo plano sitúanse as actividades de metalurxia e fabricación de produtos metálicos, o 13%; téxtil e confección, o 9%; alimentación, o 8%, e madeira, o 3%.




GRÁFICO 8: Distribución porcentual da contratación nos servizos.

A metade dos contratos asinados no marco dos servizos agrúpanse nas actividades de hostalería, o 29%, e sanidade e servizos sociais, o 21%. As administracións públicas e a educación obteñen, de forma agrupada, o 26% dos contratos.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
SECTOR PRIMARIO	20	0	4	7	X	5	X
Agricultura e pesca	20	0	4	7	X	5	X
SECTOR SECUNDARIO	98	48	60	38	23	18	7
Industria e electricidade	98	48	60	38	23	18	7
SECTOR CONSTRUCCIÓN	60	X	14	18	13	14	X
Construción	60	X	14	18	13	14	X
SECTOR SERVICIOS	157	176	X	78	85	66	X
Comercio e hostalería	54	50	41	21	17	22	X
Transporte e comunicacións	12	15	X	5	9	10	0
Outros servizos	91	111	48	52	59	34	9
TOTAL CONTRATOS	335	X	X	141	X	103	22

TÁBOA 25: Distribución da contratación comarcal segundo os sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2004.

Tanto no colectivo masculino como no feminino, a maior parte dos contratos están situados dentro do sector servizos, que agrupan o 28,04% do total da contratación e o 31,43% respectivamente. O segundo sector en orde de importancia en ambos os sexos é o secundario, onde os contratos masculinos supoñen o 17,5% do total e os femininos o 8,57%. Tamén en ambos os grupos, o subsector máis representativo é o de outros servizos.

Analizando máis polo miúdo a distribución segundo os tramos de idade, obsérvase que o sector servizos é predominante en todos os intervalos, acadando a porcentaxe máis alta no dos menores de 26 anos, o 16,43% do total da contratación, seguidos polos de entre 36 e 45 anos, o 15,18%. O sector secundario sitúase en segundo lugar en nivel de importancia en todos os tramos de idade.

No referente aos subsectores dos servizos, o de outros servizos é o máis representativo en todas as idades.

TÁBOA 26: Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	6	7	7	8	20
Agricultura e pesca	6	7	7	8	20
SECTOR SECUNDARIO	190	174	85	137	146
Industria e electricidade	190	174	85	137	146
S. CONSTRUCCIÓN	81	87	54	81	61
Construción	81	87	54	81	61
SECTOR SERVIZOS	343	323	266	267	333
Comercio e hostalería	113	111	96	75	104
Transporte e comunicacións	17	11	7	13	27
Outros servizos	213	201	163	179	202
TOTAL CONTRATOS	620	591	412	493	560

No conxunto do período, o sector primario é o único onde as contratacións se incrementan, acadando unha variación media do 35,12%. Cabe subliñar neste sector o importante aumento que se dá entre os anos 2003 e 2004.

Nos sectores restantes, polo tanto, os contratos tenden a descender, acadando os sectores secundario e da construción variacións medias negativas de -6,37% e de -6,84%. No sector servizos, hai un descenso menor dos contratos en termos absolutos, cunha variación media negativa de -0,74%. Neste caso, os contratos decrecen nos dous primeiros intervalos do período, aumentando nos dous restantes, sobre todo no último, cunha variación interanual do 24,72%.

No ámbito subsectorial, os subsectores de outros servizos e comercio e hostalería diminúen a un maior ritmo que o sector servizos, obtendo variacións medias negativas de -1,32% e de -2,05% respectivamente; pola contra, hai un aumento do de transporte e comunicacións, cunha variación media de 12,26%.

5.4.4.- Tipoloxía da contratación laboral




GRÁFICO 9: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2004.

Segundo a tipoloxía de contratación, a comarca de Terra de Trives caracterízase por un forte predominio dos contratos temporais, que representan algo máis de nove de cada dez do total. Deste xeito, o 84% das contratacións realizadas son temporais a tempo completo, e o 8% son temporais a tempo parcial.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	9	5	X	5	4	X	X
Indefinido tempo parcial	0	X	0	X	0	0	0
Temporal	297	179	151	114	111	82	18
Temporal tempo parcial	8	37	5	15	9	14	X
Prácticas/Formación	9	X	9	X	0	0	0
Outros	12	X	X	5	0	5	X
TOTAL CONTRATOS	335	225	170	141	124	X	22

TÁBOA 27: Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2004.

Tanto nos homes como nas mulleres a contratación predominante é a temporal a tempo completo. Nesta categoría de contratación e no colectivo masculino rexístranse o 53,04% dos contratos totais, e no feminino o 31,96%.

Todas as fórmulas de contratación son maioritarias entre o colectivo masculino, excepto a temporal a tempo parcial e a indefinida a tempo parcial.

No referente á distribución por idade, a contratación temporal a tempo completo é a que conta cun maior peso relativo en todos os tramos, acadando o volume máis elevado nos que teñen menos de 26 anos, onde se sitúan o 26,96% das contratacións. O mesmo sucede cos contratos temporais a tempo parcial, que se sitúan en segundo lugar en todos os intervalos de idade, excepto nos menores de 26 anos, onde este lugar está ocupado polos de prácticas/formación.

Cabe destacar, por último, que os únicos contratos indefinidos a tempo parcial que se realizan rexístranse no tramo de entre 26 e 35 anos, mentres que os de prácticas/formación danse tan só nos menores de 36 anos.

TÁBOA 28: Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2004.

	PRIMARIO Agr., Gand.	SECUNDARIO Industr. e Electric.	CONSTRUCCIÓN Construc.	Comerc.	SERVIZOS Transp. Outros		Total
Indefinido	X	28	6	30	5	5	40
Indefinido tempo parcial	X	0	0	4	X	X	8
Temporal	21	190	208	114	68	273	455
Temporal tempo parcial	4	35	14	73	X	77	153
Prácticas/Formación	0	25	35	23	0	6	29
Outros	0	0	0	0	0	62	62
TOTAL CONTRATOS	29	278	263	244	77	X	747

Todas as tipoloxías de contratación aparecen agrupadas na súa maior parte no sector servizos, onde o 49,82% dos contratos totais son temporais a tempo completo e o 6,61% temporais a tempo parcial. A segunda categoría de contratación en orde de importancia en todos os sectores é a temporal a tempo parcial, agás no da construción, onde os contratos de prácticas/formación se sitúan neste lugar.

No referente aos subsectores, o de outros servizos aglutina a maior parte dos contratos temporais a tempo completo, así como a maioría dos temporais a tempo parcial.

TÁBOA 29: Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Indefinido	21	14	11	8	14
Indefinido tempo parcial	X	5	X	X	X
Temporal	504	483	314	425	476
Temporal tempo parcial	77	59	66	31	45
Prácticas/Formación	5	5	6	10	10
Outros	10	25	13	17	14
TOTAL CONTRATOS	X	591	X	X	X

Entre os anos 2000 e 2004, as únicas tipoloxías de contratación nas que se incrementan os contratos son as de prácticas/formación e os da tipoloxía de outros.

A fórmula que sofre unha redución maior é a dos contratos temporais a tempo parcial, cunha variación media negativa de -12,57%. Nesta categoría sobresaí o decrecemento que se produce no intervalo 2002-2003, cunha variación interanual de -53,03%, así como a importante subida que se produce a continuación, do 45,16%.

Os contratos temporais a tempo completo obteñen neste período unha variación media de -1,42%, acadada tras un descenso das contratacións nos dous primeiros intervalos do período, acompañadas dun aumento nos dous restantes. Neste sentido, é preciso subliñar como maior decrecemento o producido entre os anos 2001 e 2002, de -34,99%, así como o maior incremento, no tramo seguinte, 2002-2003, cunha variación interanual do 35,35%.

5.4.5.- Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

	CONTRATOS Nº	V. MEDIA 00-04
1. Dirección de empresas e administracións públicas	X	0,00
HOMES	0	-100,00
MULLERES	X	-
2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais	39	14,11
HOMES	25	11,80
MULLERES	14	18,92
3. Técnicos e profesionais de apoio	37	4,52
HOMES	13	9,63
MULLERES	24	2,20
4. Empregados de tipo administrativo	37	27,50
HOMES	4	-5,43
MULLERES	33	38,38
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	162	4,09
HOMES	68	4,51
MULLERES	94	3,79
6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca	X	-15,91
HOMES	X	-15,91
MULLERES	0	-
7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufacturera, construción e minería	80	-2,90
HOMES	71	-4,12
MULLERES	9	10,67
8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	25	-28,19
HOMES	20	-16,93
MULLERES	5	-44,31
9. Traballadores non cualificados	176	-5,75
HOMES	131	-5,17
MULLERES	45	-7,32
TOTAL CONTRATOS	560	-2,51
TOTAL HOMES	335	-3,23
TOTAL MULLERES	225	-1,39

TÁBOA 30: Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2004.

Os grandes grupos de ocupación cun maior volume de contratación no ano 2004 na comarca de Terra de Trives son os seguintes:

- Traballadores non cualificados: 31,43%.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio: 28,93%.
- Artesáns/traballadores cualificados da industria manufacturera, construción e minería: 14,29%.

Atendendo á distribución por sexo, aprécianse diferenzas significativas nos contratos en función do grupo de ocupación:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
• Traballadores non cualificados: 23,39%. • Artesáns/traballadores cualificados da industria manufacturera, construción e minería: 12,68%. • Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio: 12,14%.	• Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio: 16,79%. • Traballadoras non cualificadas: 8,04%. • Empregadas de tipo administrativo: 5,89%.

Dado o predominio da contratación masculina na comarca, tan só en catro grandes grupos de ocupación a contratación das mulleres é superior á dos homes:

- Empregadas de tipo administrativo: a contratación feminina supón o 5,81% do total fronte ao 0,71% da masculina.
- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio: o 16,79% fronte ao 12,14%.
- Técnicas e profesionais de apoio: un 4,29% de contratos femininos e un 2,32% de masculinos.
- Dirección de empresas e administracións públicas. Onde só hai contratos para o colectivo feminino.

5.4.6.- Ocupacións máis contratadas

TÁBOA 31: As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2004.

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL	HOMES	MULLERES	RATIO MASCUL. ¹
96020014	Peón da construción de edificios	X	76	X	98,70
50200018	Camareiro, en xeral	52	32	20	61,54
50100017	Cociñeiro, en xeral	44	14	30	31,82
94400012	Peón forestal	X	34	X	97,14
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	X	X	33	5,71
35320069	Monitor de educación e tempo libre	30	8	22	26,67
71100016	Albanel	26	26	0	100,00
51130024	Asistente domiciliario (auxiliar axuda domicilio)	17	0	17	0,00
41020023	Clasificador-repartidor correspondencia	X	X	14	12,50
52910016	Bañista-socorrista	X	12	X	85,71
TOTAL		346	206	140	59,54

(1) Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100

Do total dos contratos realizados na comarca de Terra de Trives no ano 2004, o 61,79% foron asinados dentro das dez ocupacións máis contratadas que se enumeran na táboa anterior.

A ocupación máis contratada foi a de peón da construción de edificios, seguida da de camareiro. Neste sentido, xorden diferenzas entre os sexos, dado que no colectivo masculino as máis contratadas son as de peón da construción de edificios e peón forestal. Nas mulleres, en cambio, a de muller/mozo de limpeza, limpador é a máis contratada, seguida da de cociñeira.

A presenza da contratación masculina é superior á feminina no conxunto das dez ocupacións, tal e como indica o ratio de masculinidade do 59,54%. Por alto nivel de contratación masculina destacan as de albanel, peón da construción de edificios e peón forestal, todas cun ratio por riba do 90%. Pola contra, teñen un perfil marcadamente feminino as de asistente domiciliaria, muller/mozo de limpeza, limpador e clasificadora-repartidora correspondencia, cun ratio por baixo do 15%.

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	Nº CONTRATOS				
		2000	2001	2002	2003	2004
96020014	Peón da construción de edificios	104	66	31	84	77
50200018	Camareiro, en xeral	43	41	34	24	52
50100017	Cociñeiro, en xeral	19	36	14	26	44
94400012	Peón forestal	36	32	28	16	35
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	43	47	41	27	35
35320069	Monitor de educación e tempo libre	16	37	29	59	30
71100016	Albanel	38	37	18	25	26
51130024	Asistente domiciliario (auxiliar axuda domicilio)	8	9	7	10	17
41020023	Clasificador-repartidor correspondencia	0	0	0	0	16
52910016	Bañista-socorrista	0	X	4	6	14
42100010	Empregado administrativo, en xeral	5	7	9	12	14
25130104	Músico instrumentista, en xeral	8	12	6	12	12
51110066	Auxiliar de clínica	7	12	12	17	10
86300016	Conductor de camión, en xeral	15	10	11	16	9
53300010	Dependente de comercio, en xeral	9	9	13	7	6
76240083	Instalador de liñas telecomunicación	12	8	13	X	4
96010011	Peón de obras públicas, en xeral	0	19	11	9	4
52300046	Traballador retén incendios forestais	29	0	0	0	0
83630022	Operador de máquina ind. coser á plana, ex. pel: calzado	48	21	6	X	0
92200038	Vixilante instalacións deportivas e semellantes	11	15	7	X	0

TÁBOA 32: Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 2000 e 2004.

A evolución das ocupacións máis contratadas na comarca entre o 2000 e o 2004 caracterízase pola oscilación na súa composición, dado que 13 delas aparecen e desaparecen da lista ao longo destes cinco anos.

Entre as sete ocupacións que se manteñen entre as máis contratadas neste período destacan pola súa evolución positiva as de cociñeiro e monitor de educación e tempo libre, que acadan variacións medias do 23,36% e do 17,02% respectivamente.

Na banda contraria, pola súa tendencia negativa sobresaen as de albanel e peón da construción de edificios, que presentan variacións medias negativas de -9,05% e de -7,24% respectivamente, sendo destacable o forte descenso da segunda en 2001 e 2002 e a recuperación posterior en 2003.

Das trece ocupacións que entran na lista das dez máis contratadas nalgún ano do período 2000-2004, é significativo a forte redución que se produce en 2001 das ocupacións de traballador retén de incendios forestais e operador de máquina industrial de coser á plana.


5.5.- FORMACIÓN PROFESIONAL OCUPACIONAL

O único curso de formación ocupacional ofertado na comarca estivo circunscrito á familia profesional de servizos á comunidade e persoais; asistiron 22 alumnos a este.

5.6.- CONCLUSIONES

- O sector servizos, do mesmo xeito que sucede na provincia, engloba a maioría das empresas e autónomos, así como a maior parte de traballadores. En relación con estes últimos, cobra maior presenza o sector primario.
- No período comprendido entre os anos 2000 e 2004 apréciase un incremento do número de empresas, traballadores e autónomos. En termos relativos, o maior crecemento produciuse nos autónomos.
- No sector servizos e no secundario maniféstase un crecemento tanto nas empresas como nos traballadores e autónomos. No da construción redúcense as empresas e os traballadores por conta allea, en tanto que no primario só descenden as empresas.
- Na comarca de Terra de Trives producíronse no ano 2004 o 1,28% das demandas de emprego da provincia de Ourense. O concello da Pobra de Trives agrupa case seis de cada dez destas demandas.
- Cabe subliñar que, de forma conxunta, predominan os demandantes do colectivo masculino. En canto ao perfil de idade, o grupos máis representativo é os de entre 36 e 45 anos, que agrupan algo máis da metade dos demandantes da comarca.
- Algo máis de seis de cada dez demandantes son parados con emprego anterior, seguidos a considerable distancia polos non parados con emprego anterior. No que respecta ao nivel académico, o colectivo máis significativo é o daqueles que teñen ata certificado de escolaridade, seguidos de cerca polos titulados en ensinanza obrigatoria.
- Algo máis da metade dos demandantes parados levan buscando emprego menos de seis meses. Esta situación é predominante en todas as idades ata chegar aos 55 anos, cando se tende a ser un demandante parado de longa duración.
- A metade dos demandantes proceden dos servizos, sector no que teñen maior presenza as actividades de sanidade e servizos sociais e administracións públicas.
- A ocupación máis demandada é a de peón da construción de edificios, seguida da de muller/mozo limpeza, limpador en xeral, que é a máis demandada a escala provincial.
- Na comarca rexistráronse o 1,1% do total das ofertas de emprego da provincia. Neste caso, tan só reciben ofertas o concello da Pobra de Trives, onde se encadran case a totalidade, e o de Manzaneda. En ambos os concellos, entre os anos 2000 e 2004, as ofertas redúcense, do mesmo xeito que para o conxunto da comarca.
- Case nove de cada dez ofertas de emprego concéntranse nos servizos, rexistradas case na súa totalidade na Pobra de Trives, e procedentes maioritariamente da actividade de sanidade e servizos sociais e administracións públicas. Durante o período 2000-2004 neste sector produtivo tamén diminúen as ofertas.
- En canto ao nivel de estudos, máis de oito de cada dez requiren un determinado nivel, se ben a gran maioría tan só demandan a posesión do certificado de escolaridade.
- A ocupación máis ofertada nas oficinas de emprego é a de peón forestal, seguida da de asistente domiciliario e peón da construción de edificios.
- Os contratos de Terra de Trives representan o 1,01% dos asinados na provincia de Ourense no ano 2004. Sete de cada dez rexístranse no concello da Pobra de Trives. No conxunto da comarca, a evolución da contratación presenta unha tendencia negativa entre os anos 2000 e 2004, pauta marcada pola Pobra de Trives. Esta evolución é oposta á producida a nivel provincial.

- A contratación masculina predomina sobre a feminina no conxunto da comarca, situación similar á que se da a escala provincial. A evolución de ambos os sexos é negativa nestes cinco anos, se ben o ritmo de decrecemento masculino é maior.
- Algo máis da metade dos contratos sitúanse nos grupos de idade máis novos, nos menores de 36 anos, tendendo a descender conforme aumenta a idade. Entre os menores de 26 anos e os que teñen entre 46 e 55 anos aumenta o volume de contratación neste quinquenio, reducíndose nos tramos restantes.
- Case seis de cada dez contratos asínanse no marco do sector servizos, onde destacan as actividades de hostalería e sanidade e servizos sociais. O segundo sector en orde de importancia é o secundario. Neste último, dentro da industria a actividade máis representativa é a de outras industrias.
- En ambos os sexos a contratación concéntrase maioritariamente no sector servizos, que tamén é predominante en todos os grupos de idade. En todos os sectores produtivos, agás no primario, o volume de contratacións diminúe entre os anos 2000 e 2004.
- Algo máis de nove de cada dez contratos de Terra de Trives son temporais, predominando claramente os realizados a tempo completo. Os contratos temporais a tempo completo son maioritarios en ambos os sexos, así como en todos os tramos de idade e sectores produtivos. De todas as tipoloxías de contratación, as únicas que se incrementan ao longo do período son as de prácticas/formación e os da tipoloxía outros.
- Os grandes grupos de contratación máis frecuentes na comarca son os de traballadores non cualificados e traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio. Facendo unha distinción por sexo, o máis significativo entre os homes é o de traballadores non cualificados, e entre as mulleres o de traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio.
- As ocupacións máis contratadas son as de peón da construción de edificios e camareiro. A primeira delas é tamén a máis contratada entre os homes, sendo a de muller/mozo de limpeza, limpador a que rexistra máis contratos entre as mulleres. Ambas as dúas sofren un descenso entre os anos 2000 e 2004.
- O único curso de formación ocupacional da comarca foi rexistrado dentro da familia de servizos á comunidade e persoais.



Comarca de Valdeorras



5.1.- TECIDO EMPRESARIAL

5.1.1.- Tecido empresarial comarcal. Situación actual

SECTORES	EMPRESAS		TRABALLADORES		AUTÓNOMOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
SECTOR PRIMARIO	10	0,90	407	5,54	4	0,24
Agricultura e pesca	10	0,90	407	5,54	4	0,24
SECTOR SECUNDARIO	185	16,74	3.224	43,89	165	10,06
Industria e electricidade	185	16,74	3.224	43,89	165	10,06
SECTOR CONSTRUCCIÓN	204	18,46	728	9,91	401	24,45
Construcción	204	18,46	728	9,91	401	24,45
SECTOR SERVICIOS	706	63,89	2.987	40,66	1.070	65,24
Comercio e hostalería	373	33,76	1.322	18,00	745	45,43
Transporte e comunicacións	51	4,62	248	3,38	106	6,46
Outros servizos	282	25,52	1.417	19,29	219	13,35
TOTAL	1.105	100,00	7.346	100,00	1.640	100,00

TÁBOA 1: Número de empresas, traballadores e autónomos.

Na comarca de Valdeorras o maior número de empresas concéntrase no sector servizos, co 63,89%. O seguinte sector en importancia é o da construción, co 18,46%; séguelle o sector secundario, co 16,74%, e, por último, o primario, co 0,90%. En canto aos subsectores, comercio e hostalería agrupa o 33,76% das empresas e outros servizos o 25,52%.

En relación co número de traballadores por conta allea, o sector secundario concentra a maior porcentaxe, co 43,89%; séguelle o sector servizos, co 40,66%, e a construción, co 9,91%. No que atinxe aos subsectores, outros servizos concentran o 19,29% e comercio e hostalería o 18%.

Os traballadores autónomos atópanse, en maior medida, no sector servizos –65,24%–; a construción dá cabida ao 24,45%, e o sector secundario ao 10,06%. Cando se analizan os subsectores, comercio e hostalería xunta o 45,43% dos autónomos da comarca.

5.1.2.- Evolución anual

TÁBOA 2: Evolución do número de empresas.
Período 2000-2004.

	EMPRESAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	101	103	86	3	10
Agricultura e pesca	101	103	86	3	10
SECTOR SECUNDARIO	161	171	180	185	185
Industria e electricidade	161	171	180	185	185
SECTOR CONSTRUCCIÓN	222	233	218	187	204
Construcción	222	233	218	187	204
SECTOR SERVICIOS	579	598	633	638	706
Comercio e hostalería	326	325	345	350	373
Transporte e comunicacións	46	45	45	41	51
Outros servizos	207	228	243	247	282
TOTAL	1.063	1.105	1.117	1.013	1.105

A evolución do número de empresas na comarca de Valdeorras caracterízase polo leve crecemento relativo, cunha variación media anual do 0,97%. O sector servizos experimenta o maior crecemento, cunha variación media anual do 5,08%; este sector aumenta de xeito continuado durante todo o quinquenio, acadando o crecemento máximo entre 2003 e 2004, cunha variación interanual do 10,66%. O sector secundario tamén amosa un crecemento constante do número de empresas ata que se estanca en 2004, e presenta unha variación media anual de 3,53%. Os demais sectores perden empresas durante o período 2000-2004: o sector primario decrece, cunha variación media anual de -43,91%, acadando a maior perda entre 2002 e 2003. A construción decae, cunha variación media anual de -2,09%, influída pola baixada producida entre 2002 e 2003, cunha variación interanual de -14,22%.

Atendendo aos subsectores dos servizos, outros servizos é o único que medra de xeito continuado, cunha variación media anual de 8,04%, experimentando a maior intensidade de crecemento entre 2003 e 2004, na que a variación interanual alcanza o 14,17%. O comercio e a hostalería aumenta o número de empresas, cunha variación media de 3,42%; a súa evolución caracterízase por ser descendente entre 2000 e 2002, e despois medrar continuamente. Transporte e comunicacións crece, cunha variación media anual de 2,61%, mostrando unha evolución descontinua e só un período de crecemento entre 2003 e 2004.

TÁBOA 3: Evolución do número de traballadores.
Período 2000-2004.

	TRABALLADORES				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	389	394	396	367	407
Agricultura e pesca	389	394	396	367	407
SECTOR SECUNDARIO	2.994	3.146	3.303	3.263	3.224
Industria e electricidade	2.994	3.146	3.303	3.263	3.224
SECTOR CONSTRUCCIÓN	867	844	781	720	728
Construcción	867	844	781	720	728
SECTOR SERVICIOS	2.696	2.729	2.772	2.791	2.987
Comercio e hostalería	1.294	1.274	1.288	1.247	1.322
Transporte e comunicacións	207	221	225	224	248
Outros servizos	1.195	1.234	1.259	1.320	1.417
TOTAL	6.946	7.113	7.252	7.141	7.346

A evolución do número de traballadores por conta allea é positiva; a súa variación media anual é de 1,41%. Esta evolución caracterízase pola descontinuidade, descendendo entre 2002 e 2003, cunha variación interanual de -1,53% e aumentando nos demais anos.

A tendencia positiva é allea á construción, na que os traballadores descenden no período, cunha variación media anual de -4,27%. O descenso é continuado ata que entre 2003 e 2004 se produce un lixeiro incremento.

O número de traballadores é ascendente nos demais sectores. Deste xeito, o primario experimenta unha variación media anual de 1,14%. Os traballadores do sector secundario aumentan unha media anual de 1,87%, cunha evolución caracterizada polo crecemento ata 2002 e polos descensos a partir dese ano. O sector servizos é o que máis crece relativamente en canto ao número de traballadores, cunha variación media anual de 2,60%, nunha evolución de crecemento continuado, máis acentuado entre 2003 e 2004, onde se rexistra unha variación interanual de 7,02%.

Os subsectores dos servizos teñen evolucións positivas en canto ao número de traballadores: comercio e hostalería presenta unha variación media anual do 0,54%, transporte e comunicacións do 4,62% e outros servizos do 4,35%.

	AUTÓNOMOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	5	6	6	4	4
Agricultura e pesca	5	6	6	4	4
SECTOR SECUNDARIO	150	157	167	154	165
Industria e electricidade	150	157	167	154	165
SECTOR CONSTRUCCIÓN	282	314	331	349	401
Construción	282	314	331	349	401
SECTOR SERVICIOS	807	869	942	976	1.070
Comercio e hostalería	590	629	678	697	745
Transporte e comunicacións	69	80	85	86	106
Outros servizos	148	160	179	193	219
TOTAL	1.244	1.346	1.446	1.483	1.640

TÁBOA 4: Evolución do número de autónomos. Período 2000-2004.

O número de autónomos evoluciona de xeito positivo, obtendo unha variación media anual de 7,15%. O único sector no que se produce un retroceso é no primario. O sector que experimenta un maior crecemento relativo é a construción, cunha taxa media anual de 9,20%, con crecementos continuados durante todos os anos do período.

Os traballadores autónomos tamén aumentan continuamente no sector servizos, onde a variación media anual atinxe o 7,31%. O crecemento relativo do sector secundario é moito máis moderado, cunha variación media do 2,41% e unha evolución descontinua caracterizada polo decaemento entre 2002 e 2003, onde se observa unha variación interanual de -7,78%.

Os traballadores autónomos nos subsectores dos servizos tamén medran en cantidades relativas importantes: transporte e comunicacións presenta unha variación media anual do 11,33%, outros servizos do 10,29% e comercio e hostalería do 6,00%.

5.2.- DEMANDAS

5.2.1.- Demandantes galegos por concello

TÁBOA 5: Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
A Rúa	264	137	401
A Veiga	31	19	50
Carballada de Valdeorras	56	40	96
Larouco	32	9	41
O Barco de Valdeorras	678	385	1.063
O Bolo	46	21	67
Petín	81	23	104
Rubiá	49	26	75
Vilamartín de Valdeorras	94	37	131
TOTAL COMARCA	1.331	697	2.028

% comarca/provincia - PARADOS	7,26
--------------------------------------	-------------

% comarca/provincia - NON PARADOS	6,91
--	-------------

Os demandantes de emprego da comarca de Valdeorras ascenden a 2.028 persoas en 2004; deles, o 65,63% son demandantes de emprego parados e o 34,37% demandantes non parados. En todos os concellos o número de demandantes parados é maior que o dos non parados.

O concello do Barco de Valdeorras ten máis da metade dos demandantes, o 52,42%, así como o 50,94% dos demandantes parados e o 55,24% dos demandantes non parados; A Rúa ten o 19,77% do total dos demandantes comarcais, o 19,83% dos demandantes parados e o 19,66% dos non parados. Os demais concellos sitúanse por debaixo do 7%.

A comarca de Valdeorras supón, respecto da provincia de Ourense, o 7,26% dos demandantes parados e o 6,91% dos demandantes non parados.

5.2.2.- Demandantes parados. Evolución

TÁBOA 6: Evolución dos demandantes parados.

	2000	2001	2002	2003	2004
Parados comarca	1.054	1.143	1.126	1.240	1.331
Variación interanual %	-	8,44	-1,49	10,12	7,34
COMARCA/TOTAL PROVINCIA	5,97	6,83	6,18	6,72	7,26

A tendencia comarcal durante o período 2000-2004 é de crecemento do número de demandantes parados. As variacións interanuais evolucionan de xeito discontinuo, con incrementos en 2001, 2003 e 2004, obtendo porcentaxes de variación interanual de 8,44%, 10,12% e 7,34% respectivamente, e cun retroceso moderado en 2002.

A importancia relativa dos demandantes parados da comarca con respecto á provincia de Ourense é máis alta ao final do período que ao inicio. O menor peso relativo prodúcese en 2000 e o maior en 2004.

5.2.3.- Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	157	7,74	9,95
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	1.174	57,89	54,54
NON PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	61	3,01	4,96
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	378	18,64	15,09
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	101	4,98	4,80
	En expediente de regulación de emprego	X	X	0,32
	Demandantes de mellora de emprego	122	6,02	7,02
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	33	1,63	2,93
	Resto de demandantes	X	X	0,39
TOTAL		2.028	100,00	100,00

TÁBOA 7: Situación laboral dos demandantes.

En relación coa situación sociolaboral dos demandantes de emprego na comarca, o 57,89% son parados con emprego anterior. O seguinte grupo en importancia compóñeno os non parados con emprego anterior –18,64%–. Séguenlle os parados sen emprego anterior, co 7,74%, e os non parados demandantes de mellora de emprego, co 6,02%.

Por outra parte, non se observan diferenzas significativas coa distribución a nivel provincial.

5.2.4.- Demandantes de emprego por sexo e idade

	HOMES N.º	MULLERES N.º	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	83	116	14,95	13,49
26 a 35 anos	122	240	27,20	24,76
36 a 45 anos	97	230	24,57	21,60
46 a 55 anos	91	139	17,28	20,69
56 e máis anos	116	97	16,00	19,46
TOTAL COMARCA	509	822	100,00	7,26
TOTAL PROVINCIA	7.574	10.747	7,26	100,00

TÁBOA 8.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

O número de demandantes parados na comarca de Valdeorras incide especialmente no colectivo feminino, que supón unha porcentaxe do 61,76%, fronte ao 38,24% do colectivo masculino. Esta incidencia nas mulleres é lixeiramente máis moderada na provincia de Ourense: 58,66% para o colectivo feminino e 41,34% para o colectivo masculino.

Segundo as idades, máis da metade dos demandantes parados son maiores de 35 anos, o 57,85%, quedando o 42,15% restante por debaixo desa idade. O intervalo de idade no que se dan máis casos de demandantes parados é o de 26 a 35 anos, cunha porcentaxe do 27,20% do total.

Comparando a distribución por grupos de idades da comarca coa provincia, vese que a comarca amosa un perfil menos envellecido, debido a que o 33,28% son maiores de 45 anos fronte ao 40,15% provincial.

TÁBOA 8.2: Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.


	HOMES N.º	MULLERES N.º	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	51	63	16,36	19,89
26 a 35 anos	53	130	26,26	24,48
36 a 45 anos	46	134	25,82	19,75
46 a 55 anos	36	88	17,79	17,93
56 e máis anos	47	49	13,77	17,94
TOTAL COMARCA	233	464	100,00	6,91
TOTAL PROVINCIA	3.706	6.383	6,91	100,00

En canto aos demandantes non parados da comarca, predomina o colectivo feminino nunha porcentaxe do 66,57%, algo máis elevada do que acontecía coas demandantes paradas; os homes supoñen un 33,43%. No conxunto da provincia de Ourense as demandantes non paradas representan o 63,80% e os homes o 36,20%.

En relación coa idade, un 57,38% dos demandantes é maior de 35 anos e un 42,62% sitúase por debaixo desa idade, unha distribución similar á provincial.

O grupo de mulleres de entre 36 e 45 anos é o que concentra a maior porcentaxe de demandantes non parados, co 19,23%.

GRÁFICO 1: Distribución porcentual do total de demandantes por sexo e grupos de idade.



O grupo de idade que xunta o maior número de demandantes totais é o de 26 a 35 anos, que supón o 26,87%, seguido do grupo de 36 a 45 anos, co 25%. Para os intervalos de idade dos extremos, é dicir, para os menores de 26 anos e para os maiores de 55 anos, a porcentaxe de homes é máis alta cá de mulleres; pola contra, nos demais intervalos predomina a presenza feminina.

5.2.5.- Demandantes por nivel académico

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Ata certificado de escolaridade*	546	299	845
Titulación de ensinanza obrigatoria	435	193	628
Formación profesional	120	65	185
BUP/Bacharelato superior/COU	105	72	177
Titulados universitarios	105	63	168
Outras titulacións	20	5	25
TOTAL	1331	697	2.028

* Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade

TÁBOA 9: Distribución dos demandantes parados e non parados por nivel académico.

Segundo o nivel académico, o 41,67% dos demandantes posúe ata certificado de escolaridade e o 30,97% ten titulación de ensinanza obrigatoria. Os demais grupos amosan porcentaxes máis pequenas: formación profesional, 9,12%; BUP/bacharelato/COU, 8,73%; e titulados universitarios, 8,28%.

A distribución porcentual dos demandantes por nivel académico segue certo paralelismo cando analizamos os parados e os non parados, pero prodúcese algunhas diferenzas. Así, para os non parados é maior a porcentaxe de demandantes na categoría BUP/bacharelato/COU que en formación profesional, mentres que para os parados acontece á inversa.

5.2.6.- Demandantes parados por tempo de busca de emprego

		Menos de 6 meses	De 6 meses a 1 ano	Máis de 1 ano	TOTAL
Menor de 26 anos	Homes	65	13	5	83
	Mulleres	72	23	21	116
26 a 35 anos	Homes	92	15	15	122
	Mulleres	110	41	89	240
36 a 45 anos	Homes	68	14	15	97
	Mulleres	108	29	93	230
46 a 55 anos	Homes	48	12	31	91
	Mulleres	47	18	74	139
56 e máis anos	Homes	32	19	65	116
	Mulleres	13	12	72	97
TOTAL COMARCA		655	196	480	1.331
TOTAL PROVINCIA		7.871	2.533	7.917	18.321

TÁBOA 10: Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

Case a maioría dos demandantes parados levan menos de 6 meses buscando emprego; trátase do 49,21%. Os que levan máis dun ano representan o 36,06% e os de 6 meses a 1 ano suman o 14,73%. Respecto á provincia, nela predominan os parados de longa duración –43,21%–; os de menos de 6 meses representan o 42,96% e os de 6 meses a 1 ano o 13,83%.

No cruzamento de sexo e idade dos demandantes parados, os homes de ata 55 anos adoitan levan menos de seis meses buscando emprego; a partir

desa idade o máis frecuente é que estean máis dun ano no proceso de busca. Para o colectivo feminino, ata os 45 anos o habitual é levar menos de seis meses e, a partir dos 46 anos, mais dun ano.


5.2.7.- Demandantes por sectores económicos de procedencia

TABOA 11: Demandantes por actividade económica.

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Sector primario	26	12	38
Sector secundario	349	171	520
Construción	138	62	200
Sector servizos	662	372	1.034
Sen actividade previa	156	80	236
TOTAL	1.331	697	2.028

A maior parte dos demandantes de emprego, o 50,99%, proceden do sector servizos: os demandantes parados no sector son o 49,74% e os demandantes non parados son o 53,37%. O seguinte sector con maior número de demandantes é o secundario –25,64%–, e agrupa o 26,22% dos demandantes parados e o 24,53% dos non parados. Séguelle a construción, que representa o 9,86% no total, co 10,37% dos demandantes parados e o 8,90% dos demandantes non parados, e, por último, está o sector primario, co 1,87%, o 1,95% dos demandantes parados e 1,72% dos demandantes non parados.

GRÁFICO 2: Demandantes parados na industria.



Os demandantes parados da industria proceden, na súa maioría, de outras industrias (o 72%). Lonxe desta porcentaxe atópase a fabricación de produtos minerais non metálicos, co 10%, e séguelle a alimentación, co 9%. As demais actividades distribúense como se reflicte no gráfico.




GRÁFICO 3: Demandantes parados nos servizos.

O 28% dos demandantes parados nos servizos proceden do comercio, o 14% das actividades inmobiliarias e de servizos ás empresas, o 13% da hostalería e o 12% das administracións públicas. As demais actividades representan a procedencia do 33% dos demandantes.

5.2.8.- As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	194	9,57	9,48
Empregado administrativo, en xeral	184	9,07	8,36
Dependente de comercio, en xeral	150	7,40	8,24
Peón de exterior de minas e canteiras	140	6,90	0,53
Peón da ind. manufactureira, en xeral	98	4,83	4,58
Camareiro, en xeral	66	3,25	2,88
Peón da construción de edificios	60	2,96	3,82
Embalador, empaquetador, etiquetador á man	60	2,96	0,36
Operador de máquina de labrar pedra e/ou lousa	44	2,17	0,21
Pinche de cociña	39	1,92	0,83

TÁBOA 12: Ocupacións máis demandadas.

5.2.9.- Perfil tipo dos demandantes de emprego

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parado con emprego anterior	Parado con emprego anterior
Sexo	Muller	Muller
Grupo idade	De 26 a 35 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Ata certificado de escolaridade	Ata certificado de escolaridade
Duración demanda	Menos de 6 meses	Máis de 1 ano
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral

TÁBOA 13: Perfil máis representativo.

5.3.- OFERTAS

5.3.1.- Ofertas no servizo público de emprego galego 2004. Evolución

TÁBOA 14: Número de ofertas por concellos.

	TOTAL OFERTAS
A Rúa	18
A Veiga	8
Carballada de Valdeorras	10
Larouco	2
O Barco de Valdeorras	383
O Bolo	5
Petín	8
Rubiá	4
Vilamartín de Valdeorras	28
TOTAL COMARCA	466

TOTAL OFERTAS PROVINCIA: 11.122

COMARCA/PROVINCIA: 4,19

O concello do Barco de Valdeorras agrupa o 82,19% das ofertas de emprego da comarca, en tanto que os demais concellos presentan porcentaxes moi pequenas. As ofertas da comarca de Valdeorras representan o 4,19% do total da provincia de Ourense.

TÁBOA 15: Evolución das ofertas. Período 2000-2004.

	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
A Rúa	105	99	55	41	18
A Veiga	0	2	3	5	8
Carballada de	19	20	7	9	10
Larouco	4	9	13	1	2
O Barco de Valdeorras	481	378	390	436	383
O Bolo	1	11	13	2	5
Petín	4	7	3	9	8
Rubiá	0	11	8	6	4
Vilamartín de Valdeorras	5	44	48	10	28
TOTAL COMARCA	619	581	540	519	466
TOTAL PROVINCIA	12.969	11.664	10.871	11.116	11.122

A comarca de Valdeorras presenta un descenso continuado no número de ofertas, cunha variación media anual no conxunto do período de -6,85%. Este ritmo de decrecemento é máis acusado que o experimentado pola provincia de Ourense, que presenta unha variación media anual de -3,77%.

En canto aos concellos, presentan evolucións desiguais pero sempre caracterizadas polo escaso volume de ofertas, a excepción do concello do Barco de Valdeorras. Nel rexístrase un descenso das ofertas, cunha variación media anual de -5,54%. A súa evolución caracterízase pola descontinuidade; así, entre 2000 e 2001 descende, cunha variación interanual de -21,41%; entre 2001 e 2002 medra, cunha variación interanual de 3,17%; entre 2002 e 2003 volve medrar, presentando unha variación interanual de 11,79%, e entre 2003 e 2004 descende a un ritmo interanual de -12,16%.




GRÁFICO 4: Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.

O concello máis significativo en canto ao número de ofertas é O Barco de Valdeorras, quedando de manifesto no gráfico a superioridade do número de ofertas respecto ao agregado do resto dos concellos. Na evolución comparada vese que a cabeceira comarcal e o resto de concellos presentan un comportamento oposto. Mentres Valdeorras descende en 2001 e 2004, o resto de concellos crece en número de ofertas ou se mantén. Cando Valdeorras medra en 2002 e 2003 no resto prodúcese un descenso.

5.3.2.- Ofertas segundo os sectores de actividade económica

	PRIMARIO	SECUNDARIO	CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS
A Rúa	0	1	0	17
A Veiga	0	0	1	7
Carballeda de Valdeorras	0	3	1	6
Larouco	0	1	0	1
O Barco de Valdeorras	10	79	107	187
O Bolo	0	0	0	5
Petín	0	0	0	8
Rubíá	0	0	0	4
Vilamartín de Valdeorras	1	5	12	10
TOTAL COMARCA	11	89	121	245
TOTAL PROVINCIA	150	953	2.083	7.935

TÁBOA 16: Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos.

O concello do Barco de Valdeorras concentra todas as ofertas producidas no sector primario menos unha, o 88,76% das ofertas do sector secundario, o 88,43% das ofertas da construción e o 76,33% das ofertas dos servizos.

Os demais concellos mostran porcentaxes pequenas de ofertas; destaca Vilamartín de Valdeorras, que ten o 5,62% das ofertas do sector secundario, o 9,92% das ofertas da construción e o 4,08% das ofertas dos servizos. A Rúa ten o 6,94% das ofertas do sector servizos.





GRÁFICO 5: Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.


O 53% das ofertas da comarca de Valdeorras concéntranse no sector servizos, o 26% na construción, e o 19% no sector secundario e o 2% no sector primario

GRÁFICO 6: Distribución porcentual das ofertas na industria.



En canto á industria, as outras industrias concentran o 58% das ofertas, a madeira o 16%, a alimentación o 12%, a fabricación de produtos minerais non metálicos o 11% e a metalurxia e fabricación de produtos metálicos o 3%.

GRÁFICO 7: Distribución porcentual das ofertas nos servizos.



O 25% das ofertas procedentes dos servizos na comarca de Valdeorras proceden das administracións públicas; séguenlle os servizos á comunidade, co 23%; a hostalería, co 14%, e o comercio e os outros servizos, ambos cun 9%. As demais actividades concentran o 20% restante.

TÁBOA 17: Evolución das ofertas por sectores económicos.

	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Primario	4	13	9	19	11
Secundario	85	90	78	96	89
Construción	166	112	124	115	121
Servizos	364	366	329	289	245
TOTAL COMARCA	619	581	540	519	466
TOTAL PROVINCIA	12.969	11.664	10.871	11.116	11.122

O sector primario experimenta unha evolución crecente en canto ao número de ofertas, explicable en parte polos baixos niveis de partida. O sector secundario crece, cunha variación media anual do 1,16%, amosando unha evolución descontinua. O sector da construción decrece durante o período, obtendo unha variación media anual de -7,70% e a súa evolución caracterízase tamén pola discontinuidade, cun forte decrecemento entre 2000 e 2001, onde alcanza unha variación interanual de -32,53%, manténdose o nivel das ofertas máis ou menos estable, con altibaixos, nos seguintes anos.

O sector servizos reduce as ofertas a un ritmo medio anual de -9,42%. Caracterízase por unha traxectoria descendente a partir de 2001.

5.3.3.- Perfil básico das ofertas

O 7,30% das ofertas de emprego que foron xestionadas polo servizo público de emprego tiveron como requirimento o sexo para acceder a un posto de traballo. O 44,12% das ofertas demandaba homes e o 55,88% mulleres.

Dentro do sector servizos, os homes son máis demandados en transporte e comunicacións, e as mulleres en outros servizos. Na construción só se solicitan a homes neste subconxunto de ofertas.

O 45,92% das ofertas solicitan un determinado nivel académico. Dentro destas ofertas, un 32,71% requiren ter certificado de escolaridade, un 38,32% ensino obrigatorio, e un 12,62% titulación universitaria.

No caso dos servizos, as ofertas concéntranse nas administracións públicas para os niveis de certificado de escolaridade e ensino obrigatorio. No caso de titulacións universitarias concéntranse nos servizos á comunidade.

5.3.4.- Análise ocupacional das ofertas

	2000	2001	2002	2003	2004
Axente comercial / Vendedor	35	19	20	51	20
Camareiro - Barman	15	28	34	16	19
Empregado/a do fogar	2	4	3	5	10
Traballador forestal/peón extinción de incendios	0	5	23	5	9
Albanel	13	19	17	8	8
Peón de albanel/Peón de obras públicas	18	38	43	6	8
Auxiliar de axuda a domicilio/Coidador de anciáns	0	3	10	6	8
Conductor de autobús	0	0	0	0	7
Operario de maquinaria de movemento de terras	2	3	1	7	6
Auxiliar administrativo	10	8	7	7	5
Inst.montador instalacións eléct/ Electricista/Aux. electric.	17	9	12	3	5

TÁBOA 18.1: Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.

As ocupacións máis ofertadas polos centros colaboradores na comarca de Valdeorras en 2004 son a de axente comercial/vendedor e camareiro-barman. En canto á súa evolución, a primeira ocupación caracterízase polo decaemento, cunha variación media anual de -13,06%, así como pola discontinuidade.

En canto á ocupación de camareiro-barman, esta evoluciona de xeito positivo, obtendo unha variación media anual de 6,09%.

TÁBOA 18.2: Ocupacións máis ofertadas nas oficinas de emprego.

	2000	2001	2002	2003	2004
Peón da construción de edificios	31	2	4	13	23
Albanel	38	1	3	9	19
Peón de exterior de minas e canteiras	13	8	12	7	19
Peón da ind. manufactureira, en xeral	19	17	17	30	14
Asistente domiciliario (auxiliar axuda domicilio)	13	1	0	9	10
Conductor de camión, en xeral	18	11	5	9	10
Coidadora de gardería infantil	0	0	0	3	9
Empregado administrativo, en xeral	9	4	3	12	8
Carpinteiro, en xeral	8	4	0	1	8
Peón de obras públicas, en xeral	0	0	3	17	8

Nas oficinas de emprego as ocupacións máis ofertadas en 2004 son a de peón da construción de edificios, albanel e peón de exterior de minas en canteiras.

A ocupación de peón da construción de edificios retrocede no número de ofertas, cunha variación media anual de -7,19%, mentres que a ocupación de albanel fai o propio, cunha variación media -15,91%. Pola contra, peón de exterior de minas e canteiras aumenta, cunha variación media anual de 9,95%.

5.4.- CONTRATOS

5.4.1.- Número de contratos no ámbito comarcal

	Nº
A Rúa	506
A Veiga	69
Carballada de Valdeorras	1.460
Larouco	120
O Barco de Valdeorras	1.760
O Bolo	62
Petín	87
Rubiá	162
Vilamartín de Valdeorras	458
TOTAL COMARCA*	4.684
TOTAL PROVINCIA	55.273

TÁBOA 19: Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2004.

Os concellos do Barco e de Carballada de Valdeorras concentran o 37,57% e o 31,17% da contratación comarcal respectivamente. Os seguintes concellos en orde de importancia son A Rúa e Vilamartín de Valdeorras, co 10,80% e o 9,78% respectivamente. Os demais concellos presentan porcentaxes por debaixo do 4%.

Os contratos da comarca de Valdeorras supoñen o 8,47% do total dos contratos da provincia de Ourense.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
A Rúa	562	585	452	491	506
A Veiga	94	81	80	78	69
Carballada de Valdeorras	1.715	1.802	1.781	1.739	1.460
Larouco	123	127	82	104	120
O Barco de Valdeorras	1.650	1.451	1.637	1.804	1.760
O Bolo	58	49	51	100	62
Petín	80	63	80	68	87
Rubiá	133	159	109	146	162
Vilamartín de Valdeorras	448	513	559	570	458
TOTAL COMARCA	4.863	4.830	4.831	5.100	4.684
TOTAL PROVINCIA	48.332	48.607	49.367	50.587	55.273

TÁBOA 20: Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Período 2000-2004.

A contratación na comarca de Valdeorras redúcese lixeiramente durante o período 2000-2004 cunha variación media anual de -0,93%, mentres que na provincia a contratación aumenta cunha variación media anual do 3,41%. A evolución comarcal caracterízase pola discontinuidade: entre 2000 e 2001, a contratación descende, sendo a variación interanual de -0,68%; entre 2001 e 2002 mantense practicamente o número de contratos; entre 2002 e 2003 ascende cunha variación interanual do 5,57%; e entre 2003 e 2004 descende a un ritmo interanual de -8,16%. Fronte a estes datos, na provincia a contratación aumenta de xeito continuado e con intensidade crecente.

En termos absolutos o maior crecemento experimentase no Barco de Valdeorras, feito que supón unha variación media anual de 1,63%, producíndose unha evolución discontinua durante o quinquenio. En termos relativos,

* Por un cambio metodolóxico na extracción da información das bases de datos, existe unha pequena diferenza entre os valores dos anos 2000 ao 2002, apenas un 0,6%, subsanada nos anos posteriores, con respecto aos datos que proporciona o Servizo Público de emprego estatal (INEM) na súa web.

Rubiá é o concello que máis crece, cunha variación media anual do 5,05%. Con respecto aos demais concellos, Petín medra a un ritmo medio anual do 2,12%, O Bolo fai o mesmo pero cunha variación do 1,68%, e Vilamartín de Valdeorras mantense. No resto dos concellos descende a contratación: A Veiga, cunha variación media anual de -7,44%; Carballeda de Valdeorras, de -3,94%; A Rúa, de -2,59%; e Larouco, de -0,62%. En Carballeda de Valdeorras o descenso da contratación prodúcese despois de 2001

5.4.2.- Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

TÁBOA 21: Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2004.

	Nº CONTRATOS		
	Homes	Mulleres	Total
Menos de 26 anos	1.020	488	1.508
De 26 a 35 anos	909	583	1.492
De 36 a 45 anos	569	380	949
De 46 a 55 anos	373	192	565
De 56 e máis anos	135	35	170
TOTAL COMARCA	3.006	1.678	4.684
TOTAL PROVINCIAL	30.749	24.524	55.273

O 64,18% dos contratos comarcais realízanse ao colectivo masculino e o 35,82% ao feminino. O perfil dos contratos é máis masculinizado que o provincial, xa que na provincia o 55,63% está asinado por homes, e o 44,37% polas mulleres.

O 64,04% dos contratos son asinados por menores de 36 anos, pertencendo un 41,19% aos homes e un 22,87% ás mulleres. Para todos os grupos de idade hai maior presenza masculina que feminina.

TÁBOA 22: Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Homes	3.300	3.240	3.182	3.336	3.006
Mulleres	1.563	1.590	1.649	1.764	1.678
TOTAL CONTRATOS	4.863	4.830	4.831	5.100	4.684

A contratación masculina na comarca de Valdeorras diminúe, cunha variación media anual de -2,31%; pola contra, a contratación feminina crece, cunha variación media anual do 1,79%.

Os contratos a homes redúcense durante o período, excepto entre 2002 e 2003, cando aumentan a un ritmo interanual do 4,84%; entre 2003 e 2004 prodúcese o maior retroceso, cunha variación interanual de -9,89%. Os contratos ás mulleres crecen de xeito continuado ata que entre 2003 e 2004 experimentan un retroceso que reflicte unha taxa interanual de -4,88%.




GRÁFICO 8: Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 2000-2004. Valores proporcionais.

A contratación masculina obtén o valor máis alto en 2000, o 67,86% da contratación total. A súa evolución para o resto do período é lixeiramente descendente, producíndose o valor máis baixo en 2004, cunha porcentaxe do 64,18% da contratación. Polo tanto, a tendencia feminina é lixeiramente ascendente. Ao final do período, a distancia entre contratación masculina e feminina é menor que ao inicio. Así, a diferenza entre ambos os grupos en 2000 era de 35,72 puntos e en 2004 de 28,36 puntos.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Menor de 26 anos	1.663	1.608	1.634	1.690	1.508
De 26 a 35 anos	1.555	1.596	1.606	1.664	1.492
De 36 a 45 anos	1.012	955	983	1.070	949
De 46 a 55 anos	482	521	473	544	565
De 56 e máis anos	151	150	135	132	170
TOTAL CONTRATOS	4.863	4.830	4.831	5.100	4.684

TÁBOA 23: Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 2000-2004.

Os únicos grupos de idade nos que medra o número de contratos son o de entre 46 e 55 anos, cunha variación media anual do 4,05% e o dos maiores de 55 anos, cunha variación media anual do 3,01%. O primeiro grupo só experimenta un retroceso na contratación entre 2001 e 2002, cunha variación interanual de -9,21%. En canto aos maiores de 55 anos, a contratación descende continuamente ata que entre 2003 e 2004 recupera o crecemento, rexistrándose unha variación interanual do 28,79%.

O maior descenso prodúcese na contratación dos menores de 26 anos, cunha variación media anual de 2,42%, perdendo contratos de xeito agudo entre 2003 e 2004, cunha variación interanual de -10,77%. Os de entre 26 e 35 anos experimentan unha variación media anual descendente de -1,03%, cunha evolución caracterizada polo crecemento ata que entre 2003 e 2004 se rexistra unha perda cun ritmo interanual de -10,34%. Os de entre 36 e 45 anos reflicten o seu descenso na variación media anual, que é de -1,59%, sendo tamén entre 2003 e 2004 cando se observa o maior descenso no número de contratos, presentando unha variación interanual de -1,59%.


5.4.3.- Contratación comarcal segundo os sectores económicos

TÁBOA 24: Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos. Ano 2004.

	N.º
SECTOR PRIMARIO	86
Agricultura e pesca	86
SECTOR SECUNDARIO	1.868
Industria e electricidade	1.868
SECTOR CONSTRUCCIÓN	763
Construción	763
SECTOR SERVIZOS	1.967
Comercio e hostalería	904
Transporte e comunicacións	143
Outros servizos	920
TOTAL CONTRATOS	4.684


O 41,99% da contratación comarcal realízase no sector servizos; destacan o subsector de outros servizos, co 19,64%; e o comercio e hostalería, co 19,30%. O seguinte sector en importancia é o secundario, co 39,88% da contratación, e tras el aparece a construción, co 16,29%; por último, atópase o sector primario, co 1,84%.

GRÁFICO 9: Distribución porcentual da contratación na industria.



O 72% da contratación na industria prodúcese en outras industrias, o 12% en fabricación de produtos minerais non metálicos e o 8% na alimentación. O 8% restante distribúese nas demais categorías.

GRÁFICO 10: Distribución porcentual da contratación nos servizos.



O 29% dos contratos nos servizos realízanse ao comercio, o 15% á hostalería e o 14% ás actividades inmobiliarias e aos servizos á comunidade, respectivamente. O 28% restante distribúese nas actividades que se reflicten no gráfico.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
SECTOR PRIMARIO	68	18	25	26	14	14	7
Agricultura e pesca	68	18	25	26	14	14	7
SECTOR SECUNDARIO	1.365	503	586	645	398	211	28
Industria e electricidade	1.365	503	586	645	398	211	28
SECTOR CONSTRUCCIÓN	713	50	273	175	147	111	57
Construción	713	50	273	175	147	111	57
SECTOR SERVIZOS	860	1.107	624	646	390	229	78
Comercio e hostalería	312	592	353	256	157	111	27
Transporte e comunicacións	113	30	13	59	43	18	10
Outros servizos	435	485	258	331	190	100	41
TOTAL CONTRATOS	3.006	1.678	1.508	1.492	949	565	170

TÁBOA 25: Distribución da contratación comarcal segundo os sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2004.

En todos os sectores excepto nos servizos predomina a contratación masculina sobre a feminina. Deste xeito, no sector primario os homes representan o 1,45% da contratación comarcal fronte ao 0,38% das mulleres. No sector secundario pertencen aos homes o 29,14% fronte ao 10,74% das mulleres. Na construción as cifras son do 15,22% e o 1,07% respectivamente, sendo a diferenza máis acusada. Pola contra, no sector servizos os contratos ás mulleres representan o 23,63% fronte o 18,36% dos homes. En canto aos subsectores dos servizos, só en transporte e comunicacións predomina a presenza masculina, co 2,41% fronte ao 0,64% das mulleres. No comercio e hostalería as mulleres representan o 12,64% fronte o 6,66% dos homes, e nos outros servizos o 10,35% fronte ao 9,29%.

No sector servizos os contratos a menores de 36 anos e aos de entre 26 e 35 anos obteñen porcentaxes semellantes, o 13,32% do total da contratación e o 13,79% respectivamente; o mesmo acontece no sector secundario, no que os contratos aos menores de 26 anos ascenden ao 12,51% e aos de entre 26 e 35 anos ao 13,77%.

Na construción e no sector primario a maior porcentaxe de contratación prodúcese entre os menores de 36 anos, o 9,57% e o 1,09% do total de contratos comarcais, respectivamente.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	49	47	18	83	86
Agricultura e pesca	49	47	18	83	86
SECTOR SECUNDARIO	2.004	2.078	2.121	2.211	1.868
Industria e electricidade	2.004	2.078	2.121	2.211	1.868
S. CONSTRUCCIÓN	791	795	755	849	763
Construción	791	795	755	849	763
SECTOR SERVIZOS	2.019	1.910	1.937	1.957	1.967
Comercio e hostalería	1.027	928	976	931	904
Transporte e comunicacións	163	143	151	126	143
Outros servizos	829	839	810	900	920
TOTAL CONTRATOS	4.863	4.830	4.831	5.100	4.684

TÁBOA 26: Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 2000-2004.


A contratación decrece durante o período 2000-2004 para todos os sectores excepto para o primario, que aumenta a unha taxa media anual de 15,10%.

O sector secundario, tras o crecemento continuado que se produce ata 2003, descende de forma importante ente 2003 e 2004, acadando unha variación interanual de -15,51%, o que determina unha evolución decrecente para o período, cun saldo medio anual de contracción de -1,74%. O sector da construción experimenta unha evolución descontinua, na que os descenso son máis significativos que os crecementos, producíndose, como resultado, unha variación media anual de -0,90%.

O sector servizos só decrece na contratación entre 2000 e 2001, cunha variación interanual de -5,40%; este decaemento ten máis intensidade que as posteriores subidas, polo que a súa variación media anual para o período é de -0,65%. En canto aos subsectores, o único que aumenta son os outros servizos, cunha variación media do 2,64%; o comercio e hostalería retrocede na contratación, cunha variación media de -3,14% e o transporte e comunicacións retrocede, cunha variación media de -3,22%.

5.4.4.- Tipoloxía da contratación laboral

GRÁFICO 11: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2004.



O 80% da contratación realizada na comarca é temporal a tempo completo. O 11% é contratación temporal a tempo parcial, e un 3% tanto os de prácticas/formación como o indefinido a tempo completo.

TÁBOA 27: Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2004.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	91	66	33	47	31	33	13
Indefinido tempo parcial	5	27	6	14	5	7	0
Temporal	2.603	1.115	1.118	1.218	800	446	136
Temporal tempo parcial	118	419	197	172	99	59	10
Prácticas/Formación	101	45	140	6	0	0	0
Outros	88	6	14	35	14	20	11
TOTAL CONTRATOS	3.006	1.678	1.508	1.492	949	565	170

A modalidade de contratación máis común para ambos os sexos así como para todos os grupos de idade é a temporal a tempo completo. A contratación masculina é a predominante para todas as modalidades excepto as de tempo parcial, que son máis comúns para o colectivo feminino. Así, as mulleres acadan unha porcentaxe de 8,95% do total da contratación comarcal na modalidade temporal a tempo parcial fronte ao 2,52% dos homes, e 0,58% na modalidade indefinido a tempo parcial fronte ao 0,11% dos homes.

A contratación temporal a tempo completo é do 49,87% do total da contratación para os menores de 36 anos. A contratación temporal a tempo parcial tamén amosa a súa maior incidencia entre os menores de 36 anos, acadando o 7,88%. A contratación en prácticas incide grandemente nos menores de 26 anos, representando o 2,99% do total. A contratación indefinida preséntase máis frecuentemente no intervalo de idade de entre 26 e 35 anos.

	PRIMARIO Agr., Gand.	SECUNDARIO Industr. e Electric.	CONSTRUCCIÓN Construc.	Comerc.	SERVIZOS Transp.	Outros	Total
Indefinido	0	48	15	67	4	23	94
Indefinido tempo parcial	0	X	X	17	0	11	28
Temporal	86	1.742	675	506	126	583	1.215
Temporal tempo parcial	0	48	16	260	13	200	473
Prácticas/Formación	0	27	56	54	0	9	63
Outros	0	0	0	0	0	94	94
TOTAL CONTRATOS	86	X	X	904	143	920	1.967

TÁBOA 28: Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2004.

A modalidade de contratación temporal a tempo completo sobresaí en todos os sectores e subsectores. O sector secundario concentra a maior porcentaxe deste tipo de contratos: o 37,19% do total da contratación da comarca. O sector servizos concentra o 25,94%, destacando a porcentaxe acadada en outros servizos, o 12,45%, e en comercio, o 10,80%. O resto das modalidades contractuais predominan tamén no sector servizos. Cómpre destacar os contratos temporais a tempo parcial, que se concentran tamén no dito sector, cunha porcentaxe do 10,10%, obtendo un maior peso no comercio, co 5,55%.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Indefinido	248	153	141	165	157
Indefinido tempo parcial	33	23	18	31	32
Temporal	3.808	3.942	3.992	4.202	3.718
Temporal tempo parcial	560	480	504	486	537
Prácticas/Formación	109	129	110	133	146
Outros	105	103	66	83	94
TOTAL CONTRATOS	4.863	4.830	4.831	5.100	4.684

TÁBOA 29: Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 2000-2004.

A única modalidade contractual que evoluciona positivamente na comarca é a de prácticas/formación, que presenta unha variación media anual do 7,58%. A contratación temporal a tempo completo experimenta unha baixada, cunha variación media anual de -0,60%; a pesar do crecemento producido ata 2003, en 2004 dáse unha redución cun ritmo de caída interanual de -11,52% que determina a súa evolución global negativa. Maior é o descenso relativo producido na contratación temporal a tempo parcial, cunha variación media anual de -1,04%, e que segue unha evolución discontinua. A contratación indefinida diminúe a un ritmo medio anual de -10,80%; unha traxectoria descendente que presenta unha lixeira recuperación en 2003. Por último, a contratación indefinida a tempo parcial mantense practicamente nos mesmos valores que ao inicio do quinquenio.

5.4.5.- Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

TÁBOA 30: Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2004.

	CONTRATOS Nº	V. MEDIA 00-04
1. Dirección de empresas e administracións públicas	16	7,46
HOMES	9	6,48
MULLERES	7	8,78
2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais	207	0,49
HOMES	131	-1,47
MULLERES	76	4,39
3. Técnicos e profesionais de apoio	148	21,91
HOMES	71	16,16
MULLERES	77	28,78
4. Empregados de tipo administrativo	214	-0,23
HOMES	57	-8,69
MULLERES	157	4,04
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	722	1,36
HOMES	166	-1,87
MULLERES	556	2,43
6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca	67	37,03
HOMES	50	37,47
MULLERES	17	35,79
7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufacturera, construción e minería	586	-3,83
HOMES	560	-3,69
MULLERES	26	-6,49
8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	1.510	-1,76
HOMES	1.229	-2,28
MULLERES	281	0,72
9. Traballadores non cualificados	1.214	-2,73
HOMES	733	-3,38
MULLERES	481	-1,69
TOTAL CONTRATOS	4.684	-0,93
TOTAL HOMES	3.006	-2,31
TOTAL MULLERES	1.678	1,79

Os grandes grupos de ocupación cun maior volume de contratación son:

- Operadores de instalación de maquinaria e montadores: 32,24%.
- Traballadores non cualificados: 25,92%.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio: 15,41%.

Segundo o xénero, os grupos máis significativos son os seguintes:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
• Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores: 26,24%. • Traballadores non cualificados: 15,65%. • Artesáns/traballadores cualificados da industria manufacturera, construción e minería: 11,96%.	• Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio: 11,87%. • Traballadoras non cualificadas: 10,27%. • Operadoras de instalacións e maquinaria, e montadoras: 6%.

En tres grupos de ocupación predomina a presenza feminina:

- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio: supón un 11,87% do total para o colectivo feminino e un 3,54% para o colectivo masculino.

- Empregadas de tipo administrativo: o 3,35% para o colectivo feminino e o 1,22% para o masculino.
- Técnicos e profesionais de apoio: o 1,64% para o colectivo feminino e o 1,52% para o masculino.

5.4.6.- Ocupacións máis contratadas

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL	HOMES	MULLERES	RATIO MASCUL. ¹
81120066	Operador de máquina cortadora de rochas	417	187	230	44,84
81120130	Operador de máquina de labrar pedra e/ou lousa	267	264	3	98,88
86300016	Conductor de camión, en xeral	254	246	8	96,85
81120077	Operador de máquina cortabloques de rochas	212	208	4	98,11
96020014	Peón da construción de edificios	206	199	7	96,60
97000141	Embalador, empaquetador, etiquetador á man	204	51	153	25,00
53300010	Dependente de comercio, en xeral	200	26	174	13,00
50200018	Camareiro, en xeral	195	43	152	22,05
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	155	7	148	4,52
95000015	Peón de exterior de minas e canteiras	149	118	31	79,19
TOTAL		2.259	1.349	910	59,72

TÁBOA 31: As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2004.

(1) Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100

O 48,23% dos contratos da comarca de Valdeorras realízanse entre as dez ocupacións máis contratadas. Cómpre destacar a ocupación de operador de máquina cortadora de rochas, co 8,90%; operador de máquina de labrar pedra e/ou lousa, co 5,70%; e conductor de camión, co 5,42%.

As ocupacións máis contratadas para o colectivo masculino son: operador de máquina de labrar pedra e/ou lousa, conductor de camión e operador de máquinas cortabloques de rochas. Para o colectivo feminino, operadora de máquina cortadora de rochas, dependente de comercio e embaladora, empaquetadora, etiquetadora á man.

A presenza da contratación masculina é superior á feminina no conxunto das dez ocupacións, cun ratio de masculinidade do 59,72%. Destacan, polo alto nivel de contratación masculina, as ocupacións de operador de máquina de labrar pedra e/ou lousa, cun ratio do 98,88%; operador de máquinas cortabloques de rochas, cun ratio do 98,11%; conductor de camión, ratio do 96,85%; e peón da construción, ratio do 96,60%. Pola contra, predomina a contratación feminina nas de muller/mozo de limpeza, limpador en xeral, cun ratio do 4,52%; dependente de comercio, ratio do 13%; camareira, ratio do 22,05%; e embaladora, empaquetadora, etiquetadora á man, ratio do 25%.

TÁBOA 32: Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 2000 e 2004.

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	Nº CONTRATOS				
		2000	2001	2002	2003	2004
81120066	Operador de máquina cortadora de rochas	586	577	735	566	417
81120130	Operador de máquina de labrar pedra e/ou lousa	267	281	218	295	267
86300016	Conductor de camión, en xeral	294	303	306	334	254
81120077	Operador de máquina cortabloques de rochas	186	215	206	254	212
96020014	Peón da construción de edificios	144	154	121	99	206
97000141	Embalador, empaquetador, etiquetador á man	183	202	176	233	204
53300010	Dependente de comercio, en xeral	161	147	185	226	200
50200018	Camareiro, en xeral	180	167	185	184	195
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	148	137	120	152	155
95000015	Peón de exterior de minas e canteiras	274	274	262	238	149
71100016	Albanel	184	134	151	130	143
42100010	Empregado administrativo, en xeral	188	149	145	132	105
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	412	402	511	341	81

As ocupacións que ao longo do período 2000-2004 deixan de estar entre as dez máis contratadas son: empregado administrativo, albanel e peón da industria manufactureira. As tres sofren descenso que se reflicten nas seguintes variacións medias anuais: de -13,55%, de -6,11% e de -33,41% respectivamente.

Os aumentos máis importantes prodúcense en peón da construción de edificios, cunha variación media anual do 9,36%; dependente de comercio, cunha variación media anual do 5,57%; e operador de máquina cortabloques de rochas, cunha variación media anual do 3,33%.

As ocupacións nas que máis descende a contratación son peón de exterior de minas e canteiras, cunha variación media anual de -14,13%; operador de máquina cortadora de rochas, cunha variación media anual de -8,15%; e conductor de camión, cunha variación media anual de -3,59%.

5.5.- FORMACIÓN PROFESIONAL OCUPACIONAL

FAMILIA PROFESIONAL	ALUMNOS		CURSOS	
	Nº	% comarca/provincia	Nº	% comarca/provincia
Agraria	19	11,38	1	10,00
Administración e oficinas	31	5,22	2	5,56
Comercio	15	3,70	1	3,85
Servizos ás empresas	47	2,69	3	2,73
Industria pesada e construcións metálicas	17	10,90	1	9,09
Sanidade	64	11,07	4	11,76
Servizos á comunidade e persoais	16	2,56	1	2,86
Transportes e comunicacións	15	24,59	1	25,00
Turismo e hostalería	15	5,75	1	6,25
TOTAL	239	3,89	15	3,91


TÁBOA 33: Número de alumnos e cursos de formación profesional ocupacional por familia profesional. Ano 2004.

En 2004 formáronse 239 persoas na modalidade de formación profesional ocupacional. Esta cifra representa o 3,89% dos alumnos formados na provincia de Ourense. A familia profesional na que participaron máis alumnos é a de sanidade, cunha porcentaxe do 26,78% do total do alumnado, o que supón o 11,07% da mesma especialidade na provincia. Séguenlle a familia de servizos ás empresas, coa porcentaxe do 19,67% dos alumnos comarcais e, posteriormente, administración de oficinas, co 12,97%. A familia na que máis cursos se ofertaron é sanidade con 4, seguida dos servizos ás empresas, con 3.

5.6.- CONCLUSIONES

- A maioría das empresas e traballadores autónomos comarcais concéntranse no sector servizos mentres que a maior parte dos traballadores por conta allea o fan no sector secundario. O número de empresas, traballadores por conta allea e autónomos experimenta incrementos no período 2000-2004. O maior incremento relativo deuse entre os traballadores autónomos.
- O sector servizos rexistra un crecemento en número de empresas, de traballadores por conta allea e, en maior medida, de traballadores autónomos. O sector primario perde empresas e autónomos, pero incrementa os traballadores. A construción experimenta descensos no número de empresas e, con máis intensidade, no de traballadores por conta allea. O sector secundario sobe nos tres factores sinalados.
- A comarca de Valdeorras concentra, respecto á provincia de Ourense, o 7,26% dos demandantes parados e o 6,91% dos non parados. A metade dos demandantes de emprego pertencen ao Barco de Valdeorras.
- Case seis de cada dez demandantes son parados con emprego anterior, seguidos, a moita distancia, dos non parados con emprego anterior. Máis da metade dos demandantes son mulleres, cantidade lixeiramente superior á correspondente á provincia de Ourense. O intervalo de idade no que se dan máis casos de demandantes é o de entre 26 e 35 anos. En canto ao nivel académico, o 72,4% dos demandantes parados teñen titulación de ensinanza obrigatoria ou certificado de escolaridade.
- Por tempo de busca de emprego, o máis común é levar menos de 6 meses no proceso. A partir dos 55 anos para os homes e dos 45 para as mulleres predominan os parados de longa duración.
- O sector servizos é de onde proceden a maioría dos demandantes de emprego, destacando o comercio e as actividades inmobiliarias. O segundo sector en importancia é o secundario, e nel destacan os demandantes procedentes das outras industrias e da fabricación de produtos minerais non metálicos. A ocupación máis demandada na comarca é a de muller/mozo de limpeza, limpador en xeral.
- A comarca de Valdeorras concentra o 4,19% das ofertas da provincia de Ourense en 2004, destacando polo volume de ofertas o concello do Barco de Valdeorras, que concentra máis de oito de cada dez. Durante o período 2000-2004 as ofertas descenden de xeito continuado e a un ritmo máis acusado que o provincial.
- Algo máis da metade das ofertas comarcais prodúcense no sector servizos, concentrando o concello do Barco de Valdeorras unha parte importante das ofertas producidas en todos os sectores. Nos servizos destacan as ofertas procedentes das administracións públicas, mentres que na industria as ofertas máis numerosas son as chegadas de outras industrias. No período 2000-2004 rexístranse descensos de importancia no sector servizos e na construción.
- As ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores do servizo público de emprego galego e nas oficinas de emprego son as de axente comercial/vendedor e camareiro-barman. Nas oficinas de emprego sobresaen as ofertas de albanel e peón da construción de edificios.
- Os contratos realizados na comarca de Valdeorras en 2004 representan o 8,47% do total dos da provincia de Ourense. En canto aos concellos, onde máis se asinan contratos é no Barco de Valdeorras e en Carballada de Valdeorras, aínda que neste último non existe equiparación entre os contratos e as ofertas comarcais, que se sitúan moi por debaixo. A tendencia da contratación no quinquenio 2000-2004 é lixeiramente descendente.

- A contratación ao colectivo masculino predomina sobre a contratación feminina, de tal xeito que máis de seis de cada dez contratos son asinados por homes, o que supón unha cifra máis alta que a provincial. A contratación só evoluciona positivamente durante o quinquenio no caso das mulleres.
- A contratación na comarca concéntrase fundamentalmente nos traballadores menores de 36 anos. Nos únicos grupos de idade nos que non se reduce a contratación son os de entre 46 e 55 anos e no de maiores de 55 anos.
- Catro de cada dez contratos realízanse no sector servizos; destacan os outros servizos e o comercio. O segundo sector en importancia é o secundario, no que se asinan case catro de cada dez contratos. En todos os sectores excepto no primario decrece a contratación.
- Oito de cada dez contratos asinados na comarca son temporais a tempo completo e este tipo de contratación é o máis común en todos os grupos de idade, sectores e en ambos os sexos. As contratacións a tempo parcial son máis frecuentes no caso do colectivo feminino. Todas as modalidades de contratación descendén durante o quinquenio, excepto os contratos en prácticas/formación.
- Para o colectivo masculino o grupo de ocupación con maior contratación é o dos operadores de instalacións e maquinaria, e montadores. Para as mulleres é o de traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio. As ocupacións máis contratadas son a de operador de máquina cortadora de rochas e operador de máquina de labrar pedra e/ou lousa.
- En canto á formación profesional ocupacional, a familia na que máis alumnos participaron é a de sanidade.



Comarca de Verín



5.1.- TECIDO EMPRESARIAL

5.1.1.- Tecido empresarial comarcal. Situación actual

SECTORES	EMPRESAS		TRABALLADORES		AUTÓNOMOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
SECTOR PRIMARIO	23	2,91	566	14,54	43	3,42
Agricultura e pesca	23	2,91	566	14,54	43	3,42
SECTOR SECUNDARIO	128	16,20	696	17,87	128	10,19
Industria e electricidade	128	16,20	696	17,87	128	10,19
SECTOR CONSTRUCCIÓN	151	19,11	682	17,51	213	16,96
Construcción	151	19,11	682	17,51	213	16,96
SECTOR SERVICIOS	488	61,77	1.950	50,08	872	69,43
Comercio e hostalería	278	35,19	1.058	27,17	604	48,09
Transporte e comunicacións	38	4,81	162	4,16	101	8,04
Outros servizos	172	21,77	730	18,75	167	13,30
TOTAL	790	100,00	3.894	100,00	1.256	100,00

TÁBOA 1: Número de empresas, traballadores e autónomos.

As empresas da comarca de Verín dedícanse maioritariamente á prestación de servizos –61,77%–. Dentro do sector terciario destaca o gran peso relativo do comercio e a hostalería –35,19%– e o dos outros servizos –21,77%–. O segundo sector de maior importancia na comarca, moi distante dos servizos, é o da construción, que representa o 19,11%.

A metade dos traballadores por conta allea tamén desenvolven o seu labor nos servizos –50,08%–. O comercio e hostalería é, como no caso das empresas, o subsector máis relevante –27,17%–, seguido do dos outros servizos –18,75%–. Fóra dos servizos, a maior parte dos traballadores sitúanse por igual no secundario, co 17,87%, e na construción, co 17,51%.

Os autónomos tamén se agrupan maioritariamente no sector terciario –69,43%–. Comercio e hostalería é, igual que sucede coas empresas e traballadores por conta allea, o subsector máis relevante, aínda que neste caso a proporción é moito máis elevada –48,09%–. O segundo sector que reúne o maior número de autónomos é o da construción, co 16,96%.

5.1.2.- Evolución anual

TÁBOA 2: Evolución do número de empresas.
Período 2000-2004.

	EMPRESAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	56	54	49	15	23
Agricultura e pesca	56	54	49	15	23
SECTOR SECUNDARIO	127	124	126	128	128
Industria e electricidade	127	124	126	128	128
SECTOR CONSTRUCCIÓN	163	159	152	145	151
Construción	163	159	152	145	151
SECTOR SERVICIOS	412	447	436	461	488
Comercio e hostalería	243	265	257	273	278
Transporte e comunicacións	33	34	37	35	38
Outros servizos	136	148	142	153	172
TOTAL	758	784	763	749	790

A evolución do número de empresas da comarca no período 2000-2004 amosa un crecemento moderado –variación media do 1,04%–. Neste tempo non houbo grandes oscilacións. As empresas medraron ao principio e ao final do período e decreceron nos anos intermedios; en todo caso, os ritmos de expansión e regresión foron moderados ou de baixa intensidade. A variación interanual máis elevada produciuse en 2003-2004, que foi do 5,47%.

A evolución das empresas desagregada por sectores económicos mostra traxectorias dispares. Nos servizos aumentaron, cunha variación media do 4,32%; no secundario permaneceron estancadas; na construción decreceron levemente, presentando unha variación media negativa de -1,89%; e no primario, onde o número de partida é moi reducido, diminuíron de xeito notable, cunha variación media de -19,95%.

As empresas de servizos aumentaron todos os anos entre un 6% e un 8%, agás no ano 2002, en que decreceron lixeiramente. Os principais subsectores terciarios, o comercio e hostalería e os outros servizos, seguiron este mesmo comportamento –expansión en todos excepto en 2002– pero con variacións de intensidade.

TÁBOA 3: Evolución do número de traballadores.
Período 2000-2004.

	TRABALLADORES				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	595	593	569	576	566
Agricultura e pesca	595	593	569	576	566
SECTOR SECUNDARIO	839	808	755	693	696
Industria e electricidade	839	808	755	693	696
SECTOR CONSTRUCCIÓN	660	680	665	676	682
Construción	660	680	665	676	682
SECTOR SERVICIOS	1.558	1.746	1.752	1.880	1.950
Comercio e hostalería	830	896	912	968	1.058
Transporte e comunicacións	142	164	173	179	162
Outros servizos	586	686	667	733	730
TOTAL	3.652	3.827	3.741	3.825	3.894

A evolución do número de traballadores por conta allea, igual que o das empresas, tamén amosa un crecemento moderado no transcurso do período 2000-2004 –variación media do 1,62%–. Este tipo de traballadores medraron en todos os anos menos en 2002, no que diminuíron nun 2,25%. A fase de maior expansión correspondeuse co ano 2001, no que houbo un incremento de asalariados do 4,79% respecto ao ano anterior.

O detalle por sectores económicos mostra diferentes evolucións. Os traballadores por conta allea nos servizos aumentaron notablemente ao longo do período –variación media do 5,77%–, na construción medraron levemente –variación media do 0,82%–, no primario experimentaron unha leve diminución –variación media negativa do -1,24%– e, por último, no secundario decreceron en maior magnitude, presentando unha variación media negativa do -4,56%.

Na análise das variacións interanuais destaca como fase de maior expansión a acontecida nos servizos en 2001, ano en que os asalariados aumentaron nun 12,07%. Pola banda contraria, a fase de maior regresión sucedeu no sector secundario en 2002, ano en que os traballadores por conta allea diminuíron nun 6,56%.

Os principais subsectores terciarios tiveron variacións medias próximas, comprendidas entre o 5,5% e o 6,5%, pero seguiron pautas evolutivas distintas. No do comercio e hostalería o incremento dos asalariados foi continuo, en tanto que no de outros servizos combináronse fases expansivas e regresivas.

	AUTÓNOMOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	31	36	36	43	43
Agricultura e pesca	31	36	36	43	43
SECTOR SECUNDARIO	114	106	108	122	128
Industria e electricidade	114	106	108	122	128
SECTOR CONSTRUCCIÓN	172	198	198	209	213
Construción	172	198	198	209	213
SECTOR SERVIZOS	677	758	769	802	872
Comercio e hostalería	466	525	527	546	604
Transporte e comunicacións	79	88	90	101	101
Outros servizos	132	145	152	155	167
TOTAL	994	1.098	1.111	1.176	1.256

TÁBOA 4: Evolución do número de autónomos. Período 2000-2004.

Os autónomos tamén medraron no período 2000-2004, igual que as empresas e os traballadores por conta allea, pero fixérono a un ritmo moito maior –variación media do 6,80%–. Este incremento do número de autónomos foi continuo; aconteceu ao longo de todo o quinquenio. A taxa de variación interanual máis elevada foi a de 2000-2001, co 10,46%, e a máis baixa a de 2001-2002, co 1,18%.

A expansión dos autónomos produciuse, ademais, en todos os sectores económicos. Nos servizos, a variación media foi do 6,53%, en tanto que na construción e no secundario foi algo menor –do 5,49% e do 2,94% respectivamente–. No sector primario medraron a maior ritmo que nos servizos –variación media do 8,52%–, pero en termos absolutos este dato tradúcese nun número moi pequeno, unha ducia de autónomos.

Na análise das variacións interanuais por sectores, obsérvase un comportamento moi positivo. Estas variacións foron sempre positivas ou, en moi poucas ocasións, nulas, agás no sector secundario en 2001, no que os autónomos diminuíron un 7,02%.

5.2.- DEMANDAS

5.2.1.- Demandantes galegos por concello

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Castrelo do Val	94	26	120
Cualedro	182	51	233
Laza	101	35	136
Monterrei	256	90	346
Oímbra	115	56	171
Riós	110	45	155
Verín	902	444	1.346
Vilardevós	195	77	272
TOTAL	1.955	824	2.779

TÁBOA 5: Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.

% comarca/provincia – PARADOS	10,67
% comarca/provincia - NON PARADOS	8,17

Case a metade das demandas de emprego tiveron lugar no concello de Verín, en concreto, o 48,43%. A outra metade das demandas repartiuse polos municipios da comarca do seguinte xeito: Monterrei, 12,45%; Vilardevós, 9,79%; Cualedro, 8,38%; Oímbra, 6,15%; Riós, 5,58%; Laza, 4,89%, e Castrelo de Val, 4,32%.

Os parados representan o 70,35% do total de demandantes da comarca e os non parados o 29,65%. Ademais, a proporción de demandantes parados é claramente superior á de non parados en todos os concellos. Respecto aos datos provinciais, a comarca de Verín reúne o 10,67% dos demandantes parados e o 8,17% dos non parados.

5.2.2.- Demandantes parados. Evolución

	2000	2001	2002	2003	2004
Parados comarca	1.845	1.712	1.887	1.946	1.955
Variación interanual %	-	-7,21	10,22	3,13	0,46
COMARCA/TOTAL PROVINCIA	10,45	10,24	10,36	10,55	10,67

TÁBOA 6: Evolución dos demandantes parados.

Os demandantes parados da comarca de Verín aumentaron no transcurso do intervalo 2000-2004. As variacións interanuais son positivas en todo o período excepto a de 2000-2001, ano no que diminuíron nun 7,21%. O peso relativo dos demandantes parados da comarca no total da provincia medrou lixeiramente, pasando de ser o 10,45% no ano inicial ao 10,67% no último ano de referencia.

5.2.3.- Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

TÁBOA 7: Situación laboral dos demandantes.

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	332	11,95	9,95
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	1.623	58,40	54,54
NON PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	108	3,89	4,96
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	429	15,44	15,09
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	88	3,17	4,80
	En expediente de regulación de emprego	4	0,14	0,32
	Demandantes de mellora de emprego	160	5,76	7,02
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	27	0,97	2,93
	Resto de demandantes	8	0,29	0,39
TOTAL		2.779	100,00	100,00

Os demandantes son maioritariamente parados con emprego anterior (58,40%). O segundo grupo máis importante de demandantes é o de non parados, tamén con emprego anterior (15,44%).

A distribución comarcal de demandantes de emprego segundo a súa situación laboral é similar á provincial. A coincidencia nos dous ámbitos é total en canto á orde de importancia dos diferentes grupos.

5.2.4.- Demandantes de emprego por sexo e idade

TÁBOA 8.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	94	110	10,43	13,49
26 a 35 anos	126	273	20,41	24,76
36 a 45 anos	154	301	23,27	21,60
46 a 55 anos	194	281	24,30	20,69
56 e máis anos	229	193	21,59	19,46
TOTAL COMARCA	797	1.158	100,00	10,67
TOTAL PROVINCIA	7.574	10.747	10,67	100,00

O colectivo feminino representa a maioría dos demandantes parados –59,23%–. O masculino, por tanto, supón o 40,77% restante. En función das idades, o grupo predominante é o de 46 a 55 anos –24,30% do total de demandantes parados da comarca–, seguido a pouca distancia polo de 36 a 45 anos, co 23,27%.

Tendo en conta a información cruzada por sexo e idades, o colectivo de demandantes parados de maior peso é o de mulleres de 36 a 45 anos, 15,40% do total de demandantes. O segundo e terceiro colectivos máis importantes están integrados tamén por mulleres e correspóndense cos grupos de idades de

46 a 55 anos –14,37%– e de 26 a 35 anos –13,96%–. Entre os homes, serie moito menos numerosa, o segmento de maior peso relativo é o de maiores de 55 anos, co 11,71% do total.

A maior cantidade de mulleres entre os demandantes parados ponse de manifesto en todas as idades excepto no grupo de maiores de 55 anos, no que o xénero masculino supera ao feminino.

Os datos por idades da comarca reflicten unha estrutura máis avellentada que a da provincia. Así, na comarca os demandantes parados maiores de 35 anos representan o 69,16%, fronte ao 61,75% que supoñen na provincia.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	48	61	13,23	19,89
26 a 35 anos	52	106	19,17	24,48
36 a 45 anos	55	116	20,75	19,75
46 a 55 anos	90	98	22,82	17,93
56 e máis anos	121	77	24,03	17,94
TOTAL COMARCA	366	458	100,00	8,17
TOTAL PROVINCIA	3.706	6.383	8,17	100,00

TÁBOA 8.2: Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.

As mulleres tamén representan a maioría dos demandantes non parados –55,58%– dunha maneira menos acentuada que na provincia. Por idades, predomina o grupo de 56 e máis anos –24,03%– e, a continuación, o de 46 a 55 anos, co 22,82%.

Cruzando as variables sexo e idade, vemos que o colectivo de demandantes non parados máis numeroso é o de homes de 56 e máis anos, co 14,68%, seguido moi de preto polo de mulleres de 36 a 45 anos, co 14,08%. O colectivo feminino, ademais, ten un maior peso relativo en todos os segmentos de idades agás no de maiores de 55 anos, no que o colectivo masculino é máis cuantioso, cunha diferenza de pouco máis de cinco puntos porcentuais.

A estrutura de idades dos demandantes non parados na comarca é moito máis avellentada que a da provincia. No primeiro ámbito territorial os maiores de 35 anos representan o 67,60%, en tanto que na provincia supoñen o 55,62%.




GRÁFICO 1: Distribución porcentual do total de demandantes por sexo e grupos de idade.

No gráfico da distribución porcentual do total de demandantes por sexo e grupos de idade, apréciase claramente o predominio dos de 46 a 55 anos e o maior número de demandantes mulleres en todas as idades agás no grupo de 56 e máis anos.

5.2.5.- Demandantes por nivel académico

TÁBOA 9: Distribución dos demandantes parados e non parados por nivel académico.

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Ata certificado de escolaridade*	1150	485	1.635
Titulación de ensinanza obrigatoria	528	181	709
Formación profesional	82	43	125
BUP/Bacharelato superior/COU	110	60	170
Titulados universitarios	57	48	105
Outras titulacións	28	7	35
TOTAL	1955	824	2.779

* Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade

O nivel académico dos demandantes é moi baixo. Case seis de cada dez non teñen máis que o certificado de escolaridade –58,83%–, e un de cada catro posúen a titulación de ensinanza obrigatoria –25,51%–. En suma, o conxunto de demandantes que teñen como máximo o ensino obrigatorio representa o 84,35% do total. No caso dos parados, esta proporción elévase ao 85,83% e no dos non parados baixa ata o 80,83%.

Atendendo agora ao resto de demandantes, isto é, aqueles que teñen un nivel académico superior ao ensino obrigatorio, obsérvase que predominan os que teñen o bacharelato –6,12%– ou a FP –4,50%–; estes dous grupos supoñen o 10,62% do total de demandantes. Estas porcentaxes son lixeiramente máis elevadas nos non parados e, por contra, algo máis pequenas nos parados. A suma dos que teñen o bacharelato ou a FP na serie de non parados dá un 12,5% e na de parados un 9,82%.

5.2.6.- Demandantes parados por tempo de busca de emprego

TÁBOA 10: Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

		Menos de 6 meses	De 6 meses a 1 ano	Máis de 1 ano	TOTAL
Menor de 26 anos	Homes	75	12	7	94
	Mulleres	67	22	21	110
26 a 35 anos	Homes	94	13	19	126
	Mulleres	105	49	119	273
36 a 45 anos	Homes	103	17	34	154
	Mulleres	86	46	169	301
46 a 55 anos	Homes	101	16	77	194
	Mulleres	58	36	187	281
Máis de 55 anos	Homes	43	16	170	229
	Mulleres	21	16	156	193
TOTAL COMARCA		753	243	959	1.955
TOTAL PROVINCIA		7.871	2.533	7.917	18.321

O paro de longa duración é o máis común na comarca de Verín. Nesta situación atópanse case a metade dos demandantes parados –49,05%–. Pola súa banda, os que levan menos de 6 meses buscando emprego supoñen o 38,52% e os que levan entre 6 meses e 1 ano o 12,43%.

En perspectiva comparada, a distribución dos demandantes parados por tempo de busca de emprego na provincia é igual á da comarca en canto á orde de importancia dos diferentes grupos, pero difire no tocante ao peso relativo de cada un deles. Así, o paro de longa duración tamén é o máis frecuente na

provincia –43,21%–, pero moi preto, a diferenza da comarca, sitúase o de menos de 6 meses, co 42,96%.

As mulleres de 46 a 55 anos que levan máis dun ano na procura dun emprego é o grupo de demandantes parados máis numeroso, co 9,57% do total. En segundo lugar están os homes maiores de 55 anos, co 8,70%.

5.2.7.- Demandantes por sectores económicos de procedencia

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Sector primario	50	38	88
Sector secundario	409	163	572
Construción	338	154	492
Sector servizos	829	347	1.176
Sen actividade previa	329	122	451
TOTAL	1.955	824	2.779

TÁBOA 11: Demandantes por actividade económica.

A distribución comarcal por actividade económica revélanos unha alta concentración dos demandantes arredor do sector dos servizos –42,32%–. A porcentaxe no caso dos parados e dos non parados apenas difire –42,40% e 42,11% respectivamente–. O segundo sector de maior peso, tanto nos parados como nos non parados, é o da construción e, despois, o secundario.





GRÁFICO 2: Demandantes parados na industria.

Algo máis da metade dos demandantes parados na industria proceden do téxtil e confección –52%–. Outro grupo importante vén da alimentación e as outras industrias, actividades que en conxunto supoñen o 32%. O resto representan unha porcentaxe igual ou notablemente inferior ao 8%.

GRÁFICO 3: Demandantes parados nos servizos.



Os demandantes nos servizos proceden principalmente do comercio excepto automoción –20%–, hostalería –20%–, administracións públicas –15%– e actividades inmobiliarias e de servizos a empresas –13%–. Estas catro actividades reúnen en conxunto o 68% dos demandantes dos servizos, en tanto que as outras seis actividades suman o 32% restante.

5.2.8.- As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

TÁBOA 12: Ocupacións máis demandadas.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	416	14,97	9,48
Dependente de comercio, en xeral	214	7,70	8,24
Operador de máquina ind. coser á plana, ex. pel: calzado	201	7,23	2,17
Peón da construción de edificios	198	7,12	3,82
Empregado administrativo, en xeral	137	4,93	8,36
Albanel	104	3,74	2,46
Peón da ind. manufactureira, en xeral	86	3,09	4,58
Cociñeiro, en xeral	75	2,70	2,07
Camareiro, en xeral	71	2,55	2,88
Asistente domiciliario (auxiliar axuda domicilio)	42	1,51	0,98

5.2.9.- Perfil tipo dos demandantes de emprego

TÁBOA 13: Perfil máis representativo.

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parado con emprego anterior	Parado con emprego anterior
Sexo	Muller	Muller
Grupo idade	De 46 a 55 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Ata certificado de escolaridade	Ata certificado de escolaridade
Duración demanda	Máis de 1 ano	Máis de 1 ano
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral

5.3.- OFERTAS

5.3.1.- Ofertas no servizo público de emprego galego 2004. Evolución

	TOTAL OFERTAS
Castrelo do Val	0
Cualedro	4
Laza	3
Monterrei	4
Oímbra	5
Riós	4
Verín	676
Vilardevós	1
TOTAL COMARCA	697

TÁBOA 14: Número de ofertas por concellos.

TOTAL OFERTAS PROVINCIA:	11.122
COMARCA/PROVINCIA:	6,27

Na comarca de Verín houbo cerca de setecentas ofertas laborais, que supoñen o 6,27% do total provincial. Case todas tiveron lugar no municipio de Verín –96,99%–. No resto da comarca ningún dos concellos superou a media decena en termos absolutos e no de Castrelo de Val estiveron totalmente ausentes.


	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Castrelo do Val	0	0	1	2	0
Cualedro	2	2	3	5	4
Laza	1	1	0	5	3
Monterrei	2	5	10	3	4
Oímbra	2	0	7	4	5
Riós	1	4	4	8	4
Verín	545	754	712	670	676
Vilardevós	0	0	7	1	1
TOTAL COMARCA	553	766	744	698	697
TOTAL PROVINCIA	12.969	11.664	10.871	11.116	11.122

TÁBOA 15: Evolución das ofertas. Período 2000-2004.

A evolución das ofertas de traballo da comarca no período 2000-2004, tal e como se pode comprobar na táboa, identifícase coa do concello de Verín. Neste tempo aumentaron de xeito significativo –variación media do 5,96%–, en tanto que na provincia aconteceu o contrario, decrecendo cunha taxa negativa de variación media de -3,77%.

A traxectoria evolutiva comarcal caracterízase por unha fase expansiva de alta intensidade ao comezo do período –variación interanual 2000-2001 do 38,52%–, seguida de perdas de moita menor intensidade en 2002 e 2003, e o estancamento do nivel de ofertas no último ano de referencia. Esta evolución coincide, como dixemos, coa do concello de Verín debido a que nos outros municipios as ofertas foron demasiado baixas, en ocasións ausentes.

GRÁFICO 4: Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.



No gráfico pódese observar a evolución das ofertas no concello de Verín fronte ao resto de municipios agrupados. Tal e como acabamos de comentar, en Verín apréciase un elevado crecemento ao comezo do período, seguido dunha fase regresiva de moita menor intensidade en 2002 e 2003, e o estancamento do nivel de ofertas en 2004. En canto ao resto de concellos da comarca como conxunto, o máis destacable é a escaseza de ofertas laborais.

5.3.2.- Ofertas segundo os sectores de actividade económica


TÁBOA 16: Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos.

	PRIMARIO	SECUNDARIO	CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS
Cualedro	0	0	0	4
Laza	0	0	0	3
Monterrei	0	0	0	4
Oímbra	0	0	0	5
Riós	0	0	0	4
Verín	4	86	101	485
Vilardevós	0	0	0	1
TOTAL COMARCA	4	86	101	506
TOTAL PROVINCIA	150	953	2.083	7.935

Todas as ofertas dos sectores primario, secundario e construción realizáronse no concello de Verín. Neste municipio tiveron lugar, ademais, o 95,85% das ofertas dos servizos.

Os servizos forman o sector no que se reúne a gran maioría das ofertas laborais da comarca –72,60%–. En segundo lugar, a unha distancia máis que notable, sitúase o da construción, co 14,49%. O peso relativo dos servizos no ámbito provincial é bastante próximo ao da comarca –71,34%–; no entanto, no caso da construción é claramente superior, co 18,73%.

GRÁFICO 5: Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.



Na representación gráfica da distribución porcentual das ofertas por sectores económicos da comarca de Verín, destaca claramente o sector dos servizos, co 73%. A moita distancia atópanse a construción, co 14%, e o sector secundario, co 12%.




GRÁFICO 6: Distribución porcentual das ofertas na industria.

As ofertas industriais teñen a súa orixe principal nas outras industrias –41%–. A agrupación das actividades do téxtil e a confección e mais as da metalurxia e fabricación de produtos metálicos representan o 32%. As outras actividades industriais –alimentación, fabricación de produtos minerais non metálicos e madeira– supoñen en total o 27% restante.




GRÁFICO 7: Distribución porcentual das ofertas nos servizos.

As ofertas nos servizos concéntranse en dous tipos de actividades que no seu conxunto supoñen o 66% do total. Primeiro, na sanidade e servizos sociais –38%–, e segundo, nas administracións públicas –28%–. Os outros oito tipos de actividades terciarias restantes teñen por separado un nivel de representatividade igual ou inferior ao 10%.

	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Primario	14	30	2	5	4
Secundario	64	118	111	110	86
Construción	119	156	140	118	101
Servizos	356	461	491	464	506
Sen actividade	0	1	0	1	0
TOTAL COMARCA	553	766	744	698	697
TOTAL PROVINCIA	12.969	11.664	10.871	11.116	11.122

TÁBOA 17: Evolución das ofertas por sectores económicos.

Entre 2000 e 2004 as ofertas medraron notablemente no sector servizos e, en menor medida, no secundario, con variacións medias do 9,19% e do 7,67% respectivamente. No sector primario foron marxinais e na construción diminuíron, cunha taxa de variación media negativa do -4,02%.

Os servizos e o secundario, sectores nos que medraron as ofertas, seguiron cursos evolutivos distintos. Nos servizos expandíronse ao longo de todo o período menos en 2003, no que decreceron nun 5,50%. A fase de maior expansión correspondeuse co ano 2001, no que se rexistrou un incremento do 29,49%.

No sector secundario, o crecemento das ofertas laborais ao comezo do período foi de moi alta intensidade –variación interanual 2000-2001 do 83,38%–, en tanto que no resto de anos diminuíron, excepto en 2003, que permaneceron estancadas. Na construción a traxectoria evolutiva das ofertas garda bastante similitude coa que acabamos de describir para o sector secundario. A principal diferenza é que en 2003, en vez de manterse estables, diminuíron considerablemente, un 15,71% respecto ao ano anterior.

5.3.3.- Perfil básico das ofertas

Tan só 11 ofertas tiveron como requisito o sexo á hora de acceder a un posto de traballo. Sete solicitaban a un home e catro a unha muller. As proporcións de xénero varían en función do sector; no terciario pedíronse dúas mulleres por cada home e na construción sempre homes.

O nivel académico tamén se converteu nun requisito para acceder a un traballo, nesta ocasión nunha porcentaxe moi elevada das ofertas –87,23%. Así e todo, a esixencia de estudos estableceuse nun nivel mínimo, pois en nove de cada dez casos o único que se pediu foi o certificado de escolaridade. As ofertas desta clase procederon principalmente da sanidade e servizos sociais e das administracións públicas.

5.3.4.- Análise ocupacional das ofertas

TÁBOA 18.1: Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.

	2000	2001	2002	2003	2004
Dpdo. en enfermería	0	0	0	0	5
Auxiliar administrativo	1	2	1	4	4
Peón de albanel/Peón de obras públicas	8	0	13	12	4
Auxiliar de axuda a domicilio/Coidador de anciáns	1	0	8	6	4
Administrativo	0	0	3	4	3
Telefonista / Operador de telemárketing	0	0	12	4	3
Dependente en xeral	0	2	5	1	3
Condutor de mercadorías/Condutor de camión en xeral	2	0	4	11	3
Axente comercial / Vendedor	39	20	2	24	2
Instalador de gas	0	0	0	0	2
Dpdo. en maxisterio de educación primaria	0	0	0	0	2
Dpdo. en ciencias empresariais/Perito mercantil.	0	0	0	0	2
Lcdo. en medicina	0	0	0	0	2
Auxiliar de clínica / enfermería	0	0	0	0	2
Condutor de taxi/Chofer	0	0	0	0	2
Profesor de formación viaria "autoescolas"	0	0	0	0	2

As ocupacións ofertadas nos centros colaboradores destacan en primeiro lugar pola súa moi escasa magnitude. En 2004, a ocupación máis ofertada foi a de diplomado en enfermería, con 5 ofertas, seguida da de auxiliar administrativo, peón de albanel/peón de obras públicas e auxiliar de axuda a domicilio/coidador de anciáns, con 4 ofertas cada unha. Por outro lado, tamén compre subliñar o elevado número de ocupacións emerxentes, formado pola primeira e as sete últimas ocupacións da lista. E, por último, destaca a caída abrupta da ocupación de axente/comercial vendedor en 2004.

	2000	2001	2002	2003	2004
Médico especialista	0	0	34	120	122
Técnico de protección civil	39	37	49	56	54
Albanel	32	60	51	37	43
Peón da construción de edificios	30	118	31	17	37
Auxiliar de clínica	0	0	0	1	26
Enfermeiro de quirófano e reanimación	0	0	0	0	24
Camareiro, en xeral	14	13	19	19	21
Peón de obras públicas, en xeral	31	41	47	26	21
Traballador retén incendios forestais	12	7	28	21	19
Mozo carga/descarga, almacén	10	10	13	25	17

TÁBOA 18.2: Ocupacións máis ofertadas nas oficinas de emprego.

Nas oficinas de emprego da comarca o número de ofertas laborais é moi superior ao dos centros colaboradores. A ocupación máis ofertada en 2004 foi a de médico especialista e, despois, a considerable distancia, a de técnico de protección civil.

A de médico especialista é unha oferta que emerxe en 2002, ao ano seguinte experimenta un aumento extraordinario e mantense neste último nivel en 2004. Pola súa banda, a de técnico en protección civil medrou no transcurso do período grazas aos incrementos acontecidos en 2002 e 2003, pois no resto do período permaneceu practicamente estancada. Nestes anos xurdiron, ademais, novas ofertas na rama sanitaria, en concreto, a de auxiliar de clínica e a de enfermeiro de quirófano e reanimación. Por último, destaca o feito de que entre todas as ocupacións listadas unicamente a de peón de obras públicas tivo unha evolución regresiva.

5.4.- CONTRATOS

5.4.1.- Número de contratos no ámbito comarcal

TÁBOA 19: Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2004.

	Nº
Castrelo do Val	94
Cualedro	58
Laza	99
Monterrei	227
Oímbra	167
Riós	146
Verín	3.149
Vilardevós	87
TOTAL COMARCA	4.027
TOTAL PROVINCIA	55.273

Na comarca de Verín asináronse 4.027 contratos no ano 2004, o 7,29% do total da provincia. A contratación concentrouse en gran medida no concello de Verín, co 78,20%. No resto da comarca variou entre o 5,64% de Monterrei e o 1,44% de Cualedro.

TÁBOA 20: Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Castrelo do Val	45	59	49	86	94
Cualedro	66	63	61	111	58
Laza	123	96	91	94	99
Monterrei	196	305	187	197	227
Oímbra	83	91	108	137	167
Riós	146	221	173	184	146
Verín	2.025	1.866	2.308	2.893	3.149
Vilardevós	157	98	126	64	87
TOTAL COMARCA *	2.841	2.799	3.103	3.766	4.027
TOTAL PROVINCIA	48.332	48.607	49.367	50.587	55.273

Os contratos aumentaron de xeito considerable ao longo do período 2000-2004 –variación media do 9,11%–, moi por riba do que o fixeron na provincia, cunha variación media do 3,41%.

A evolución da comarca móstranos un pequeno decrecemento en 2001 que foi seguido dunha forte expansión contractual en todos os anos restantes, especialmente en 2003, no que aumentaron nun 21,37%. A evolución provincial caracterízase polo crecemento continuo e moderado en todos os anos agás en 2004, no que os contratos medraron a un ritmo maior que o rexistrado na comarca.

Por concellos, os balances máis positivos déronse en Castrelo do Val, Oímbra e Verín, nos que as variacións medias foron do 20,22%, 19,10% e 11,67% respectivamente. En termos absolutos a variación rexistrada en Verín é a máis significativa e supón un incremento de 1.124 contratos no ano final do período respecto ao inicial. A contratación en Verín tivo o mesmo comportamento que o descrito anteriormente para o total da comarca, isto é, un descenso moderado en 2001 ao que lle seguiu unha expansión de alta intensidade en todos os anos posteriores.

* Por un cambio metodolóxico na extracción da información das bases de datos, existe unha pequena diferenza entre os valores dos anos 2000 ao 2002, apenas un 0,6%, subsanada nos anos posteriores, con respecto aos datos que proporciona o Servizo Público de emprego estatal (INEM) na súa web.

Os municipios coa evolución contractual máis negativa foron os de Vilardevós e Laza, nos que as variacións medias acadaron un valor de -13,72% e -5,28% respectivamente. En Cualedro decreceron en menor medida; en Riós, tras fortes oscilacións, permaneceron estancados e, por último, en Monterrei aumentaron moderadamente.

5.4.2.- Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

	Nº CONTRATOS		Total
	Homes	Mulleres	
Menos de 26 anos	638	388	1.026
De 26 a 35 anos	514	824	1.338
De 36 a 45 anos	470	508	978
De 46 a 55 anos	393	150	543
De 56 e máis anos	85	57	142
TOTAL COMARCA	2.100	1.927	4.027
TOTAL PROVINCIAL	30.749	24.524	55.273

TÁBOA 21: Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2004.

Os contratos realizados na comarca de Verín están máis equilibrados por xénero que na provincia. Nesta comarca aos homes correspóndelles o 52,15% do volume de contratación e ás mulleres o 47,85%, en tanto que na provincia o colectivo masculino supón o 55,63% e o feminino o 44,37%.

A análise por idades amósanos que o maior número de contratos se reuniu no grupo de 26 a 35 anos -33,23%- , seguido dos de menos de 26 anos -25,48%-. Nestes dous tramos de xente nova concentrouse, en suma, máis da metade do total de contratos, o 58,71%.


No colectivo masculino a maior porcentaxe de contratos tamén se dá nos dous grupos de xente máis nova e suma o 28,61% da contratación total da comarca. Ademais, entre os homes o volume de contratación diminúe conforme avanza a idade. Porén, no colectivo feminino a maior proporción de contratos correspóndese cos dous tramos de idade que van dende os 26 aos 45 anos -33,08%-. A contratación ás menores de 26 anos é relativamente reducida -9,63% do total da comarca-, e supón o terceiro grupo en importancia dentro deste colectivo. No caso das mulleres, por tanto, pódese dicir que a contratación diminúe a medida que avanza a idade a partir dos 26 anos.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Homes	1.926	1.855	1.809	1.939	2.100
Mulleres	915	944	1.294	1.827	1.927
TOTAL CONTRATOS	2.841	2.799	3.103	3.766	4.027

TÁBOA 22: Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 2000-2004.

No quinquenio 2000-2004 o balance da contratación foi positivo para ambos os sexos. Así e todo, o crecemento da contratación masculina foi de intensidade moderada -variación media do 2,19%-, mentres que no colectivo feminino esta expansión foi de moi alta magnitude -variación media do 20,47%-. Esta evolución diferencial motivou a case desaparición do forte desequilibrio contractual por xénero existente ao comezo do período.

GRÁFICO 8: Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 2000-2004. Valores proporcionais.



O gráfico da evolución no período 2000-2004 do número de contratos segundo o sexo permite apreciar con claridade como se foi reducindo, especialmente a partir de 2002, a grande diferenza na contratación entre homes e mulleres. Así, como resultado de diferentes procesos evolutivos aos que nos referimos anteriormente, a distancia entre os colectivos masculino e feminino pasou de 35,58 puntos porcentuais no primeiro ano de referencia a tan so 4,3 puntos en 2004.

TÁBOA 23: Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Menor de 26 anos	880	798	931	1.179	1.026
De 26 a 35 anos	841	807	977	1.231	1.338
De 36 a 45 anos	630	672	736	787	978
De 46 a 55 anos	382	409	354	459	543
De 56 e máis anos	108	113	105	110	142
TOTAL CONTRATOS	2.841	2.799	3.103	3.766	4.027

No período 2000-2004, os contratos medraron notablemente en todas as idades. No grupo que máis creceron, de 26 a 35 anos, a taxa de variación media foi do 12,31%, e no que aumentaron a menor ritmo, no de menores de 26 anos, foi do 3,91%. No resto oscilou entre o 7,08% e o 11,62%.

Na análise das variacións interanuais destacan os anos 2001 e 2003. O primeiro por ser o único no que diminuíu o volume total de contratación e o segundo por ser cando máis medrou. En 2001 os contratos tiveron un comportamento regresivo entre os menores de 36 anos, especialmente no tramo de idade máis novo, no de menores de 26 anos, no que decreceron case nun 10%. Neste mesmo ano os contratos aumentaran en todos os intervalos de maiores de 35; non obstante, a magnitude deste crecemento non foi suficiente para compensar o comportamento negativo da contratación entre a xente nova.

En 2003 foi cando máis se expandiu o volume de contratación e ademais foi o único ano en que este crecemento aconteceu en todos os tramos de idade. Nos grupos de menores de 26, de 26 a 35 e de 46 a 55 anos, as variacións interanuais 2002-2003 superaron o 25%, en tanto que no resto foron positivas pero dunha magnitude moito menor.

Atendendo ao signo das variacións interanuais por grupos de idade, contrasta a evolución dos de 36 a 45 anos, no que estas variacións son positivas ao longo de todo o período, coa evolución dos menores de 26 anos, no que se rexistran dúas variacións interanuais positivas e outras tantas negativas. O resto de grupos atópanse nunha situación intermedia, isto é, experimentaron un ano regresivo e todos os demais expansivos.

5.4.3.- Contratación comarcal segundo os sectores económicos

	N.º
SECTOR PRIMARIO	102
Agricultura e pesca	102
SECTOR SECUNDARIO	497
Industria e electricidade	497
SECTOR CONSTRUCCIÓN	690
Construción	690
SECTOR SERVIZOS	2.738
Comercio e hostalería	618
Transporte e comunicacións	213
Outros servizos	1.907
TOTAL CONTRATOS	4.027

TÁBOA 24: Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos. Ano 2004.

A maioría dos contratos en 2004 tiveron lugar nos servizos –67,99% do total–. En segundo lugar, cunha porcentaxe moi inferior, na construción –17,13%– e despois no secundario –12,34%–. Pola súa parte, o nivel de contratación no sector primario foi case marxinal, pois só representou o 2,53%.





GRÁFICO 9: Distribución porcentual da contratación na industria.

Na industria destaca a actividade do textil e confección –45% do volume de contratación neste subsector–. A unha distancia notable situáronse a alimentación –15%– e as outras industrias, tamén co 15%. As demais actividades industriais suman no seu conxunto o 25% restante.

GRÁFICO 10: Distribución porcentual da contratación nos servizos.



Nos servizos, os contratos relaciónanse na súa maior parte coa sanidade e servizos sociais –44%–. O segundo grupo máis importante representa unha proporción moi inferior e é o do comercio excepto automoción, co 14%. No caso da categoría outros servizos, os contratos estiveron totalmente ausentes, en tanto que no resto de actividades terciarias supoñen unha porcentaxe igual ou inferior ao 10%.

TÁBOA 25: Distribución da contratación comarcal segundo os sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2004.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
SECTOR PRIMARIO	90	12	17	20	24	26	15
Agricultura e pesca	90	12	17	20	24	26	15
SECTOR SECUNDARIO	227	270	152	136	135	65	9
Industria e electricidade	227	270	152	136	135	65	9
SECTOR CONSTRUCCIÓN	645	45	158	193	181	124	34
Construción	645	45	158	193	181	124	34
SECTOR SERVIZOS	1.138	1.600	699	989	638	328	84
Comercio e hostalería	301	317	226	188	126	63	15
Transporte e comunicacións	168	45	24	63	78	39	9
Outros servizos	669	1.238	449	738	434	226	60
TOTAL CONTRATOS	2.100	1.927	1.026	1.338	978	543	142

A distribución dos contratos por sectores económicos revela comportamentos diferentes en función do sexo. A maior parte da contratación masculina procede do sector servizos –28,26% do total da contratación– e, en segundo lugar, da construción –16,02%–. A contratación feminina, moito máis concentrada, tamén se reúne na súa maior parte nos servizos, co 39,73% do total da contratación; porén, neste caso o segundo sector máis relevante, o secundario, soamente representa o 6,70% e o da construción, de gran importancia no colectivo masculino, é case marxinal.

Por sectores económicos e idades simultaneamente, o maior número de contratos foron asinados nos servizos por persoas de 26 a 35 anos –24,56% do total da contratación– e despois por menores de 26 anos tamén nos servizos, co 17,36%.

Por último, a análise dos subsectores amósanos que a maior parte dos contratos, tanto no caso dos homes como das mulleres e en todos os grupos de idade, se relacionaron con outros servizos, moi por enriba de comercio e hostalería.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	99	98	96	121	102
Agricultura e pesca	99	98	96	121	102
SECTOR SECUNDARIO	578	580	513	492	497
Industria e electricidade	578	580	513	492	497
S. CONSTRUCCIÓN	665	745	665	664	690
Construcción	665	745	665	664	690
SECTOR SERVICIOS	1.499	1.376	1.829	2.489	2.738
Comercio e hostalería	595	527	543	592	618
Transporte e comunicacións	150	128	176	197	213
Outros servizos	754	721	1.110	1.700	1.907
TOTAL CONTRATOS	2.841	2.799	3.103	3.766	4.027

TÁBOA 26: Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 2000-2004.

A contratación comarcal no período 2000-2004 aumentou a un ritmo moi elevado nos servizos, cunha variación media do 16,25%. Na construción e no sector primario permaneceu practicamente estancada –variacións medias inferiores ao 1%– e, pola súa parte, no secundario decreceu de xeito notable, cunha variación media negativa de -3,70%.

Os contratos realizados nos servizos decreceron nun 8,21% en 2001 e no resto do período expandíronse considerablemente, con especial intensidade en 2002 e 2003, anos en que as variacións interanuais superaron o 30%.

Na construción o curso evolutivo foi máis irregular; creceron en 2001 nun 12,03%, diminuíron nunha magnitude lixeiramente inferior ao ano seguinte, despois, en 2003, permaneceron estables e, por último, en 2004, medraron de forma moderada, en concreto nun 3,92%. No sector secundario, mantivéronse practicamente estancados en 2001 e 2004 e decreceron nos anos intermedios, en 2002 nun 11,55% e en 2003 nun 4,09%.

5.4.4.- Tipoloxía da contratación laboral




GRÁFICO 11: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2004.

O tipo de contrato predominante da comarca de Verín é o temporal. Dentro desta categoría, os asinados a tempo completo representaron o 83% do total da contratación e os realizados a tempo parcial o 9%. As porcentaxes corres-

pondentes ao resto son moi baixas; así, os contratos en prácticas/formación supuxeron o 4%, e a suma dos indefinidos a tempo completo e parcial o 3%.

TÁBOA 27: Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2004.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	40	38	7	29	23	12	7
Indefinido tempo parcial	8	13	X	8	6	5	X
Temporal	1.734	1.606	791	1.157	812	462	118
Temporal tempo parcial	168	211	109	125	108	32	5
Prácticas/Formación	96	53	113	8	13	10	5
Outros	54	6	5	11	16	22	6
TOTAL CONTRATOS	2.100	1.927	X	1.338	978	543	X

Os contratos temporais a tempo completo predominan en ambos os sexos. No colectivo masculino representan o 43,06% da contratación total da comarca e no feminino o 39,08%. A segunda modalidade contractual de maior peso relativo é a dos temporais a tempo parcial. No caso dos homes supón o 4,17% do total de contratos da comarca e no das mulleres o 5,24%.

O predominio da contratación temporal a tempo completo dáse tamén en todos os grupos de idades. No intervalo de 26 a 35 anos é onde se reúnen o maior número de contratos deste tipo, representando o 28,73% do total da contratación da comarca.

Por outra banda, a maior parte dos temporais a tempo parcial, moito menos frecuentes, tamén se concentran neste grupo de idade –3,2% do total de contratos realizados na comarca–. As outras modalidades contractuais distribuídas por tramos de idades representan porcentaxes inferiores ao 1%, agás no caso dos contratos en prácticas/formación, que significan o 2,81% do total.

TÁBOA 28: Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2004.

	PRIMARIO Agr., Gand.	SECUNDARIO Industr. e Electric.	CONSTRUCCIÓN Construc.	Comerc.	SERVIZOS Transp. Outros		Total
Indefinido	0	15	13	37	5	8	50
Indefinido tempo parcial	0	4	0	10	X	4	17
Temporal	100	432	560	390	194	1.664	2.248
Temporal tempo parcial	X	29	72	142	10	125	277
Prácticas/Formación	X	17	45	39	X	46	86
Outros	0	0	0	0	0	60	60
TOTAL CONTRATOS	102	497	690	618	213	1.907	2.738

A contratación temporal a tempo completo tamén presenta unha superioridade numérica clara en todos os sectores económicos. Nos servizos, sector de maior peso relativo, representan o 55,82% do total de contratos realizados na comarca. Dentro deste sector concéntranse principalmente na categoría de outros servizos. Pola súa parte, na construción e no sector secundario, os contratos temporais a tempo completo representan respectivamente o 13,91% e o 10,73% do total.

Os contratos indefinidos asináronse principalmente no subsector do comercio e a hostalería e no sector secundario. Os temporais a tempo parcial realizáronse nos subsectores do comercio e hostalería e dos outros servizos. E os contratos en prácticas/formación asináronse nos subsectores terciarios que acabamos de mencionar e na construción.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Indefinido	140	91	73	95	78
Indefinido tempo parcial	19	10	32	19	21
Temporal	2.158	2.140	2.458	3.129	3.340
Temporal tempo parcial	273	260	327	254	379
Prácticas/Formación	158	187	161	215	149
Outros	93	111	52	54	60
TOTAL CONTRATOS	2.841	2.799	3.103	3.766	4.027

TÁBOA 29: Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 2000-2004.

No quinquenio 2000-2004 os contratos indefinidos a tempo completo víronse reducidos case á metade; presentan unha variación media negativa de -13,60%. Os encadrados na categoría de outros tamén diminuíron, pero en menor magnitude. Os indefinidos a tempo parcial, moi pouco numerosos, e os realizados en prácticas/formación variaron moi pouco. E, por último, os temporais a tempo completo e a tempo parcial medraron notablemente, os primeiros cunha variación media do 11,54% e os segundos do 8,55%.

Os contratos máis relevantes, os temporais a tempo completo, permaneceron estancados en 2001 e posteriormente, ata o final do período, experimentaron unha fase de gran expansión. O crecemento de maior intensidade produciuse en 2003, ano no que se incrementaron nun 27,30%.

5.4.5.- Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

	CONTRATOS Nº	V. MEDIA 00-04
1. Dirección de empresas e administracións públicas	X	-11,99
HOMES	X	5,74
MULLERES	X	-36,11
2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais	711	39,27
HOMES	294	29,67
MULLERES	417	48,83
3. Técnicos e profesionais de apoio	251	24,64
HOMES	59	8,23
MULLERES	192	33,20
4. Empregados de tipo administrativo	185	1,84
HOMES	41	-2,84
MULLERES	144	3,39
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	1.029	18,04
HOMES	268	6,29
MULLERES	761	24,18
6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca	51	-5,15
HOMES	28	-15,91
MULLERES	23	34,63
7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería	639	0,40
HOMES	510	-4,18
MULLERES	129	52,26
8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	544	1,83
HOMES	444	7,70
MULLERES	100	-13,18
9. Traballadores non cualificados	611	-1,08
HOMES	451	-3,86
MULLERES	160	9,82
TOTAL CONTRATOS	4.027	9,11
TOTAL HOMES	2.100	2,19
TOTAL MULLERES	1.927	20,47

TÁBOA 30: Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2004.

En 2004, as tres cuartas partes da contratación –74,25%– concentrouse nos seguintes catro grandes grupos:

- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio: 25,55%.
- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais: 17,66%.
- Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería: 15,87%.
- Traballadores non cualificados: 15,17%.

Os principais grupos de ocupación por sexo en 2004 son os que se expoñen no seguinte cadro:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
• Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería: 12,66%. • Traballadores non cualificados: 11,20%. • Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores: 11,03%.	• Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio: 18,90%. • Técnicos profesionais, científicos e intelectuais: 10,36%. • Técnicos e profesionais e apoio: 6,68%.

O volume de contratación masculina é maior que a feminina en todos os grupos excepto nos catro seguintes:

- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio: 18,90% fronte ao 6,66%.
- Técnicos e profesionais de apoio: 4,77% fronte ao 1,47%.
- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais: 10,36% fronte ao 7,30%.
- Empregados de tipo administrativo: 3,58% fronte ao 1,02%.

5.4.6.- Ocupacións máis contratadas

TÁBOA 31: As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2004.

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL	HOMES	MULLERES	RATIO MASCUL. ¹
27200016	Enfermeiro, en xeral	471	139	332	29,51
51110066	Auxiliar de clínica	405	23	382	5,68
71100016	Albanel	223	223	0	100,00
86300016	Condutor de camiión, en xeral	X	187	X	98,94
50200018	Camareiro, en xeral	151	71	80	47,02
96020014	Peón da construción de edificios	X	147	X	98,66
94400012	Peón forestal	128	108	20	84,38
31210010	Técnico laboratorio sanitario, en xeral	121	5	116	4,13
53300010	Dependente de comercio, en xeral	113	27	86	23,89
51110011	Auxiliar enfermería hosp., en xeral	100	6	94	6,00
TOTAL		2.050	936	1.114	45,66

(1) Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100

O 50,9% dos contratos da comarca concentráronse en dez ocupacións; esta proporción é moito maior entre a contratación feminina, co 57,81%, que entre a masculina, que representa o 44,57%.

As ocupacións máis contratadas na comarca de Verín foron as de enfermeiro e auxiliar de clínica. Trátase ademais de ocupacións cunha forte presenza feminina, sobre todo no caso da de auxiliar de clínica –ratio de masculinidade do 5,68%–. Outras ocupacións moi feminizadas son as de técnico laboratorio sanitario e auxiliar de enfermería, cuns ratios de masculinidade do 4,13% e do 6%.

Pola contra, existe unha serie de ocupacións que están practicamente reservadas ao colectivo masculino. Así, na de albanel as mulleres están totalmente ausentes –ratio de masculinidade do 100%– e nas de condutor de camión e peón da construción de edificios a súa presenza é mínima –ratios de masculinidade superiores ao 98%–. Por último, a presenza de homes tamén é moi elevada na ocupación de peón forestal, na que hai oitenta e catro homes por cada dezaseis mulleres (o ratio de masculinidade é do 84,38%).

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	Nº CONTRATOS				
		2000	2001	2002	2003	2004
27200016	Enfermeiro, en xeral	35	37	218	501	471
51110066	Auxiliar de clínica	X	X	16	353	405
71100016	Albanel	234	261	184	241	223
86300016	Condutor de camión, en xeral	181	186	201	202	189
50200018	Camareiro, en xeral	139	108	157	137	151
96020014	Peón da construción de edificios	163	241	178	178	149
94400012	Peón forestal	166	131	95	146	128
31210010	Técnico laboratorio sanitario, en xeral	15	18	51	114	121
53300010	Dependente de comercio, en xeral	102	80	83	103	113
51110011	Auxiliar enfermería hosp., en xeral	41	23	171	65	100
42100010	Empregado administrativo, en xeral	123	102	96	126	94
83630022	Operador de máquina ind. coser á plana, ex. pel: calzado	168	152	146	136	78
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	77	95	84	45	70
25130104	Músico instrumentista, en xeral	61	77	46	66	60
52300046	Traballador retén incendios forestais	23	45	89	21	43
71300018	Carpinteiro, en xeral	114	57	56	37	27

TÁBOA 32: Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 2000 e 2004.

A evolución das dez ocupacións máis contratadas no quinquenio 2000-2004 amósanos tendencias moi diversas. As que máis medraron ao longo do período foron as de auxiliar de clínica, técnico de laboratorio e enfermeiro. As dúas primeiras cun crecemento moi notable a partir de 2002, e a terceira a partir de 2003. En sentido contrario, a ocupación de carpinteiro foi a que máis decreceu –variación media negativa do -30,24%–. Pola súa parte, a ocupación de albanel, a máis importante nos primeiros anos de referencia, mantívose practicamente estancada.

En 2004 desapareceron da lista das dez máis contratadas as ocupacións de empregado administrativo, operador de máquina industrial de coser á plana, muller/mozo limpeza, limpador, músico instrumentista, traballador retén incendios forestais e carpinteiro.

5.5.- FORMACIÓN PROFESIONAL OCUPACIONAL

TÁBOA 33: Número de alumnos e cursos de formación profesional ocupacional por familia profesional. Ano 2004.

FAMILIA PROFESIONAL	ALUMNOS		CURSOS	
	Nº	% comarca/provincia	Nº	% comarca/provincia
Administración e oficinas	19	3,20	1	2,78
Servizos ás empresas	89	5,10	5	4,55
Montaxe e instalación	18	23,68	1	20,00
Sanidade	38	6,57	2	5,88
Servizos á comunidade e persoais	42	6,73	2	5,71
TOTAL	206	3,35	11	2,86

En 2004 celebráronse na comarca de Verín once cursos de formación ocupacional sen compromiso de contratación que contaron cun total de douscentos seis alumnos. Estas cifras supoñen o 2,86% dos cursos e o 3,35% dos alumnos da provincia. A formación vinculouse ás familias profesionais da administración e oficinas, servizos ás empresas, montaxe e instalación, sanidade e servizos á comunidade e persoais.

5.6.- CONCLUSIONES

- As empresas, traballadores por conta allea e autónomos da comarca de Verín desenvolven de xeito maioritario a súa actividade nos servizos, principalmente no comercio e hostalería.
- No período 2000-2004 as empresas medraron notablemente, mentres que os asalariados o fixeron moderadamente, en tanto que o número de autónomos aumentou levemente. A expansión empresarial e laboral da comarca adquiriu especial relevancia nos servizos; no resto de sectores as traxectorias evolutivas foron dispares.
- A metade das demandas de emprego proceden do concello de Verín. Aproximadamente sete de cada dez demandantes da comarca son parados, en tanto que na provincia esta proporción é inferior –seis de cada dez–. En ambos os casos, destacan polo seu moi elevado peso relativo os que tiñan un emprego anterior.
- Na comarca, sexan parados ou non parados, trátase maioritariamente de mulleres. No caso dos parados, predomina o grupo de 46 a 55 anos e no dos non parados o de 56 e máis anos. Na provincia, o colectivo feminino tamén reúne a maioría dos demandantes; porén, por idades, predomina o grupo de 26 a 35 anos, tanto nos parados como nos non parados.
- O nivel académico dos demandantes é moi baixo –case seis de cada dez non teñen máis que o certificado de escolaridade–. Na comarca predomina claramente o paro de longa duración, en tanto que na provincia existe un equilibrio proporcional entre o paro de curta e longa duración. A procedencia principal dos demandantes sitúase no sector dos servizos, aproximadamente catro casos de cada dez.
- Na comarca houbo cerca de setecentas ofertas de traballo, case todas –noventa e sete de cada cen– no concello de Verín. No período 2000-2004 estas ofertas medraron de xeito significativo grazas á evolución do sector terciario. A tendencia na provincia, pola contra, foi regresiva.
- Os traballos ofertados procederon na súa maioría dos servizos –setenta e tres de cada cen–, porcentaxe lixeiramente superior á da provincia, que é de setenta e un de cada cen.
- O sexo constituíu un requisito para poder ocupar un posto de traballo en tan só once ofertas. Non obstante, nunha proporción moi elevada das ofertas, en case nove de cada dez, exixiuse posuír certo nivel académico, se ben a cualificación solicitada na gran maioría dos casos non foi máis que o certificado de escolaridade.
- Nos centros colaboradores a ocupación máis ofertada foi a de diplomado en enfermería, e nas oficinas de emprego a de médico especialista.
- Na comarca asináronse 4.027 contratos, a gran maioría, case oito de cada dez, no concello de Verín. A contratación comarcal aumentou notablemente no período 2000-2004, en moita maior medida que na provincia, onde tamén medraron.
- A contratación comarcal está moi próxima ao equilibrio de xénero. A evolución ao longo do período 2000-2004 foi moi favorable ao colectivo feminino. Os contratos realizados aos homes medraron moderadamente, en tanto que os realizados ás mulleres creceron nunha magnitude moi elevada. En relación coas idades, a maior parte da contratación relacionouse coas persoas de 26 a 35 anos. Por sectores, case sete de cada dez contratos tiveron que ver cos servizos e o resto coa construción e, en menor medida, co sector secundario. A contratación no primario foi case marxinal.
- O tipo de contrato predominante é o temporal, principalmente a tempo completo. Este tipo de contratación é con diferenza a máis frecuente en ambos os sexos, en todos os grupos de idades e en todos os sectores económicos. No período 2000-

2004, os contratos indefinidos reducíronse, os realizados en prácticas/formación variaron moi pouco e os temporais aumentaron considerablemente.

- Por grandes grupos de ocupación, o maior volume de contratos, un de cada catro, concentrouse no grupo de traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio. A ocupación máis contratada foi a de enfermeiro e despois a de auxiliar de clínica.
- Celebráronse once cursos de formación ocupacional sen compromiso de contratación que contaron cun total de douscentos seis alumnos. A formación correspondeuse coas familias profesionais da administración e oficinas, servizos ás empresas, montaxe e instalación, sanidade e servizos á comunidade e persoais.



Comarca de Viana



5.1.- TECIDO EMPRESARIAL

5.1.1.- Tecido empresarial comarcal. Situación actual

SECTORES	EMPRESAS		TRABALLADORES		AUTÓNOMOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
SECTOR PRIMARIO	6	3,30	269	29,92	19	5,92
Agricultura e pesca	6	3,30	269	29,92	19	5,92
SECTOR SECUNDARIO	27	14,84	92	10,23	28	8,72
Industria e electricidade	27	14,84	92	10,23	28	8,72
SECTOR CONSTRUCCIÓN	35	19,23	122	13,57	44	13,71
Construcción	35	19,23	122	13,57	44	13,71
SECTOR SERVICIOS	114	62,64	416	46,27	230	71,65
Comercio e hostalería	64	35,16	117	13,01	176	54,83
Transporte e comunicacións	10	5,49	27	3,00	30	9,35
Outros servizos	40	21,98	272	30,26	24	7,48
TOTAL	182	100,00	899	100,00	321	100,00

TÁBOA 1: Número de empresas, traballadores e autónomos.

No tecido empresarial da comarca de Viana predomina o sector servizos no volume de empresas e traballadores por conta allea, e os autónomos. En 2004 os servizos concentraron o 62,64% das empresas, seguido da construción, co 19,23%; o sector secundario, co 14,84%, e o sector primario, que representa o 3,30%. En canto aos subsectores, o comercio e hostalería concentra a maior parte das empresas –o 35,16%–, os outros servizos o 21,98% e o transporte e comunicacións o 5,49%.

En canto aos traballadores por conta allea, o sector primario experimenta unha suba relativa en relación coa súa importancia no número de empresas –29,92%–, descendendo nos demais sectores: os servizos (46,27%), a construción (13,57%) e o sector secundario (10,23%). Nos subsectores, o maior número de traballadores concéntrase nos outros servizos (30,26%) e no comercio e hostalería (13,01%).

Os traballadores autónomos cobran especial importancia no sector servizos –71,65%–. A unha distancia considerable atópase o sector da construción –13,71%–, e por último, moi igualados, están o primario –5,92%– e o sector secundario –8,72%–. Cómpre destacar a presenza de autónomos no subsector de comercio e hostalería, co 54,83%.

5.1.2.- Evolución anual

TÁBOA 2: Evolución do número de empresas.
Período 2000-2004.

	EMPRESAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	17	18	15	2	6
Agricultura e pesca	17	18	15	2	6
SECTOR SECUNDARIO	27	30	28	26	27
Industria e electricidade	27	30	28	26	27
SECTOR CONSTRUCCIÓN	36	34	34	35	35
Construción	36	34	34	35	35
SECTOR SERVICIOS	96	103	90	100	114
Comercio e hostalería	53	56	45	53	64
Transporte e comunicacións	11	10	9	9	10
Outros servizos	32	37	36	38	40
TOTAL	176	185	167	163	182

A evolución das empresas na comarca de Viana no período 2000-2004 caracterízase polo leve crecemento –variación media de 0,84%–. Trátase dun crecemento desigual, xa que se producen baixadas significativas entre 2001 e 2002, cunha variación interanual de -9,73%, e entre 2002 e 2003, cunha variación interanual de -2,40%, pero estes retrocesos compénsanse coa medra producida entre 2003 e 2004 –variación interanual do 11,66%–, causante do saldo positivo ao final do período.

O único sector que crece é o sector servizos, que obtén unha variación media de 4,39%. O sector secundario e a construción caracterízanse pola estabilidade, e o sector primario retrocede no seu número de empresas –variación media negativa de -22,92%–, e experimenta unha evolución moi irregular.

En canto aos subsectores dos servizos, o maior crecemento relativo prodúcese nos outros servizos –variación media de 5,74%–, seguido polo comercio e hostalería (4,83%).

TÁBOA 3: Evolución do número de traballadores.
Período 2000-2004.

	TRABALLADORES				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	304	276	298	282	269
Agricultura e pesca	304	276	298	282	269
SECTOR SECUNDARIO	100	99	98	85	92
Industria e electricidade	100	99	98	85	92
SECTOR CONSTRUCCIÓN	120	124	113	118	122
Construción	120	124	113	118	122
SECTOR SERVICIOS	290	422	361	341	416
Comercio e hostalería	105	96	89	98	117
Transporte e comunicacións	33	25	21	23	27
Outros servizos	152	301	251	220	272
TOTAL	814	921	870	826	899

Os traballadores por conta allea evolucionan no seu número de xeito positivo –variación media 2,51%–. Este crecemento prodúcese tras unha traxectoria irregular, con aumentos importantes entre 2000 e 2001 –variación interanual do 13,14%– e entre 2003 e 2004 –variación interanual do 8,84%–, así como descensos entre 2001 e 2002, cunha variación interanual de -5,54% e entre 2002 e 2003 (variación interanual de -5,06%).

Este crecemento está propiciado pola evolución dos servizos, que é o sector que experimenta o maior incremento no volume de traballadores –variación media 9,44%–, con aumentos entre 2000 e 2001 –variación interanual do 45,52%– e entre 2003 e 2004, cunha variación interanual do 21,99%.

A construción segue unha tendencia á estabilidade –variación media do 0,41%–, cun único retroceso entre 2001 e 2002, compensando a perda nos seguintes anos.

En canto aos sectores que perden traballadores, o sector primario reduce o número todos os anos excepto entre 2001 e 2002, obtendo unha variación media de -3,01%. O sector secundario tamén ve reducido o volume de traballadores e presenta unha variación media de -2,06%.

O subsector outros servizos é o que rexistra o maior crecemento, cunha variación media do 15,66%. Comercio e hostalería medra máis moderadamente (variación media do 2,74%). O transporte e comunicacións descende (variación media de -4,89%).

	AUTÓNOMOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	11	11	12	14	19
Agricultura e pesca	11	11	12	14	19
SECTOR SECUNDARIO	16	21	24	25	28
Industria e electricidade	16	21	24	25	28
SECTOR CONSTRUCCIÓN	44	46	47	48	44
Construción	44	46	47	48	44
SECTOR SERVICIOS	188	207	214	222	230
Comercio e hostalería	143	159	166	171	176
Transporte e comunicacións	30	28	28	28	30
Outros servizos	15	20	20	23	24
TOTAL	259	285	297	309	321

TÁBOA 4: Evolución do número de autónomos. Período 2000-2004.

Os traballadores autónomos amosan unha evolución caracterizada polo crecemento continuado, obtendo unha variación media de 5,51%.

Todos os sectores incrementan o número de autónomos, agás a construción, que se caracteriza pola estabilidade. Os sectores secundario e primario experimentan os maiores incrementos relativos –variación media do 14,64% e 15,02% respectivamente–, con subidas constantes no quinquenio.

No sector servizos é no que máis aumenta o número de autónomos en termos absolutos –variación media do 5,17%–. A súa evolución caracterízase polo crecemento continuado, aínda que cunha perda de intensidade a partir de 2001; a maior variación interanual prodúcese entre 2000 e 2001, cunha variación interanual do 10,11%.

No referente aos subsectores, o maior crecemento absoluto é o que experimenta o comercio e hostalería –variación media do 5,33%–. Outros servizos tamén medra –variación media do 12,47%– e transporte e comunicacións caracterízase pola estabilidade.

5.2.- DEMANDAS

5.2.1.- Demandantes galegos por concello

TÁBOA 5: Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
A Gudiña	74	39	113
A Mezquita	80	30	110
Viana do Bolo	228	92	320
Vilariño de Conso	48	14	62
TOTAL COMARCA	430	175	605

% comarca/provincia – PARADOS	2,35
--------------------------------------	-------------

% comarca/provincia - NON PARADOS	1,73
--	-------------

Os demandantes de emprego na comarca de Viana ascenden a 605 persoas. O 71,07% son demandantes parados e o 28,93% son demandantes non parados. En todos os concellos comarcais o número de demandantes parados é moi superior ao de demandantes non parados.

Viana do Bolo concentra a metade dos demandantes da comarca –52,89%–, así como o 53,02% dos demandantes parados e o 52,57% dos demandantes non parados. Séguelle A Gudiña, co 18,68% dos demandantes totais, o 17,21% dos demandantes parados e o 22,29% dos demandantes non parados; a continuación atópase o concello da Mezquita, co 18,18% dos demandantes comarcais, o 18,60% dos demandantes parados e o 17,15% dos demandantes non parados; e, por último, está Vilariño de Conso, co 10,25% dos demandantes, o 11,16% dos demandantes parados e o 8% dos demandantes non parados.

5.2.2.- Demandantes parados. Evolución

TÁBOA 6: Evolución dos demandantes parados.

	2000	2001	2002	2003	2004
Parados comarca	464	434	448	493	430
Variación interanual %	-	-6,47	3,23	10,04	-12,78
COMARCA/TOTAL PROVINCIA	2,63	2,60	2,46	2,67	2,35

A tendencia da comarca de Viana durante o período 2000-2004 é de diminución do número de demandantes parados. As variación interanuais evolucionan de xeito descontínuo, con períodos de crecemento en 2002 e 2003 –variacións interanuais respectivas do 3,23% e 10,04%– e caídas en 2001 e 2004 (variacións interanuais de -6,47% e -12,78% respectivamente).

A importancia relativa dos demandantes parados respecto á provincia vai perdendo peso a medida que avanza o quinquenio, salvo en 2003, ano en que se produce un incremento do número de demandantes e, polo tanto, o peso relativo da comarca é maior.

5.2.3.- Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	55	9,09	9,95
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	375	61,98	54,54
NON PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	21	3,47	4,96
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	92	15,21	15,09
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	15	2,48	4,80
	En expediente de regulación de emprego	0	0,00	0,32
	Demandantes de mellora de emprego	41	6,78	7,02
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	6	0,99	2,93
	Resto de demandantes	0	0,00	0,39
TOTAL		605	100,00	100,00

TÁBOA 7: Situación laboral dos demandantes.

O 61,98% dos demandantes de emprego na comarca son parados con emprego anterior. O segundo grupo en importancia atópase a bastante distancia; trátase dos non parados con emprego anterior –15,21%–, tras deles están os parados sen emprego anterior –9,09%–, os non parados demandantes de mellora de emprego –6,78%–. Os demais grupos sitúanse por baixo do 4%.

En relación ao nivel provincial, destaca a maior proporción na comarca de demandantes parados con emprego anterior.

5.2.4.- Demandantes de emprego por sexo e idade

	HOMES N.º	MULLERES N.º	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	26	16	9,77	13,49
26 a 35 anos	39	50	20,70	24,76
36 a 45 anos	51	38	20,70	21,60
46 a 55 anos	75	45	27,91	20,69
56 e máis anos	64	26	20,93	19,46
TOTAL COMARCA	255	175	100,00	2,35
TOTAL PROVINCIA	7.574	10.747	2,35	100,00

TÁBOA 8.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

Os demandantes parados na comarca de Viana son fundamentalmente homes –59,30%–, fronte ao 40,70% de demandantes femininas. Este é un feito que contrasta tanto con outras comarcas como coa provincia, onde os homes representan o 41,34% dos demandantes e as mulleres o 58,66%.

No que atinxe á idade, o 51,17% é menor de 46 anos, quedando o 48,83% por riba da dita idade. O intervalo de idade no que se dan máis casos de demandantes é o de 46 a 55 anos, co 27,91%.

Ao cruzar idade e xénero obsérvase que os homes de 46 a 55 anos agrupan a maior porcentaxe de demandantes –17,44%–, seguidos dos homes maiores de 55 anos –14,88%–, dos homes de 36 a 45 anos –11,86%– e das mulleres de 26 a 35 anos, co 11,63%.

O perfil comarcal, en canto á distribución dos demandantes por idades, é máis envellecido que o provincial.

TÁBOA 8.2: Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	13	12	14,29	19,89
26 a 35 anos	11	27	21,71	24,48
36 a 45 anos	13	23	20,57	19,75
46 a 55 anos	18	18	20,57	17,93
56 e máis anos	21	19	22,86	17,94
TOTAL COMARCA	76	99	100,00	1,73
TOTAL PROVINCIA	3.706	6.383	1,73	100,00


No caso dos demandantes non parados predomina o colectivo feminino –56,57% fronte ao 43,43% dos homes–. Na provincia de Ourense a presenza das mulleres é máis evidente, o 63,27% son mulleres e o 36,73% son homes.

O 56,57% son menores de 46 anos e o 43,43% restante clasifícase por riba desa idade. O grupo de idade no que se dan máis casos de demandantes é o dos maiores de 55 anos, co 22,86%.

Cruzando idade e xénero obsérvase que as mulleres de 26 a 35 anos concentran a maior porcentaxe de demandantes non parados –15,43%–, seguidas das mulleres de 36 a 45 anos –13,14%–, dos homes maiores de 55 anos, co 12%, e dos homes e mulleres de 46 a 55 anos, ambos co 10,29%.

O perfil da idade dos demandantes non parados da comarca é máis envellecido que o provincial.

GRÁFICO 1: Distribución porcentual do total de demandantes por sexo e grupos de idade.



No gráfico anterior representábase a distribución de demandantes por sexo e grupos de idade; pódese advertir que o grupo de idade que xunta un maior número de persoas é o de 46 a 55 anos, o que supón o 25,79% do total xeral. Nos intervalos de 26 a 35 anos e de 36 a 45 anos, as mulleres teñen maior peso relativo que os homes. Acontece o contrario nos intervalos extremos, é dicir, nos menores de 26 anos e nos maiores de 55 anos, así como no de 46 a 55 anos.

5.2.5.- Demandantes por nivel académico

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Ata certificado de escolaridade*	257	90	347
Titulación de ensinanza obrigatoria	104	47	151
Formación profesional	23	6	29
BUP/Bacharelato superior/COU	25	17	42
Titulados universitarios	17	12	29
Outras titulacións	4	X	7
TOTAL	430	175	605

TÁBOA 9: Distribución dos demandantes parados e non parados por nivel académico.

* Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade

O 57,36% dos demandantes parados da comarca de Viana posúe ata certificado de escolaridade, o 24,96% ten titulación de ensinanza obrigatoria, e o 6,94% ten BUP/bacharelato superior/COU.

Tanto para os demandantes parados como para os non parados a titulación máis común é o certificado de escolaridade, seguida da titulación de ensinanza obrigatoria.

5.2.6.- Demandantes parados por tempo de busca de emprego

		Menos de 6 meses	De 6 meses a 1 ano	Máis de 1 ano	TOTAL
Menor de 26 anos	Homes	22	X	X	26
	Mulleres	7	4	5	16
26 a 35 anos	Homes	27	7	5	39
	Mulleres	27	8	15	50
36 a 45 anos	Homes	35	10	6	51
	Mulleres	15	5	18	38
46 a 55 anos	Homes	29	12	34	75
	Mulleres	10	9	26	45
Máis de 55 anos	Homes	17	4	43	64
	Mulleres	5	X	20	26
TOTAL COMARCA		194	63	X	430
TOTAL PROVINCIA		7.871	2.533	7.917	18.321

TÁBOA 10: Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

Atendendo á distribución dos demandantes parados segundo sexo e idade por tempo de busca de emprego, o 45,12% leva menos de seis meses no proceso de busca, o 14,65% leva de 6 meses a 1 ano e o 40,23% leva máis de 1 ano. Na provincia os parados de longa duración (máis de 1 ano) compoñen o grupo máis numeroso –43,21%–, fronte ao 42,96% que leva menos de 6 meses e ao 13,83% que leva de 6 meses a 1 ano.

Cruzando sexo e idade obsérvase que os homes ata os 45 anos adoitan levar menos de 6 meses buscando emprego, mentres que a partir desta idade son máis frecuentes os parados de longa duración. A partir dos 36 anos prodúcese a mesma situación para as demandantes paradas.


5.2.7.- Demandantes por sectores económicos de procedencia

TÁBOA 11: Demandantes por actividade económica.

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Sector primario	21	7	28
Sector secundario	44	16	60
Construción	114	32	146
Sector servizos	196	99	295
Sen actividade previa	55	21	76
TOTAL	430	175	605

O 48,76% dos demandantes de emprego da comarca de Viana proceden do sector servizos; a porcentaxe de demandantes parados do sector é de 45,58% e a de non parados é de 56,67%. O seguinte sector en importancia é a construción, co 24,13% dos demandantes; posteriormente atópase o sector secundario, co 9,92% e o sector primario, co 4,63%.

GRÁFICO 2: Demandantes parados na industria.



Na industria, o 33% dos demandantes proceden das outras industrias, o 32% das actividades de alimentación e a unha distancia considerable sitúanse o têxtil e confección, a fabricación de produtos minerais non metálicos e a metalurxia e fabricación de produtos metálicos, co 10% respectivamente. O 5% restante correspóndese coa madeira.




GRÁFICO 3: Demandantes parados nos servizos.

O maior número de demandantes agrúpase nas actividades inmobiliarias e de servizos ás empresas, co 21%; en segundo lugar están os servizos á comunidade, co 14%, e co 13% as administracións públicas e a hostalería.

5.2.8.- As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Peón da ind. manufactureira, en xeral	78	12,89	4,58
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	73	12,07	9,48
Peón da construción de edificios	45	7,44	3,82
Empregado administrativo, en xeral	32	5,29	8,36
Albanel	30	4,96	2,46
Encofrador	26	4,30	0,75
Cociñeiro, en xeral	26	4,30	2,07
Dependente de comercio, en xeral	24	3,97	8,24
Condutor de camión, en xeral	23	3,80	1,08
Camareiro, en xeral	12	1,98	2,88

TÁBOA 12: Ocupacións máis demandadas.

5.2.9.- Perfil tipo dos demandantes de emprego

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parado con emprego anterior	Parado con emprego anterior
Sexo	Home	Muller
Grupo idade	De 46 a 55 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Ata certificado de escolaridade	Ata certificado de escolaridade
Duración demanda	Menos de 6 meses	Máis de 1 ano
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	Peón da industria manufactureira	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral

TÁBOA 13: Perfil máis representativo.

5.3.- OFERTAS

5.3.1.- Ofertas no servizo público de emprego galego 2004. Evolución

TÁBOA 14: Número de ofertas por concellos.

	TOTAL OFERTAS
A Gudiña	7
A Mezquita	2
Viana do Bolo	108
Vilariño de Conso	2
TOTAL OFERTAS	119

TOTAL OFERTAS PROVINCIA:	11.122
COMARCA/PROVINCIA:	1,07

Na comarca de Viana producíronse no ano 2004 un total de 119 ofertas de emprego, o que representa o 1,07% das ofertas da provincia de Ourense. O 90,76% das ofertas rexistráronse en Viana do Bolo. A Gudiña, A Mezquita e Vilariño de Conso presentan porcentaxes moi pequenas.

TÁBOA 15: Evolución das ofertas. Período 2000-2004.

	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
A Gudiña	2	2	8	16	7
A Mezquita	1	0	12	7	2
Viana do Bolo	137	96	96	98	108
Vilariño de Conso	1	2	0	0	2
TOTAL COMARCA	141	100	116	121	119
TOTAL PROVINCIA	12.969	11.664	10.871	11.116	11.122

No período 2000-2004 as ofertas de emprego na comarca de Viana experimentan unha evolución negativa, do mesmo xeito que a acontecida na provincia de Ourense: a variación media comarcal é de -4,15% e a provincial é de -3,77%. Os datos positivos na comarca prodúcense entre 2001 e 2002 e entre 2002 e 2003 –variación interanual 16% e 4,31% respectivamente–, pero estas subidas vense contrarrestadas polas minguas do inicio e do final do quinquenio: entre 2000 e 2001 –variación interanual de -29,08%– e máis moderadamente entre 2003 e 2004 (variación interanual de -1,65%). Na provincia redúcense as ofertas nos dous primeiros intervalos do quinquenio e incrementáanse nos dous últimos.

Analizando os concellos individualmente, obsérvase que o que concentra case a totalidade das ofertas é Viana do Bolo, obtendo o resto cantidades marxinais. En Viana do Bolo redúcese o número de ofertas entre 2000 e 2004 (variación media de -5,77%); a súa evolución caracterízase por comezar o período cun descenso no volume de ofertas, entre 2000 e 2001 a variación interanual é de -29,93%, descenso que xa non se verá compensado no resto do quinquenio, no que a única suba significativa é a producida entre 2003 e 2004, cunha variación interanual do 10,20%.




GRÁFICO 4: Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.

A diferenza no número de ofertas entre Viana do Bolo e o resto de concellos da comarca ponse de manifesto no gráfico anterior, no que tamén se observa a diferenza nas evolucións. Entre 2000 e 2001 as ofertas no resto mantéñense e en Viana do Bolo descenden; entre 2001 e 2002 nos outros concellos increméntase o número de ofertas, mentres que en Viana do Bolo se manteñen. Entre 2002 e 2003 experimentase un leve crecemento en ambos os territorios e, por último, entre 2003 e 2004 prodúcese unha evolución oposta.

5.3.2.- Ofertas segundo os sectores de actividade económica

	PRIMARIO	SECUNDARIO	CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS
A Gudiña	0	2	0	5
A Mezquita	0	0	0	2
Viana do Bolo	0	0	36	72
Vilariño de Conso	0	0	0	2
TOTAL COMARCA	0	2	36	81
TOTAL PROVINCIA	150	953	2.083	7.935

TÁBOA 16: Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos.

O concello de Viana do Bolo, que é o que ten un maior número de ofertas, concentra o 100% das producidas na construción e o 88,89% das producidas no sector servizos. O concello da Gudiña concentra o 100% das ofertas no sector secundario e o 6,17% das ofertas nos servizos. Os demais concellos amosan porcentaxes moi pequenas no sector servizos.





GRÁFICO 5: Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.

O 68% das ofertas de emprego concéntranse no sector servizos, o 30% na construción e o 2% no sector secundario.

GRÁFICO 6: Distribución porcentual das ofertas nos servizos.



O 37% das ofertas nos servizos derivan dos servizos á comunidade, o 30% do comercio, o 16% da sanidade e servizos sociais e o 9% das administracións públicas.

TÁBOA 17: Evolución das ofertas por sectores económicos.

	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Primario	2	0	4	0	0
Secundario	1	1	0	4	2
Construción	36	33	44	40	36
Servizos	102	66	68	77	81
TOTAL COMARCA	141	100	116	121	119
TOTAL PROVINCIA	12.969	11.664	10.871	11.116	11.122

No período 2000-2004 o sector servizos ve reducido o seu número de ofertas, presentando unha variación media de -5,60%. O descenso prodúcese tan só entre 2000 e 2001 pero a súa intensidade é tal (variación interanual de -35,29%), que non chegan a recuperarse os valores do inicio do período cos aumentos producidos posteriormente. O segundo sector en importancia, a construción, caracterízase polo estancamento no número de ofertas.

5.3.3.- Perfil básico das ofertas

Das ofertas xestionadas polo servizo público de emprego, tan só o 5,04% establecen o sexo como requisito. Destas ofertas a maioría demandan homes. A maioría pertencen ao sector servizos, seguidas das da construción. Dentro do sector servizos os homes solicítanse para o transporte e as mulleres para a hostalería.

En canto ao nivel de estudos, o 94,12% exigen unha titulación determinada: un 84,82% require certificado de escolaridade, un 4,46% a titulación de ensinanza obrigatoria, un 1,79% BUP/bacharelato/COU, e un 3,57% formación profesional e titulación universitaria. As ofertas que requiren ter certificado

de escolaridade e titulación de ensinanza obrigatoria concéntranse na actividade de servizos á comunidade.

5.3.4.- *Análise ocupacional das ofertas*

	2000	2001	2002	2003	2004
Administrativo	0	0	0	0	3
Condutor de mercadorías/Condutor de camión en xeral	0	0	0	0	3

TÁBOA 18.1: Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.

A oferta dos centros colaboradores na comarca de Viana en 2004 chegaron só á media ducia e reducíronse as ocupacións de administrativo e condutor de mercadorías/condutor en xeral.

	2000	2001	2002	2003	2004
Peón da ind. manufactureira, en xeral	43	23	23	45	36
Técnico de protección civil	24	12	12	14	13
Traballador retén incendios forestais	0	0	0	0	12
Celador de centro sanitario	11	11	11	6	9
Asistente domiciliario (auxiliar axuda domicilio)	3	5	4	5	8
Albanel	1	1	2	5	6
Auxiliar de farmacia	0	0	0	0	2
Axente de desenvolvemento local	2	2	5	3	2
Encargado ou capataz forestal	0	0	0	2	2
Condutor de camión cisterna	0	0	0	0	2
Bedel de edificio público	0	0	3	1	2

TÁBOA 18.2: Ocupacións máis ofertadas nas oficinas de emprego.

Nas oficinas de emprego as ocupacións máis ofertadas en 2004 son a de peón da industria manufactureira, técnico de protección civil e traballador retén de incendios forestais. As dúas primeiras descenden no número de ofertas (variación media de -4,34% e -14,21% respectivamente) e traballador retén de incendios forestais incorpórase como unha ocupación das máis ofertadas en 2004.

5.4.- CONTRATOS

5.4.1.- Número de contratos no ámbito comarcal

TÁBOA 19: Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2004.

	Nº
A Gudiña	231
A Mezquita	75
Viana do Bolo	245
Vilariño de Conso	92
TOTAL COMARCA	643
TOTAL PROVINCIA	55.273

Na comarca de Viana asináronse en 2004 un total de 643 contratos –1,16% da contratación provincial–. A maioría realizáronse nos concellos de Viana do Bolo, co 38,10%, e na Gudiña, co 35,93%.

TÁBOA 20: Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
A Gudiña	181	182	241	122	231
A Mezquita	94	181	81	87	75
Viana do Bolo	402	298	240	206	245
Vilariño de Conso	48	41	45	54	92
TOTAL COMARCA *	725	702	607	469	643
TOTAL PROVINCIA	48.332	48.607	49.367	50.587	55.273

A contratación reduciuse ao longo do período 2000-2004 (variación media de -2,96%), o que amosa unha tendencia oposta á provincial (variación media do 3,41%). En canto á evolución, tamén son ben diferenciadas: a comarca descende en todos os anos do período agás en 2004, mentres que a provincia medra de xeito continuado e con intensidade crecente.

O concello de Viana do Bolo é o que, en termos absolutos, presenta un maior número de contratos e é no que se produce o maior retroceso na contratación (variación media de -11,64%); os contratos tan só aumentan entre 2003 e 2004 (variación interanual do 18,93%), diminuindo nos anteriores anos do período con intensidade relativa decrecente: entre 2000 e 2001 (variación interanual de -25,87%), entre 2001 e 2002 (variación interanual de -19,46%) e entre 2002 e 2003 (variación interanual de -14,17%).

O maior incremento da contratación en termos absolutos prodúcese no concello da Gudiña –variación media de 6,29%–. Os contratos redúcense entre 2002 e 2003, crecendo os demais anos, especialmente entre 2003 e 2004, cunha variación interanual do 89,34%.

O incremento relativo máis grande experimentao o concello de Vilariño de Conso –variación media do 17,66%–; a evolución caracterízase por un único retroceso na contratación ao comezo do quinquenio, entre 2000 e 2001, aumentando posteriormente de xeito continuado.

A Mezquita, o concello con menos contratación en 2004, reduce os contratos (variación media de -5,49%), cunha evolución caracterizada pola descontinuidade na que se alternan as subas cos decaementos.

* Por un cambio metodolóxico na extracción da información das bases de datos, existe unha pequena diferenza entre os valores dos anos 2000 ao 2002, apenas un 0,6%, subsanada nos anos posteriores, con respecto aos datos que proporciona o Servizo Público de emprego estatal (INEM) na súa web.

5.4.2.- Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

	Nº CONTRATOS		Total
	Homes	Mulleres	
Menos de 26 anos	108	64	172
De 26 a 35 anos	77	101	178
De 36 a 45 anos	83	57	140
De 46 a 55 anos	72	28	100
De 56 e máis anos	41	12	53
TOTAL COMARCA	381	262	643
TOTAL PROVINCIAL	30.749	24.524	55.273

TÁBOA 21: Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2004.

Prodúcese desigualdade entre homes e mulleres en canto á contratación, xa que o 59,25% dos contratos pertencen ao colectivo masculino e o 40,75% ao feminino. Esta desigualdade tamén se produce a nivel provincial pero de xeito menos acusado, con porcentaxes de contratación de 55,63% para os homes e 44,37% para as mulleres.

Máis da metade da contratación, o 54,43%, agrúpase nos intervalos máis novos: menores de 36 anos, sendo o 28,78% homes e o 25,66% mulleres. Entre os maiores de 35 anos tamén se produce unha maior presenza masculina que feminina: 30,49% fronte ao 15,08%. A maior porcentaxe de contratación prodúcese entre os homes menores de 26 anos, co 16,8%.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Homes	479	438	339	277	381
Mulleres	246	264	268	192	262
TOTAL CONTRATOS	725	702	607	469	643

TÁBOA 22: Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 2000-2004.

En canto á evolución da contratación segundo o sexo, dáse unha tendencia negativa para o colectivo masculino, cunha variación media de -5,56%, descendendo o número de contratos en todos os intervalos excepto entre 2003 e 2004, cando se experimenta unha recuperación que non compensa as perdas anteriores. En contraste, o colectivo feminino evoluciona de xeito crecente –variación media do 1,59%–, aumenta en todos os intervalos excepto entre 2002 e 2003, no que se produce unha grande perda, cunha variación interanual de -28,36%, que posteriormente se verá compensada co aumento que se produce entre 2003 e 2004, onde a variación interanual é do 36,46%.




GRÁFICO 7: Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 2000-2004. Valores proporcionais.

A evolución da contratación segundo o sexo caracterízase pola diminución porcentual da distancia entre ambos os tipos de contratación; deste xeito, a diferenza en 2000 era de 32,14 puntos e en 2004 é de 18,50, acadando a menor distancia en 2002: 11,70 puntos.

TÁBOA 23: Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Menor de 26 anos	223	200	156	130	172
De 26 a 35 anos	212	222	198	143	178
De 36 a 45 anos	161	135	123	86	140
De 46 a 55 anos	95	114	91	81	100
De 56 e máis anos	34	31	39	29	53
TOTAL CONTRATOS	725	702	607	469	643

No quinquenio 2000-2004 a contratación por grupos de idade caracterízase pola diminución do grupo con máis volume de contratación, de 26 a 35 anos (variación media de -4,28%); os contratos redúcense entre 2001 e 2002 (variación interanual de -10,81%) e entre 2002 e 2003 (variación interanual de -27,28%). O grupo dos menores de 26 anos tamén reduce a contratación (variación media de -6,29%); a súa evolución caracterízase polo decaemento continuado ata 2003, cunha subida en 2004 que non palía as perdas anteriores. O intervalo de idade de 36 a 45 anos reduce o número de contratos, cunha variación media de -3,43%, obtendo unha evolución semellante ao grupo de idade anterior pero con distintas intensidades.

Os dous grupos co menor número de contratación son os únicos que experimentan crecemento: os de 46 a 55 anos (variación media do 1,29%) e os maiores de 55 (variación media do 11,74%).

5.4.3.- Contratación comarcal segundo os sectores económicos

TÁBOA 24: Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos. Ano 2004.

	N.º
SECTOR PRIMARIO	52
Agricultura e pesca	52
SECTOR SECUNDARIO	43
Industria e electricidade	43
SECTOR CONSTRUCCIÓN	111
Construción	111
SECTOR SERVIZOS	437
Comercio e hostalería	113
Transporte e comunicacións	34
Outros servizos	290
TOTAL CONTRATOS	643

A maioría dos contratos realizados na comarca concéntranse no sector servizos -67,96%, e dentro deste sector o subsector cun maior volume de contratación é o dos outros servizos -45,10%, seguido do comercio e hostalería, co 17,57%. O segundo sector en importancia é a construción -17,26%, seguido do sector primario, co 8,09%, e do sector secundario, co 6,69%.




GRÁFICO 8: Distribución porcentual da contratación na industria.

O 48% da contratación na industria pertence ás actividades de alimentación, o 29% á fabricación de produtos minerais non metálicos e o 19% á metalurxia e fabricación de produtos metálicos.




GRÁFICO 9: Distribución porcentual da contratación nos servizos.

O 23% dos contratos nos servizos realízanse nas administracións públicas, o 16% na sanidade e servizos sociais, o 14% na hostalería e o 13% nos servizos á comunidade.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
SECTOR PRIMARIO	44	8	6	10	13	14	9
Agricultura e pesca	44	8	6	10	13	14	9
SECTOR SECUNDARIO	30	13	19	7	12	5	0
Industria e electricidade	30	13	19	7	12	5	0
SECTOR CONSTRUCCIÓN	103	8	25	25	33	20	8
Construción	103	8	25	25	33	20	8
SECTOR SERVIZOS	204	233	122	136	82	X	X
Comercio e hostalería	44	69	52	26	17	14	4
Transporte e comunicacións	24	10	7	19	4	X	X
Outros servizos	136	154	63	91	61	44	31
TOTAL CONTRATOS	381	262	172	178	140	X	X

TÁBOA 25: Distribución da contratación comarcal segundo os sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2004.

En todos os sectores predomina a contratación masculina sobre a feminina, excepto no sector servizos, no que a presenza das mulleres se manifesta cunha porcentaxe do 36,24%, fronte ao 31,73% dos homes. O subsector transporte e comunicacións é o único no que os homes están máis representados cás mulleres.

O 40,12% da contratación realízase a menores de 36 anos no sector servizos e un 23,95% converxe no subsector outros servizos, subsector que, por outra banda, é o que concentra un maior volume de contratación en todas as idades.

TÁBOA 26: Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	22	28	30	12	52
Agricultura e pesca	22	28	30	12	52
SECTOR SECUNDARIO	72	70	34	37	43
Industria e electricidade	72	70	34	37	43
S. CONSTRUCCIÓN	139	108	112	105	111
Construción	139	108	112	105	111
SECTOR SERVIZOS	492	496	431	315	437
Comercio e hostalería	101	92	70	68	113
Transporte e comunicacións	38	47	10	16	34
Outros servizos	353	357	351	231	290
TOTAL CONTRATOS	725	702	607	469	643

A evolución da contratación segundo os sectores caracterízase polo descenso en todos os sectores excepto no primario, que experimenta unha variación media do 23,99%.

O sector servizos rexistra a maior redución en termos absolutos, cunha variación media negativa do -2,92%. A súa evolución vén marcada polos decaementos producidos entre 2001 e 2002 (variación interanual de -13,10%) e entre 2002 e 2003 (variación interanual de -26,91%).

O descenso relativo máis acusado prodúcese no sector secundario (variación media de -12,09%), dato determinado polo descenso producido entre 2001 e 2002 (variación interanual de -51,43%). A construción tamén segue unha tendencia decrecente reflectida na variación media obtida no período (-5,47%); a súa evolución caracterízase pola discontinuidade, cun forte retroceso entre 2000 e 2001 (variación interanual de -22,30%) e outro descenso máis moderado entre 2002 e 2003 (variación interanual de -6,25%).

5.4.4.- Tipoloxía da contratación laboral




GRÁFICO 10: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2004.

A contratación predominante na comarca de Viana é a temporal a tempo completo, que representa o 74%. O seguinte tipo en importancia pero a moita distancia é o contrato en prácticas/formación, co 10%.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	17	17	12	9	X	9	X
Indefinido tempo parcial	X	X	0	X	0	X	0
Temporal	298	170	123	141	101	66	37
Temporal tempo parcial	13	37	17	14	13	5	X
Prácticas/Formación	32	35	17	7	18	14	11
Outros	20	X	X	6	6	5	X
TOTAL CONTRATOS	X	262	X	X	X	X	53

TÁBOA 27: Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2004.

A contratación temporal a tempo completo é a máis común tanto para homes como para mulleres. O colectivo feminino ten maior presenza que o masculino nos contratos temporais a tempo parcial e practicamente a mesma nos de prácticas/formación e nos indefinidos. No caso dos temporais a tempo completo, predominan claramente os homes.

En todos os grupos de idade a contratación máis frecuente é a contratación temporal a tempo completo, acadando o maior peso relativo nos menores de 36 anos, o 41,06% da contratación total comarcal. Os outros tipos de contratos distribuídos por tramos de idades teñen unha representatividade moi baixa.

TÁBOA 28: Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2004.

	PRIMARIO Agr. Gand.	SECUNDARIO Industr. e Electric.	CONSTRUCCIÓN Construc.	Comerc.	SERVIZOS Transp. Outros		Total
Indefinido	X	6	X	16	5	X	24
Indefinido tempo parcial	0	0	0	X	0	X	X
Temporal	49	31	105	57	27	199	283
Temporal tempo parcial	X	X	0	29	X	15	46
Prácticas/Formación	0	4	X	10	0	50	60
Outros	0	0	0	0	0	22	22
TOTAL CONTRATOS	52	X	111	X	X	290	X

En todos os sectores e subsectores a modalidade de contratación máis común é a temporal a tempo completo. Todos os tipos de contratos se concentran claramente no sector servizos.

En canto aos subsectores, o de outros servizos reúne o 30,95% dos contratos temporais a tempo completo, seguido, a bastante distancia, polo de comercio e hostalería, co 8,86%. A contratación temporal a tempo parcial incide maioritariamente no comercio e hostalería. E a contratación en prácticas/formación adquire maior relevancia nos outros servizos, co 7,78%.

TÁBOA 29: Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Indefinido	35	32	11	18	34
Indefinido tempo parcial	X	X	X	5	X
Temporal	565	578	498	386	468
Temporal tempo parcial	69	54	72	28	50
Prácticas/Formación	28	13	10	14	67
Outros	25	22	14	18	22
TOTAL CONTRATOS	X	X	X	469	X

Todos os tipos de contratos diminúen en número durante o período 2000-2004, excepto os realizados en prácticas/formación, que presentan unha variación media do 24,37%. Esta modalidade comeza o período con descenso significativo e a partir de 2002 muda de tendencia cara ao crecemento.

O descenso máis grande en termos absolutos prodúcese nos contratos temporais a tempo completo (variación media de -4,60%). Esta involución está caracterizada polos retrocesos producidos entre 2001 e 2002 (variación interanual de -13,84%) e entre 2002 e 2003 (variación interanual de -22,49%).

Os contratos temporais a tempo parcial descendén (variación media de -7,74%) e os indefinidos permanecen practicamente estables.

5.4.5.- Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

	CONTRATOS Nº	V. MEDIA 00-04
1. Dirección de empresas e administracións públicas	0	
HOMES	0	
MULLERES	0	
2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais	46	-2,06
HOMES	25	8,56
MULLERES	21	-9,99
3. Técnicos e profesionais de apoio	15	-10,13
HOMES	5	-11,09
MULLERES	10	-9,64
4. Empregados de tipo administrativo	30	15,26
HOMES	X	-33,13
MULLERES	29	24,68
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	168	-5,54
HOMES	60	-6,94
MULLERES	108	-4,71
6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca	41	2,60
HOMES	13	-22,48
MULLERES	28	130,03
7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería	110	-2,95
HOMES	94	-5,32
MULLERES	16	22,96
8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	55	-3,34
HOMES	53	-3,85
MULLERES	X	18,92
9. Traballadores non cualificados	178	-2,87
HOMES	130	-3,99
MULLERES	48	0,53
TOTAL CONTRATOS	643	-2,96
TOTAL HOMES	381	-5,56
TOTAL MULLERES	262	1,59

TÁBOA 30: Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2004.

Os grandes grupos de ocupación cun maior volume de contratos son:

- Traballadores non cualificados: 27,68%.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio: 26,13%.
- Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería: 17,11%.

Segundo o xénero, os grupos mais significativos son os seguintes:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
• Traballadores non cualificados: 20,22%. • Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería: 14,62%. • Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio: 9,33%.	• Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio: 16,80%. • Traballadoras non cualificadas: 7,47%. • Empregadas de tipo administrativo: 4,51%.

En catro grandes grupos de ocupación predomina a presenza feminina:

- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio, que supón un 16,80% para o colectivo feminino e un 9,33% para o colectivo masculino.
- Empregadas de tipo administrativo: 4,51% para o colectivo feminino e 0,16% para o masculino.
- Traballadoras cualificadas na agricultura e pesca: 4,35% para o colectivo feminino e 2,02% para o masculino.
- Técnicas e profesionais de apoio: 1,56% para o colectivo feminino e 0,78% para o masculino.

5.4.6.- Ocupacións máis contratadas

TÁBOA 31: As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2004.

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL	HOMES	MULLERES	RATIO MASCUL. ¹
94400012	Peón forestal	73	64	9	87,67
71100016	Albanel	51	46	5	90,20
50200018	Camareiro, en xeral	34	10	24	29,41
86300016	Conductor de camión, en xeral	31	31	0	100,00
51110066	Auxiliar de clínica	X	X	26	7,14
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	X	X	25	3,85
52990063	Técnico de protección civil	26	14	12	53,85
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	24	24	0	100,00
53300010	Dependente de comercio, en xeral	23	7	16	30,43
60220101	Xardineiro, en xeral	21	4	17	19,05
	TOTAL	337	203	134	60,24

(1) Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100

O 52,41% dos contratos realizados na comarca de Viana foron asinados dentro das dez ocupacións máis contratadas. Os homes inclúense en maior medida que as mulleres dentro destas dez ocupacións máis contratadas, 53,28% fronte ao 51,15%.

A ocupación máis contratada é a de peón forestal, seguida da de albanel e da de camareiro. Existen diferenzas entre sexos; para os homes as ocupacións con maior volume de contratación son peón forestal, albanel e conductor de camión e para as mulleres auxiliar de clínica, muller/mozo de limpeza e camareira.

A contratación masculina é superior á feminina no conxunto das dez ocupacións máis contratadas, tal como indica o ratio de masculinidade do 60,24%. Destacan, polo alto nivel de contratación masculina, as ocupacións de conductor de camión, peón da industria manufactureira e albanel. Pola contra, cun perfil feminino atópanse muller/mozo de limpeza, auxiliar de clínica e xardineira.

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	Nº CONTRATOS				
		2000	2001	2002	2003	2004
94400012	Peón forestal	10	12	79	32	73
71100016	Albanel	53	51	44	40	51
50200018	Camareiro, en xeral	38	33	27	32	34
86300016	Condutor de camión, en xeral	38	33	31	26	31
51110066	Auxiliar de clínica	41	46	36	34	28
52990063	Técnico de protección civil	25	24	39	27	26
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	32	37	30	34	26
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	78	39	47	33	24
53300010	Dependente de comercio, en xeral	13	8	8	10	23
60220101	Xardineiro, en xeral	1	24	1	2	21
25130104	Músico instrumentista, en xeral	20	18	12	18	21
96020014	Peón da construción de edificios	29	13	23	4	15
52300046	Traballador retén incendios forestais	25	29	18	1	14
42100010	Empregado administrativo, en xeral	14	16	18	11	10
62410023	Traballador forestal, en xeral	25	0	1	0	10
71300018	Carpinteiro, en xeral	6	28	1	1	1
94100064	Peón agrícola, xardinería	0	4	19	3	0

TÁBOA 32: Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 2000 e 2004.

En 2004 deixaron de figurar na lista das dez máis contratadas as ocupacións de peón da construción de edificios, traballador de retén de incendios forestais, empregado administrativo, traballador forestal, carpinteiro e peón agrícola.

No período 2000-2004, a ocupación de peón forestal é a que experimenta o maior ascenso absoluto no número de contratos –variación media do 64,37%–. A ocupación de xardineiro obtén unha variación media do 114,07%, tras o forte incremento do último ano. Pola contra, a ocupación que rexistra un maior descenso é a de peón da industria manufactureira, cunha variación media de -25,52%.

5.5.- FORMACIÓN PROFESIONAL OCUPACIONAL

Na comarca de Viana en 2004 realizouse un único curso de formación ocupacional sen compromiso de contratación que contou cun total de vintetrés alumnos. A familia profesional coa que se relacionou este curso foi a de servizos á comunidade e persoais.

5.6.- CONCLUSIONES

- A maioría das empresas e traballadores por conta allea e autónomos da comarca de Viana concéntranse no sector servizos. Tanto empresas como traballadores por conta allea e autónomos experimentan incrementos no seu número durante o período 2000-2004.
- Os demandantes de emprego da comarca en 2004 apenas superaron as seiscentas persoas. A metade proceden do concello de Viana do Bolo e seis de cada dez son parados con emprego anterior.
- Respecto aos demandantes parados, máis da metade son homes, feito que contrasta cos datos da provincia, na que as mulleres configuran a porcentaxe maioritaria. A maior incidencia de demandantes parados prodúcese nos homes de entre 46 e 55 anos. No que atinxe ao nivel académico, o máis común é que os demandantes parados teñan titulación de ensinanza obrigatoria ou certificado de escolaridade.
- En canto ao tempo de busca de emprego, o máis frecuente é levar menos de 6 meses; non obstante, a partir dos 45 anos predominan os parados de longa duración no colectivo masculino e dos 36 anos no feminino.
- A maioría dos demandantes de emprego proceden dos servizos, destacando as actividades inmobiliarias e de servizos ás empresas. O seguinte sector en importancia é a construción. A ocupación máis demandada na comarca é peón da industria manufactureira en xeral.
- Na comarca houbo pouco máis dun cento de ofertas de traballo, e nove de cada dez tiveron lugar no concello de Viana do Bolo. Durante o período 2000-2004 as ofertas descenden de xeito continuado e a un ritmo máis acusado que o provincial.
- Case sete de cada dez ofertas prodúcense no sector servizos; maioritariamente proceden dos servizos á comunidade e do comercio. O sector terciario, a pesar de ser o de maior volume no número de ofertas, experimentou un descenso durante o quinquenio 2000-2004.
- As ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores foron a de administrativo e a de condutor de mercadorías, e nas oficinas de emprego a de peón da industria manufactureira e a de técnico de protección civil.
- En 2004 asináronse cerca de seiscientos cincuenta contratos, principalmente nos concellos de Viana do Bolo e A Gudiña, aínda que neste último municipio só se producira unha cantidade pequena das ofertas comarcais. A tendencia da contratación no quinquenio 2000-2004 foi decrecente, ao revés do que sucede a nivel provincial.
- A contratación masculina predomina sobre a feminina: case seis de cada dez contratos son asinados por homes, o que vén significar un desequilibrio por sexos máis acusado que o correspondente á provincia de Ourense. A contratación evoluciona positivamente para as mulleres; pola contra, os contratos ao colectivo masculino redúcense.
- A contratación na comarca concéntrase fundamentalmente nos traballadores menores de 36 anos. Os únicos grupos de idade en que non se reduce a contratación son os dos maiores de 46 anos. Case sete de cada dez contratos realizáronse no sector servizos, destacando outros servizos e comercio e hostalería.
- En todos os sectores, excepto no primario, decrece a contratación. Máis de sete de cada dez contratos asinados na comarca son temporais a tempo completo e este tipo de contratación é o máis común en todos os grupos de idade e sectores. As contratacións a tempo parcial son máis frecuentes no caso do colectivo feminino. Todas as modalidades de contratación descenden durante o quinquenio, excepto os contratos en prácticas/formación.

- Para o colectivo masculino o grupo de ocupación con maior contratación é o de traballadores non cualificados. Para as mulleres é o de traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio. As ocupacións máis contratadas son as de peón forestal e albanel para os homes e auxiliar de clínica e muller/mozo de limpeza, limpador para as mulleres.
- En 2004 realizouse un único curso de formación ocupacional sen compromiso de contratación vinculado á familia profesional de servizos á comunidade e persoais.